



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de Conservación da Natureza

PLAN DE ORDENACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS DO PARQUE NATURAL DOS ANCARES

12 de maio de 2008





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de Conservación da Natureza

Plan de Ordenación dos Recusos Naturais do Parque Natural dos Ancares

12 de maio de 2008



**IBADER – Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural
GI – 1934 TTB**

Dirección e coordinación

**Pablo Ramil Rego
Antonio Rigueiro Rodríguez**


Equipo redactor

**Manuel Antonio Rodríguez Guitián
Rafael Crecente Maseda
Marco Rubinos Román
Javier Ferreiro da Costa
Boris Alejandro Hinojo Sánchez
Mariano Sinda Vázquez
Belén de Nóvoa Fernández
Eva González Pérez
Ramón Alberto Díaz Varela**

Índice

| | | |
|-----------|---|------------|
| 1. | Introdución | 1 |
| 1.1 | Natureza, finalidade e obxectivos | 4 |
| 1.2 | Ámbito territorial | 6 |
| 1.3 | Contido do plan | 14 |
| 2. | Inventario do medio natural | 15 |
| 2.1 | Xeoloxía | 16 |
| 2.2 | Xeomorfoloxía | 18 |
| 2.3 | Clima | 21 |
| 2.4 | Solos | 29 |
| 2.5 | Hidroloxía | 33 |
| 2.6 | Fungos | 36 |
| 2.7 | Flora | 37 |
| 2.8 | Vexetación | 40 |
| 2.9 | Fauna | 44 |
| 3. | Inventario do medio socioeconómico | 55 |
| 3.1 | Poboación | 57 |
| 3.2 | Análise socioeconómico | 66 |
| 4. | Diagnóstico ambiental do Parque Natural | 84 |
| 4.1 | Unidades Ambientais | 85 |
| 4.2 | Hábitats | 88 |
| 4.3 | Especies de interese para a conservación | 90 |
| 4.4 | Información cartográfica e xeo-estadística | 93 |
| 4.5 | Avaliación do estado de conservación | 96 |
| 5. | Zonificación | 100 |
| 5.1 | Unidades de Zonificación | 101 |
| 5.2 | Superficies de Zonificación | 103 |
| 6. | Medidas de xestión | 105 |
| 6.1 | Introducción | 106 |
| 6.2 | Marco legal | 108 |
| 6.3 | Medidas xerais de xestión | 150 |
| 6.4 | Medidas de xestión específicas do Parque Natural | 190 |
| 6.5 | EIA | 195 |
| 6.6 | Seguimento e avaliación do estado de conservación | 199 |
| 6.7 | Cronograma e programa económico-financeiro | 200 |
| 7. | Bibliografía | 201 |

1



1 **Introdución**

Os valores naturais da Serra dos Ancares veñen sendo gabados de xeito secular. O Licenciado Molina, alá polo ano 1550, xa comenta que estes montes son unha área notable de Galicia posto que constitúen o nacemento de varios ríos senlleiros. Nesta mesma tendencia salíéntanse con posterioridade as virtudes desta serra tamén por outros autores, entre os que cabe citar a Guillermo Schulz (1805-1877), que queda abraiado da magnitude desta serra no momento de culminala.

“Llegando al colmo del puerto sorprende la vista sobre el profundo valle de Ancares cuya cabeza y paredes o faldas son sumamente rápidas, a primera vista me acordé del valle de Chamonix al pie del Monte Blanco, aunque aquí en escala algo reducida, (...). Por la línea de este valle romántico y agreste se ve a lo lejos país cultivado de color muy rojizo y debe corresponder a la parte boreal del Bierzo.”

[G. Schulz, 1833]

Outros autores que tamén suliñan as marabillas dos Ancares son o naturalista galego Víctor López Seoane (1832-1900) ou o ínclito botánico Padre Baltasar Merino (1845-1917), o cal indicaba emocionado ao seu paso polos Ancares a maxestuosidade e beleza desta singular serra.

“Dominamos, por fin, la última eminencia, y, parados en ella, pudimos contemplar de cerca desde la base á la cumbre la grandiosidad de la cordillera. Aquella nueva no interrumpida soledad; aquella espaciosa campiña en que Flora desplegaba la riqueza de sus galas; aquellos arroyuelos que calladamente se deslizaban, alimentados por las inagotables ubres de la sierra; casi tocando con la mano aquellos colosos de nuestro planeta; aquel ambiente purísimo que nos envolvía; la apacible luz del sol recorriendo un cielo sin nubes; todo esto y mucho más que allí se ve, se siente y que no puede expresarse, produce en el organismo un como sacudimiento de estupor, impresiona tan agudamente los sentidos, eleva tanto los pensamientos, que el alma, subyugada por el imperio de tantas maravillas, tiene que prorrumpir en loores al Hacedor de tantas grandezas”.

[R. P. Baltasar Merino S. J., 1901]

Na actualidade, todos estes valores existentes na Serra dos Ancares aínda son chegados, principalmente debido aos sistemas tradicionais de explotación, levados con respecto e sostibilidade por parte das sucesivas xeracións de habitantes destas terras, que con agarimo e esforzo coidaron delas. Nos Ancares, tal e como salienta Reza (2002), non pode concebirse o espazo natural sen a presenza do home, posto que forma parte imprescindible do mesmo, chegando a ser o seu principal valedor e axente modelador. Grazas aos habitantes pasados e presentes dos Ancares, a sociedade actual pode gozar deste espazo, recibíndoo como legado dos seus devanceiros, e posuindo a responsabilidade de deixar ás xeracións futuras unha herdanza da que poidan gabarse e que lles permita amar á súa terra, con todos os seus matices propios e diferenciadores.

No tocante ao proceso paulatino de protección deste espazo, a Lei do 7 de decembro de 1916, de creación de Parques Nacionais en España, marca o comezo da política de protección de espazos naturais no territorio español. Posteriormente, en 1917 mediante un Real Decreto instábase aos Enxeñeiros - Xefe dos Distritos Forestais á elaboración, nun prazo máximo de dous meses, dunha relación que contivese os "sitios máis notables" que nas súas respectivas demarcacións merecesen unha protección especial baixo as figuras de Parque Nacional ou de Sitios de Interese Nacional, e tamén, pedíaselles unha selección de aqueles enclaves ou elementos que tivesen a consideración de "particularidades ou curiosidades naturais", ou de "árbores notables" (Mulero, 2002). A relación de 1917 de sitios notables inclúe 76 lugares repartidos entre o territorio peninsular e insular, dos que 17 sitúanse en Galicia e soamente un deles, a "**Serra dos Ancares**" correspondería á provincia de Lugo (ICONA, 1980).

Ao longo da segunda metade do século XX elabóranse diversas propostas técnicas orientadas á delimitación, no territorio galego dos espazos susceptibles de posuír un estatus legal que propicie a conservación dos recursos naturais. Todas elas, coinciden en designar como áreas susceptibles de posuír un estatus específico de conservación ás montañas dos Ancares.

En 1966, a vertente lucense dos Ancares foi declarado como **Reserva Nacional de Caza** (Lei 37/1966 do 31 de Maio) incluíndo na actualidade unha superficie de 8.286 ha. Posteriormente, as Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento da Provincia de Lugo elaboradas pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas (Resolución 14 Maio 1991, DOG do 19 de Xuño de 1991), incluíu parcialmente **Os Ancares**, xunto co bosque de **A Pintinidoira** como **Espazos Naturais**. En 1992 apróbase o Plan de Recuperación do Oso Pardo e establécese a **Zona de protección do Oso Pardo** cunha superficie de 12.140 ha (DOG 115, 16 de xuño de 1992). Posteriormente en 1993, a Dirección Xeral de Montes e Medio Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, redactou o "Plan de Ordenación dos Recursos Naturais na Serra dos Ancares" (ETEGA, 1993).

Coa promulgación da DC 92/43/CEE e a súa transposición á normativa española, iniciase o proceso de designación dos enclaves que formasen parte da rede de espazos naturais europeos, a Rede Natura 2000. Con data 11 de marzo de 1999, o Consello de la Xunta de Galicia acordou remitir unha relación de lugares que constituirían a proposta galega para a Rede Natura 2000, de acordo co disposto no artigo 4 do Real Decreto 1997/1995. O Estado español remitiu á Comisión Europea as listas de **Lugares de Importancia Europea (LIC)** propostos polas distintas Comunidades Autónomas, sendo proposto nos ámbitos da Rexións Biogeográficas Atlántica e Mediterránea o **LIC Os Ancares - O Courel** (ES1120001), que engloba o conxunto montañoso formado pola Serra dos Ancares e a Serra do Courel. A proposta máis actual, correspondente ao ano 2004, conta cunha superficie superior ás 100.000 ha, e atópase repartida entre os municipios de Becerreá, Cervantes, Folgoso do Courel, O Incio, Navia de Suarna, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra do Brollón, Quiroga, Samos, Triacastela e Ribas de Sil.

O **LIC Os Ancares - O Courel** pasaba a formar parte definitivamente da Rede Natura 2000 cando se aprobaban as listas de Lugares de Importancia Comunitaria da Rexión Biogeográfica Atlántica (Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, Diario Oficial da Unión Europea. 29.12.2004: L

387/1), así como os da Rexión Bioxeográfica Mediterránea (Decisión da Comisión do 19 de xullo de 2006, Diario Oficial da Unión Europea. 21.09.2006: L 259/1).

Con posterioridade, a Xunta de Galicia en virtude das súas competencias en materia de medio e de acordo cos termos do artigo 149.1.23 da Constitución e do Real Decreto 1535/1984, declarou a todos os espazos propostos para a súa inclusión na Rede Natura 2000, como **Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais de Galicia (ZEPVN)** (Decreto 72/2004, do 2 de abril, Diario Oficial de Galicia, nº 69, do 12 de abril). Estes espazos, de acordo á Lei 9/2001 de Conservación da Natureza de Galicia, entran a formar parte da Rede Galega de Espazos Protexidos, e deste xeito os límites da **ZEPVN Os Ancares - O Courel** aprobábanse mediante Resolución da Dirección Xeral de Conservación da Natureza do 30 de abril de 2004 (Diario Oficial de Galicia nº 95 do 19 de maio de 2004). Neste mesmo Decreto declárase a **Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA)** dos **Ancares**, cunha extensión de 12.564 ha, distribuídas nos concellos de Cervantes e Navia de Suarna

Paralelamente, a finais do ano 2004 a Comisión Europea adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de Lugares de Importancia Comunitaria da rexión bioxeográfica Atlántica (Decisión da Comisión de 7/12/2004 pola que se adopta, de conformidade coa DC92/43/CEE do Consello, a lista de Lugares de Importancia Comunitaria da Rexión Bioxeográfica Atlántica. DOUE, 29/12/2004), e no ano 2006 a Rexión Bioxeográfica Mediterránea (Decisión da Comisión de 19/07/2006, pola que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de Lugares de Importancia Comunitaria da Rexión Bioxeográfica Mediterránea. DOUE 21/9/2006). Listados nos que se inclúe o **LIC Os Ancares – O Courel**, ao posuír territorios adscritos a ambas as unidades bioxeográficas.

O 27 de outubro de 2006, o Comité MaB da UNESCO declarou Reserva da Biosfera a zona **Os Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá**, que representa unha superficie de 53.664 hectáreas, as cales posúen esta distinción debido aos importantes valores paisaxísticos e de biodiversidade albergados nestas montañas.



Figura 1. O Cortín é unha mostra da adaptación do home á montaña dos Ancares.

1.1 Natureza, finalidade e obxectivos

A Lei 42/2007, de 13 de decembro, mantén como instrumentos básicos do planeamento dos recursos naturais aos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN), creados na derogada Lei 4/1989 de 27 de marzo. Estes documentos perfilanse como o instrumento específico das Comunidades autónomas para a delimitación, tipificación, integración en rede e determinación da relación dos espazos naturais co resto do territorio, dos sistemas que integran o patrimonio e os recursos naturais dun determinado ámbito espacial.

As disposicións contidas nestes Plans constituirán un límite para calquera dos outros instrumentos de ordenación territorial ou física, prevalecendo sobre os xa existentes, constituindo unha condición indispensable se se pretende atallar o grave deterioro que sobre a natureza produciu a acción do home. Deste xeito, os recursos naturais, e en especial os espazos naturais a protexer, serán obxecto dunha planificación encamiñada a adecuar a súa xestión aos principios inspiradores do artigo 2 da Lei 42/2007. Ademais, a Lei confire ás Administracións Públicas competentes a aprobación dos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais, ofrecendo así ás Comunidades Autónomas un importante instrumento para a implantación das súas políticas territoriais.

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de **Conservación da Natureza** (DOG nº 171, do 4 de setembro de 2001), no seu Título I, "Dos espazos naturais", define con carácter xeral os espazos naturais que deben ser considerados merecedores dun protección especial, regulando o seu procedemento de declaración e dispón un réxime xeral de protección, previndo a posibilidade de establecer réximes de protección preventiva. A Lei considera oito tipos de espazos naturais, incluíndo dentro da categoría de Zonas de especial protección dos valores naturais, as zonas especiais de conservación que conforman a Rede Natura 2000, creadas ao amparo das directivas DC 92/43/CEE e DC 79/409, e que non posúan outra figura de protección das establecidas nesta lei.

A Lei de Conservación da Natureza establece, en concordancia coa lexislación estatal, como instrumentos específicos de ordenación ambiental os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais, os Plans Reitores de Uso e Xestión e os Plans de Conservación.

A finalidade do presente plan é a de establecer un modelo de xestión que contribúa a alcanzar os obxectivos de conservación e ordenación do Parque Natural Os Ancares de acordo cos criterios establecidos nas normativas que rexen a xestión dos Espazos Naturais e da Biodiversidade, a nivel comunitario, nacional e autonómica, con tan fin propóñense os seguintes obxectivos:

1. A conservación da biodiversidade a través do mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais, garantindo o mantemento das paisaxes, os medios ecolóxicos e os hábitats, así como a conexión das poboacións de fauna e flora silvestres e preservando a diversidade xenética.
2. Contribuír a garantir a biodiversidade mediante o establecemento de medidas de xestión para o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable dos tipos de hábitats naturais salientados no Anexo I da DC 92/43/CEE e das poboacións e dos hábitats das especies silvestres de flora e fauna dos anexos II e IV da DC 92/43/CEE, xunto coas especies de aves, e de forma concreta as salientadas no Anexo I da DC 79/409/CEE, e as especies de aves migratorias. Así como, os núcleos poboacionais e os hábitats das especies incluídas no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

3. Establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais, as augas de transición, as augas costeiras e as augas subterráneas, así como dos ecosistemas acuáticos e húmidais, que favoreza a súa conservación e o seu uso sostible.
4. A regulación das actividades, proxectos, e plans susceptibles de afectar, de forma apreciable, á integridade dos espazos, ou das súas compoñentes (hábitats e especies), en coherencia co artigo 6 da DC 92/43/CEE e acorde coa lexislación vixente.
5. Propiciar o desenvolvemento sostible, favorecendo os usos e aproveitamentos respectuosos co medio. Este uso debe ser compatible co mantemento dos ecosistemas e non reducir a viabilidade dos outros recursos aos que se asociase, nin minugar as posibilidades de desfrute destes ás xeracións vindeiras.
6. Integrar os obxectivos concretos de conservación coas esixencias económicas, sociais e culturais, así como coas particularidades territoriais dos diferentes espazos que conforman a Rede Natura 2000 en Galicia.

A Xunta de Galicia habilitará os medios humanos e materiais necesarios para o cumprimento dos obxectivos de conservación e xestión considerados no presente Plan. Anualmente o Organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza, establecerá as dotacións orzamentarias específicas para a planificación, ordenación, protección, restauración, uso e xestión da Rede Galega de Espazos Protexidos.

As vías de financiamento que garantan o cumprimento dos obxectivos do presente Plan son as seguintes: As actuacións financeiras ordinarias do Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia de carácter sectorial e territorial e que sexan de aplicación no ámbito dos Espazos Naturais protexidos. Os recursos procedentes da Administración do Estado e doutras administracións públicas por convenio ou transferencia. Os programas financeiros específicos da Unión Europea (Life+) así como os derivados doutros fondos comunitarios, principalmente Fondos Estruturais e Fondos de Desenvolvemento Rural.



Figura 2. A *Campa* é unha das construcións tradicionais da alta montaña dos Ancares.

1.2 **Ámbito territorial**

O Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN) formúlase para servir como documento de xestión e planificación do **Parque Natural dos Ancares**, o cal inclúe unha superficie de 25.924 ha, repartidas entre os municipios de Navia de Suarna e Cervantes, ambos os dous da provincia de Lugo. Deste xeito, a totalidade de ambos concellos constitúe a **área de influencia socioeconómica**.

Situación



Figura 3. Situación do Parque Natural dos Ancares na Comunidade Autónoma de Galicia.

Límites xeográficos



Figura 4. Límites xeográficos do Parque Natural dos Ancares.

Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural dos Ancares

| Ámbito territorial | Concello | | Parque Natural | |
|--------------------|------------|---------|----------------|---------|
| | Superficie | % no PN | Superficie | % do PN |
| Navia de Suarna | 24.250 ha | 39% | 9.482 ha | 37% |
| Cervantes | 27.731 ha | 59% | 16.442 ha | 63% |
| | TOTAL | | 25.924 ha | |

[Concello]: superficie de cada concello e a porcentaxe incluída dentro do Parque Natural. [Parque Natural]: superficie de cada concello dentro do espazo natural e a porcentaxe que supón dentro do parque.

Táboa 1. Superficie do Parque Natural dos Ancares e reparto por concellos.

Case dous tercios da superficie protexida polo Parque Natural dos Ancares está incluída no Concello de Cervantes (máis de 16.400 ha), mentras que as case 9.500 ha restantes pertencen aos termos de Navia de Suarna.

Este espazo inclúese nunha das zonas de Galicia de maior valor de conservación, o cal se reflicta no feito de que ao longo da segunda metade do século XX se fixeron varias propostas encamiñadas a outorgar un estatus de protección ás montañas dos Ancares. Porén, no ano 1966 a vertente lucense dos Ancares foi declarada **Reserva Nacional de Caza** (Lei 37/1966 do 31 de maio), incluíndo unha superficie de 8.286 ha, as cales se atopan totalmente incluídas no Parque Natural dos Ancares.

Seguindo coa mesma tendencia de protección dos valores naturais da serra, o territorio do Parque Natural está incluído en dous espazos da Rede Natura 2000: no **LIC Os Ancares – O Courel** (ES1120001) atópase totalmente incluído, mentras que a **ZEPA Ancares** (ES0000374), coas súas 12.564 ha, abranguen a parte sudoriental do Parque Natural. Ambos os dous espazos, dacordo co establecido na Lei 9/2001 de Conservación da Natureza de Galicia, están declarados como **Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN)**.

Outra das figuras coas que contan os territorios do Parque Natural son, dacordo co Plan de Recuperación do Oso Pardo, o establecemento da **Zona de Protección do Oso Pardo**, dentro da cal se atopa incluída a parte oriental do territorio do Parque Natural.

Finalmente, cabe suliñar que estas estribacións montañosas do oriente lucense están recoñecidas pola UNESCO como parte integrante da Rede Mundial de Reservas da Biosfera baixo a denominación **Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá**. Este outorgamento fíxose en base ao grande interese desde o punto de vista bioxeográfico que posúen estes montes.




Figura 5. Limites xeográficos do Parque Natural dos Ancares con respecto aos límites do LIC Os Ancares – O Courel.




Figura 6. Delimitación do Parque Natural dos Ancares con respecto ao LIC Os Ancares - O Courel.



Figura 7. Delimitación do Parque Natural dos Ancares con respecto á ZEPA Ancares.

Ámbito de protección



Figura 8. Delimitación do Parque Natural dos Ancares con respecto á Zona de protección de oso pardo.



Figura 9. Delimitación do Parque Natural dos Ancares con respecto á Reserva Nacional de Caza.

1.3 Contido do plan


O artigo 32 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de **Conservación da Natureza** (DOG nº 171, do 4 de setembro de 2001), establece que os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais deberán ter polo menos como contido: 1) Memoria descritiva e xustificativa, na que se incluírán como mínimo os seguintes extremos: Delimitación territorial do Plan e descrición das súas características físicas e biolóxicas. Un diagnóstico da situación dos recursos naturais, ecosistemas e paisaxes, así como a previsión sobre a súa evolución futura. 2) Obxectivos. 3) Zonificación. 4) Establecemento de criterios orientadores na formulación e execución das políticas sectoriais que inciden no ámbito territorial. 5) Directrices para a súa planificación. 6) Normas de aplicación directa para a regulación de usos e actividades, a conservación e a protección dos recursos, os hábitats e as especies de interese para a conservación. 7) Réximes de protección, que no seu caso debe aplicarse. 8) Análise da realidade socioeconómica da área, con especificación, se é o caso, da área de influencia socioeconómica. 9) De ser o caso, directrices e criterios para a redacción de Plans reitores de uso e xestión. 10) Réxime de avaliación ambiental.

Tendo en conta todos estes contidos, o presente documento estrutura os contidos do PORN en 3 grandes apartados: Inventario, Diagnóstico do Espazo Natural e Instrumentación normativa.



Figura 10. Distintas texturas salpican a paisaxe na montaña dos Ancares lucenses.

2



2 Inventario do Medio Natural

Como indica a súa propia denominación, o Parque Natural dos Ancares artículase entorno a un dos principais macizos montañosos que conforman as serras nororientais de Galicia: a serra dos Ancares. A pesar de que ao longo das devanditas elevacións, xuntamente cos Montes do Cebreiro, establécese o límite administrativo coas veciñas comunidades autónomas do Principado de Asturias e Castela-León, dende o punto de vista ambiental e do seu aproveitamento polas poboacións humanas, constitúen unha unidade dificilmente separable do resto de montañas do occidente da Cordilleira Cantábrica. En esencia trátase dun territorio de relevo abrupto, no que escasean as áreas chairas, sometida a un clima caracterizado por precipitacións elevadas e un réxime termométrico contrastado, con invernos longos e rigorosos nas áreas situadas por enriba dos 1.000 m que se mostra dulcificado nas áreas baixas asociadas aos principais cursos fluviais.

Aínda que o principal compoñente biótico deste espazo natural está claramente relacionado cos territorios atlánticos e centroeuropeos, a penetración de elementos florísticos e faunísticos de tendencia mediterránea, principalmente a través das áreas meridionais, supón a presenza de comunidades vexetais e animais a representación dos cales en Galicia é practicamente exclusiva, o que supón un alto valor dende o punto de vista da súa significación no relativo á conservación da biodiversidade existente no ámbito de Galicia.

A actividade humana, presumiblemente desenvolvida neste territorio de xeito ininterrompido a partir de hai uns 4.000 anos, foi modelando unha paisaxe en mosaico no que destacan hoxe en día as grandes superficies ocupadas polas matogueiras e os bosques, tanto máis extensos canto máis afastados dos asentamentos humanos. Dende o punto de vista ecolóxico, son precisamente a extensión e estado de conservación dos bosques, un dos valores que máis contribuíu á consideración deste espazo como unha das áreas de maior interese dentro do contexto galego e, mesmo, noroccidental ibérico, dende hai practicamente un século.

2.1 Xeoloxía

2.1.1 Situación paleoxeográfica

A área de estudio localízase dentro do Macizo Hespérico, constituído polos materiais máis antigos da Península que foron deformados durante a Oroxenia Hercínica. Dende o punto de vista paleoxeográfico, atópanse exclusivamente representadas pola zona Asturoccidental-Leonesa. A maior parte correspóndese cos dominios do do Navia e Alto Sil, (ITGE 1991) mentres que en menor medida están presentes os dominios de Mondoñedo-Peñalba (tamén denominado Dominio do Caurel ou do Domo de Lugo).

2.1.2 Historia xeolóxica

A zona paleoxeográfica representada no espazo correspóndese cunha antiga cunca de sedimentación desenvolvida sobre unha codia continental antiga a principal significación da cal dende o punto de vista estratigráfico é que os materiais ordovícicos se apoian de xeito concordante sobre unha serie detrítica con intercalacións calcáreas de idade cámbrica.

2.1.3 Estratigrafía

Tendo en conta a información xeolóxica dispoñible, dentro da área de estudio afloran fundamentalmente formacións litoestratigráficas de orixe sedimentaria que sufriron, en xeral, un metamorfismo de grao medio. Así mesmo, están presentes rochas ígneas de orixe diversa entre as que destacan o plutón granítico de Os Ancares e diversos tipos de rochas filonianas (diques de cuarzo, aplitas, pegmatitas, pórfidos graníticos, vulcanitas ácidas e diabasas) distribuídas por todo o territorio. Por último, segundo a cartografía xeolóxica de base existen pequenas extensións cubertas por sedimentos (coluviós e depósitos de aba, depósitos glaciares e fluvioglaciais, terrazas fluviais antigas e recentes, conos de dexestión e materiais indiferenciados) de tipoloxía variada e de distribución moi desigual.

2.1.4 Unidades litolóxicas

De acordo coa información litoestratigráfica dispoñible, obsérvase o predominio dentro do espazo de materiais luosentos (lousas, filitas, liditas, xistos), seguido moi de preto da alternancia de distintos tipos de materiais rochosos silíceos (lousas, filitas, liditas, xistos, cuarcitas pedras de gra, grauwakas, brechas ferruginosas, etc.). Cunha menor representación atópase as rochas cuarcítico (cuarcitas, filóns de cuarzo), as rochas carbonatadas (calcias, dolomías, lousas e xistos carbonatados), as rochas graníticas (granitos, neises glandulares) e, por último, as rochas básicas (diabasas e vulcanitas básicas).

2.1.5 Paleontoloxía

A pesar do grande interese que reúnen as montañas orientais galegas para a reconstrución dos ambientes xeolóxicos pasados, os coñecementos sobre os fósiles e macrorrestos presentes pódense considerar como escasos. Dentro a área de estudio describiuse a presenza de restos e moldes naturais de organismos (fósiles), en diferentes unidades litoestratigráficas. Igualmente, en determinados ambientes favorables para a súa preservación, conserváronse diversas estruturas de seres vivos (pole, fibras vexetais, exoesqueletos quitinosos e esqueletos óseos) que constitúen o que se coñece en paleontoloxía como macrorrestos. Estas evidencias da actividade pretérita dos seres vivos son de gran valor para o establecemento da dinámica paleoambiental do NW Ibérico (Muñoz Sobrino et al. 1997) constituíndo unha parte fundamental do patrimonio natural e cultural.

2.1.6 Xeoloxía económica

Como é sabido, as áreas montañosas do NW Ibérico foron obxecto dunha intensa explotación mineira dende épocas prehistóricas, variando os materiais beneficiados e a intensidade da explotación ao longo da historia segundo os intereses económicos de cada momento. Xa en época romana documentouse a existencia de diversos tipos de aproveitamento dos recursos mineiros ben mediante sistemas de galerías, ben mediante o movemento de grandes masas de terreo a través do método coñecido como "*ruína montium*" (Luzón Nogué & Sánchez-Palencia Ramos 1980). Os principais metais aproveitados nestas épocas foron os nobres (ouro, prata) e os empregados na siderurxia (Fe, Cu, Zn, Sn).

A revitalización que experimentou a minaría do ferro durante a Idade Moderna e Contemporánea (séculos XVI a XIX) ponse de manifesto pola proliferación en todo o oriente de Galicia das "*ferrerías*" e "*mazos*" ou "*machucos*", na súa maior parte dirixidas por "oficiais" de orixe vasca. Durante esta época estiveron en funcionamento ao redor dunha trintena de pequenas industrias siderúrxicas que centralizaron a actividade socioeconómica do espazo e o seu ámbito, aínda que a súa influencia nos bosques e matogueiras foi bastante negativa, posto que deles se obtiña o carbón vexetal necesario para a redución do ferro (cf. Guitián Rivera 1993, 1996). Nun contexto meramente científico, dentro da área de estudio atopan as localidades tipo dalgúns minerais pouco frecuentes, como é o caso da "Cervantita", achada nas proximidades de San Román de Cervantes.



Figura 11. O monte tapizado por matogueiras de distinta cor é unha mostra do paisaxe nos Ancares.

2.2 Xeomorfoloxía

2.2.1 Introducción

A orixe do relevo actual do Espazo Natural explícase polo solapamento de factores estruturais (natureza e disposición do substrato rochoso, redes de fallas e fracturas) e a actuación de diversos sistemas morfoxenéticos ao longo das distintas épocas xeolóxicas. Dende o punto de vista litolóxico, os materiais máis resistentes á erosión (cuarcitas, granitoides) adoitan constituír a base rochosa dos cumios e sectores máis elevados destas montañas mentres que os vales e partes baixas se asentán sobre materiais máis alterables (rochas luosentas) que son aquelas polas que máis inciden as augas fluviais. Pola súa banda, a complexa disposición da actual rede fluvial está condicionada, ademais de polos factores anteriores, pola disposición das fallas, fracturas e diáclases que presenta o rochedo.

Dentro da área de estudio a morfoloxía das vertentes está fortemente influenciada pola inclinación e orientación dos estratos que se haxan intensamente pregados con dirección E-W dentro do Dominio do Navia e Alto Sil. Deste xeito, os flancos que miran cara ao sur adoitan ser máis suaves que os que están orientados cara ao norte.

Non obstante, a forma das abas débese en boa medida a procesos de erosión remontante das canles, intimamente relacionada co ascenso dos bloques corticais que tivo lugar en todo o oriente galego como resultado dos movementos distensivos que aconteceron na última fase da oroxenia alpina (fase Pirenaica) (Pérez Alberti 1986) e á acción de procesos erosivos propios de ambientes caracterizados pola existencia de ciclos de xeo-desxeo e unha innivación máis ou menos abundante. Estes últimos contribuíron á regularización da maior parte das abas, tanto maior cando máis elevada fose o seu pendente, e máis intensa sobre os materiais máis disgregables.

2.2.2 Elementos litoestructurais

Como se comentou con anterioridade, o predominio dos materiais metamórficos pregados con buzamento cara ao NE favorece a formación de vertentes suaves nas orientacións de solaina e máis abruptas naquelas que presentan orientación N. Con frecuencia, a suavidade de formas que caracteriza aos substratos metamórficos dominantes a vai rota pola presenza de estratos considerables de cuarcitas ou diques de cuarzo que adoitan aflorar de xeito continuo nas zonas de cumios e a miúdo constitúen cristas moi rechamantes na paisaxe

Dentro deste comportamento xeral, os escasos afloramentos de rochas graníticas achegan unha nota especial na paisaxe ao levar asociadas unha serie de formas de exhumación características, como son os "tors" (*castelos* na denominación local) e os agrupamentos de birlos, observables neste caso no sector comprendido entre Moreda, Poso e A Cespedosa, así como no tramo medio do val do río Ortigal (Cervantes).

A repartición espacial destas unidades é moi desigual sendo máis frecuentes na parte norte do Espazo Natural (municipio de Navia de Suarna e parte N do de Cervantes) os materiais silíceos alternantes, seguidos das rochas luosentas e os materiais graníticos, tendo as rochas carbonatadas e

as rochas básicas unha aparición testemuñal. Nesta parte do Espazo, os materiais xeolóxicos dispóñense constituíndo bandas paralelas con dirección N-S predominantemente.

Máis cara ao S, coincidindo practicamente coa cunca do Río Cancelada e ata o porto de Pedrafitas, se aprecia unha maior presenza de materiais carbonatados á vez que se produce un cambio na dirección de afloramento dos materiais que pasa a ser NNW-SSE.

A comparación da estrutura litolóxica e tectónica da área de estudio e a disposición dos cordais e a rede fluvial mostra claramente a relación que existe entre ambos os dous. O predominio de materiais máis disgregables favorece a incisión fluvial e a instalación de redes de drenaxe subsecuentes ao trazado dos materiais con dirección predominante NNW-SSE nas que soamente se observa cambios bruscos en coincidencia con accidentes tectónicos de importancia.

2.2.3 Elementos morfoxenéticos

O principal trazo que define de xeito esquemático o relevo das montañas orientais galegas é a combinación de morfoloxías horizontais e verticais, feito que foi posto de manifesto por diferentes autores (Nonn 1966, Pérez Alberti 1986). Non obstante, o predominio de formas senís que caracteriza a maior parte das áreas montañosas do Macizo Hespérico Peninsular perde na súa área de contacto coa Cordilleira Cantábrica parte do seu aspecto alombado en favor dun relevo máis movido, con vales profundamente encaixados e sectores de cumios máis ou menos afiados como resultado da actuación sucesiva no tempo de diversos sistemas morfoxenéticos.

2.2.4 Sistemas e pisos xeocolóxicos

Os procesos de modelado das vertentes operan con maior rapidez e con máis intensidade nas zonas montañosas do planeta que nos sectores chairros circundantes. Nestas áreas de "alta enerxía" os factores climáticos, topográficos e tectónicos contribúen a acelerar e intensificar a actividade xeomorfolóxica, incrementándose a produción de sedimentos mediante mecanismos funcionais e efectivos en intervalos altitudinais máis ou menos definidos segundo os casos.

Pode establecerse a presenza dentro do Espazo Natural e en función da información bibliográfica dispoñible (Brosche 1978, Rodríguez-Gutián & Gutiérrez Rivera 1993, 1994; Rodríguez-Gutián et al. 1995, 1996a) a presenza dos sistemas xeocolóxicos de Alta e Media Montaña por medio do piso crio-nival no primeiro caso e dos pisos forestal e infraforestal no segundo. Estes sistemas ocupan unha superficie pequena e atópase restrinxido ao sector de cumios principais da Serra dos Ancares,

Por debaixo do límite superior do arboredo esténdese o dominio da Montaña Media. A acción glaciaria foi reducida neste ambiente, conservándose polo xeral circos e nichos de nivación nos sectores máis elevados e con mellor orientación, se ben poden circular linguas glaciares nos vales principais provenientes do piso superior deixando artesas de abas escarpadas nalgúns casos. O conxunto de áreas pertencentes á Montaña Media caracterízase por un intenso manexo da cuberta vexetal por parte do home. Dentro deste dominio, o nivel constituído por serras baixas (700-1.200 m) e os seus respectivos vales, as masas forestais autóctonas foron talladas e substituídas na súa maior parte por cultivos (incluídas plantacións con especies arbóreas) e prados.

Dentro deste sistema xeocolóxico, a dinámica xeomorfolóxica tópase moi ralentizada nas áreas que aínda soportan arboredo, predominando os fenómenos de escorrentía subsuperficial ou a reptación

moderada da porción superior dos chans sen achega substantiva de materiais ás correntes de drenaxe. Non obstante, nas abas desarboradas alcanzan certa importancia os movementos en masa e a erosión en cárcavas, especialmente con manifestación de eventos excepcionais relacionados con precipitacións de alta intensidade e nas vertentes sometidas de forma máis recorrente aos incendios forestais. Nas escasas áreas nas que pode recoñecerse claramente o "piso forestal", o home "rebaixou" sistematicamente o límite superior natural do arboredo para o aproveitamento mediante pastoreo das formacións de porte herbáceo e arbustivo que o substitúen, recorrendo ao manexo do lume como ferramenta fundamental no renovo dos pastos de verán. Este descenso antrópico do límite do bosque incrementou a área de influencia dos procesos de crioturbación, criofracción e xelifluxión, ao desaparecer o efecto protector e regulador dos bosques sobre as condicións microclimáticas (Rodríguez-Gutián et al. 1996b).

2.2.5 Áreas de interese xeomorfolóxico

Tendo en conta as especiais características que dentro do territorio galego teñen dende o punto de vista xeomorfolóxico algunhas das áreas que forman parte do Espazo Natural obxecto de estudio, a continuación presenta unha selección das que reúnen un maior interese:

- **Val de Piornedo (Cervantes):** val duns 6 km de lonxitude no que poden visualizarse de xeito ininterrompido sistemas de cordóns morrénicos que se estenden dende os 880 ata os 1650 m de altitude en perfecto estado de conservación. Igualmente consérvanse excelentes perfís sobre sedimentos de orixe glacial, bloques erráticos, depósitos periglaciares (campos e vertentes de bloques, moreas de neveiro), cubetas de sobreescavación con complexos higróturfófilos e pódense observar fenómenos crio-nivais actuais.

- **Val de Rao (Navia de Suarna):** comprende o tramo final do río Valouta, que discorre en territorio galego a través dunha profunda garganta ou "foz" escavada en materiais duros de idade ordovícica, así como bos exemplos de erosión diferencial como é o caso dos afloramentos cuarcítico das coñecidas como "Penas de Murias".



Figura 12. Imaxe dun val aproveitado como prado de sega en Ancares.

2.3 Clima

2.3.1 Selección de estacións

Para a realización deste apartado utilizáronse datos procedentes de diversas estacións pertencentes ao I.N.M. e ao Centro Forestal de Lourizán, dependente da Xunta de Galicia, así como de diversas referencias contidas no "Atlas de Medio Natural da Provincia de León" (Penas Merino et al. 1995a, 1995b) e "Bioclimatoloxía de Galicia" (Carballeira et al. 1983). Debido a que non existen estacións suficientes dentro do Parque Natural dos Ancares, tomáronse as máis cercanas e nunha situación análoga ás que existen dentro do territorio do Espazo Natural.

| Estacións meteorolóxicas | | | | |
|--------------------------|------------------------|------|-----|------|
| Nº | Estación | Tipo | Per | Alt. |
| 1 | Navia de Suarna | P | 20 | 293 |
| 2 | S. Antolín de Ibias | TP | 32 | 308 |
| 3 | S. Martin de Cervantes | P | 11 | 360 |
| 4 | Burbia | P | * | 890 |
| 5 | Candín | P | * | 896 |
| 6 | Folgueira de Aigas | TP | 16 | 910 |
| 7 | Tejedo de Ancares | P | * | 980 |
| 8 | Estación Ancares | TP | 13 | 1230 |

P: pluviométricas, TP: termoplumiométricas).
(*): estación tomada de Penas Merino et al. (1995).

Táboa 2. Altitude, tipo de rexistro e período deste das estacións meteorolóxicas empregadas na caracterización climática do Parque Natural dos Ancares.

En xeral, as características das series temporais utilizadas (período de rexistro curto, presenza de discontinuidades no mesmo, falta de sincronía nas series de datos, etc.) non permiten unha caracterización todo o fiable que sería de desexar, aínda que si o suficiente como para ter unha idea aceptable das condicións xerais do clima.

2.3.2 Réxime termométrico

Os valores de temperatura media anual (t) rexistrados nas estacións de referencia oscilan entre os 13,8 e os 7,9° C, polo que se estima que os valores extremos dentro do rango altitudinal da área de estudio se atopan entre os 14,0° C calculados para os tramos finais do río Navia e os 4,6° C obtidos para o sector de cumios da Serra dos Ancares situado arredor dos 1.900 m de altitude.

En canto ao mes en que se alcanzan as temperaturas medias máis elevadas, as estacións utilizadas como referencia tenden a conformar dous grupos: unhas, en xeral máis baixas, con máximo no mes de xullo, e outras situadas a maior altitude, co máximo termométrico no mes de agosto. No caso do mes

máis frío, o comportamento é moito máis homoxéneo, posto que todas as estacións teñen o seu mínimo termométrico no mes de xaneiro.

En canto aos valores termométricos extremos, a temperatura media das máximas do mes máis cálido toma valores próximos a 30° C nas estacións situadas a cotas inferiores, mentres que no extremo oposto as estacións situadas a maior altitude presentan valores situados entre 20 e 25° C.

Para o caso das temperaturas medias das mínimas mensuais, as estacións consideradas rexistran na maioría dos casos valores comprendidos entre os 0 e 2° C durante os meses máis fríos sen que poida establecerse unha correlación clara coa altitude, posto que aínda que existe unha tendencia a ser menores conforme se incrementa a altitude, esta rompe na práctica debido á maior probabilidade de xeadas por inversión térmica nas posicións fisiográficas de fondo de val; durante o verán, as temperaturas mínimas sitúanse na maior parte dos casos entre os 10 e 15° C, apreciándose claramente neste caso unha diminución dos valores coa altitude.

A diferenza existente entre os valores termométricos medios dos meses máis cálido e máis frío (amplitude térmica media) oscila entre 12,9 e 16,1° C, o que mostra que se trata dun territorio cun acusado contraste termométrico, soamente superado dentro do territorio galego polas Serras Sudorientais e as partes baixas do Val de Valdeorras (cf. Carballeira et al. 1983). Por outra banda, a diminución da amplitude térmica, tanto media anual como extrema, conforme se incrementa a altitude nas áreas interiores de Galicia é un feito coñecido que se relaciona co efecto atemperante da nubosidade (Carballeira et al. 1983).

*** E.T.P.**

O concepto de evapotranspiración potencial (E.T.P.), introducido por Thornthwaite en 1948, expresa a cantidade de auga que perde unha superficie completamente cuberta de vexetación en crecemento activo se en todo momento existe no chan humidade abonda para o seu uso máximo polas plantas. Trátase dun concepto útil en estudos de necesidades hídricas para as plantas e os balances de humidade no chan a determinación do cal se realiza mediante diferentes métodos experimentais e analíticos. Os datos de E.T.P. dispoñibles para as estacións utilizadas sitúanse entre os 500 e 700 mm, intervalo no que se inclúen a maior parte dos territorios orientais galegos (Carballeira et al. 1983, Soto González & Díaz-Fierros Viqueira 1996).

*** Xeadas**

Para coñecer de xeito aproximado a incidencia das xeadas no ámbito do Espazo estudado aplicouse o método de Carballeira et al. (1983) aos datos termométricos das estacións dispoñibles. En conxunto, as estacións estudadas atópanse dentro da denominada polos autores anteriormente citados como "Galicia interior", caracterizada por un período libre de xeadas que oscila entre os 160 e 280 días.

A partir dos datos obtidos pode establecerse que aínda que existe certa correlación inversa entre os días libres de xeadas e a altitude, a configuración topográfica local pode modificar en boa medida esta tendencia, posto que a unha altitude semellante os vales cunha morfoloxía favorable para a manifestación de fenómenos de inversión térmica se ven máis afectados polas xeadas que aqueles máis propicios para a circulación das masas de aire.

Tendo en conta os valores que se rexistran nas estacións situadas a maior altitude, con 200 días ou menos libres de xeadas, cabe supoñer que os sectores de cumios das principais serras dos Ancares

atopen dentro da categoría da "Alta Montaña" que se caracteriza por ter menos de 160 días libres deste fenómeno ao ano (Carral et al. 1983).

2.3.3 Réxime pluviométrico

Os valores pluviométricos oscilan entre os 509 mm de Navia de Suarna, valor que se atopa entre os máis baixos de Galicia, e os 1479 mm da Estación Ancares. A correlación obtida entre a precipitación media anual e a altitude bota un gradiente pluviométrico de 180 mm de chuvia por cada 100 m de ascenso altitudinal, lixeiramente superior ao suxerido por Guitián Ojea (1985).

En función do gradiente obtido, estímase que nas áreas máis baixas do Espazo a precipitación anual se sitúa no nivel dos 700 mm, mentres que a uns 1.000 m de altitude supéranse os 2.000 mm.

A inexistencia de estacións cun rexistro fiable por enriba dos 1.200 m de altitude impide facer unha valoración axeitada dos niveis de precipitación preditos polo gradiente elaborado para as áreas máis elevadas da área de estudio (arredor dos 3.500 mm). Non obstante, e tendo en conta os valores obtidos nas estacións pluviométricas de referencia situadas entorno aos 1.000 m de altitude, posiblemente a precipitación media anual nos cordais sobranceiros da serra dos Ancares poida situarse entorno aos 2.800-3.000 mm, o que os convertería nunha das áreas galegas máis chuviosas, igualando os valores rexistrados en áreas montañosas das Rías Baixas e as serras do límite entre Pontevedra e Ourense (Carral et al. 1983, Gómez Viñas et al. 1996).

A repartición estacional das precipitacións segue na maior parte das estacións consideradas un ritmo I-O-P-V, presentando a estación de Navia de Suarna unha secuencia I-P-O-V, a de Estación Ancares mostra unha secuencia O-I-P-V, e a de Folgueira de Aigas unha sucesión O-P-I-V.

A precipitación estival adoita situarse entorno ao 10% do total anual, aínda que durante os meses de xullo e agosto obsérvase unha redución apreciable das chuvias, que polo xeral oscilan entre os 20 e 50 mm na maioría das estacións. O mes de setembro adoita levar asociado unha achega sensiblemente superior aos precedentes, sobre todo nas estacións situadas nas áreas elevadas, tendencia que continúa en ascenso conforme se avanza cara aos últimos meses do ano.

Ao incrementarse a altitude unha parte cada vez maior das precipitacións tende a ser en forma de neve, de maneira que na parte superior das diferentes cuncas fluviais, por enriba dos 1.400 m, se forman neveiros que adoitan perdurar ata ben entrada a primavera.

2.3.4 Ventos

O estudio e caracterización do réxime de ventos que afecta ao Parque Natural dos Ancares está en boa medida dificultado pola carencia deste tipo de rexistros na maior parte das estacións consideradas.

Con relación á procedencia dos ventos a nivel anual existen dúas direccións predominantes, de compoñente N (N, NNE, NE) e de compoñente S (S, SSW, SW), que alcanzan un 30% e un 28% do total dos ventos rexistrados respectivamente, sendo minoritarios os ventos de compoñente W e E. A nivel anual rexístrase un 14% de días en calma (velocidade do vento inferior a 1,8 km/h).

A análise estacional da dirección dos ventos mostra unha situación de primavera moi semellante á anual, con predominio da compoñente N, seguida da S, mentres que durante o outono, aínda que se manteñen

as direccións predominantes, se inverten as ordes, pois son maioritarios os de procedencia S. Durante o verán dominan claramente as masas de aire de procedencia setentrional, mentres que no inverno se inverte o seu sentido pasando a compoñente S.

Con respecto á velocidade, os valores medios anuais sitúanse sobre os 2,8 e 8,6 km/h, atopándose os valores máis altos no inverno (febreiro) nas estacións situadas a maior altitude e en primavera (abril ou maio) nas máis baixas.

2.3.5 **Insolación, nubosidade e néboas**

A cantidade de radiación recibida a nivel de estación non se adoita determinar na maior parte das estacións consideradas; cando se fai cuantifícase mediante diferentes procedementos: estimación visual da nubosidade, medición directa mediante heliógrafo e medida da evaporación real en tanque de auga.

Con carácter xeral, a complicada configuración orográfica e o seu efecto de barreira fronte aos ventos cargados de humidade procedentes tanto do Océano Atlántico coma do Mar Cantábrico é causa dunha elevada nebulosidade ao longo de todo o ano. Especialmente durante o outono, inverno e parte a primavera, pero ás veces tamén durante o verán, as masas de aire ciclónico achegan trens de nubes que circulan rapidamente a baixa altitude e envolven durante varios días consecutivos os sectores de cumios situados por enriba dos 1.000 m proporcionándolles un ambiente fresco e húmido.

A partir dos datos dispoñibles pode establecerse que as áreas situadas a menor altitude totalizan un maior número de horas de sol ao cabo do ano, próximo ao 50% do teórico, mentres que en áreas máis interiores, e montañosas, esta cifra cae ata valores de pouco máis dun terzo do total que se podería recibir. As diferenzas son menores nos meses de outono e inverno e alcanzan o máximo durante a primavera e o inicio do verán. Esta información é coherente coa existencia dunha maior pluviometría (e consecuentemente nebulosidade) cara ás áreas elevadas do territorio así como coa concentración das chuvias durante o outono e inverno.

2.3.6 **Caracterización ombrotérmica**

Para establecer o tipo de clima da área de estudio en función da combinación de parámetros termométricos e ombrométricos seguiu-se a clasificación de Dominios Ombrotérmicos de Martínez Cortizas & Pérez Alberti (1999) que se basea nos valores de temperatura e precipitacións medios anuais.

Segundo a análise realizada, dentro do Parque Natural sería dominante o réxime ombrométrico hiperhúmido, presente por enriba dos 900 m de altitude e dentro do que atoparían as variantes termométricas moi fría e fría. Por debaixo deste e ocupando unha franxa altitudinal comprendida entre os 700 e 900 m aproximadamente atoparíase o ombrotipo moi húmido que mostraría unha variante moi fría e outra fría. Entre os 500 e 700 m situaríase o dominio climático húmido de carácter fresco e por último, por debaixo dos 500 m, dentro do réxime termométrico temperado, daríanse os réximes ombrométricos subhúmido, seco e moi seco.

| Caraterización ombrotérmica | | | | | |
|-----------------------------|-----------|------|--------|-----------|-------------|
| | t (°C) | | | | |
| Panual (mm) | < 8 | 8-10 | 10-12 | 12-14 | Ombrotipo |
| < 800 | | | | | Moi seco |
| 800-1.000 | | | | | Seco |
| 1.000-1.200 | | | | | Subhúmido |
| 1.200-1.400 | | | | | Húmido |
| 1.400-1.800 | | | | | Moi húmido |
| > 1.800 | | | | | Hiperhúmido |
| | Moi frío | Frío | Fresco | Temperado | |
| | Termotipo | | | | |

Táboa 3. Dominios climáticos presentes (en sombreado) no Parque Natural dos Ancares.

| Caraterización ombrotérmica | | |
|-----------------------------|---------------------|---------------------|
| Alt. (m) | Réxime termométrico | Réxime ombrométrico |
| >1300 | Moi frío | |
| 1200 | Frío | Hiperhúmido |
| 1100 | | |
| 1000 | | |
| 900 | | |
| 800 | Fresco | Moi húmido |
| 700 | | Húmido |
| 600 | | Subhúmido |
| 500 | | Seco |
| 400 | Temperado | |
| 300 | | Moi seco |
| 200 | | |
| | | |

Táboa 4. Distribución altitudinal aproximada dos réximes termométrico e ombrométrico presentes no Parque Natural dos Ancares

2.3.7 Clasificación agroclimática e fitoclimática

A partir dos datos das estacións meteorolóxicas termoplumiométricas dispoñibles determináronse os índices necesarios para establecer a súa tipoloxía segundo dúas clasificacións amplamente utilizadas no campo da climatoloxía aplicada: a clasificación de agroclimática de Papadakis (1966) e a clasificación de fitoclimática de Allué (1990). Con relación á primeira das clasificacións, as estacións agrúpanse nos Réximes climáticos de tipo Mediterráneo morno, con variantes típicas e frescas, e Marítimo Pirenaico húmido. O primeiro presenta boas aptitudes para cereais de inverno admitindo mesmo o cultivo de millo e diversos tipos de froiteiros de pebida e óso, así como o viñado na súa variante típica (enclaves termófilos de tendencia mediterránea), mentres que na variante fresca se reduce o espectro de especies cultivables, a semellanza do tipo Pirenaico húmido do cal se diferencia por unha menor dispoñibilidade hídrica.

Con relación á clasificación fitoclimática de Allué, as estacións caracterizadas aparecen repartidas entre os tipos Nemoromediterráneo xenuína (S. Antolín de Ibias) e Nemoral xenuíno (Folgueira de Aigas e Estación Ancares). Como noutros casos xa comentados a ausencia de estacións en cotas altas do Espazo Natural impide determinar con exactitude o fitoclima existente nos cumios das principais serras (>1.300 m), pero a vulgar polas estimacións realizadas no relativo a termometría e pluviometría, probablemente se atopen dentro do Oroborealoide subnemoral.

2.3.8 Bioclimatoloxía

Para establecer unha relación entre os parámetros climáticos e a distribución das comunidades vexetais presentes no Parque Natural dos Ancares, utilizouse a "Clasificación Bioclimática Mundial" de Rivas-Martínez & Loidi (1999).

* Macroclima

En función dos datos manexados, ningunha estación pertence ao macroclima Mediterráneo, pois en ningún caso se cumpre a condición de presentar polo menos dous meses de verán nos que $P < 2 T$ e que se alcancen os valores de compensación nos índices los_2 , los_3 e los_4 . A estación de San Antolín de Ibias pertence á variante submediterránea do macroclima Temperado, posto que aínda que presentan algún mes con $P < 2 T$, alcanzan valores compensación nos índices los_2 , los_3 e los_4 . As estacións termoplumiométricas restantes (Folgueira de Aigas e Estación Ancares) pertencen á variante típica do macroclima Temperado.

* Bioclima

Os valores alcanzados polo Índice de Continentalidade (Ic) mostran a existencia de certo influxo atemperante das masas mariñas na totalidade do territorio estudado, o que fai que as áreas mornas se inclúan no bioclima Oceánico e as mediterráneas no Pluviestacional-oceánico.

* Termotipos

Enténdese por termotipo ou piso bioclimático cada un dos grupos de medios que se suceden nunha cliserie altitudinal ou latitudinal os límites do cal se establecen en función de parámetros termométricos e da súa relación coas comunidades vexetais presentes (Rivas-Martínez 1987). Na práctica, os intervalos altitudinais dos termotipos establécense a través do Índice de termicidade compensado (I_{tc}) que vén a ser unha integral térmica de doada determinación matemática (Rivas-Martínez & Loidi 1999). Tendo en conta os datos achegados polas estacións termométricas dispoñibles, dentro do macroclima presente recoñécense os termotipos ou pisos bioclimáticos termotemperado, mesotemperado, supratemperado e orotemperado.

| Pisos bioclimáticos | | | |
|---------------------|----------------|-----------|-----------------------|
| Macroclima | Termotipo | Horizonte | Valor I _{tc} |
| Temperado | termotemperado | superior | >300 |
| | mesotemperado | inferior | >240-300 |
| | | superior | >180-240 |
| | supratemperado | inferior | >100-180 |
| | | superior | >20-100 |
| | orotemperado | inferior | ≤20 |

Táboa 5. Intervalos de I_{tc} correspondentes cos termotipos recoñecidos no Parque Natural dos Ancares.

| Pisos bioclimáticos | |
|-------------------------|-----------------------|
| Horizonte bioclimático | Intervalo altitudinal |
| Orotemperado | ≥ 1896 |
| Supratemperado superior | 1392-1896 |
| Supratemperado inferior | 889-1392 |
| Mesotemperado superior | 511-889 |
| Mesotemperado inferior | < 511 |

Táboa 6. Límites altitudinais (m) estimados para os pisos e horizontes bioclimáticos recoñecidos no Parque Natural dos Ancares.

Con respecto á franxa altitudinal ocupada polo termopiso orotemperado, a ausencia de estacións nos niveis cuminais da Serra dos Ancares impide valorar de forma fidedigna o resultado obtido a través do correspondente gradiente; non obstante o carácter bioindicador que presentan algunhas das comunidades vexetais presentes nestes cumios permite establecer que nas áreas máis umbrosas este límite pode descender considerablemente (ata os 1.650-1.700 m) mentres que nas abas expostas cara ao S podería situarse próximo aos 1.800 m de altitude (cf. Rodríguez Guitián & Guitián Rivera 1993, 1994).

Porén, cabe suliñar que no piso termotemperado non se sitúa ningunha das estacións establecidas a menor altitude, polo que dacordo coa correlación confeccionada este termotipo non posuiría representación superficial dentro do territorio do Parque Natural dos Ancares.

✱ **Período de Actividade Vexetal**

En diversas clasificacións climáticas aplicadas utilízase o concepto de "período de actividade vexetal" ou P.A.V. para definir o intervalo anual no que non existen limitacións termométricas para o crecemento continuado dos vexetais. O nivel térmico máis utilizado como nivel a partir do cal se inicia o P.A.V. adoita ser o de 7,5° C de temperatura media mensual (Rivas-Martínez 1987, Rivas-Martínez & Loidi 1999, Montero de Burgos & González Rebollar 1983). A partir dos datos termométricos determinouse de xeito orientativo o P.A.V. das distintas estacións dispoñibles para o territorio estudado.

Como pode observarse, existe certa variabilidade no P.A.V. estimado para as estacións situadas a menor altitude (entre 9 e 11 meses), como resultado da distinta incidencia que os períodos de xeadas teñen en cada área xeográfica; pola contra, maniféstase unha tendencia clara á diminución progresiva deste índice conforme se incrementa a altitude, de maneira que nas estacións máis elevadas o seu valor se sitúa arredor dos seis meses. No caso de que esta tendencia se mantivese ata o límite altitudinal superior da área de estudio, os sectores de cumios da Serra dos Ancares tería un P.A.V. extremadamente reducido, entre 2 e 4 meses, hipótese coherente coa existencia do piso orotemperado.

| Período de Actividade Vexetal | | | |
|-------------------------------|---------------------|------|--------|
| Nº | Estación | Alt. | P.A.V. |
| 2 | S. Antolín de Ibias | 308 | 10 |
| 6 | Folgueira de Aigas | 910 | 8 |
| 8 | Estación Ancares | 1230 | 7 |

Táboa 7. Período de Actividade Vexetal (P.A.V.), en meses, das estacións termométricas utilizadas na caracterización climática do Parque Natural dos Ancares.

*** Ombrotipos**

No tocante aos ombrotipos, os datos proporcionados polas estacións utilizadas permiten establecer a existencia dos tipos subhúmido, húmido, hiperhúmido e ultrahiperhúmido dentro do macroclima Temperado.

| Ombrotipos | | | |
|------------------|-------------|-----------|----------------------|
| Macroclima | Ombrotipo | Horizonte | Valor I _o |
| Temperado | subhúmido | inferior | < 4,6 |
| | | superior | 4,6-6,0 |
| | húmido | inferior | 6,0-9,0 |
| | | superior | 9,0-12,0 |
| | hiperhúmido | inferior | 12,0-18,0 |
| | | superior | 18,0-24,0 |
| ultrahiperhúmido | --- | >24,0 | |

Táboa 8. Intervalos de valores do índice I_o correspondentes cos ombrotipos recoñecidos no Parque Natural dos Ancares.

| Ombrotipos | | |
|------------|------------------|-----------|
| Macroclima | Ombrotipo | Altitude |
| Temperado | Subhúmido inf. | < 347 |
| | Subhúmido sup. | 347-466 |
| | Húmido inf. | 466-654 |
| | Húmido sup. | 654-843 |
| | Hiperhúmido inf. | 843-1219 |
| | Hiperhúmido sup. | 1219-1595 |
| | Ultrahiperhúmido | > 1595 |

Táboa 9. Límites altitudinais (m) estimados para os ombrotipos recoñecidos no Parque Natural dos Ancares.

O ombrotipo máis representado é o Hiperhúmido, que comprende os niveis medios e altos de Os Ancares. A continuación, séguenlle os ombrotipos Húmido e Subhúmido, que se estenden fundamentalmente pola parte baixa da cunca do río Navia. E, por último, o ombrotipo Ultrahiperhúmido, presente soamente nos cumios de Os Ancares.



Figura 13. As néboas que soen inundar os cumios dos Ancares lucenses.

2.4 Solos

2.4.1 Factores de formación do solo

Dende o punto de vista dos factores que interveñen na xénese dos solos, as áreas de montaña comparten características que as diferencian dos territorios do ámbito, máis baixos e de topografía máis suave (Martínez Cortizas et al. 1993). Estas diferenzas pódense resumir nunhas condicións climáticas máis rigorosas (menores temperaturas e maior pluviosidade), pendentes máis pronunciadas e unha cuberta vexetal dominada por formacións arboradas e arbustivas.

Por outro lado, o menor impacto que tradicionalmente tiveron as actuacións antrópicas, sen ser rexeitable en determinadas zonas, permitiu que en moitos lugares os solos se atopen máis preto do seu "estado natural", especialmente alí onde se mantén a vexetación que puidese considerarse en cada caso como "clímax" (Gutián Ojea 1985). Non obstante, nas proximidades dos asentamentos humanos e nas áreas dedicadas a pastoreo extensivo, mantidas dende épocas remotas mediante o uso do lume, favoreceróñse procesos que modificaron sensiblemente as tendencias naturais.

Con certa frecuencia pódense observar perfís nos que se pon en evidencia a existencia de ciclos alternantes de estabilidade-inestabilidade das vertentes que deron orixe ao que se coñece como solos policíclicos, especialmente frecuentes en partes baixas das abas. Neles, ademais de discontinuidades morfolóxicas apreciables entre horizontes (límites bruscos ou netos, liñas de pedras, etc.) adoitan verificarse cambios drásticos nas propiedades físico-químicas (Martínez Cortizas et al. 1993). Ademais, a topografía abrupta inflúe sobre a circulación da auga de modo que sobre os materiais coluvial máis permeables se favorece a drenaxe lateral e subsuperficial.

Como resumo do expresado anteriormente, pódense caracterizar de forma global os solos de montaña como novos, pouco evolucionados e cun escaso grao de diferenciación morfolóxica. Predominan neles os horizontes A ricos en materia orgánica, de espesor variable, baixo os que se adoitan atopar saprolitas ou materiais de tipo coluvial (máis raramente outro tipo de sedimentos de idade cuaternaria ou terciaria). Os solos con horizonte B cámbico son escasos e cando este está presente adoita ter un escaso desenvolvemento. Nos puntos de carácter netamente acumulativo adóitanse desenvolver solos complexos de carácter policíclico con marcadas discontinuidades no perfil, mentres que nas situacións de drenaxe deficiente (chairas, prados de sega con canles de rego) tenden a aparecer trazos de gleización temporal ou permanente. Soamente alí onde as condicións de estabilidade da superficie do terreo se mantiveron durante un período moi prolongado (chairas de cumios, fisuras profundas en materiais resistentes, etc.) é posible atopar solos máis evolucionados con características morfolóxicas e físico-químicas sensiblemente diferentes ás comentadas (Martínez Cortizas et al. 1993).

2.4.2 Tipos de solos

A caracterización edáfica do Parque Natural dos Ancares realizouse tendo en conta a bibliografía existente sobre o tema (Gutián Ojea et al. 1982, Gutián Ojea 1985, García-Rodeja & Macías Vázquez 1986, Martínez Cortizas et al. 1993, Precado Ledo 1995, Macías Vázquez & Calvo de Anta 2001, Rodríguez Gutián et al. 2001) as unidades litolóxicas descritas no apartado de Xeoloxía e aspectos

topográficos e de usos do territorio (coberta vexetal). Para as unidades de solos presentes seguiu-se a clasificación FAO-ISRIC-SICS na súa versión de 1999.

* **Solos sobre lousas**

Para os efectos de formación de solos, este grupo de materiais caracterízase por un contido elevado en minerais de difícil alteración o que unido a facilidade que presentan para a desintegración en lousas, e a mobilidade dos produtos resultado da alteración debido ás fortes pendentes e o efecto erosivo das chuvias, favorece a existencia de perfís continuamente rexuvenecidos e de espesores variables. En xeral predominan solos pouco profundos con elevada pedregosidade, salvo nas partes baixas de abas e relanzos, onde se produce o acumulo dos materiais provenientes das partes superiores (Gutián Ojea 1985, Macías Vázquez & Calvo de Anta 2001).

Os solos máis estendidos constan de perfís AC ou AR, máis raramente cun B de carácter cámbico incipiente, con texturas que varían entre franco-areosas e franco limosas e pH ácido asociado á saturación por o Al do complexo de cambio. De xeito puntual, asociados a posicións topográficas favorables e a presenza de auga durante grande parte do ano, fórmanse solos orgánicos (histosoles) en ambientes de turbeira.

Os principais tipos de solos asociados ás lousas nos Ancares son: leptosoles líticos, leptosoles úmbricos, umbrisoles sépticos, cambisoles dístricos e cambisoles gleicos. A secuencia de solos máis frecuente presenta leptosoles en cumios e rebordos de abas, pasando por umbrisoles en posición de media e baixa encosta e por último, cambisoles de carácter gleico asociados a áreas de topografía deprimida con nivel freático elevado ou próximas ás canles fluviais.

* **Solos sobre rochas cuarcíticas**

Os procesos de formación de solos sobre estes materiais son fundamentalmente de tipo mecánico, con fragmentación do material orixinal e formación dun residuo no que os poucos minerais alterables son hidrolizados en condicións moi ácidas (Gutián Ojea 1985, Macías Vázquez & Calvo de Anta 1992, 2001). Paralelamente apréciase un contido moi baixo en bases, Fe e Al, polo que os valores de pH destes solos adoitan estar entre 3,5 e 4,0.

A resistencia que opoñen este tipo de materiais á alteración química fai que apenas se produza o desenvolvemento de solos *in situ*, polo que unicamente nas situacións topográficas favorables (áreas ao pie de pendentes ou relanzos en media aba) preséntense solos con certa evolución (Gutián Ojea 1985, Macías Vázquez & Calvo de Anta 1992). Nestes casos obsérvase unha tendencia á podsolización como resultado da migración da materia orgánica que, en ausencia de catións básicos, complexa o escaso Fe e Al orixinando en profundidade un horizonte de acumulación de sesquióxidos sobre o que se vai diferenciando progresivamente un nivel álbico enriquecido en cuarzo.

Nalgunhas estacións especialmente favorables, a forte acidez que caracteriza a estes solos e ralentiza de xeito considerablemente os procesos de humificación, unida a unhas temperaturas medias baixas e unha alta pluviosidade, levan consigo a formación de solos orgánicos (histosoles).

Os solos máis frecuentes dentro deste tipo de materiais son: leptosoles líticos, leptosoles úmbricos, umbrisoles sépticos, podzois háplicos e histosoles fibricos. A secuencia típica de asociación destes solos constaría de leptosoles nas posicións de cumes e abas de forte pendente, pasando por

umbrisoles en replanos e partes baixas de encostas, e podzois nas áreas de maior estabilidade e evolución edáfica; por último en áreas frías e húmidas poderían atoparse histosoles.

*** Solos sobre alternancias de materiais silíceos**

As áreas nas que están presentes de xeito alternante distintos tipos de materiais metamórficos ácidos presentan características comúns ás xa descritas nos dous apartados anteriores, presentando unha maior ou menor afinidade con cada secuencia de solos definida en función do predominio duns ou outros tipos litolóxicos. En xeral pode afirmarse que a presenza de materiais cuarcítico mesturados coas lousas leva consigo unha maior ralentización dos procesos de formación de horizontes así como un nivel máis baixo de fertilidade e valores de pH. Como en casos prececentes, a presenza de auga durante grande parte do ano en posicións topográficas chairas favorece a formación de solos orgánicos (histosoles).

En consecuencia, a tipoloxía de solos máis frecuentes pódese considerar intermedia entre as dúas xa comentadas, podéndose considerar como tipos máis frecuentes as leptosoles (líticos e úmbricos), umbrisoles (húmicos) e antrosoles.

*** Solos sobre rochas graníticas**

Os materiais graníticos atópanse restrinxidos á parte Norte da Serra dos Ancares. Este tipo de materiais litolóxicos caracterízanse por certa resistencia á alteración química así como por orixinar solos de textura franco-areosa a areosa e estrutura migalleira. Os perfís máis característicos son os de tipo AR ou AC sendo moito máis escasos os casos con horizonte B que, en ocasións presenta certa tendencia podsolizante (García-Rodeja & Macías Vázquez 1986). Os valores de pH adoitan oscilar entre 4 e 5, indicativos dunha baixa fertilidade natural, alcanzando unha elevada proporción o Al no complexo de cambio. De xeito puntual, asociados a posicións topográficas favorables e a presenza de auga durante grande parte do ano, fórmanse solos orgánicos (histosoles) que, nos bordos de pequenos regatos, constitúen un mosaico con fluvisois de escaso desenvolvemento (García-Rodeja & Macías Vázquez 1986).

Os tipos de solos máis característicos son: leptosoles líticos, leptosoles úmbricos, umbrisoles húmicos, cambisoles húmicos e histosoles fibrico. Dende o punto de vista catenal, as partes altas das vertentes caracterízanse pola profusión de afloramentos rochosos entre os que se forman solos pouco profundos (leptosoles lépticos); cara ás partes baixas aparecen umbrisoles mentres que nos fondos de val e relanzos se concentran os cambisoles.

*** Solos antrópicos**

Os solos que perderon as súas características físico-químicas orixinais debido á actividade humana inclúense na categoría de Antrosoles. Dentro do Parque Natural dos Ancares a maioría de solos deste tipo están relacionados coas prácticas agrícolas (antrosoles fímicos). Polo xeral os antrosoles fímicos están asociados ás áreas agrícolas que rodean aos núcleos urbanos (aldeas e pobos) aínda que nalgúns zonas ocupan relanzos a media aba ou en cumios situados a maior distancia destes e onde ata fai uns decenios se levaba a cabo o cultivo de cereais (cavadas ou estivadas).

2.4.3 Capacidade produtiva dos solos

A partir dos datos extraídos da obra de Díaz-Fierros & Gil Sotres (1984) realízase neste apartado unha valoración da capacidade produtiva dos solos do Parque Natural. Así, a maior parte das terras pertencentes aos municipios que forman parte da área de estudio (Navia de Suarna e Cervantes) correspóndese con solos que presentan graves limitacións para o emprego de maquinaria ou onde esta estaría descartada. Dende o punto de vista da produtividade potencial segundo o risco de xeadas, na práctica totalidade do Espazo existe un elevado risco de xeadas, superándose polo xeral os seis meses.

Segundo os datos manexados, os solos da área de estudio son na súa totalidade solos ben drenados e nos que o déficit de precipitación oscila entre 1 e 3 meses de duración, sendo as clases de dispoñibilidade de nutrientes maioritarias, "mala ou "moi mala".

De todo o anterior se deduce que os solos do Parque Natural dos Ancares teñen unha baixa aptitude para a produción agrícola intensiva, ao presentarse de xeito conxunto condicionantes fisiográficos desfavorables para a mecanización, un período de crecemento vexetativo curto e unha baixa ou moi baixa dispoñibilidade natural de nutrientes.




Figura 14. Os prados de sega son o solo agrícola máis habitual na montaña dos Ancares.

2.5 Hidroloxía

2.5.1 Introducción

As cunca principal á cal verquen os terreos incluídos no Parque Natural dos Ancares é a do río Navia. Este río nace fóra do Parque, ao Sur deste, nos Montes do Cebreiro, discorrendo dirección N-S para desembocar no Mar Cantábrico.

O perfil fluvial está lonxe dunha curva de equilibrio, o que indica a súa xuventude a pesar da antigüidade do conxunto do territorio. En xeral a rede fluvial presenta ríos de montaña con cursos rápidos e con fortes pendentes, resultado dos sucesivos levantamentos que dende o terciario foron elevando as montañas orientais, coas consecuintes modificacións topográficas acompañadas de ciclos de erosión remontante (Pérez Alberti 1993).

2.5.2 Cuncas fluviaís

A cunca do Navia en Galicia ocupa 1.124 km², un 43% da súa superficie total, discorrendo por terras galegas 90 km polas montañas orientais lucenses, aínda que sempre fóra do Parque Natural dos Ancares. Presenta un índice de sinuosidade de 1,64 e unha pendente no seu tramo de cabeceira do 15%, logo discorre lentamente e non supera o 1% a partir da zona de As Nogais (Río Barja & Rodríguez Lestegás 1992).

Non obstante, existe unha serie de afluentes do Navia (Rao, Ser, Quindous e Cancelada), que nacen nos cumios da zona de estudio, aínda que teñen a súa confluencia coa canle principal fóra do Parque Natural.

Segundo os datos de precipitación proporcionados polas estacións utilizadas na caracterización climática da área de estudio, as achegas pluviométricas dentro desta cunca son moi variables, tanto espacial como temporalmente, estimándose para as áreas de cabeceira en valores anuais superiores aos 1800 mm e con achega estacional suficiente como para que non exista unha seca significativa, ata os menos de 800 mm que se estiman para as altitudes inferiores (Precedo Ledo 1995).

2.5.3 Aproveitamentos hidroeléctricos

Cabe mencionar na cunca do Navia a existencia de tres minicentraís, coa finalidade de produción de enerxía eléctrica (Precedo Ledo 1995), aínda que todas elas se atopan situadas no leito do río Navia, o que significa que non se atopan dentro do Parque Natural dos Ancares.

2.5.4 Réximes hidrolóxicos

*** Características hidroxeolóxicas**

Tomando como referencia os mapas xeolóxicos de España a escala 1:50.000 expóñense a continuación as principais características hidroxeolóxicas da cunca do Navia.

A litoloxía dos materiais presentes no norte e centro da Cunca do Navia non favorece a infiltración e o almacenamento de auga subterránea. Ademais, as calcarias que alternan frecuentemente con dolomías, non forman acumulacións grandes e presentan un grao de karstificación moi incipiente, como para dar lugar a capas acuíferas importantes. A todo iso hai que engadir que o metamorfismo rexional sufrido por todas as rochas diminuíu aínda máis a súa porosidade e, polo tanto, as súas posibilidades acuíferas.

As facies de gran groso do granito de Ancares poden favorecer localmente o almacenamento e transmisión da auga subterránea, principalmente na súa zona superficial alterada, onde, ao aumentar a súa porosidade, estes materiais se convirten en acuíferos. Non obstante, as zonas de descarga destes acuíferos superficiais presentan unha clara influencia estacional, que fai supoñer que non se trata de reservas importantes.

No que se refire aos depósitos terciarios e cuaternarios, debido a que os seus afloramentos posúen pouca extensión, só poden dar lugar a almacenamentos pequenos, fortemente influídos polas variacións estacionais.

Á marxe das consideracións litolóxicas precedentes, hai que destacar a existencia dunha importante rede de fracturas que poden favorecer localmente a infiltración e circulación de auga subterránea. Neste sentido as fracturas maiores e máis abertas, actúan como colectores na súa área de influencia, sendo zonas preferentes de circulación.

*** Innivación**

Os ríos das altas montañas orientais responden a réximes pluvionivais con máximos caudais nos meses de xaneiro e maio. Este período está algo atrasado respecto aos máximos de precipitación pola conxunción de achegas de chuvia e desxeos. A influencia da fusión das neves déixase sentir na maioría dos casos ata case a metade do ano, cando xa se esgotan os últimos depósitos nivais. Así, o réxime de caudal é mixto pluvio-nival con incidencia da fusión das neves acumuladas nos altos cumios durante o inverno (Pérez Alberti et al 1992).

Na cunca do río Navia, os datos do encoro de Grandas de Salime indican que as augas que chegan a este proceden fundamentalmente das precipitacións en forma de auga, se ben existe unha pequena porcentaxe de orixe nival. Esta dobre alimentación móstrase nas augas altas claramente invernaís (coincidentes co período de chuvias máis abundantes), pero prolongadas ata finais de primavera, cando remata a fusión das neves acumuladas sobre os puntos da cunca que soportan as temperaturas máis baixas.

Ademais, o coeficiente de desaugamento mantense en termos considerablemente elevados, por canto se supón que arredor do 60% da precipitación que cae en estado líquido ou en forma de neve, reverte ao curso fluvial (Río Barja & Rodríguez Lestegás 1992).

2.5.5 Calidade das augas

A Directiva 75/440/CEE do 16 de xuño de 1975 e a orde do 11 de maio de 1988 que a traspón á lexislación do Estado Español, clasifica as augas superficiais destinadas ao consumo humano en tres grupos, de acordo co tratamento que deban recibir para a súa potabilización (Precedo Ledo 1995).

| Calidade das augas | |
|--------------------|--|
| Categoría | Tratamento |
| A ₁ | Físico simple e desinfección, por exemplo filtración rápida e desinfección. |
| A ₂ | Físico normal, químico e desinfección, por exemplo precloración, coagulación, floculación, decantación, filtración e desinfección final (cloración final) |
| A ₃ | Físico químico intensivos, afino e desinfección, por exemplo cloración ata o "Break point", coagulación floculación, decantación, filtración, afino (carbono activo) e desinfección (ozono, cloración final) |

Táboa 10. Categorias de calidade das augas segundo a Directiva 75/440/CEE e tratamentos que deben recibir.

Segundo a Confederación Hidrográfica do Norte de España, baseada no Estudio de Calidade de Augas nos ríos das Cuncas Norte realizados en 1990 e 1991, a calidade das augas de ríos como o Navia, o Ser ou o Cancelada nese momento correspondían á aptitude para salmónidos. No que se refire ao abastecemento, o río Navia contaba con calidade A₂, e os ríos Ser e Cancelada presentaban unha calidade A₁ (Precedo Ledo 1995).

Comparando os valores da Directiva 75/440/CEE cos datos obtidos das mostras anteriores, obsérvase que en ningún dos parámetros químicos determinados se superan os valores establecidos para augas tipo A₁. Trátase polo tanto de augas que de acordo cos parámetros físico-químicos son de boa calidade (Antelo Cortizas & Arce Vázquez 1996).



Figura 15. Imaxe dun regato de alta montaña na época das Neves, en Ancares.

2.6 Fungos

O catálogo de fungos macromicetes da Serra dos Ancares (fungos superiores con aparatos esporíferos macroscópicos, Font Quer 1953) está formado por 310 especies, distribuídas en 50 familias (Soliño Pérez 2004). Destas, 11 engloban ao 61,9% dos fungos presentes, sendo as mellor representadas as familias *Tricholomataceae*, *Cortinariaceae*, *Russulaceae* e *Polyporaceae*.

| Fungos macromicetes | | |
|---------------------|-------------|-------|
| Familia | Nº especies | % |
| TRICHOLOMATACEAE | 51 | 16,45 |
| CORTINARIACEAE | 45 | 14,52 |
| RUSSULACEAE | 21 | 6,77 |
| POLYPORACEAE | 14 | 4,52 |
| AGARICACEAE | 13 | 4,19 |
| MARASMIACEAE | 13 | 4,19 |
| BOLETACEAE | 12 | 3,87 |
| COPRINACEAE | 11 | 3,55 |
| ENTOLOMATACEAE | 10 | 3,23 |
| Outros | 120 | 38,71 |
| TOTAL | 310 | |

Táboa 11. Número de especies de fungos macromicetes por familias presentes no territorio Os Ancares.

A familia *Tricholomataceae* é a que conta co maior número de taxons (51), destacando o xénero *Mycena* con 23. Outra familia de importancia é *Cortinariaceae*, da que se inclúen 25 especies do xénero *Cortinarius*, que é o que conta con maior número de taxóns. Outras familias importantes, atendendo ao número de especies que inclúen, son *Coriolaceae* e *Rusulaceae*.

| Riqueza fúnxica | | | |
|--------------------|------------|---------|--------|
| | Os Ancares | Galicia | España |
| Nº especies fungos | 310 | 1500 | 4500 |

Táboa 12. Riqueza de fungos macromicetes da área de estudio.

O conxunto de fungos macromicetes da Serra dos Ancares inclúe 310 especies, que representan aproximadamente o 20% e o 7% das cifras estimadas para Galicia e para a Península Ibérica respectivamente (Castro Cerceda 2000).

2.7 Flora

O interese florístico da Serra dos Ancares é coñecido dende o desenvolvemento da ciencia botánica en Galicia, sendo un dos enclaves máis intensamente prospectados polo Padre B. Merino, para quen os máis altos cumios dos Ancares constituían lugares emblemáticos do solaz galego.

Nos últimos vinte anos, e como consecuencia, fundamentalmente, da realización de diversas teses doutorais, adquiriuse un coñecemento moi preciso das singularidades e valores botánicos desta Serra. A súa importancia a nivel galego queda posta de manifesto polo grande número de taxóns presentes en diversos grupos taxonómicos. Sirva a estes efectos como exemplo o feito de que arredor do 30% das plantas vasculares ou máis do 20% dos fungos macromicetes presentes en Galicia foron citados dentro dos límites do territorio estudado, a superficie do cal representa menos dun 1% da de Galicia.

Ademais de polos seus valores numéricos absolutos, o interese que presenta a flora deste espazo natural tamén se evidencia pola súa importancia dende o punto de vista da conservación da biodiversidade, xa que nel aparece un importante conxunto de especies incluídas na normativa legal de protección.

2.7.1 Catálogo florístico

O catálogo florístico da Serra dos Ancares ascende a 867 taxóns, distribuídos en 104 familias. As especies e subespecies que o constitúen agrúpanse en 395 xéneros e 104 familias. Esta riqueza ten a súa orixe en tres factores fundamentais que son: a posición fitoxeográfica, a complicada topografía e a natureza dos substratos (Izco et al. 1985).

| Distribución dos taxons | | |
|-------------------------|------------|---------------|
| Familia | Nº Táxones | % |
| GRAMINEAE | 93 | 10,72 |
| COMPOSITAE | 87 | 10,03 |
| LEGUMINOSAE | 52 | 6,00 |
| CARYOPHYLLACEAE | 49 | 5,65 |
| CRUCIFERAE | 32 | 3,69 |
| ROSACEAE | 31 | 3,58 |
| LABIATAE | 31 | 3,58 |
| RANUNCULACEAE | 29 | 3,34 |
| SCROPHULARIACEAE | 29 | 3,34 |
| UMBELLIFERAE | 26 | 3,00 |
| Outras | 408 | 47,06 |
| TOTAL | 867 | 100,00 |

Táboa 13. Distribución dos táxons do catálogo florístico por familias nos Ancares

Poñendo atención nos datos que mostran a distribución dos taxóns do catálogo florístico por familias, conclúese que 10 familias acaparan a metade dos taxóns, sendo as que contan cun maior número de

plantas vasculares as gramíneas e as compostas, seguidas a certa distancia polas leguminosas e cariofiláceas.

A riqueza florística resulta baixa se se compara co resto do territorio español ou cos países da rexión bioxeográfica Mediterránea, pero relativamente alta cando se compara á dos países Atlánticos como Dinamarca, Irlanda ou Bélxica.

| Riqueza e diversidade florística | | | |
|----------------------------------|--------------|-------------|-------------|
| Flora (nº total de especies) | sp | Riqueza | Diversidade |
| Os Ancares | 867 | | 361 |
| Galicia | 3.100 | 3,57 | 693 |
| Alemania | 2.682 | 3,09 | 483 |
| Bélgica | 1.452 | 1,67 | 324 |
| Dinamarca | 1.252 | 1,44 | 270 |
| España | 8.000 | 9,23 | 1.401 |
| Francia | 4.630 | 5,34 | 805 |
| Grecia | 4.922 | 5,68 | 969 |
| Holanda | 1.221 | 1,41 | 264 |
| Irlanda | 950 | 1,10 | 195 |
| Italia | 5.598 | 6,46 | 1.021 |
| Luxemburgo | 1.246 | 1,44 | 365 |
| Portugal | 2.573 | 2,97 | 518 |
| Reino Unido | 1.623 | 1,87 | 301 |

Índice de diversidade: nº de especies do territorio / logaritmo da área.
Índice de riqueza: nº especies do territorio / nº especies totais dos Ancares.
Fontes: Silva-Pando (1994), Giménez & Amigo (1996), MMA (1999).

Táboa 14. Riqueza e diversidade florística.



Figura 16. Unha das bulbosas máis representativas que tapizan o solo de Os Ancares son as orquídeas.

2.7.2 Especies de interese

Polo que respecta á presenza de flora de interese débese destacar a presenza de 17 especies incluídas nos diferentes listados de protección a nivel europeo, nacional e autonómico. Incluíndose unha especie no Convenio de Berna, 10 nalgún dos anexos da Directiva 92/43/CEE ou 9 no recentemente aprobado catálogo Galego de Especies Ameazadas. Isto supón un número importante de especies protexidas que alberga o espazo dos Ancares, o que contribúe de forma significativa á conservación da biodiversidade.

| Especies de interese | | | | |
|---|-----------|--------|------|------|
| Especie | Berna | D92/43 | CNEA | CGEA |
| <i>Arabis juressi</i> | | | | V |
| <i>Arnica montana</i> | | V | | |
| <i>Cardamine raphanifolia subsp. gallaecica</i> | | | | V |
| <i>Festuca elegans</i> | | II,IV | | |
| <i>Festuca summilusitanica</i> | | II,IV | | |
| <i>Gentiana lutea</i> | | V | | |
| <i>Lycopodiella inundata</i> | | | | E |
| <i>Narcissus asturiensis</i> | | II,IV | | V |
| <i>Narcissus pseudonarcissus subsp. nobilis</i> | | II,IV | | V |
| <i>Narcissus triandrus</i> | I | IV | | |
| <i>Ranunculus serpens</i> | | | | V |
| <i>Ruscus aculeatus</i> | | V | | |
| <i>Scrophularia herminii</i> | | V | | |
| <i>Sedum pruinaum</i> | | | | V |
| <i>Sphagnum sp.</i> | | V | | |
| <i>Ulotia coarctata</i> | | | | V |
| <i>Zygodon conoideus</i> | | | | E |
| TOTAIS | 17 | | | |

[Berna] Especies incluídas no Anexo I do Convenio de Berna. [D92/43] Especies incluídas nos Anexos II, IV ou V da Directiva Hábitat. [CNEA] Especies incluídas no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas. [En] En Perigo de Extinción. [Vu] Vulnerable. [SH] Sensible á alteración do seu hábitat. [IE] De interese especial. [CGEA] Especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. [E] En Perigo de Extinción. [V] Vulnerable.

Táboa 15. Lista de especies vexetais recollidas nas normativas de protección Europeas, Nacionais e Galegas para o territorio dos Ancares



Figura 17. Imaxe do límite entre o dominio da masa arborada e as matogueiras, na montaña dos Ancares.

2.8 Vexetación

2.8.1 Bioxeografía

O Parque Natural dos Ancares comprende un conxunto de serras que forman parte do extremo occidental da Cordilleira Cantábrica, aliñamento montañoso ao Sur do cal se poñen en contacto as dúas rexións bioxeográficas presentes na Península Ibérica, a Eurosiberiana e a Mediterránea. Este límite corolóxico é extraordinariamente complexo e difícil de establecer na realidade debido á existencia de enclaves de vexetación dun ou outra orixe todo ao longo do seu percorrido, o que levou á súa modificación a nivel cartográfico en sucesivas ocasións.

Segundo a sectorización biogeográfica máis recentemente publicada para Galicia (CMADS 2007), o territorio do Parque Natural repártese entre dúas unidades, da Rexión Eurosiberiana.

| |
|--|
| REINO HOLÁRTICO |
| REXIÓN EUROSIBERIANA |
| SUBREXIÓN ATLÁNTICO-CENTROEUROPEA |
| Provincia Atlántica Europea |
| <u>Subprovincia Cántabro-Atlántica</u> |
| Sector Galaico-Portugués |
| Subsector Naviego |
| <u>Subprovincia Orocantábrica</u> |
| Sector Laciano-Ancarés |
| Subsector Coureliano-Ancarense |

Táboa 16. Unidades bioxeográficas (subsectores) presentes no Parque Natural dos Ancares.

O subsector Coureliano-Ancarense é o que ocupa a maior superficie, incluíndo as elevacións maiores da zona dos Ancares, mentres que a parte media da cunca do Río Navia forma parte do subsector Naviego.

2.8.2 Vexetación potencial

En función das fontes manexadas (CMADS 2007), a vexetación potencial do Parque Natural dos Ancares estaría constituída na súa maior parte por bosques caducifolios e, en menor medida, comunidades arbustivas (matos de xenebreira, uceiras, piornedos) e herbáceas (comunidades rupícolas, glerícolas, turfófilas e de pasteiros subalpinos) por esta orde.

A repartición das cabezas de serie nos distintos termotipos recoñecidos sería do seguinte xeito: as reboleiras navegas serían a vexetación potencial da maior parte das áreas mesotempladas dentro das que, a xeito de enclaves, se situarían bosques mixtos acidófilos de carácter termófilo), comunidades arbustivas e herbáceas de carácter permanente asociadas a afloramentos rochosos e pedreiras de grandes bloques (erbedais, piornedos, pasteiros pioneiros xerófilos) e, por último, os

amenedos riparios. Cunha representación igualmente reducida estarían representados os sobreirais no tramo baixo do río Rao (termotipo termotemperado).

Ao ascender ao piso supratemperado, a vexetación potencial enriqueceríase cunha ampla gama de bosques de carácter umbrófilo, como os faiais acidófilos, os biduedos, as carballeiras albares con lúzula e os bosques mixtos acidófilos e basófilos carentes de especies termófilas, mentres que nas vertentes de solaina, as reboleiras alcanzarían unicamente o horizonte inferior deste piso bioclimático, por riba do cal terían representación as carballeiras de carballo rosado. Como comunidades de carácter permanente habería que citar piornedos e comunidades rupícolas sobre afloramentos e pedreiras silíceas así como formacións turfófilas asentadas en pequenas cubetas glaciares ou vales achairados. Dentro deste nivel, os bosques de ribeira carecen de ameneiros e están dominados polo freixo (freixidos riparios) dentro do horizonte inferior e pola abelaira e o salgueiro común no tramo superior.

Por último, por enriba dos 1.700 m de altitude por termo medio, dentro xa do termotipo orotemperado, a vexetación potencial correspondería nas abas máis desprovistas de neve con matogueiras ricas en xenebreira que formarían mosaico con comunidades herbáceas quionófilas e turfófilas (cervunais, herbais con *Juncus trifidus*, etc) e outras de carácter rupícola ou glerícola. Nas umbrías dominan os tipos de vexetación herbácea adaptada á innivación prolongada e as comunidades rupícolas e glerícolas.

Vexetación potencial




Figura 18. Representación esquemática idealizada da vexetación potencial do Parque Natural dos Ancares mediante o transecto río Navia-Serra dos Ancares.

2.8.3 Vexetación actual

A cuberta vexetal actual do Parque Natural dos Ancares foi obxecto de estudio ao longo dun período de tempo relativamente prolongado, podéndose considerar como unha das áreas xeográficas mellor coñecidas no contexto galego dende este punto de vista. Fitosociolóxicamente considéranse presentes no espazo estudado un total de 33 Clases de vexetación, dentro das que se integran 104 comunidades vexetais, o que equivale ao 61,1 % das clases e ao 35,7% das asociacións citadas como presentes en Galicia (cf. Izco et al. 1999, 2000).




Figura 19. Riqueza de sintaxóns do Parque Natural dos Ancares.

Como pode observarse, dacordo coa riqueza vexetacional de Galicia segundo Izco et al. (1999, 2000), existe unha importante representación no Parque Natural dos Ancares de todos os niveis sintaxonómicos considerados, posto que supoñen a escala galega proporcións que se sitúan entre o 35% e o 65% do total, dentro dun territorio que non alcanza o 1% da superficie continental galega. Tendo en conta ademais que no espazo estudado non existen representacións de tipos de vexetación mariña ou costeira e que, en relación a outros espazos naturais de Galicia, os humidais están escasamente representados, ponse en evidencia o elevado interese que presenta este espazo dende o punto de vista da diversidade fitocenótica.

2.8.4 Distribución por grupos de hábitats

Establecendo unha serie de grupos de hábitats seguindo os principais tipos de medios ecolóxicos, realizouse unha vinculación de comunidades vexetais ás categorías de hábitats descritas, resultando a distribución que se mostra a continuación.

| Distribución sintaxonómica | | |
|--|----------------|-----------------|
| Grupo de Hábitats | Nº asociacións | % sobre o total |
| Humidais continentais | 21 | 20,4 |
| Matogueiras e medios rochosos | 30 | 29,1 |
| Bosques | 20 | 19,4 |
| Cultivos e pasteiros | 13 | 12,6 |
| Plantacións forestais e formacións invasoras | 0 | 0,0 |
| Aldeas, construcións humanas e canteiras | 19 | 18,4 |

Táboa 17. Número de asociacións vexetais presentes nos grupos de hábitats preferentes considerados.

A análise realizada mostra unha grande variedade de sintaxóns asociados ás formacións arbustivas e rochosas, relacionable coa grande superficie forestal non arbolada que existe na área de estudo e a ampla gama de situacións ambientais (clima, orientación, etc.) e de grao de influencia humana baixo as que estas se desenvolven. Igualmente chama a atención o elevado número de comunidades integradas no grupo de "Humidais continentais", sobre todo tendo en conta a limitada superficie que ocupan os humidais no Parque Natural. O mesmo habería que dicir dos tipos de bosques presentes que representan o **80%** dos existentes en Galicia.

Por último, a ausencia de comunidades vexetais na categoría de "Plantacións forestais e formacións invasoras" débese á ausencia de asociacións validamente publicadas dende o punto de vista fitosociolóxico no seo destas formacións arboladas. Non obstante, na maior parte dos casos o sotobosque deste tipo de masas adoita ser semellante ao dalgúns tipos de matogueiras dominadas por ericáceas (*Erica australis*, *E. cinerea*, *E. umbellata*, *Daboecia cantabrica*) e leguminosas (*Pterospartum tridentatum*) frecuentes no territorio e que se inclúen na Clase *Calluno-Ulicetea* (cf. Silva-Pando 1990).



Figura 20. Detalle unha plantación forestal alóctona mesturada con formacións de caducifolias autóctonas.

2.9 Fauna

A Serra dos Ancares constitúe un conxunto de estribacións montañosas do extremo occidental da Cordilleira Cantábrica, presentando un compendio de especies que teñen aquí o límite de distribución. Ao igual que no resto de Galicia, a extensa e variada rede hidrográfica existente convértese no hábitat de numerosas especies piscícolas, así como de aves, anfibios e mamíferos (Castillejo Murillo et al. 2001).

Por último, e como trazo cualitativo importante, é necesario destacar que nos Ancares atópanse algunhas das manchas de bosque máis extensas e mellor conservadas do oriente galego, sendo este o hábitat de numerosas aves de presa, passeriformes, micromamíferos, mustélidos, cánidos, réptiles e demais grupos de animais (Castillejo Murillo et al. 2001).

O grao de coñecemento actual sobre a fauna existente neste territorio é moi desigual segundo o grupo de que se trate. En termos xerais e á semellanza do que acontece en todo o contexto europeo, os datos sobre distribución e ecoloxía da fauna de vertebrados superan moi amplamente os que se dispoñen para o conxunto dos invertebrados, para o que se carece mesmo dunha estimación fiable do número de especies presentes en España (Ramos et al. 2002).

Por todo iso, o presente apartado se fundamentou na valoración da fauna de vertebrados, moito mellor coñecida, recorréndose no apartado de invertebrados á recompilación de información sobre aquelas especies que figuran nos listados de protección dende o punto de vista da conservación (Convenio de Berna, Anexos das Directivas 79/409/CEE e 92/43/CEE, Catálogo Nacional de Especies Ameazadas, Catálogo Galego de Especies Ameazadas). A pesar das limitacións que impón a utilización practicamente exclusiva dos vertebrados na valoración da biodiversidade animal da área de estudo, a maioría dos autores coinciden en que constitúen un grupo fiable dende o punto de vista da diagnose do estado de conservación dun territorio de cara á súa xestión ambiental (Ramos et al. 2002), aspecto que a vai recollido nos criterios que a propia Directiva 92/43/CEE establece para a selección e delimitación de espazos integrantes da Rede Natura 2000.

2.9.1 Invertebrados

A presenza de invertebrados en a Serra dos Ancares así como en Galicia non está moi documentada, aínda que tendo en conta diversos estudos elaborados a nivel autonómico, compróbase unha importante diversidade de invertebrados (Eiroa 1988, González 1988, Otero et al. 1991, Collado & Martínez-Ansemil 1996, Lombardero 1996, Membiela 1996). Entre todos as ordes inventariadas destaca a dos tricópteros cun total de 81 especies para o territorio dos Ancares, seguido dos coleópteros.

| Invertebrados | | |
|--------------------|--------------------------|-------------|
| Orde | Familia | Nº especies |
| Diptera | <i>Tipulidae</i> | 26 |
| Coleoptera | <i>Curcujoidea</i> | 48 |
| | <i>Scolytidae</i> | 17 |
| | <i>Lucanidae</i> | 1 |
| Oligochaeta | <i>Lumbriculidae</i> | 2 |
| | <i>Enchytraeidae</i> | 2 |
| | <i>Naididae</i> | 1 |
| Plecoptera | <i>Leuctridae</i> | 7 |
| | <i>Nemouridae</i> | 5 |
| | Outros | 6 |
| Trichoptera | <i>Limnephilidae</i> | 17 |
| | <i>Rhyacophilidae</i> | 10 |
| | <i>Polycentropodidae</i> | 9 |
| | <i>Philopotamidae</i> | 9 |
| | Outros | 36 |

Fonte: Eiroa (1988), González (1988), Otero et al. (1991), Collado & Martínez-Ansemil (1996), Lombardero (1996), Membiela (1996).

Táboa 18. Número de Invertebrados presentes no territorio dos Ancares

Entre os invertebrados de interese para a conservación presentes na Serra dos Ancares, están documentados un total de 4 taxons en función da bibliografía existente (Rosas et al. 1992, Rolán et al. 1996, Ramos et al. 2001), os moluscos terrestres, o caracol de Quimper (*Elona quimperiana*) e a lesma (*Geomalacus maculosus*), a vacaloura (*Lucanus cervus*) e o lepidóptero *Parnassius apollo*.

| Invertebrados de interese | | | | |
|-----------------------------|----------|--------|------|------|
| Especie | Berna | D92/43 | CNEA | CGEA |
| <i>Elona quimperiana</i> | II | II,IV | - | E |
| <i>Geomalacus maculosus</i> | II | II,IV | - | V |
| <i>Lucanus cervus</i> | III | II | IE | - |
| <i>Paranassius apollo</i> | II | IV | - | - |
| TOTAIS | 4 | | | |

[Berna] Especies incluídas no Anexo II ou III do Convenio de Berna. [D92/43] Especies incluídas nos Anexo II, IV ou V da Directiva Hábitat. [CNEA] Especies incluídas no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas. [En] En Perigo de Extinción. [Vu] Vulnerable. [SH] Sensible á alteración do seu hábitat. [IE] De interese especial. [CGEA] Especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. [E] En Perigo de Extinción. [V] Vulnerable

Táboa 19. Lista de especies de invertebrados recollidas nas normativas Europeas, Nacionais e Galegas para o territorio dos Ancares

Trátase de especies incluídas todas na Directiva 92/43/CEE, ademais de estar recollidas nalgún dos anexos do Convenio de Berna. Cabe subliñar a presenza de *Elona quimperiana* xa que está considerada “En Perigo de Extinción” polo Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

2.9.2 Vertebrados

Para a elaboración deste apartado utilizouse tanto información disponible a nivel galego, peninsular e da área de estudo (ETEGA 1993, S.G.H.N. 1995, Galán Regalado 1999, Hervella & Caballero 1999, Doadrio 2001, Palomo & Gisbert 2002, Pleguezuelos et al. 2002, Martí & del Moral 2003, Penas Patiño et al. 2004, CMA 2005). Do mesmo xeito que no caso da flora e mediante o emprego do índice de riqueza, coméntase a diversidade animal resultante para Os Ancares con outros territorios.

Os números totais das diferentes clases de vertebrados mostran unha grande diversidade faunística existente nos Ancares, sendo os motivos desta elevada diversidade factores como a situación do territorio, a variedade de substratos xeolóxicos e situacións topográficas e a importancia do elemento humano na configuración da paisaxe. A comparación dos datos anteriores cos coñecidos para o resto de Galicia e outros territorios comunitarios, pon de manifesto a importancia do espazo, tanto no contexto galego como ibérico e europeo.

| Vertebrados | | | | | | | |
|-------------|--------|----------|----------|------|-----------|------------|-------|
| Territorio | Peixes | Anfibios | Réptiles | Aves | Mamíferos | Total (*) | Fonte |
| Os Ancares | 3 | 12 | 14 | 124 | 56 | 206 | 1 |
| Galicia | 27 | 15 | 24 | 198 | 63 | 300 | 1 |
| Alemania | ? | 20 | 12 | 237 | 76 | 345 | 2 |
| Bélgica | ? | 17 | 8 | 180 | 58 | 263 | 2 |
| Dinamarca | ? | 14 | 5 | 185 | 43 | 247 | 2 |
| España | 68 | 25 | 56 | 368 | 118 | 567 | 2 |
| Francia | ? | 32 | 32 | 267 | 93 | 424 | 2 |
| Grecia | ? | 15 | 51 | 244 | 95 | 339 | 2 |
| Holanda | ? | 16 | 7 | 187 | 55 | 265 | 2 |
| Irlanda | ? | 3 | 1 | 141 | 25 | 170 | 2 |
| Italia | ? | 34 | 40 | 254 | 90 | 418 | 2 |
| Luxemburgo | ? | 14 | 7 | 130 | 55 | 206 | 2 |
| Portugal | ? | 17 | 29 | 214 | 63 | 323 | 2 |
| Reino Unido | ? | 7 | 8 | 219 | 50 | 284 | 2 |

Total(*): no total de vertebrados exclúense os peixes continentais.

Fontes: 1: SGHN (1995); Hervella & Caballero (1999); Doadrio (2001); Pleguezuelos et al (2002); Martí & Del Moral (2003); Palomo & Gisbert (2002); Penas Patiño et al. (2004); CMA (2005) 2: MMA (1999).

Táboa 20. Riqueza de vertebrados en distintos territorios europeos.

As 206 especies de vertebrados (excluídos os peixes continentais) presentes no territorio obxecto de estudo representan preto do 70% do total galego e o 36% do nacional. Tamén se observa, tendo en conta o indicado anteriormente, que o Espazo Natural posúe unha diversidade superior á do resto de Galicia e á de países europeos como Portugal, Alemaña, Luxemburgo, Bélxica, Holanda, Dinamarca, Reino Unido, sendo superada unicamente por España.

| Riqueza de vertebrados (excluidos peixes) | | | |
|---|-----|---------|-------------|
| Territorio | sp | Riqueza | Diversidade |
| Os Ancares | 206 | --- | 86 |
| Galicia | 300 | 1,45 | 57 |
| Alemania | 345 | 1,67 | 62 |
| Bélgica | 263 | 1,28 | 59 |
| Dinamarca | 247 | 1,20 | 53 |
| España | 567 | 2,75 | 99 |
| Francia | 424 | 2,06 | 74 |
| Grecia | 339 | 1,65 | 79 |
| Holanda | 265 | 1,29 | 57 |
| Irlanda | 170 | 0,83 | 36 |
| Italia | 418 | 2,03 | 76 |
| Luxemburgo | 206 | 1,00 | 60 |
| Portugal | 323 | 1,57 | 65 |
| Reino Unido | 284 | 1,38 | 53 |

Índice de riqueza: nº especies do territorio / nº especies totais dos Ancares. **Índice de diversidade:** nº de especies do territorio / logaritmo da área. **Fontes:** MMA (1999); SGHN (1995); Hervella & Caballero (1999); Doadrio (2001); Pleguezuelos et al (2002); Marti & del Moral (2003); Palomo & Gisbert (2002); Penas Patiño et al. (2004); CMA (2005).

Táboa 21. Riqueza e diversidade de vertebrados.

✳ Ictiofauna

Segundo Hervella & Caballero (1999), poboan as augas continentais galegas 27 especies piscícolas, das que 19 son autóctonas e 8 Introducidas. No caso do territorio obxecto de estudio están presentes 3 peixes *Anguilla anguilla*, *Phoxinus phoxinus* e *Salmo trutta* subsp. *fario*. Ningunha destas especies figuran nas diferentes normativas de protección a nivel europeo, estatal ou galego.

| Ictiofauna | | | | |
|---|-------|--------|------|------|
| Especie | Berna | D92/43 | CNEA | CGEA |
| <i>Anguilla anguilla</i> | - | - | - | - |
| <i>Phoxinus phoxinus</i> | - | - | - | - |
| <i>Salmo trutta</i> subsp. <i>fario</i> | - | - | - | - |

[Berna] Especies incluídas no Anexo II ou III do Convenio de Berna. [D92/43] Especies incluídas nos Anexos II, IV ou V da Directiva Hábitat. [CNEA] Especies incluídas no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas. [En] En Perigo de Extinción. [Vu] Vulnerable. [SH] Sensible á alteración do seu hábitat. [IE] De interese especial. [CGEA] Especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. [E] En Perigo de Extinción. [V] Vulnerable.

Táboa 22. Lista de ictiofauna para o territorio dos Ancares

Certas especies autóctonas galegas presentes no Espazo Natural ata hai unhas décadas desapareceron debido á existencia de encoros e presas, que representan unha barreira infranqueable e impiden a súa progresión cara aos territorios interiores. Esta é a situación da lamprea (*Petromyzon marinus*) e a zamborca (*Alosa alosa*) (cf. Hervella & Caballero 1999).

✱ Herpetofauna

A fauna de anfibios e réptiles do Espazo Natural Os Ancares inclúe 26 especies, todas elas autóctonas (SGHN 1995, Pleguezuelos et al. 2002), que representan o 61% do total galego (SGHN, 1995) e o 32% das presentes no territorio nacional (MMA, 1999).

No caso dos anfibios (12 especies), o seu número representa unha cifra importante a nivel rexional, pois en toda Galicia citáronse unicamente 15 especies, especialmente se se ten en conta que se trata dun territorio que non destaca por albergar grandes medios lacunares. Unha maior riqueza específica establécese para os réptiles, ocorrendo que das 24 especies recoñecidas en Galicia, 14 atópanse na Serra dos Ancares, o que equivale ao 58% do total.

Para o territorio obxecto de estudio constatouse, dentro do grupo dos anfibios, a presenza de 3 "limpafontes" (xen. *Triturus* e *Lissotriton*) citados en Galicia. Dúas especies están incluídas no Anexo II da Directiva 92/43/CEE; a saramaganta (*Chioglossa lusitanica*), endemismo do noroeste ibérico que habita en pequenos cursos de auga limpa e corrente débil, e o sapiño pintoxo (*Discoglossus galganoi*), endemismo do oeste peninsular que pode aparecer en prados húmidos por debaixo dos 1000 m na zona ancaresa. Existen ademais outras especies incluídas no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas e no Catálogo Galego de Especies Amenazadas, mentres que o Convenio de Berna engloba a toda a hérpetafauna europea.

Das catro especies de hérpeta galegos incluídas no Anexo II da Directiva 92/43/CEE, dous son réptiles que presentan poboacións nos Ancares: o lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*) e a lagartixa da serra (*Iberolacerta monticola*). Por outra banda figuran no Anexo IV da Directiva Hábitat ademais dos réptiles citados anteriormente a cobra lagarteira común (*Coronella austriaca*) e a lagartixa dos muros (*Podarcis muralis*).



Figura 21. Imaxe dun rebeco (*Rupicapra pyrenaica*) nun afloramento rochoso de Ancares.

| Herpetofauna | | | | |
|------------------------------|-------|-----------|------|------|
| Anfibios | | | | |
| Especie | Berna | D92/43 | CNEA | CGEA |
| <i>Alytes obstetricans</i> | II | IV | IE | - |
| <i>Bufo bufo</i> | III | - | - | - |
| <i>Bufo calamita</i> | II | IV | IE | - |
| <i>Chioglossa lusitânica</i> | II | II,IV | IE | V |
| <i>Discoglossus galganoi</i> | II | II,IV | IE | - |
| <i>Lissotriton boscai</i> | III | - | IE | - |
| <i>Rana iberica</i> | II | IV | IE | V |
| <i>Rana perezi</i> | III | V | - | - |
| <i>Rana temporaria</i> | III | V | IE | V |
| <i>Salamandra salamandra</i> | III | - | - | - |
| <i>Triturus helveticus</i> | III | - | IE | - |
| <i>Triturus marmoratus</i> | III | IV | IE | - |
| TOTAIS | | 12 | | |

| Réptiles | | | | |
|-------------------------------|-------|-----------|------|------|
| Especie | Berna | D92/43 | CNEA | CGEA |
| <i>Anguis fragilis</i> | III | - | IE | - |
| <i>Chalcides striatus</i> | III | - | IE | - |
| <i>Coronella austriaca</i> | II | IV | IE | - |
| <i>Coronella girondica</i> | III | - | IE | - |
| <i>Iberolacerta monticola</i> | II | II,IV | IE | - |
| <i>Lacerta lepida</i> | II | - | - | - |
| <i>Lacerta schreiberi</i> | II | II,IV | IE | - |
| <i>Lacerta vivipara</i> | III | - | IE | V |
| <i>Natrix maura</i> | III | - | IE | - |
| <i>Natrix natrix</i> | III | - | IE | - |
| <i>Podarcis bocagei</i> | III | - | - | - |
| <i>Podarcis hispanica</i> | III | - | IE | - |
| <i>Podarcis muralis</i> | II | IV | IE | - |
| <i>Vipera seoanei</i> | III | - | - | - |
| TOTAIS | | 14 | | |

[Berna] Especies incluídas no Anexo II ou III do Convenio de Berna. [D92/43] Especies incluídas nos Anexo II, IV ou V da Directiva Hábitat. [CNEA] Especies incluídas no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas. [En] En Perigo de Extinción. [Vu] Vulnerable. [SH] Sensible á alteración do seu hábitat. [IE] De interese especial. [CGEA] Especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. [E] En Perigo de Extinción. [V] Vulnerable.

Táboa 23. Lista de herpetofauna recollida nas normativas de protección Europeas, Estatal e Galegas para o territorio dos Ancares.



Figura 22. Imaxe dun *Triturus helveticus*, tamén chamado limpafontes.

* Aves

Un total de 124 especies de aves viven temporal ou permanentemente no Espazo Natural Os Ancares, representando o 62% das censadas en Galicia (SGHN 1995, Martí & del Moral 2003, Penas Patiño et al. 2004). Na súa maioría son nidificantes. Trátase pois dunha das zonas de Galicia con maior número de especies nidificantes, especialmente se se ten en conta que faltan as propias dos humidaiss continentais, marismas e de áreas costeiras (SGHN 1995).

A nivel comunitario, pódese sinalar as 24 especies que figuran no Anexo I da DC 79/409/CEE que gozan dunha protección estrita. Mentres que a nivel autonómico e estatal, catalóganse como “En Perigo de Extinción” a aguia real (*Aquila chrysaetos*), o miñato real (*Milvus milvus*) e a pita do monte (*Tetrao urogallus* subsp. *cantabricus*). Das 124 especies orníticas, unha non se inclúe en ningún dos catálogos ou listas consideradas, trátase do pardal común (*Passer domesticus*).

Atendendo ás fontes bibliográficas utilizadas (Munilla et al. 1991, S.G.H.N. 1995), algunhas aves atópanse en clara regresión ou estimouse a súa desaparición do Espazo Natural. A aguia real (*Aquila chrysaetos*) e a perdiz charrela (*Perdix perdix*), esta última atopándose en contadas localizacións e en franca regresión.

| Aves | | | | | |
|------------------------------|------|-------|---------|------|------|
| Especie | Bonn | Berna | D79/409 | CNEA | CGEA |
| <i>Accipiter gentilis</i> | II | II | - | IE | - |
| <i>Accipiter nisus</i> | II | II | - | IE | - |
| <i>Aegithalos caudatus</i> | - | III | - | IE | - |
| <i>Alauda arvensis</i> | - | III | II | - | - |
| <i>Alcedo atthis</i> | - | II | I | IE | - |
| <i>Alectoris rufa</i> | - | III | II,III | - | - |
| <i>Anthus campestris</i> | - | II | I | IE | - |
| <i>Anthus pratensis</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Anthus spinoletta</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Anthus trivialis</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Apus apus</i> | - | III | - | IE | - |
| <i>Aquila chrysaetos</i> | II | II | I | IE | E |
| <i>Asio flammeus</i> | - | II | I | IE | - |
| <i>Asio otus</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Athene noctua</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Buteo buteo</i> | II | II | - | IE | - |
| <i>Caprimulgus europaeus</i> | - | II | I | IE | - |
| <i>Carduelis cannabina</i> | - | II | - | - | - |
| <i>Carduelis carduelis</i> | - | II | - | - | - |
| <i>Carduelis chloris</i> | - | II | - | - | - |
| <i>Carduelis spinus</i> | - | II | - | - | - |
| <i>Certhia brachydactyla</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Cettia cetti</i> | II | II | - | IE | - |
| <i>Chlidonias hybridus</i> | - | II | I | IE | - |
| <i>Ciconia ciconia</i> | II | II | I | IE | - |
| <i>Cinclus cinclus</i> | - | II | - | IE | - |

[Bonn] Especies incluídas no Anexo I ou II da Convención de Bonn. [Berna] Especies incluídas no Anexo II ou III do Convenio de Berna. [D79/409] Especies incluídas no Anexo I, II e III da Directiva Aves. [CNEA] Especies incluídas no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas. [En] En Perigo de Extinción. [Vu] Vulnerable. [SH] Sensible á alteración do seu hábitat. [IE] De interese especial. [CGEA] Especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. [E] En Perigo de Extinción. [V] Vulnerable. [V^N] Vulnerable poboacións nidificantes.

Táboa 24. Lista de aves recollida nas normativas de protección Europeas, Estatal e Galega para o territorio dos Ancares

Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural dos Ancares

| Aves | | | | | |
|---------------------------------|------|-------|---------|------|------|
| Especie | Bonn | Berna | D79/409 | CNEA | CGEA |
| <i>Circaetus gallicus</i> | II | II | I | IE | - |
| <i>Circus cyaneus</i> | II | II | I | IE | V |
| <i>Circus pygargus</i> | II | II | I | Vu | V |
| <i>Columba livia</i> | - | III | II | - | - |
| <i>Columba palumbus</i> | - | - | II,III | - | - |
| <i>Corvus corax</i> | - | III | - | - | - |
| <i>Corvus corone</i> | - | - | II | - | - |
| <i>Corvus monedula</i> | - | - | II | - | - |
| <i>Coturnix coturnix</i> | II | III | II | - | - |
| <i>Cuculus canorus</i> | - | III | - | IE | - |
| <i>Delichon urbica</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Dendrocopos major</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Dendrocopos medius</i> | - | II | I | IE | - |
| <i>Dryocopus martius</i> | - | II | I | IE | - |
| <i>Emberiza cia</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Emberiza cirius</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Emberiza citrinella</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Emberiza hortulana</i> | - | III | I | IE | - |
| <i>Erithacus rubecula</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Falco peregrinus</i> | II | II | I | IE | - |
| <i>Falco subbuteo</i> | II | II | - | IE | - |
| <i>Falco tinnunculus</i> | II | II | - | IE | - |
| <i>Fringilla coelebs</i> | - | III | - | IE | - |
| <i>Fringilla montifringilla</i> | - | III | - | IE | - |
| <i>Galerida cristata</i> | - | III | - | IE | - |
| <i>Gallinago gallinago</i> | II | III | II,III | - | - |
| <i>Garrulus glandarius</i> | II | - | II | - | - |
| <i>Hieraaetus pennatus</i> | II | II | I | IE | - |
| <i>Hippolais polyglotta</i> | II | II | - | IE | - |
| <i>Hirundo daurica</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Hirundo rustica</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Jynx torquilla</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Lanius collurio</i> | - | II | I | IE | - |
| <i>Lanius meridionalis</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Lullula arborea</i> | - | III | I | IE | - |
| <i>Luscinia megarhynchos</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Lymnocyptes minimus</i> | II | III | II,III | - | - |
| <i>Miliaria calandra</i> | - | III | - | - | - |
| <i>Milvus migrans</i> | II | II | I | IE | - |
| <i>Milvus milvus</i> | II | II | I | Vu | E |
| <i>Monticola saxatilis</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Monticola solitarius</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Motacilla alba</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Motacilla cinerea</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Muscicapa striata</i> | II | II | - | IE | - |
| <i>Oenanthe oenanthe</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Oriolus oriolus</i> | - | II | - | IE | - |

[Bonn] Especies incluídas no Anexo I ou II da Convención de Bonn. [Berna] Especies incluídas no Anexo II ou III do Convenio de Berna. [D79/409] Especies incluídas no Anexo I, II e III da Directiva Aves. [CNEA] Especies incluídas no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas. [En] En Perigo de Extinción. [Vu] Vulnerable. [SH] Sensible á alteración do seu hábitat. [IE] De interese especial. [CGEA] Especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. [E] En Perigo de Extinción. [V] Vulnerable. [V^R] Vulnerable poboacións nidificantes.

Táboa 25. Lista de aves recollida nas normativas de protección Europeas, Estatal e Galega para o territorio dos Ancares

Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural dos Ancares

| Aves | | | | | |
|--|------|-------|----------|------|------|
| Especie | Bonn | Berna | D79/409 | CNEA | CGEA |
| <i>Parus caeruleus</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Parus cristatus</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Parus major</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Parus palustris</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Passer domesticus</i> | - | - | - | - | - |
| <i>Passer montanus</i> | - | III | - | - | - |
| <i>Perdix perdix subsp. hispaniensis</i> | - | III | I,II,III | - | V |
| <i>Pernis apivorus</i> | II | II | I | IE | - |
| <i>Phalacrocorax carbo</i> | - | III | - | - | - |
| <i>Phasianus colchicus</i> | - | III | II,III | - | - |
| <i>Phoenicurus ochruros</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Phoenicurus phoenicurus</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Phylloscopus bonelli</i> | II | II | - | IE | - |
| <i>Phylloscopus collybita</i> | II | II | - | IE | - |
| <i>Phylloscopus ibericus</i> | II | II | - | IE | - |
| <i>Phylloscopus sibilatrix</i> | II | II | - | IE | - |
| <i>Pica pica</i> | - | - | II | - | - |
| <i>Picus viridis</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Prunella collaris</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Prunella modularis</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Ptyonoprogne rupestris</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Pyrrhocorax pyrrhocorax</i> | - | II | I | IE | - |
| <i>Pyrrhula pyrrhula</i> | - | III | - | IE | - |
| <i>Regulus ignicapilla</i> | I | II | - | IE | - |
| <i>Regulus regulus</i> | II | II | - | IE | - |
| <i>Saxicola rubetra</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Saxicola torquata</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Scolopax rusticola</i> | II | III | II,III | - | VR |
| <i>Serinus serinus</i> | - | II | - | - | - |
| <i>Sitta europaea</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Streptopelia turtur</i> | II | III | II | - | - |
| <i>Strix aluco</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Sturnus unicolor</i> | - | II | - | - | - |
| <i>Sturnus vulgaris</i> | - | - | II | - | - |
| <i>Sylvia atricapilla</i> | II | II | - | IE | - |
| <i>Sylvia borin</i> | II | II | - | IE | - |
| <i>Sylvia cantillans</i> | II | II | - | IE | - |
| <i>Sylvia communis</i> | II | II | - | IE | - |
| <i>Sylvia undata</i> | II | II | I | IE | - |
| <i>Tetrao urogallus subsp. cantabricus</i> | - | II | I,II,III | En | E |
| <i>Tringa ochropus</i> | II | II | - | IE | - |
| <i>Troglodytes troglodytes</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Turdus iliacus</i> | - | III | II | - | - |
| <i>Turdus merula</i> | - | III | II | - | - |
| <i>Turdus philomelos</i> | - | III | II | - | - |
| <i>Turdus pilaris</i> | - | III | II | - | - |
| <i>Turdus viscivorus</i> | - | III | II | - | - |
| <i>Tyto alba</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Upupa epops</i> | - | II | - | IE | - |
| <i>Vanellus vanellus</i> | II | III | II | - | - |

TOTAIS **124**

[Bonn] Especies incluídas no Anexo I ou II da Convención de Bonn. [Berna] Especies incluídas no Anexo II ou III do Convenio de Berna. [D79/409] Especies incluídas no Anexo I, II e III da Directiva Aves. [CNEA] Especies incluídas no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas. [En] En Perigo de Extinción. [Vu] Vulnerable. [SH] Sensible á alteración do seu hábitat. [IE] De interese especial. [CGEA] Especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. [E] En Perigo de Extinción. [V] Vulnerable. [VR] Vulnerable poboacións nidificantes.

Táboa 26. Lista de aves recollida nas normativas de protección Europeas, Estatal e Galega para o territorio dos Ancares

O caso da pita do monte (*Tetrao urogallus* subsp. *cantabricus*) é preocupante, tanto a nivel global (estímase uns 500 individuos na Cordilleira Cantábrica), como dentro da área de estudo, onde unicamente se ten constancia da presenza de 2 femias e 1 macho. Recentemente coa creación do Catálogo Galego de Especies Ameazadas e a inclusión da pita do monte neste como "En Perigo de Extinción" supón a creación dun Plan de Recuperación da especie, que se centraría en paliar os problemas máis importantes que sofre, como son a fragmentación do hábitat, a depredación sobre os seus niños, a competencia con ungulados (xabarís, cervos, corzos e rebecos) e o cambio climático.

✱ Mamíferos

O listado de mamíferos do Espazo Natural consta de 56 especies, todas elas autóctonas, o que constitúe o 88% do total galego e sendo, polo tanto, unha das zonas de Galicia con maior riqueza desta Clase de vertebrados, dentro das cales habería que destacar os grupos de quirópteros e carnívoros (ETEGA 1993).

Un total de 21 mamíferos están incluídos nalgún dos anexos da Directiva 92/43/CEE, de entre as que destacan o oso pardo (*Ursus arctos*), considerada como especie prioritaria, a lontra e o rato de almizcre (*Lutra lutra*, *Galemys pyrenaicus*), incluídos no Anexo II do mesmo xeito que 4 quirópteros presentes no territorio. En canto aos Convenios de Berna e Bonn, recóllense nos seus listados mamíferos que habitan no territorio obxecto de estudo ata sumar un total de 39 especies, o 66% do total.

En conxunto, e segundo os datos dos que se dispón, unha grande parte dos mamíferos da Serra dos Ancares presentan poboacións estables ou en lixeiro aumento, como é o caso do corzo (*Capreolus capreolus*) e do xabaril (*Sus scrofa*), seguindo a tónica que se dá no resto da comunidade galega. Non obstante, hai outros casos nos que o número de individuos tende a ser cada vez menor, caso da lebre (*Lepus granatensis*) e o coello (*Oryctolagus cuniculus*), tamén en consonancia co rexistrado nesta Comunidade Autónoma.

Unha especie emblemática da montaña cantábrica que está presente no territorio obxecto de estudo de xeito esporádico é a óso pardo (*Ursus arctos*). Catalogada como "En perigo de extinción" (CNEA Decreto 439/1990 e CGEA Decreto 88/2007), consta dun Plan de Recuperación no que se fixa unha Estratexia de Conservación cuxa finalidade é asegurar a viabilidade a longo prazo das súas poboacións cantábricas, tanto nas áreas de distribución actual como potencial. En Galicia o Plan de Recuperación para o oso foi aprobado mediante o Decreto 149/1992 do 5 de xuño e serviu como base para a solicitude dos proxectos Life financiados pola U.E.

As poboacións cantábricas de oso pardo distribúense por catro Comunidades Autónomas: Asturias, Cantabria, Castilla e León e Galicia, dividíndose estas nunha poboación occidental que se estende por Asturias, Castilla e León e Galicia (dende Ancares no W ata o Porto de Pajares no Leste) ocupando 2600 km² e unha poboación oriental en Asturias, Cantabria e Castilla e León, que se estende por 2480 km². En conxunto son ao redor de 5000 km², ampliables a 7000 km² debido a exemplares erráticos. A Comunidade Autónoma que achega a maior extensión é Castilla e León, cun 85% do total (M.M.A. 1999).

A poboación occidental mantén un censo estimado en 50-65 osos cunha tendencia poboacional regresiva. Na poboación oriental viven uns 20 exemplares cunha relación de sexos desequilibrada e unha tendencia poboacional estacionaria. A diagnose sobre estas poboacións pon de manifesto o elevado risco de extinción destas, sendo, a morte de osos causada por persoas e a fragmentación do hábitat, os principais problemas aos que se enfrenta. (cf. M.M.A. 1999).


Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural dos Ancares

| Mamíferos de interese | | | | | |
|----------------------------------|-----------|-------|--------|------|------|
| Especie | Bonn | Berna | D92/43 | CNEA | CGEA |
| <i>Barbastella barbastellus</i> | II | II | II,IV | IE | - |
| <i>Canis lupus</i> | - | II | V | - | - |
| <i>Capra pyrenaica</i> | - | III | V | - | - |
| <i>Capreolus capreolus</i> | - | III | - | - | - |
| <i>Cervus elaphus</i> | - | III | - | - | - |
| <i>Chionomys nivalis</i> | - | III | - | - | - |
| <i>Crocidura russula</i> | - | II | - | - | - |
| <i>Eliomys quercinus</i> | - | III | - | - | - |
| <i>Eptesicus serotinus</i> | I | II | IV | IE | - |
| <i>Erinaceus europaeus</i> | - | III | - | - | - |
| <i>Felis silvestris</i> | - | II | IV | IE | - |
| <i>Galemys pyrenaicus</i> | - | II | II,IV | IE | V |
| <i>Genetta genetta</i> | - | III | V | - | - |
| <i>Glis glis</i> | - | III | - | - | - |
| <i>Hypsugo savii</i> | I | II | IV | IE | - |
| <i>Lutra lutra</i> | - | II | II,IV | IE | - |
| <i>Martes foina</i> | - | III | - | - | - |
| <i>Martes martes</i> | - | III | V | - | - |
| <i>Meles meles</i> | - | III | - | - | - |
| <i>Mustela erminea</i> | - | III | - | IE | - |
| <i>Mustela nivalis</i> | - | III | - | - | - |
| <i>Mustela putorius</i> | - | III | V | - | - |
| <i>Myotis emarginata</i> | I | II | II,IV | Vu | V |
| <i>Myotis myotis</i> | I | II | II,IV | Vu | V |
| <i>Myotis nattereri</i> | I | II | IV | IE | - |
| <i>Neomys anomalus</i> | - | III | - | - | - |
| <i>Neomys fodiens</i> | - | III | - | - | - |
| <i>Pipistrellus pipistrellus</i> | II | III | IV | IE | - |
| <i>Plecotus auritus</i> | I | II | IV | IE | - |
| <i>Plecotus austriacus</i> | I | II | IV | IE | - |
| <i>Rhinolophus ferrumequinum</i> | I | II | II,IV | Vu | V |
| <i>Rhinolophus hipposideros</i> | I | II | II,IV | IE | V |
| <i>Rupicapra pyrenaica</i> | - | III | - | - | - |
| <i>Sciurus vulgaris</i> | - | III | - | - | - |
| <i>Sorex coronatus</i> | - | III | - | - | - |
| <i>Sorex granarius</i> | - | III | - | - | - |
| <i>Sorex minutus</i> | - | III | - | - | - |
| <i>Tadarida teniotis</i> | II | II | IV | IE | - |
| <i>Ursus arctos</i> | - | II | II*,IV | En | E |
| TOTAIS | 39 | | | | |

[Bonn] Especies incluídas no Anexo I ou II da Convención de Bonn. [Berna] Especies incluídas no Anexo II ou III do Convenio de Berna. [D92/43] Especies incluídas nos Anexos II, IV ou V da Directiva Hábitat. [CNEA] Especies incluídas no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas. [En] En Perigo de Extinción. [Vu] Vulnerable. [SH] Sensible á alteración do seu hábitat. [IE] De interese especial. [CGEA] Especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. [E] En Perigo de Extinción. [V] Vulnerable. [V*] Vulnerable poboacións nidificantes.

Táboa 27. Lista de mamíferos recollida nas normativas Europeas, Estatal e Galega para o territorio dos Ancares

3



3

Inventario do Medio Socioeconómico

A efectos do disposto no artigo 38 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, estableceuse como **área de influencia socioeconómica** do Parque Natural dos Ancares ao conxunto de concellos incluídos nos límites do mesmo. Deste xeito, esta área de influencia socioeconómica queda composta polos territorios completos dos concellos de Cervantes e Navia de Suarna, os cales abranguen unha superficie total de 520,2 Km².



Figura 23. Paisaxe agrícola tradicional na montaña dos Ancares.



Figura 24. Área de influencia socioeconómica do Parque Natural dos Ancares.

3.1 Poboación

Analízase neste apartado aquela información dispoñible a nivel municipal para os concellos de Navia de Suarna e Cervantes, os cales compoñen a área de influencia socioeconómica do Parque Natural dos Ancares.

3.1.1 Análise demográfico

*** Poboación do territorio**

A poboación total dentro da área de influencia socioeconómica do Parque Natural dos Ancares é segundo os datos referidos ao 2006, de 3.529 persoas distribuída ao longo dos 520,2 Km², o que repercute nunha densidade de poboación de 6,8 hab/Km².

*** Distribución da poboación**

A densidade media de poboación neste territorio é inferior aos 7 habitantes /Km² que é extremadamente baixo, comparándoas coas medias provincial e galega (36,7 e 92,3 hab/Km² segundo datos referidos a 2002). Sendo estes os concellos da serra de Ancares e máis remotos e os peor comunicados.

| Poboación | | | |
|------------------|----------------------------|--------------|-----------------|
| Concello | Poboación municipal | Homes | Mulleres |
| Cervantes | 1.914 | 1.067 | 847 |
| Navia de Suarna | 1.615 | 867 | 748 |
| Total | 3.529 | 1.934 | 1.595 |

Táboa 28. Poboación dos concellos do Parque Natural dos Ancares. Fonte: IGE (2006).

*** Dinámica demográfica**

Este territorio mantén a mesma liña que o resto de Galicia, pero máis acentuada, por seren un territorio de montaña e con escasos servizos. Perde poboación dende comezos do século pasado, primeiramente polas ondadas cara a América, máis tarde a destino dentro do estado español e na actualidade cara a polos de desenvolvemento máis próximos (ciudades e vilas grandes dentro da comunidade).

Outro dos grandes problemas demográficos, é o descenso da natalidade. Os cambios na sociedade relativos á estrutura familiar, a continuidade até idades máis avanzadas nas etapas formativas e a

tardanza xeralizada na independencia dos fillos, xunto con outros moitos factores non vinculados á residencia ou vivencia no campo, de carácter cultural ou social a grande escala, determinan que se free o proceso de substitución xeracional, de renovación da poboación.

** Evolución da poboación

A prohibición de saír de España, imposta trala Guerra Civil, favoreceu unha lixeira recuperación dos niveis de poboación entre 1935 e 1944, ano en que se levantou dito precepto e comezou a etapa migratoria máis forte. O destino destas emigracións foi principalmente o continente americano, onde países como Arxentina ou Venezuela se atopaban nunha etapa de crecemento económico moi favorable. Este movemento emigratorio tivo moita repercusión no territorio dos Ancares.

Nas décadas posteriores, sobre todo dende finais dos sesenta ata os oitenta, os destinos dos emigrantes foron distintos. Primeiro emigrouse a países europeos como Alemaña ou Suíza, que se atopaban realizando grandes investimentos en industrialización para recuperar o perdido trala II Guerra Mundial, e para o que demandaban moita man de obra. A emigración cara Europa foi mudando, segundo a economía española tamén se recuperaba, cara ás grandes cidades como Barcelona, Bilbao e Madrid. O lugar de destino dependía en moitas ocasións de ter xente coñecida ou un traballo asegurado. Así, moitos marchaban a lugares onde xa había emigrados do lugar, ben familiares, ben veciños. Sendo o principal destino Barcelona, seguido de Madrid.

Evolución da poboación




Figura 25. Evolución da poboación dos concellos da área de influencia socioeconómica do Parque Natural dos Ancares. Fonte: Elaboración propia a partires do IGE.

** Evolución recente da poboación

A evolución recente da poboación veu condicionada fundamentalmente polos efectos residuais das emigracións anteriores, a tendencia á baixa na natalidade e a elevada mortalidade proporcional, en parte debida ao envellecemento herdado a causa tamén das emigracións. A etapa emigratoria máis forte, a dos anos 50, marcou así un forte descenso da natalidade de forma puntual nesa época, que se percibe así mesmo no baixo número de efectivos equivalentes desa idade. Este brusco descenso

dos nacementos desencadeou, segundo se sucedían xeracións, cambios cíclicos, con fortes descenso cada 20 a 30 anos, no número de nacementos totais.

Os outros dous grandes factores condicionantes da evolución recente, como xa se comentou, son a baixa natalidade, e o aumento na mortalidade debido ao envellecemento da poboación. Estas tendencias lévanse acentuando nos últimos anos, debido como é obvio á estrutura da poboación actual, con numerosos efectivos en idades moi avanzadas. No caso da baixada na natalidade tamén inciden factores de tipo social e cultural, como o retardo na idade media de independencia dos fillos, o cambio das perspectivas laborais e a organización familiar, sobre todo nas mulleres, etc.

Na década dos noventa, na área de estudo perdeuse aproximadamente un 13,8% da poboación nos seis anos de 1999 a 2006, segundo se amosa na táboa recollida a continuación. Este proceso de perda continua de poboación debida a causas naturais, acentuada pola emigración, retroaliméntase debido ao envellecemento constante.

| Poboación 1999 - 2006 | |
|-----------------------|------------------------------|
| Municipio | Evolución absoluta (Nº hab.) |
| Cervantes | - 266 |
| Navia de Suarna | - 299 |
| Total | - 565 |

Táboa 29. Evolución da poboación dos municipios analizados ao seu completo no lustro 1999 – 2006.

Proxección da poboación




Figura 26. Proxección da poboación dos concellos da área de influencia socioeconómica do Parque Natural dos Ancares. Fonte: Elaboración propia a partires do IGE.

** Movemento natural

O número de nacementos nos últimos anos, segundo amosa o gráfico seguinte, leva unha tendencia progresiva de descenso. Isto débese tanto ao descenso de poboación en xeral, como ao descenso da taxa de natalidade moi inferior á media galega, próxima ao 7 ‰.

Navia de Suarna presenta unha taxa de natalidade superior á de Cervantes (4,4 % e 2,7% respectivamente), e unha taxa bruta de mortalidade inferior (17,9% e 19,0%). Curioso é tamén ao analizar a taxa de envellecemento, ver que a de Cervantes duplica á de Navia, sendo nos dúas demasiado elevadas para asegurar unha substitución xeracional (638,8 e 307,2 respectivamente).

Saldo vexetativo




Figura 27. Saldo vexetativo dos concellos da área de influencia socioeconómica do Parque Natural dos Ancares. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

* Análise polo Miúdo do Poboamento

** Poboación na comarca

Para analizar con detalle o acontecido nos últimos tempos, no referido á poboación nos municipios en estudo, móstrase un cadro no que aparecen os concellos, superficies, poboación actual, e números de parroquias por concello, que nos mostraran con certa claridade a situación de despoboamento na que se atopan os concellos de Navia e Cervantes.

A comarca obxecto de estudo sofre dende hai máis dun século un perda de poboación, perda que nalgúns locais comezou antes e noutras retratouse un par de décadas pero aconteceu.

| Comarca dos Ancares | | | |
|-----------------------|-------------------------------|------------------------|---------------|
| Concello | Superficie (Km ²) | Poboación (Habitantes) | Nº Parroquias |
| Baralla | 140,9 | 3.193 | 31 |
| Becerreá | 173,3 | 3.424 | 29 |
| Cervantes | 277,6 | 2.031 | 21 |
| Navia de Suarna | 242,6 | 1.732 | 20 |
| As Nogais | 112,4 | 1.501 | 9 |
| Pedrafita do Cebreiro | 104,7 | 1.484 | 12 |

Táboa 30. Análise da poboación da comarca dos Ancares. Fonte: IGE (2006).

** Poboación nas parroquias

Para a total comprensión da realidade actual destes dous concellos, analízanse tamén os datos de cada unha das parroquias, identificando aquelas nas que o número de habitantes é maior. No concello de Navia de Suarna, son escasas as entidades de poboación con máis de 20 habitantes, podéndose sinalar como excepción a Pobra de Navia ou a parroquia de Murias de Rao.

| Parroquias | |
|------------------------------------|--|
| Concello de Cervantes | Concello de Navia de Suarna |
| Ambasvías (Santalla) | Barcia (San Miguel) |
| Castelo (San Pedro) | Cabanela (Santa María) |
| Castro, O (Santa María) | Castañedo (Santiago) |
| Cereixedo (Santiago) | Folgueiras (Santa Eufemia) |
| Donís (San Fiz) | Freixís (San Pedro) |
| Dorna (Santa María) | Galegos (Santiago) |
| Lamas (San Xiao) | Moia (Santiago) |
| Mosteiro, O (San Xoán) | Mosteiro (San Salvador) |
| Noceda (San Pedro) | Muñís (San Xosé) |
| Pando, O (Santa María) | Penamil (Santiago) |
| Quindous (San Xusto) | Pin (Santa María) |
| Ribeira, A (San Martín) | Pobra de Navia, A (Santa María Madanela) |
| San Pedro de Cervantes (San Pedro) | Queizán (Santiago) |
| San Román de Cervantes (San Román) | Rao (Santa María) |
| San Tomé de Cancelada (San Tomé) | Ribeira, A (Santo Estevo) |
| Vilapún (Santa Comba) | Ribón (Santa Mariña) |
| Vilaquinte (San Breixo) | Son (Santa María) |
| Vilarello (Santa María) | Vallo (Santa Mariña) |
| Vilasante (Santiago) | Vilarpandín (Santo Estevo) |
| Vilaspasantes (San Xoán) | |
| Vilaver (San Xusto) | |

Táboa 31. Listado de parroquias incluídas nos concellos da área de influencia socioeconómica do Parque Natural dos Ancares.

A tendencia do Concello de Cervantes é dende os anos 20 a perder poboación. Cereixedo acadou o seu máximo no 1950 con 1.116 habitantes pero en 1991 quedaban 405 e na actualidade menos dos 50 habitantes. Todos os núcleos de poboación do concello manteñen unha densidade de poboación moi baixa, salvo San Román de Cervantes e Sta María de Vilarello que rondan os 100 residentes.

O Concello de Navia de Suarna tivo o seu máximo de poboación aló polos anos 40, acadando os 7.174 habitantes, deles 1.132 vivían na parroquia de Sta María de Rao que aínda mantivo o máximo de poboación do concello ata o 1991 con 258. A única parroquia que aumenta a súa poboación progresivamente é Pobra de Navia ata 1970 alcanzando os 646 habitantes, após perde o 50% da poboación en tan só nos 20 posteriores e en 1991 ten 377. A poboación mantense máis ou menos constante os 50 primeiros anos do S. XIX para de seguido experimentar un decaemento seguindo unha exponencial decrecente. Actualmente a maioría dos lugares teñen menos de 47 habitantes, unicamente Murias ten entre 47 e 112 habitantes e a Pobra de Navia que é o núcleo con máis poboación superando os 248.

3.1.2 Composición por idade e sexo

A estrutura demográfica actual deriva, como é lóxico, da dinámica poboacional do pasado século, estando así moi influenciada polas fortes etapas migratorias. A demografía actual está caracterizada fundamentalmente por un alto grao de envellecemento poboacional, sendo o dato máis relevante neste aspecto a cantidade de efectivos na franxa de idades superior aos 65 anos.

* Idade

Obsérvase unha distribución típica xa no medio rural galego, de pirámide invertida, caracterizada por unha alta proporción de poboación nas idades superiores, e unha escasa representación nos segmentos máis xoves.

Nas idades inferiores aos vinte anos, apreciamos unha tendencia clara de diminución do número de nacementos, que son debidos tanto á baixa taxa de natalidade, como á continuidade nas emigracións da xente nova.

| Distribución de idades | | | | |
|------------------------|--------------|--------------|---------------|-----------------|
| Concello | Poboación | De 0-15 anos | De 16-64 anos | Máis de 65 anos |
| Cervantes | 1.615 | 123 | 1.091 | 700 |
| Navia de Suarna | 1.914 | 85 | 789 | 741 |
| Total | 3.529 | 208 | 1.880 | 1.441 |
| Porcentaxe | | 5,9 | 53,3 | 40,9 |

Táboa 32. Distribución da poboación por idades. Fonte: IGE (2006).

* Sexo

Poboación por sexos




Figura 28. Composición por sexos da poboación dos concellos da área de influencia socioeconómica do Parque Natural dos Ancares. Fonte: Elaboración propia a partir de IGE.

Estes dous concellos presentan unha poboación masculinizada, o número de homes supera en 10 puntos ás mulleres, (54,8% e 45,2% respectivamente).

No respectivo á distribución por sexos, cabe destacar a alta masculinización da poboación, que tamén se observa en xeral para todos os rangos de idade

* Dependencia da poboación

As taxas de dependencia da poboación, tanto a xuvenil como a senil, son indicativos da estrutura por grandes grupos de idade da poboación, si ben tamén refliten de forma indirecta información acerca da "sanidade económica" da sociedade, ao indicar a poboación en idade non activa, fronte a que si o está.

No caso do concello de Navia de Suarna a taxa de dependencia se acentúa de forma máis grave, debido, sobre todo á dependencia senil. O valor da taxa global para este concello supera o 90%, situándose, para o caso de Navia, por encima do 100%.

3.1.3 Poboación activa

Na seguinte táboa amósanse os valores da taxa de actividade e máis de paro, obtidos do IGE do censo de 2001. Estes valores indican a clara desvantaxe laboral destes concellos fronte á situación de Lugo e ao resto de Galicia, pois a taxa de paro é maior e a de actividade é menor.

| Poboación activa | | |
|------------------|---------------|-----------------------|
| Concello | Taxa Paro (%) | Taxa de actividade(%) |
| Cervantes | 18,9 | 49,0 |
| Navia de Suarna | 9,5 | 37,8 |
| Media | 14,2 | 43,4 |
| Lugo | 10,7 | 47,9 |
| Galicia | 12,5 | 50,7 |

Táboa 33. Taxas de paro e actividade dos concellos estudados.

A taxa de paro segue a ser moito máis alta se nos referimos á muller. En Cervantes, case se ve duplicada a taxa de paro feminina, mentras que en Navia a situación preséntase máis igualada.

| Paro por sexos | | |
|----------------|--------------------|------------------|
| Concello | Taxa paro - muller | Taxa paro - home |
| Cervantes | 26,5 | 14,2 |
| Navia de S. | 9,8 | 9,4 |
| Lugo | 13,1 | 9,0 |
| Galicia | 16,1 | 9,9 |

Táboa 34. Taxas de paro dos concellos da área estudiada.

✱ **Situación laboral**

Segundo xa se comentou anteriormente, a emigración mantense nestes concellos da serra dos Ancares, todo parece indicar que a escasa oferta laboral, salvo no sector agrario, é escasa.

Segundo se aprecia na mesma, a saída máis recorrida á escasa oferta laboral, é o establecemento como traballador por conta propia. A taxa de autoemprego sitúase nun 53,90 %, duplicando a media autonómica (25,66%) e sendo moi superior tamén á media provincial (39,15%).

A táboa seguinte amosa a poboación ocupada segundo o tipo de profesión. Nela obsérvanse tamén as grandes diferenzas na oferta de traballos de calidade na área de estudio.

| Poboación ocupada | | | | | | | | |
|---|-------------------|------------|----------------|------------------|-----------|-------|-------|---------|
| Grupos de profesións | Número de persoas | | | | % | | | |
| | Cervantes | Navia | Lugo | Galicia | Cervantes | Navia | Lugo | Galicia |
| Dirección das empresas e das administracións públicas | 36 | 28 | 11.685 | 93.305 | 6,03 | 3,59 | 8,65 | 9,01 |
| Técnicos e profesionais científicos e intelectuais | 18 | 37 | 12.953 | 106.573 | 3,02 | 4,74 | 9,59 | 10,30 |
| Técnicos e profesionais de apoio | 30 | 9 | 10.484 | 98.399 | 5,03 | 1,15 | 7,76 | 9,51 |
| Empregados de tipo administrativo | 22 | 33 | 8.351 | 77.369 | 3,69 | 4,23 | 6,18 | 7,47 |
| Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores | 76 | 62 | 17.681 | 144.031 | 12,73 | 7,95 | 13,1 | 13,9 |
| Traballadores cualificados na agricultura e na pesca | 391 | 288 | 28.971 | 93.224 | 65,49 | 36,9 | 21,5 | 9,01 |
| Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, da construción e da minería | 79 | 60 | 20.086 | 196.501 | 13,23 | 7,69 | 14,90 | 19,00 |
| Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores | 75 | 45 | 11.841 | 114.163 | 12,56 | 5,77 | 8,77 | 11,00 |
| Traballadores non cualificados | 52 | 32 | 12.349 | 103.453 | 8,71 | 4,10 | 9,15 | 9,99 |
| Forzas armadas | 1 | 3 | 626 | 8.160 | 0,17 | 0,38 | 0,46 | 0,79 |
| Total | 780 | 597 | 135.027 | 1.035.178 | | | | |

Táboa 35. Poboación ocupada segundo profesión. Fonte: IGE (2001).

As porcentaxes de poboación ocupada nos traballos de maior cualificación, non chegan ao 50% das medias provincial e autonómica. Destacan, pola contra, a representación dos traballos de persoal cualificado da agricultura e a pesca (50%), triplicando en Navia á media autonómica (21%), sendo moi superior tamén á media provincial (9%). Destacan tamén, por ser superior ás medias citadas, a porcentaxe de traballadores non cualificados.

✱ **Formación**

Os niveis formativos da poboación maior de 16 anos resultan extremadamente baixos en comparación co seu entorno. O escaso desenvolvemento económico, a incomunicación e os altos custes de desprazamento, a escaseza de nenos, e por tanto de escolas, habida durante moito tempo resulta nunhas cifras actuais de analfabetismo, recollidas na táboa seguinte, moi superiores ás medias provincial e autonómica.

O caso máis grave de nivel de analfabetismo dáse no concello de Cervantes, co 5,5% da poboación, debida sobre todo ás mulleres, pois neste caso a analfabetismo é dun 8,7 %.

Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural dos Ancares

Respecto ás idades nas que se dá maior grao de analfabetismo, cabe esperar que sexa nos rangos superiores, co que se xustificaría parte do feito que sexa maior en mulleres.

Na táboa que recolle a poboación segundo o seu nivel de estudos, se amosan as mesmas deficiencias. Os concellos da área de influencia socioeconómica do Parque Natural dos Ancares superan con creces as taxas provincial e autonómica no respectivo ós niveis de “non sabe ler ou escribir” e “menos de 5 anos de escolarización”, mentres que son moi inferiores en tódolos demais casos.

| Taxa de analfabetismo | | | |
|-----------------------|------------|------------|------------|
| Concello | Total | Homes | Mulleres |
| Navia de Suarna | 2,2 | 1,1 | 3,3 |
| Cervantes | 5,5 | 2,8 | 8,7 |
| Lugo | 2,1 | 1,1 | 2,9 |
| Galicia | 2,1 | 1,0 | 3,0 |

Táboa 36. Taxas de analfabetismo. Fonte: IGE (2001).

| | Nivel de estudos | | | | | | | |
|---|------------------|--------------|----------------|------------------|---------------|---------------|---------------|---------------|
| | Número persoas | | | | Porcentaxes % | | | |
| | Navia | Cervantes | Lugo | Galicia | Navia | Cervantes | Lugo | Galicia |
| Non sabe ler ou escribir | 37 | 107 | 6.470 | 47.912 | 2,12 | 5,45 | 2,05 | 2,05 |
| Menos de 5 anos de escolarización | 1.063 | 678 | 68.433 | 381.258 | 60,85 | 34,60 | 21,70 | 16,33 |
| Sen completar Bacharelato Elemental, ESO ou EXB | 234 | 667 | 88.817 | 621.097 | 13,39 | 34,00 | 28,16 | 26,60 |
| Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo | 200 | 308 | 69.810 | 585.711 | 11,45 | 15,70 | 22,14 | 25,09 |
| Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU | 93 | 76 | 31.094 | 262.685 | 5,32 | 3,87 | 9,86 | 11,25 |
| FPI, FP grao medio, Oficialía industrial | 14 | 21 | 8.502 | 77.815 | 0,80 | 1,07 | 2,70 | 3,33 |
| FP II, FP grao superior, Mestría industrial | 29 | 52 | 13.082 | 107.661 | 1,66 | 2,65 | 4,15 | 4,61 |
| Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica | 46 | 26 | 16.338 | 125.844 | 2,63 | 1,33 | 5,18 | 5,39 |
| Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior | 29 | 27 | 12.088 | 116.841 | 1,66 | 1,38 | 3,83 | 5,00 |
| Doutoramento | 2 | 0 | 727 | 7.850 | 0,11 | 0,00 | 0,23 | 0,34 |
| TOTAL | 1.747 | 1.962 | 315.361 | 2.334.674 | 100,00 | 100,00 | 100,00 | 100,00 |

Táboa 37. Poboación de 16 e máis anos, segundo nivel de estudos. Fonte: IGE (2001).

Obsérvase, que aínda así o baixo nivel formativo da poboación, non existen suficientes profesións dos niveis axeitados á formación académica de maior grao. Por exemplo, segundo amosa esta táboa, son 128 as persoas formadas na universidade e o número de postos ofertados é moi inferior.

3.2 Análise socioeconómico

3.2.1 Características do traballo

A poboación activa na área de estudo diminuíu considerablemente nos últimos anos, tanto en termos absolutos como relativos (taxa de actividade).

| Taxa de actividade | | | | | | |
|--------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| Concello | 1991 | | | 2001 | | |
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| Cervantes | 50,0 | 59,1 | 38,7 | 49,0 | 55,2 | 41,6 |
| Navia de Suarna | 45,1 | 53,1 | 35,8 | 37,8 | 44,0 | 30,5 |
| Lugo | 50,5 | 63,9 | 37,7 | 47,9 | 57,6 | 39,0 |
| Galicia | 49,2 | 66,4 | 33,5 | 50,7 | 62,1 | 40,3 |

Táboa 38. Taxas de actividade. Fonte: INE, Censos de poboación e vivendas (2001).

A emigración deuse e segue a darse fundamentalmente en busca dunha saída laboral mellor que a actividade agraria, sector do que esta zona resulta extremadamente dependente, xa que a penas existe outro sector de actividade ou suficientemente estabilizado e capaz de ofertar traballo da calidade esixida hoxe. Por outra banda, en parte debido ás consecuencias desas emigracións, e en parte ás tendencias xerais á baixa na natalidade, cada vez son menos, dende hai xa moitos anos, os efectivos que se suman á etapa considerada como activa.




Figura 29. Evolución no decenio 1991-2001 da taxa de actividade dos concellos da área de influencia socioeconómica do Parque Natural dos Ancares, e comparación cos datos globais.

As causas expostas no parágrafo anterior explican a perda de poboación activa en termos absolutos. Para explicar o descenso da taxa de actividade, débense considerar ademais outros factores, como é o aumento da poboación de maior idade. Así, por exemplo, se a poboación comprendida nas franxas de idade de 20 a 65 anos diminuíu de 1998 a 2006 en 32 persoas en Navia e en Cervantes aumentou 311, a poboación maior de 65 anos, pola contra, ascendeu en Navia 253 persoas e en Cervantes diminuíu en 82 persoas.

A taxa de actividade destes dous concellos seguen unha variación diferente. Así, na década de 1991 a 2001 aumentou un 7% en Navia e un 1% en Cervantes. A comparación destes datos coas medias provincial (descenso do 2,6%) e autonómica (aumento do 1,5%), ofrecen unhas diferenzas máis que notables. O caso máis grave dáse en Navia de Suarna, cunha diminución de 7,3 mentres que Cervantes, consegue unha diminución inferior ao provincial.

No caso da taxa de actividade feminina, a distribución é desigual, pois en Cervantes esta taxa aumentou case un 3% mentres que en Navia diminuíu nun 5,3%.

Na táboa seguinte amósanse as taxas de ocupación e paro, segundo datos do Censo de poboación e vivendas do 2001 (IGE). As taxas de ocupación seguen un comportamento similar ás de actividade. Así, no mesmo decenio referido para a evolución daquelas (1991-2001), a ocupación descendeu en xeral para os concellos de estudo, a un ritmo superior á media provincial, tendo aumentado nese período a media galega.

| Taxas de ocupación e paro | | | | | | |
|---------------------------|-------------------|-------------|-------------|--------------|------------|-------------|
| Municipio | Taxa de ocupación | | | Taxa de paro | | |
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| Cervantes | 39,8 | 47,4 | 30,6 | 18,9 | 14,2 | 26,5 |
| Navia de Suarna | 34,2 | 39,9 | 27,5 | 9,5 | 9,4 | 9,8 |
| Lugo | 42,8 | 52,4 | 33,9 | 10,7 | 9,0 | 13,1 |
| Galicia | 44,3 | 55,9 | 33,8 | 12,5 | 9,9 | 16,1 |

Táboa 39. Taxas de ocupación e paro. Fonte: IGE (2001).

3.2.2 Sectores de actividades

As principais fontes de información secundaria consideradas para este apartado son os datos estatísticos que ofrece o I.G.E., sobre todo os referidos ao Censo Agrario, e o listado de empresas dadas de alta en "Actividades Económicas" durante parte ou todo o ano 2003, segundo o epígrafe do imposto, facilitado pola Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Lugo, así como o Ficheiro de Empresas das cámaras de comercio (www.camerdata.es).

Recóllense nun primeiro apartado aspectos xerais relativos ás características básicas da estrutura do tecido empresarial, e un segundo apartado no que se describen de forma máis detallada as características dos principais sectores de actividade.

* Xeneralidades

A estrutura sectorial da poboación ocupada amosa un claro predominio do sector primario, agrario en case a totalidade.

Máis da metade da poboación ocupada estaba vencellada directamente á actividade agraria. Este sector segue a ser un das principais fontes de traballo e actividade empresarial da zona. A porcentaxe é moito superior á media galega e é maior ao dobre da provincia.

| Sectores de actividade | | | |
|-------------------------------|---|----------------|--------------------|
| | % Agricultura, gandaría, caza e silvicultura | % Pesca | % Industria |
| Navia-Cervantes | 71,5 | 0,07 | 1,5 |
| Lugo | 21,67 | 1,50 | 12,89 |
| Galicia | 7,66 | 3,40 | 18,70 |

Táboa 40. Sectores de ocupación. Fonte: elaboración propia, a partires do INE (2001).

É importante facer esta comparativa, para poder comprender a importancia do sector primario e da primeira transformación na economía desta serra. A realidade galega non ten moito que ver coa realidade desta comarca, posto que o impacto económico do sector primario supera con moitos puntos á media galega.




Figura 30. Estructura sectorial do Concello de Navia de Suarna. Fonte: Elaboración propia a partires dos datos do INE (2001).

Ao falarmos do sector primario estámonos a referir á gandaría, agricultura e ao subsector forestal. Todos eles supoñen máis do 45% da actividade laboral de Cervantes e Navia, tal é a importancia do sector que o 70% da poboación é traballador cualificado da agricultura, fronte ao escaso 13 % de media galega, outro indicativo da importancia do sector nun posible estratexia de mellora ou de recuperación da poboación das comarcas.

A pesar de ser a agricultura e gandaría unhas das actividades máis importantes que se desenvolven dende hai séculos, tamén é importante o sector servizos sobre todos naqueles núcleos máis habitados.

Sectores de actividade




Figura 31. Estructura sectorial do Concello de Cervantes. Fonte: Elaboración propia a partires dos datos do INE (2001).

Sectores de actividade




Figura 32. Reparto por sexos dos traballadores nos diferentes sectores de actividade da área de influencia socioeconómica do Parque Natural dos Ancares. Fonte: Elaboración propia a partires dos datos do INE (2001).

* Actividades económicas

Como criterio xeral, pódese dicir que a área de estudo non dispón dun tecido empresarial asentado e estable, apenas existe una estrutura estable de relacións internas de carácter mercantil ou sequera un agrupación de empresas cunha continuidade asegurada.

**** Características das empresas**

Considerando a lóxica na evolución dunha empresa, partindo nos comezos dun empresario autónomo ou unha cooperativa, que vai desenvolvendo o seu negocio e afianzándose, demandando segundo crece a transformación a outro tipo de entidade (sociedade responsabilidade limitada e despois sociedade anónima), podemos establecer unha medida relativa do grao de evolución da actividade empresarial comparando as proporcións do tipo de personalidade, en comparación coas medias provincial e autonómica.

Na táboa seguinte amósanse o número e a proporción sobre o total das empresas, segundo o tipo de entidade, que estiveron activas durante todo ou parte do ano 2002. Nela, obsérvase a maior importancia relativa dos autónomos na área de Ancares (85,36%) fronte á media provincial (71,14%) e autonómica (65,88%), sinal clara dun sistema empresarial menos desenvolvido e estabilizado.

| Tipos de empresas | | | | | | | | | | | |
|--------------------------|----------------|-----------------|--------------|---------------------|-------------|----------------------|--------------|-------------------------|-------------|---------------|-------------|
| Concello | TOTAL | Persoas físicas | | Sociedades anónimas | | Sociedades limitadas | | Sociedades cooperativas | | Outros | |
| | | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº | % |
| Cervantes | 84 | 72 | 85,71 | 0 | 0,00 | 6 | 7,14 | 3 | 3,57 | 3 | 3,57 |
| Navia de Suama | 80 | 68 | 85,00 | 0 | 0,00 | 8 | 10,00 | 1 | 1,25 | 3 | 3,75 |
| Total | 164 | 140 | 85,36 | 0 | 0,00 | 14 | 8,54 | 4 | 2,44 | 6 | 3,66 |
| Lugo | 22.086 | 15.712 | 71,14 | 296 | 1,34 | 4.526 | 20,49 | 175 | 0,79 | 1.377 | 6,23 |
| Galicia | 170.914 | 112.592 | 65,88 | 4022 | 2,35 | 42.533 | 24,89 | 1015 | 0,59 | 10.752 | 6,29 |

Táboa 41. Distribución dos distintos tipos de empresa por municipio durante o ano 2002. Fonte: IGE (2002).

**** Tamaño das empresas**

Todas as empresas situadas na área de estudo, son de pequeno tamaño, en xeral de carácter familiar, sen empregados na súa maioría. O volume de negocios e o tramo de empregados, expostos na táboa seguinte, serven de aproximación a esta valoración.

| Tamaño das empresas | | | | | | | | | |
|----------------------------|------------|------------------|-----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|
| Municipio | TOTAL | Nº de empregados | | | | | | | |
| | | 0 | 1-5 | 6-10 | 11-25 | 26-50 | 51-100 | 101-250 | > 250 |
| Cervantes | 86 | 81 | 4 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Navia de Suama | 105 | 97 | 6 | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Total | 191 | 178 | 10 | 2 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 |

Táboa 42 . Número de empresas segundo o tramo de empregados. Fonte: Ficheiro de Empresas das Cámaras de Comercio, www.camerdata.es (2005).

*** Sector agrogandeiro**

**** Subsector gandeiro**

É o sector con máis ocupación na área de estudo, máis do 70% da poboación ocupada está vencellada directamente coa actividade agraria, por iso a posible evolución que poida seguir o sector pode ser determinante para a estabilidade económica da zona. Dentro do sector agrario o gando vacún ocupa o primeiro lugar en canto a actividade se refire.

| Explotacións agrarias | | | |
|------------------------------|------------------------|--------------------------------|--|
| Concello | Nº explotacións | Explot./ km² | % perda de explotacións (1962-1999) |
| Cervantes | 624 | 2,2 | 39,9 |
| Navia de Suarna | 479 | 2,1 | 52,1 |
| Total | 703 | 2,2 | 46,0 |
| Lugo | 54.208 | 5,5 | 41,7 |
| Galicia | 270.053 | 9,1 | 37,7 |

Táboa 43. Densidade de explotación agrarias. Fonte: elaboración propia, a partires do INE (1999).

O sector agrogandeiro leva experimentando, segundo se perdía poboación, unha continua decadencia. De tal xeito, que en case en 50 anos desapareceron preto do 41,7% das explotacións. O concello que máis sufriu o peche de explotacións gandeiras foi Navia de Suarna, que perdeu máis do 50%. A perda deuse sobre todo de explotacións pequenas, cunha superficie media de 10 ha, mentres as de superficie maior (20-50ha) víronse incrementadas. A pesar desta perda de explotacións a SAU, incrementou considerablemente entre os anos 1982-1999, froito dos incendios acaecidos e que deron pé á transformación de superficie forestal (maioritariamente matogueira) a superficie agraria.

Na zona de Cervantes a desaparición de explotación é menos marcada que noutros concellos do entorno e ademais o número de cabezas de gando aumentou considerablemente. En Navia a tendencia é a desaparecer as explotacións pero é unha perda moderada. A superficie das explotacións diminúe nos territorios máis próximos á montaña, onde en moitas zonas non acadan os 2,2 Km².

***** Aproveitamentos**

Dunha forma directa ou indirecta, con maior ou menor repercusión, as explotacións agrarias poden exercer a través da súa actividade (ou inactividade) gran influencia nunha gran parte da superficie tratada. A SAU é a que mostra mellor esta influencia.

A porcentaxe de SAU varia entre estes dous concellos, por un lado presenta Navia unha baixa porcentaxe, mentres Cervantes ten unha proporción significativa. A SAU incrementouse bastante, máis significativo é este dato se o comparamos co incremento galego (14,0%) e incluso provincial (22,5%); algo que non é estraño tendo en conta ao ámbito territorial ao que nos referimos. Segundo os datos censais este aumento é a costa da superficie forestal, sendo practicamente estable a superficie doutros usos.

| Aproveitamentos | | | | | |
|-----------------|--|-------------|-------------|-------------|-------------------------------|
| Concello | Superficie concello (Km ²) | % censada | % SAU | % Forestal | % Outras terras non forestais |
| Cervantes | 27,8 | 94,0 | 29,5 | 16,2 | 48,3 |
| Navia de Suarna | 24,3 | 84,7 | 11,6 | 24,4 | 48,6 |
| Total | 52,1 | 89,4 | 20,6 | 20,3 | 48,5 |

Táboa 44. Proporcións dos aproveitamentos nas explotacións da zona de estudo. Fonte:INE (1999).




Figura 33. Distribución superficial dos aproveitamentos na área de influencia socioeconómica do Parque Natural dos Ancares.

*** Cabana gandeira

As explotacións foron pouco a pouco pasando dunha gandaría de subsistencia, complemento da agricultura, a converterse na actividade principal. Adicada, principalmente, ao vacún para a obtención de carne, debido á alta calidade das razas autóctonas (rubia galega e limiá). A evolución que sufriu a gandaría, fixo que a agricultura quedase como complemento dela e que moitas terras se transformaran en pasteiros.

O gando vacún é sen dúbida, o máis importante da área, pero tamén existe o aproveitamento de porcino, ovino e caprino e de gando menor, empregado na gran maioría como aproveitamento doméstico. Explotacións de gando avícola, porcino... que nos últimos anos viron incrementada considerablemente a súa superficie agraria útil (SAU) e o número de unidades gandeiras (UG).

Cabana gandeira




Figura 34. Número de cabezas de gando bovino nos concellos da área de influencia socioeconómica do Parque Natural dos Ancares. Fonte: IGE (2001-2005).

Cabana gandeira




Figura 35. Número de explotacións nos concellos da área de influencia socioeconómica do Parque Natural dos Ancares. Fonte: IGE (2001-2005).

***** Os produtos**

Os datos expostos ata o de agora, plasmado nas principais ocupacións da SAU, indican como a principal orientación produtiva é a gandería, principalmente de vacún de carne. Non obstante, é necesario recoller outras producións complementarias presentes dado, fundamentais noutras épocas nalgúns casos, e que aínda hoxe amosan un atractivo potencial.

As producións agrícolas comercialízanse en pequena cantidade. A superficie dedicada a ese tipo de produtos é polo xeral para o autoconsumo (habitualmente son explotacións mixtas e tamén presentan producións pecuarias) e a comercialización dáse en poucos casos, aínda existindo excedentes. No caso dos cultivos herbáceos (trigo e centeo), son producións moi fragmentadas, para o autoconsumo (en pequena cantidade), o mesmo que produtos hortícolas e patacas, sobre todo en Cervantes.

Así, a principal produción para o mercado é a gandería, pero ademais, tal como se dixo, a especie predominante é o vacún (case proporciona o 70% da Marxe Bruta xerada nesas explotacións), fundamentalmente na súa orientación cárnica. A pesares de novas explotacións de carácter mercantil, de maior tamaño, a presenza de ovino e cabrún é moi escasa, sobre todo en relación ás oportunidades que ofrece a zona para tales producións dada a capacidade destas especies, especialmente da cabra, no aproveitamento de cubertas vexetais de tipo arbustivo.

***** Xeneralidades das explotacións de vacún de carne**

Presentan certos rasgos inherentes ás explotacións de vacún de montaña, como a persistencia de formas tradicionais, o carácter pastoral e nalgúns casos a xestión comunal de recursos estacionalmente desequilibrados. Están orientadas á produción de xatos con vacas de cría, sen realizar muxidura das vacas en ningún caso.

O grado de especialización é, como se viu, bastante elevado, expresada na relación porcentual entre a carga de vacún e a carga total (UG). Acúsase máis ao incrementarse o tamaño.

***** Comercialización**

A comercialización segue utilizando maioritariamente as canles tradicionais en mercados e feiras ou a través de “tratantes” e carnicerías directamente segundo datos de 1999, aínda que cifras máis recentes indicarían posiblemente un maior peso da comercialización a través de cooperativa, debido á evolución favorable dalgunhas existentes na zona no quinquenio seguinte. Por outra banda, o volume e actividade das feiras tradicionais parece ir a menos e a vía de comercialización directa ten atractivas posibilidades de crecemento.

No caso das cooperativas normalmente os compradores son matadoiros (que demandan maiores volumes e un subministro máis constante). No caso da comercialización individual, as vías máis frecuentes son mercados e feiras, en regresión, tratantes e directamente a carnicerías. Isto configura un mercado pouco transparente e diverso en canto a prezos. A comercialización en conxunto mantén uns prezos máis uniformes ao longo do ano, pero os prezos puntuais máis elevados na zona acádanos os produtores a través da venda directa a carnicerías, en feiras, etc.

**** Subsector forestal**

***** Características do monte**

A superficie forestal suma máis do 50% da superficie que abranguen estes dous concellos da serra ancaresa. Os diferentes montes poden ser de titularidade pública, privada ou montes privados de uso

público. Este último tipo merece unha especial atención por ser unha forma de organización característica do norte de España, sobre todo de Galicia, coñecida como “Montes veciñais”.

| Titularidade dos montes | | | | |
|-------------------------|----------------------|----------------------|-------------|-------------------|
| Concellos | Superficie municipio | Superficie MVMC (ha) | % Concello | Nº de comunidades |
| Cervantes | 27.763 | 11.565 | 41,7 | 59 |
| Navia de Suarna | 24.256 | 15.801 | 65,1 | 88 |
| Total | 52.019 | 27.366 | 53,3 | 147 |

Táboa 45. Titularidade dos montes da área de influencia socioeconómica do Parque Natural dos Ancares. Fonte: Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común.

Así, a metade da superficie é, segundo os datos do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, superficie de MVMC. Iso representa o 5,1% das comunidades e case o 12,0 % da superficie comunal da provincia de Lugo.

Estes datos deben de ser considerados con cautela dado que ningún Monte foi deslindado. Polo que a superficie exacta que ocupa pode non corresponder cos datos que se mostran no cadro anterior. Tampouco existe unha base cartográfica, a non ser a de catastro, que dun xeito sistemático se ocupe de manter os datos xeográficos destas superficies. Isto vai dificultar a xestión dos MVMC que chega a crear conflitos entre diferentes comunidades e das comunidades con particulares.

A situación é moi diversa en canto a xestión se refire, non todas as parroquias teñen xunta rectora, nin estatutos. Tanto a superficie da comunidade, como o número de comuneiros vai ser moi diferente en cada caso.

| Comunidades de montes | | | | |
|-----------------------|-------------|---------------------|--------------------------|-----------------|
| Concellos | % Estatutos | Media de comuneiros | Superficie por comuneiro | % Xunta rectora |
| Cervantes | 75% | 5,7 | 33,7 | 68% |
| Navia de Suarna | 59% | 6,3 | 40,6 | 48% |

Táboa 46. Situación das comunidades de montes con respecto á súa xestión. Fontes: Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

As comunidades dos concellos de Cervantes e Navia de Suarna teñen aproximadamente uns 12 comuneiros de avanzada idade. Este baixo número fai que o reparto de superficie de monte por comuneiro se eleve a 50 ha e 40 ha por comuneiro, respectivamente.

*** Propiedade da terra

A maioría da terra dos concellos en estudo é de propiedade privada, exceptuando algúns montes públicos. Un rasgo especialmente importante é a ampla superficie ocupada por Montes Veciñais en Man Común.

Estas superficies, características de Galicia, representan actualmente case unha cuarta parte do territorio galego e foron no pasado “soporte do sistema agrario tradicional” (Bouhier, 1979). Máis alá desta relevante figura dos MVMC, a fonte máis útil para a análise das estruturas fundiarias é, coas súas limitacións, o catastro.

Se xa destaca o elevado número de titulares catastrais de Galicia e Lugo, na zona en estudo isto é máis patente, en Cervantes o número de titulares supera claramente ao de habitantes e en Navia está lixeiramente por debaixo.

| Propiedade da terra | | | | | |
|---------------------|----------------------|----------------------------|----------------------------------|----------------------------------|------------------------------------|
| Concellos | Titulares catastrais | Nº de parcelas por titular | Superficie media da parcela (ha) | Superficie media por titular(ha) | Titulares catastrais por habitante |
| Cervantes | 2.263 | 14,0 | 0,88 | 12,4 | 1,1 |
| Navia de Suarna | 1.600 | 15,3 | 1,00 | 15,2 | 0,9 |
| Lugo | 271.431 | 9,5 | 0,38 | 3,6 | 0,7 |
| Galicia | 1.708.177 | 7,3 | 0,23 | 1,7 | 0,6 |

Táboa 47. Propiedade da terra dos montes da área de influencia socioeconómica do Parque Natural dos Ancares. Fonte: do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común.

Isto amosa a complexidade en materia de administración e xestión de terras na zona, con moitos propietarios emigrados e incluso moitas situacións nas que non se teñen resolto as herdanzas. Ocasiona dificultades á hora de xestión deses predios en numerosos casos abandonados e noutros con bastante precariedade na seguridade de utilización a medio - longo prazo. Un indicador deste fenómeno é a dificultade presente nos procesos de renovación catastral.

O nº de parcelas por propietario case duplica nos concellos en estudo á cifra autonómica, con algo máis de 14 parcelas por titular catastral.

*** Usos

Os usos máis comúns seguen a ser os tradicionais, o predominante é a extracción de madeira con destino a primeira transformación, froito das grandes repoboacións levadas a cabo polo Patrimonio Forestal do Estado na ditadura Franquista e cos plans de reforestación da Xunta, na maioría dos casos de piñeiro do país. Unha parte importante dos montes veciñais teñen convenios ou consorcios coa administración autonómica, que lle permiten o coidado, mantemento das plantacións e posterior explotación.

O aproveitamento gandeiro ou agrícola, moi importante noutras épocas, quedou en segundo posto após da ditas repoboacións. Ao poñeren todas as forzas en obter unha rendibilidade produtiva maior, en canto a madeira se refire, sacouse o protagonismo a esta outra forma de uso que pode dar moitos beneficios relacionados co gando.

As posibilidades dun aproveitamento máis intensivo, axustado ás potencialidades e diversificado; elevada superficie media con reducida parcelación, de gran relevancia nun territorio cun minifundismo histórico limitante e no que as explotacións que perviven en mellores condicións teñen unha orientación gandeira extensiva. Poden permitir a base dunha actuación a favor da mobilización produtiva de terra máis doada e efectiva, así coma unha xestión integrada e profesional. Impulso ás especies autóctonas para sacar unha maior rendibilidade ao monte, por adaptarse mellor as características físicas e metereolóxicas das comarcas.

As especies que máis abundan son entre as frondosas os castiñeiros e os carballos os máis abundantes e nas zonas máis baixas, próximo a regos ou ríos, forman fragas nas que colaboran os bidueiros, abeleiras, etc. Nas coníferas é o piñeiro do país, *Pinus pinaster*, produtos de fortes repoboacións do franquismo, e de recentes repoboacións con *P. radiata*, *P. sylvestris*, piñeiro negral e *Pseudotsuga menziesii*.

*** Agroindustria. Sector transformación de produtos agrarios**

As actividades consideradas dentro da rama da industria son as incluídas nos epígrafes do Imposto de Actividades Económicas (IAE), referidas ás divisións 1, 2, 3 e 4 do mesmo, que se corresponden respectivamente con: Enerxía e Auga; Minería, materias primas, industria cerámica, química e farmacéutica; Industria da Transformación de metais e Outras industrias manufactureiras.

Igual que ocorre a nivel provincial e autonómico, para os concellos de estudo, en xeral, a taxa de actividade presenta unha evolución máis favorable en mulleres que en homes.

**** Industrias de produtos alimenticios e bebidas**

Actualmente os produtos alimenticios que se fabrican son os cárnicos, queixos, fariñas e sémolas, industria do pan e dos bolos, xugos e conservas vexetais, aceite de oliva, envasado de mel e viños.

**** Castaña**

A castaña é unha das producións máis tradicionais na Galicia rural. Presente como elemento fundamental da alimentación dos labregos, como se di, ata a chegada da pataca, e despois nas épocas de escaseza, convértese agora nun produto máis selectivo.

Nas zonas da montaña interior, onde todas as producións agrícolas dependen en maior grao que noutras zonas das condicións climáticas do ano, o souto, estrutura máis ou menos estable, que ofrecía unha produción mínima asegurada, mantívose mellor conservada co paso do tempo. Así, pode dicirse que nesta área os soutos “resistiron” grazas á produción de castaña, ao cambio de uso do solo a outras producións e incluso á explotación madeireira. Por outra banda, plantacións realizadas a mediados do pasado século, facilitaron a conservación deste tipo de producións. O mantemento destas tradicións favoreceu ademais o que se conserven, en mellor grao, algunhas instalacións asociadas, como son os sequeiros e formas de transformación ou conservación tradicionais, e as ouriceiras presentes na zona dos Ancares.

Nos últimos tempos, sen embargo, a recollida de castañas está en descenso continuado e a falta dos coidados culturais dos soutos provoca que se vaian deteriorando, e que se apañe actualmente só o 30% ou 40 % da produción total.

Por outra banda, a castaña considérase como unha produción complementaria á explotación agraria, ou como un recurso para a mesma, pero non como produción principal, polo que os esforzos para melloralala ou buscar mellores formas de comercialización ou prezos máis vantaxosos, non se considera unha prioridade, en xeral para a maioría de propietarios. As formas e vías de comercialización son de carácter moi tradicional, non existindo iniciativas de transformación de carácter profesional ou empresarial.

*** Sector construción**

Para describir o sector da construción, considerouse a este como o constituído polas actividades incluídas no epígrafe 50 do IAE, denominado de “Construción”. Concretando no seguinte nivel de detalle, este sector estaría conformado polas actividades seguintes: Edificación e obra civil (501),

Preparación de terreos, pavimentación, etc. (502), Preparación e montaxe de estruturas (503), Instalacións e montaxes (504), Acabados de obras (505), Servizos auxiliares da construción, dragados (506), Construción, reparación, conservación de obras (507) e Agrupacións, etc., temporais de empresas.

O sector da construción está pouco desenvolvido, dando emprego a unha porcentaxe moi pequena da poboación activa (3% en Cervantes e 14% en Navia de Suarna). Aínda que cabe salientar o traballo inestable de numerosos albaneis que se establecen como autónomos só durante a época favorable do verán ou primavera.

Nas actividades concretas dentro do sector, as empresas están pouco especializadas, destacando de forma clara en termos relativos, os traballos derivados da construción e do arranxo ou acondicionamento de vivendas. O seguinte bloque de actividade sería o de instalacións varias (electricidade, gas,...).

**** Tipos de empresas da construción na área de estudo**

Existen, segundo o Ficheiro de Empresas das cámaras de comercio, para datos de 2004, soamente 4 empresas con actividade relativa á construción. Estas son as empresas do sector máis consolidadas, pero aínda así, trátase de empresas de pequeno tamaño que non superan os seis empregados.

| Tipos de empresas | | | |
|-------------------|----------------------|------------------------|----------|
| | Personalidade física | Personalidade xurídica | Total |
| Navia de Suarna | 0 | 3 | 3 |
| Cervantes | 0 | 1 | 1 |
| Total | 0 | 4 | 4 |

Táboa 48. Número de empresas da construción segundo concello e tipo de entidade.
Fonte: Ficheiro de Empresas das Cámaras de Comercio, www.camerdata.es (2004).

**** Estacionalidade e profesionalidade**

Analizamos agora o nivel de estacionalidade desta actividade, a través da comparativa entre as empresas máis ou menos estables e o total de altas censais nesta actividade. O grao de profesionalidade nos traballos considérase directamente relacionado coa continuidade destas empresas ao longo do ano, polo que se comentará tamén neste apartado.

Na táboa anterior recóllense os datos máis actualizados dispoñibles, e refírense a un momento puntual (xaneiro de 2004), e sobre as empresas máis grandes e estabilizadas. Sen embargo, resulta necesario estudar a dinámica do sector ao longo do ano, posto que a construción é unha actividade con grandes variacións estacionais. Como característica deste sector, cabe sinalar, que os varóns traballan nesta actividade un determinado de período de tempo ao ano, como complemento a unha actividade agraria.

Na táboa seguinte recóllense todas as empresas dadas de alta no IAE en parte ou todo o ano 2003, para estes dous concellos. Os datos refírense tanto a empresas coa dirección principal nos concellos de estudo, como a sucursais. Obsérvanse as grandes variacións respecto dos datos comparando as empresas reais coas altas no IAE durante o 2003. Neste ano, realizaron actividades relacionadas coa

construción 43 empresas. A maior parte destas variacións débense a empresarios autónomos, si ben existe outro importante grupo de empresas especializadas, externas ao territorio que se dan de alta en actividades económicas nos concellos de estudo, segundo os contratos de obra que conseguen neles.

| Actividade das empresas | | | | | | | |
|--------------------------------|---|------------|------------|------------|------------|---------------|--------------|
| | Epígrafes do IAE, dentro da división 5 (Construción) | | | | | | |
| | 501 | 502 | 503 | 504 | 505 | Outros | Total |
| Cervantes | 13 | 2 | 0 | 0 | 6 | 0 | 21 |
| Navia de Suarna | 12 | 2 | 0 | 5 | 3 | 0 | 22 |
| Total Navia-Cervantes | 25 | 4 | 0 | 5 | 9 | 0 | 43 |

Táboa 49 . Número de empresas da construción segundo actividade. Fonte: Ficheiro de Empresas da Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Lugo (2003).

A edificación de obra civil, é a máis abundante e leva aumentado nos últimos anos. Os seguintes grandes grupos de actividade onde se perciben maiores variacións son o das Instalacións e montaxes (fontanería, electricidade, etc.), e o de Acabados de obras. Estas grandes variacións son debidas fundamentalmente ás actividades propias das estacións de primavera e verán, referentes á mellora e á rehabilitación de vivendas tradicionais, así como pequenos arranxos en edificacións accesorias.

No primeiro epígrafe (501. edificación e obra civil), pola contra, ese aumento considerable do número de altas en actividades económicas débese fundamentalmente a albaneis locais que só se dan de alta durante un curto período de tempo ao ano.

| Actividade das empresas | | | |
|--------------------------------|-------------------|--------------------|--|
| | Nº persoas | | % paro construción sobre paro total |
| | Paro total | Construción | |
| Cervantes | 63 | 22 | 34,92 |
| Navia de Suarna | 23 | 5 | 21,74 |
| Total | 86 | 27 | 28,33 |
| Lugo | 15.500 | 2.025 | 13,06 |
| Galicia | 147.423 | 16.873 | 11,45 |

Táboa 50. Número de empresas da construción segundo actividade, ano 2003.

Estes cálculos aproxímanse aos datos referidos na táboa anterior, sobre o paro existente no sector da construción nos concellos de estudo, en termos absolutos e relativos. Ademais, recolle tamén datos referidos ao total provincial e autonómico. Obsérvase que a taxa de paro na construción é moi elevada, e comparando o dato de Navia e Cervantes co da provincia e co de Galicia o valor é aínda máis alarmante, pois o taxa da serra é do 28,33% fronte ao 13,06 de Lugo.

*** Sector terciario. Turismo**

O turismo é considerado coma un dos sectores de grande potencial na zona. As tendencias de aumento do turismo nos espazos rurais e naturais, en tódalas súas vertentes, unidas ás excelentes

condicións do territorio dos Ancares, son as razóns xerais da consideración desta actividade como unha das vías do seu desenvolvemento económico.

O sector terciario nos Ancares caracterízase pola presenza de numerosos negocios de pequeno tamaño, sobre todo das ramas do comercio e da hostalaría. En xeral, esta atomización das empresas de servizos é maior que en outras áreas de Galicia.

Sen embargo, aínda que a proporción de empresas do sector terciario respecto do total é do 45,7%, mentres que as medias provincial e autonómica se sitúan respectivamente nos valores de 64,1 e 61,5%, os valores por habitante dos negocios de comercio ou hostalaría, son sensiblemente inferiores. Isto débese ao menor tamaño das empresas do sector neste área, que soen constar soamente dun establecemento.

Como se observa na táboa seguinte, existen no total dos dous concellos, 10 empresas de comercio ao por maior, 40 de comercio polo miúdo, e 45 empresas de hostalaría e restauración.

| Sector terciario | | |
|-------------------------------------|-----------------------|-------------------|
| Tipo de actividade | Nº empresas Cervantes | Nº empresas Navia |
| Actividades comerciais maioristas | 6 | 4 |
| Actividades comerciais minoristas | 15 | 25 |
| Actividades de restauración e bares | 23 | 22 |
| Total | 44 | 31 |

Táboa 51. Número de empresas de comercio e hostalaría. Fonte: Anuario de estatística de La Caixa (2006)

** Comercio

O comercio caracterízase na área de estudo por esa atomización xa comentada, si ben tamén destaca, como se aprecia nos datos anteriores, un gran número de negocios de fóra de establecementos, que se debe fundamentalmente ao reparto a domicilio, forma de adaptación ás condicións de accesibilidade por parte da poboación ós grandes núcleos.

Hai que sinalar neste punto o feito, xa comentado en apartados anteriores, de que existe na zona de estudo formas de comercialización de produtos locais non regularizadas. Véndese, dende as propias casas ou en negocios de hostalaría produtos como mel, embutidos, queixos,...

Obsérvase o feito, xa comentado, de que existen unha menor proporción de comercios por habitante respecto da provincia e de Galicia, e dunha gran proximidade entre número de empresas e establecementos, que indica o baixo grao de desenvolvemento do sector. Se trata xeralmente de negocios moi pequenos.

O maior número de comercios débese a comercio non especializado. Soen ser pequenas tendas, situadas a maioría nas capitalidades municipais, si ben tamén as hai nos seguintes grandes núcleos de poboamento, que tentan dispor de en xeral de todos os produtos básicos. A proporción deste tipo de negocios en relación ao número de habitantes é moi superior ás medias provincial e autonómica, representando en total o 6,36% dos negocios deste tipo na provincia, mentres que a porcentaxe poboacional só se sitúa en torno ao 5%.

| Comercio | | | | | | |
|-----------------|--------------|--------------|---------------------|------------------|----------------------|-----------------------------|
| | Nº empresas | Nº establec. | Nº establ/ 1000 hab | Nº establec /Km² | Sup.. Venda media | Sup. Venda por habitante |
| Cervantes | 8 | 7 | 3,28 | 0,03 | 28,27 | 0,09 |
| Navia de Suarna | 16 | 17 | 9,10 | 0,07 | 66,57 | 0,61 |
| Lugo | 4269 | 5056 | 13,98 | 0,51 | 93,26 | 1,30 |
| Galicia | 33947 | 39661 | 14,49 | 1,34 | 88,03 | 1,28 |

Táboa 52. Datos xerais do comercio polo miúdo. Fonte: IGE (2002).

| Establecementos | | | |
|---|------------------------|------------------|-------------|
| Actividade principal | Navia de Suarna | Cervantes | Suma |
| 521 Comercio polo miúdo en establecementos non especializados | 7 | 5 | 12 |
| 522 Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados | 2 | 1 | 3 |
| 523 Comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos, artigos médicos, beleza e hixiene | 1 | 1 | 2 |
| 524 Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados | 7 | 0 | 7 |
| 525 Comercio polo miúdo de bens de segunda man, en establecementos | 0 | 0 | 0 |
| 527 Reparación de efectos persoais e utensilios domésticos | 0 | 0 | 0 |
| 52N Non clasificados do comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e utensilios domésticos | 0 | 0 | 0 |
| Total | 17 | 7 | 24 |

Táboa 53. Número de establecementos en función da actividade principal (CNAE 93) nos Concellos do Parque Natural dos Ancares. Fonte: IGE (2002).

Os reducidos valores, en relación á proporción por habitante comparada con Lugo e Galicia, sobre establecementos de comercio de alimentos, débense ás menores necesidades da poboación na merca deste tipo de produtos, xa que en parte esas demandas son satisfeitas cos produtos da explotación familiar.

*** Turismo

*** Hostalería e restauración

O sector da hostalería e a restauración, vén experimentando cambios sustanciais na área de Ancares. A estrutura actual do sector mestura establecementos de carácter tradicional, con outros máis modernos. As cantinas tradicionais, aínda que cada vez menos, seguen presentes por todo o territorio. Son bares pequenos e antigos, que teñen unha grande importancia como lugar de encontro social. Estas cantinas débense así non tanto ao mercado turístico, senón á clientela local.

Nos últimos anos, os cambios nas demandas do sector turístico, co aumento do turismo rural e natural, o auxe do Camiño de Santiago, unidos ás subvencións procedentes dende os programas de desenvolvemento, favoreceu o establecemento doutro tipo de negocios, baseados no turismo. Este tipo de establecementos son fundamentalmente casas de turismo rural ademais dun hotel.

En torno a todos estes negocios existen outra serie de establecementos, como tendas de artesanía e de produtos tradicionais, que se ven moi favorecidas pola presenza de turistas. Estas sitúanse sobre

todo en focos de especial atracción turística como Piornedo (Cervantes). Por outra banda, numerosos produtores locais de queixos, embutidos, mel e outros produtos artesanais, logran comercializalos vendéndoos a visitantes nas súas casas ou en tendas e establecementos de hostalería.

*** Casas de turismo rural

As casas de turismo rural percíbíronse como unha forma de complemento da renda da actividade agraria. Moitos empresarios do turismo rural compaxinan así esta actividade cunha explotación agraria, xeralmente gandeira. Normalmente, é a muller quen leva o negocio de turismo, ademais da faena da explotación, traballando os homes, polo xeral, noutras ramas, como a construción, o transporte, etc. Son poucos os establecementos con dedicación exclusiva.

Existe sen embargo, outra serie de establecementos de turismo rural levados con dedicación exclusiva por parte dos seus propietarios, e que se deben fundamentalmente a emigrantes retornados. Son xente, en xeral, xa desvinculada da actividade agraria, que coñeceu o turismo doutras zonas e por tanto entende e xestiona o seu establecemento de xeito máis profesional. Estes empresarios soen ser ademais os máis dinámicos na busca de melloras para o seu negocio.

| Turismo rural | | | |
|-----------------|----------|----------------|-----------|
| | Nº casas | Nº habitacións | Nº prazas |
| Cervantes | 6 | 27 | 54 |
| Navia de Suarna | 2 | 5 | 10 |
| Total | 8 | 32 | 64 |

Táboa 54. Número de casas, habitacións e prazas de turismo rural por concello, 2005. Fonte: Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (2005).

Na táboa anterior se recollen o número de establecementos de turismo rural, así como o número de habitacións e prazas. Segundo se observa no cadro, existen un total de 64 prazas de turismo rural, o que supón unha media de 37 prazas por concello.

A mala comunicación de Navia de Suarna fai que teña un baixo do número de prazas, a pesares de ser un lugar de grande potencialidade, sobre todo pola dispoñibilidade de vivendas tradicionais de gran tamaño, adaptables á hostalería, e á súa riqueza paisaxística, cultural e etnográfica.

Porén, esta oferta no número de prazas, segundo os axentes entrevistados, non é suficiente para cubrir a demanda. Así, nas épocas de maior presenza de turistas, as casas de turismo rural da área de influencia socioeconómica do Parque Natural dos Ancares atópanse frecuentemente ao 100% da súa ocupación.

*** Outros establecementos de hostalería

Os hoteis e hostais, axudan a completar a oferta de hospedaría, permitindo albergar grupos de visitantes e colectivos con esixencias específicas, pois en xeral están máis adaptados a toda clase de clientes (diminuídos físicos, anciáns, ...). Na táboa seguinte se recollen o número de hoteis e hostais, habitacións e prazas, segundo a categoría

| | Hostalería | | | | | | | | |
|-----------------|--------------|-----------|----------|--------------|-----------|-----------|--------------|-----------|-----------|
| | Grupo I | | | Grupo II | | | | | |
| | Categoría 1E | | | Categoría 1E | | | Categoría 2E | | |
| | Nº hoteis | Nº prazas | Nº habit | Nº hoteis | Nº prazas | Nº habit | Nº hoteis | Nº prazas | Nº habit |
| Cervantes | 0 | 0 | 0 | 2 | 22 | 13 | 0 | 0 | 54 |
| Navia de Suarna | 0 | 0 | 0 | 1 | 7 | 4 | 0 | 0 | 10 |
| Total | 0 | 0 | 0 | 3 | 27 | 17 | 1 | 1 | 64 |

Táboa 55. Número de hoteis, habitacións e prazas. Fonte: Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas, Xunta de Galicia (2005).

*** Oferta de actividades

A falla da oferta de actividades parece ser un das grandes deficiencias do sector turístico en todo o territorio dos Ancares. Por unha banda, o pequeno tamaño da maioría dos negocios de hostalería impide que lles sexa rendible ós seus propietarios investir na organización de actividades. A maior oferta de actividades no territorio debese así non tanto ás empresas de turismo, senón máis ben ás asociacións locais socioculturais e doutro tipo, ás características propias do medio que favorecen a práctica de deportes de natureza ou aventura, e a asociacións e empresas foráneas, baseadas sobre todo en actividades deportivas.

*** Principais tipos de turismo na zona

Podemos definir unha clasificación elemental do tipo de turista que se achega ao territorio, en función das características das súas demandas. Nun primeiro grupo, pódese englobar o agroturismo, na súa vertente máis arraigada co medio rural tradicional e as súas actividades. Diversas casas de turismo rural ofertan actividades propias da gandería e da agricultura para os seus clientes.

Sen embargo, obsérvase que polo xeral os empresarios locais non declinan por esta opción. Por unha parte, moitos dos negocios de turismo non son actividades de complemento a unha explotación, polo que esta combinación é máis dificultosa. Por outra banda, hai que considerar que a etnografía e tradicións populares constitúen tamén un recurso turístico importante que ten cada vez máis efecto de atracción, onde se veñen organizando diferentes eventos para a recuperación destes valores.



Figura 36. Os afloramentos rochosos son parte dos valores paisaxísticos dos Ancares .

4



4 Diagnóstico ambiental do Parque Natural

O diagnóstico do Parque Natural dos Ancares eféctuese a partir da identificación dos tipos de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE e das especies de flora e fauna silvestre tipificadas como protexidas pola normativa comunitaria, estatal e autonómica. A análise dos compoñentes clave da biodiversidade dende unha óptica de xestión e ordenación dos recursos naturais obriga ao establecemento, cartografía e valoración dun sistema de unidades ambientais que permiten a integración da información ambiental e territorial do espazo, así como os tipos de actividades e usos que neste se realizan. Os criterios empregados para a valoración dos compoñentes da biodiversidade baséanse nos establecidos para a Rede Natura 2000, adecuando os índices ás características territoriais de Galicia.

A partir da valoración ambiental dos compoñentes do Espazo Natural e dos obxectivos de conservación establecidos, propónse unha zonificación deste como instrumento básico para a súa xestión e ordenación.



Figura 37. Os humidais teñen un elevado valor ambiental e paisaxístico na montaña dos Ancares.

4.1 Unidades Ambientais

No Parque Natural dos Ancares identificáronse e cartografáronse un total de 20 unidades ambientais, distribuídas entre 6 grupos. O máis diverso corresponde aos **Bosques naturais e seminaturais** (UA400), con 8 unidades ambientais entre as que se inclúen os diversos tipos de bosques de carballos caducifolios (*Quercus robur*, *Q. petraea*, *Q. pyrenaica*) sobreirais, biduedos, faiais, aciñeirais, bosques de castiñeiro (*soutos*) e acevedos.

A continuación con 4 unidades ambientais sitúase o grupo dos **Humidais continentais** (UA200) e das **Matogueiras e medios rochosos** (UA300) representado o primeiro polos cursos fluviais e bosques de ribeira, as lagoas e as turbeiras, mentres que o segundo exemplo está caracterizado por queirogais, matogueiras de leguminosas inermes, medios rochosos sobre materiais silíceos en áreas de baixa e media altitude, e as matogueiras, herbais e comunidades asociadas a medios rochosos de zonas de alta montaña (orófilos).

| Unidades Ambientais | |
|---------------------|---|
| UA | Designación da unidade ambiental |
| UA200 | Humidais continentais |
| UA210 | Augas estancadas |
| UA220 | Augas correntes |
| UA240 | Turbeiras altas |
| UA260 | Bosques húmidos |
| UA300 | Matogueiras e medios rochosos |
| UA310 | Grandes superficies de queirogais |
| UA311 | Grandes superficies de matogueiras de leguminosas inermes |
| UA320 | Matogueiras e medios rochosos silíceos |
| UA350 | Matogueiras e medios rochosos orófilos |
| UA400 | Bosques naturais e seminaturais |
| UA410 | Grandes superficies de complexos de bosques antigos |
| UA411 | Grandes superficies de bosques antigos |
| UA420 | Bosques de carballos caducifolios |
| UA422 | Bosques de bidueiros |
| UA423 | Bosques de faia |
| UA425 | Bosques seminaturais de <i>Castanea sativa</i> |
| UA427 | Bosques de barranco |
| UA428 | Bosques de acivro |
| UA500 | Paisaxe rural tradicional |
| UA530 | Mosaico rural con campos sen sebes |
| UA540 | Mosaico rural de áreas de montaña |
| UA600 | Paisaxe rural transformada |
| UA630 | Piñeirais |
| UA800 | Áreas urbanas e industriais |
| UA810 | Núcleos de poboación |

Tabla 56. Listado de Unidades Ambientais presentes no Parque Natural dos Ancares.



Figura 38. Mapa de Unidades Ambientais do Parque Natural dos Ancares.

As unidades ambientais UA410 e UA411 correspóndense con bosques non húmidos de carácter natural de máis de 50 ha de superficie. A primeira unidade inclúe as formacións de bosques antigos con máis de 5 tipos de bosques naturais sen considerar as formacións de *Castanea sativa*, representando estas as áreas boscosas de maior diversidade do territorio galego. A UA411 inclúe

Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural dos Ancares

formacións de máis de 50 ha de superficie dun determinado tipo de bosque. O conxunto de ambas as dúas unidades, xunto cos **Bosques seminaturais de *Castanea sativa*** (UA425) representan a maior parte da superficie de bosque natural-seminatural do Parque Natural dos Ancares. A progresiva antropización do territorio galego experimentada nos últimos 1.500 anos, conduciu a unha incesante redución da superficie ocupada polos bosques, constituindo Os Ancares, xunto co Parque Natural das Fragas do Eume, as únicas áreas do territorio galego onde os bosques manteñen un importante grao de cobertura, diversidade e naturalidade.

As unidades ambientais vinculadas aos aproveitamentos agrícolas do territorio inclúen dende sistemas rurais tradicionais configurados por un mosaico de labradíos, prados, pequenas hortas, sebes e bosquetes caducifolios (UA540), ata unha serie de áreas agrícolas nas que predominan os pasteiros artificiais e os elementos de carácter natural son moito máis escasos (UA530).

No tocante ás plantacións forestais, principalmente as plantacións cartografiadas corresponden con piñeirais (UA630). O resto das unidades ambientais vincúlase coa existencia de entidades de poboación (UA810).



Figura 39. As construcións e o paisaxe tradicional son un rasgo característico da montaña dos Ancares.

4.2 Hábitats

No Parque Natural dos Ancares identificáronse un total de 30 hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, o cal representa un 42% do conxunto rexistrado en Galicia. Dentro do territorio do Parque Natural 9 tipos de hábitats son considerados como prioritarios, o cal supón un 30% do conxunto identificado no Espazo Natural, e un 50 % dos prioritarios do territorio galego.

| Hábitats | | |
|--|---|--|
| Nat-2000 | | Denominación oficial do Anexo I da DC 92/43/CEE (Abreviado) |
| 3. Hábitats de auga doce | | |
| 3130 | | Augas oligotróficas ou mesotróficas |
| 3160 | | Lagos e charcas distróficos naturais |
| 3260 | | Ríos dos pisos basal a montano |
| 4. Queirogais e matogueiras da zona temperada | | |
| 4020 | * | Queirogais húmidos atlánticos de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i> |
| 4030 | | Queirogais secos europeos |
| 4060 | | Queirogais alpinos e boreais |
| 5. Matogueiras esclerófilas | | |
| 5230 | * | Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i> |
| 6. Formacións herbosas naturais e seminaturais | | |
| 6160 | | Prados ibéricos silíceos de <i>Festuca indigesta</i> |
| 6220 | * | Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde Thero-Brachypodietea |
| 6230 | * | Formacións herbáceas con <i>Nardus</i> |
| 6410 | | Prados con <i>Molinia</i> |
| 6430 | | Megaforbios éutrofos higrófilos das orlas de chairas |
| 6510 | | Prados de sega de baixa altitude |
| 6520 | | Prados de sega de montaña |
| 7. Turbeiras altas, turbeiras baixas e áreas lamacentas | | |
| 7110 | * | Turbeiras altas activas |
| 7140 | | Turbeiras de transición e inllós |
| 7150 | | Depresións sobre sustratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i> |
| 8. Hábitats rochosos e covas | | |
| 8130 | | Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos |
| 8220 | | Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica |
| 8230 | | Rochedos silíceos con vexetación pioneira |
| 8310 | | Covas non explotadas polo turismo |
| 9. Bosques | | |
| 9120 | | Faias acidófilos atlánticos |
| 9180 | * | Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do <i>Tilio-Acerion</i> |
| 91D0 | * | Turbeiras boscosas |
| 91E0 | * | Bosques aluviais |
| 9230 | | Carballais galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Q. pyrenaica</i> |
| 9260 | | Soutos |
| 9330 | | Sobreirais |
| 9380 | | Bosques de <i>Ilex aquifolium</i> |
| 9580 | * | Bosques de <i>Taxus baccata</i> |

Táboa 57. Relación de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE no Parque Natural dos Ancares.

O grupo mellor representado dentro do conxunto de hábitats inventariado no Parque Natural dos Ancares é o correspondente aos **Bosques**, con un total de 9 tipoloxías, entre as que destacan os 4 tipos prioritarios: Nat-2000 9180* **Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do Tilio-Acerion**, Nat-2000 91D0* **Turbeiras boscosas**, Nat-2000 91E0* **Bosques aluviais** e Nat-2000 9580* **Bosques de *Taxus baccata***. Este último quizais é o exemplo máis salientable, posto que a súa distribución en Galicia soamente se restrinxe á presenza en áreas moi concretas, situación análoga ao que acontece cos tipos Nat-2000 9120 **Faias acidófilos atlánticos** e Nat-2000 9380 **Bosques de *Ilex aquifolium***.

Outro grupo con unha importante representatividade é o relativo ás **Formacións herbosas naturais ou seminaturais**, con un total de 7 tipos, dos cales 2 son prioritarios: Nat-2000 6220* **Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde *Thero-Brachypodietea***, e Nat-2000 6230* **Formacións herbáceas con *Nardus***. Cabe salientar que a meirande parte dos tipos deste grupo incluídos no Parque Natural dos Ancares teñen vencellada a súa presenza á existencia de humidade no solo.

O grupo de **Hábitats rochosos e covas** inclúe un total de 4 tipos dentro dos límites do Parque Natural dos Ancares, vencellados ás tipoloxías silíceas, e entre os cales non se atopa ningún tipo prioritario.

Outros hábitats a salientar a súa presenza son os tipos lacunares Nat-2000 3130 **Augas oligotróficas ou mesotróficas** e Nat-2000 3160 **Lagos e charcas distróficos naturais**, e os tipos prioritarios Nat-2000 4020* **Queirogais húmidos atlánticos de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix***, Nat-2000 5230* **Matogueiras arborescentes de *Laurus nobilis*** e Nat-2000 7110* **Turbeiras altas activas**.






Figura 40. Imaxe dun prado de sega con narcisos en Ancares.

4.3 Especies de interese para a conservación

Como especies de interese para a conservación considéranse aquelas incluídas no Anexo II da Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE), as aves do Anexo I da DC 79/409/CEE, xunto ás catalogadas como “En Perigo de Extinción” e “Vulnerables” de acordo cos Catálogo Nacional e Galego de Especies Ameazadas.

| Especies de interese para a conservación | | | | | | | |
|--|----------|---|----------|----------|----------|-----------|-----------|
| | Anexo | | CNEA | | CGEA | | Totais |
| | P |  | En | Vu | E | V | |
| Flora | - | 4 | - | - | 2 | 6 | 10 |
| Invertebrados | - | 5 | - | - | 1 | 1 | 5 |
| Anfibios | - | 2 | - | - | - | 4 | 5 |
| Réptiles | - | 2 | - | - | - | 1 | 3 |
| Aves | - | 21 | 1 | 1 | 2 | 5 | 22 |
| Mamíferos | 1 | 4 | 1 | 1 | - | 2 | 4 |
| Totais | 1 | 38 | 2 | 2 | 5 | 19 | 49 |

Anexo II da DC 92/43/CEE ou Anexo I da DC 79/409/CEE no caso das aves [Anexo]: Especie prioritaria de acordo coa DC92/43/CEE [P]. Especie incluída no Anexo II da DC 92/43/CEE ou no Anexo I da DC 79/409/CEE []. Categorias do Catálogo Nacional de Especies Ameazadas [CNEA]: En Perigo de Extinción [En]. Vulnerable [Vu]. Categorias do Catálogo Galego de Especies Ameazadas [CGEA]: En Perigo de Extinción [E]. Vulnerable [V].

Táboa 58. Número de especies de interese para a conservación presentes no Parque Natural dos Ancares.

O Parque Natural dos Ancares alberga un total de 49 especies consideradas clave para a biodiversidade. O grupo que posúe un maior número de especies é o das aves con 22 taxons, seguido do de flora con 10. Entre as especies presentes pódense destacar o oso (*Ursus arctos*) taxon prioritario e a pita do monte (*Tetrao urogallus*) considerada “En Perigo de Extinción” nos Catálogos Galego e Nacional de Especies Ameazadas.

No que respecta á flora que se pode atopar no Parque Natural destacan *Lycopodiella inundata* e o brión *Zygodon conoideus* incluídas na categoría “En Perigo de Extinción” no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. Por outro lado e consideradas de Importancia Comunitaria (Anexo II da DC 92/43/CEE) están presentes dúas especies de narcisos (*N. asturiensis* e *N. pseudonarcissus nobilis*) xunto a *Festuca elegans* e *Festuca summilusitanica*.

No grupo dos invertebrados destacar o Caracol de Quimper (*Elona quimperiana*) incluído no Anexo II da DC 92/43/CEE e considerado “En Perigo de Extinción” de acordo co Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Entre a herpetofauna a saramaganta (*Chioglossa lusitanica*), o sapiño pintoxo (*Discoglossus galganoi*), a lagartixa da serra (*Iberolacerta monticola*) e o lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*) inclúense no Anexo II da DC 92/43/CEE.

A aguiá real (*Aquila chrysaetos*) e a pita do monte (*Tetrao urogallus*) son algunhas das especies orníticas de gran valor que se localizan no Parque Natural dos Ancares, ámbalas dúas catalogadas

Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural dos Ancares

como “En Perigo de Extinción” no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas e incluídas no Anexo I da DC 79/409/CEE.

Por último no grupo dos mamíferos o oso (*Ursus arctos*), especie prioritaria, é unha das de maior interese do Parque Natural, esta vese acompañada polo rato de almizcre (*Galemys pyrenaicus*), a lontra (*Lutra lutra*) e ata un total de 6 especies de quirópteros de interese comunitario.

| Especies de interese para a conservación | | | |
|--|-------|------|------|
| | Anexo | CNEA | CGEA |
| Flora | | | |
| <i>Arabis juressi</i> | | | V |
| <i>Cardamine raphanifolia</i> subsp. <i>gallaexica</i> | | | V |
| <i>Lycopodiella inundata</i> | | | E |
| <i>Festuca elegans</i> | ● | | |
| <i>Festuca summilusitanica</i> | ● | | |
| <i>Narcissus asturiensis</i> | ● | | V |
| <i>Narcissus pseudonarcissus</i> subsp. <i>nobilis</i> | ● | | V |
| <i>Ranunculus serpens</i> | | | V |
| <i>Ulotia coarctata</i> | | | V |
| <i>Zygodon conoideus</i> | | | E |
| Invertebrados | | | |
| <i>Cerambyx cerdo</i> | ● | | |
| <i>Elona quimperiana</i> | ● | | E |
| <i>Euphydryas aurinia</i> | ● | | |
| <i>Geomalacus maculosus</i> | ● | | V |
| <i>Lucanus cervus</i> | ● | | |
| Anfibios | | | |
| <i>Chioglossa lusitanica</i> | ● | | V |
| <i>Discoglossus galganoi</i> | ● | | |
| <i>Hyla arborea</i> | | | V |
| <i>Rana iberica</i> | | | V |
| <i>Rana temporaria</i> | | | V |
| Réptiles | | | |
| <i>Iberolacerta monticola</i> | ● | | |
| <i>Lacerta schreiberi</i> | ● | | |
| <i>Lacerta vivipara</i> | | | V |

Especie incluída no Anexo II da DC 92/43/CEE ou no Anexo I da DC 79/409/CEE para as aves **[Anexo]**. Especie prioritaria de acordo coa DC92/43/CEE **[P]**. Categorías do Catálogo Nacional de Especies Ameazadas **[CNEA]**: En Perigo de Extinción **[En]**. Vulnerable **[Vu]**. Categorías do Catálogo Galego de Especies Ameazadas **[CGEA]**: En Perigo de Extinción **[E]**. Vulnerable **[V]**.

Táboa 59. Relación de especies de interese para a conservación presentes no Parque Natural dos Ancares

| Especies de interese para a conservación | | | |
|--|-------|------|------|
| | Anexo | CNEA | CGEA |
| Aves | | | |
| <i>Alcedo atthis</i> | ● | | |
| <i>Anthus campestris</i> | ● | | |
| <i>Aquila chrysaetos</i> | ● | | E |
| <i>Bubo bubo</i> | ● | | V |
| <i>Caprimulgus europaeus</i> | ● | | |
| <i>Circaetus gallicus</i> | ● | | |
| <i>Circus cyaneus</i> | ● | | V |
| <i>Circus pygargus</i> | ● | Vu | V |
| <i>Dendrocopos medius</i> | ● | | |
| <i>Dryocopus martius</i> | ● | | |
| <i>Emberiza hortulana</i> | ● | | |
| <i>Falco peregrinus</i> | ● | | |
| <i>Hieraetus pennatus</i> | ● | | |
| <i>Lanius collurio</i> | ● | | |
| <i>Lullula arborea</i> | ● | | |
| <i>Milvus migrans</i> | ● | | |
| <i>Perdix perdix subsp. hispaniensis</i> | ● | | V |
| <i>Pernis apivorus</i> | ● | | |
| <i>Pyrrhocorax pyrrhocorax</i> | ● | | |
| <i>Scolopax rusticola</i> | ● | | V |
| <i>Sylvia undata</i> | ● | | |
| <i>Tetrao urogallus</i> | ● | En | E |
| Mamíferos | | | |
| <i>Barbastella barbastellus</i> | ● | | |
| <i>Galemys pyrenaicus</i> | ● | | V |
| <i>Lutra lutra</i> | ● | | |
| <i>Miniopteris schreibersii</i> | ● | Vu | V |
| <i>Myotis emarginata</i> | ● | Vu | V |
| <i>Myotis myotis</i> | ● | Vu | V |
| <i>Rhinolophus ferrumequinum</i> | ● | Vu | V |
| <i>Rhinolophus hipposideros</i> | ● | | V |
| <i>Ursus arctos</i> | P | En | E |

Especie incluída no Anexo II da DC 92/43/CEE ou no Anexo I da DC 79/409/CEE para as aves [Anexo]. Especie prioritaria de acordo coa DC92/43/CEE [P]. Categorias do Catálogo Nacional de Especies Ameazadas [CNEA]: En Perigo de Extinción [En], Vulnerable [Vu]. Categorias do Catálogo Galego de Especies Ameazadas [CGEA]: En Perigo de Extinción [E], Vulnerable [V].

Táboa 60. Relación de especies de interese para a conservación presentes no Parque Natural dos Ancares



Figura 41. Imaxe dunha *Lacerta schreiberi*, tamén chamada lagarto das silvas.

4.4 Información cartográfica e xeo-estadística

Este apartado comprende toda a información xerada a partir do Sistema de Información Xeográfica deseñado, no cal atópanse relacionadas por un lado a cartografía ambiental do Parque Natural e por outra parte a Base de Datos na que se atopa a información alfanumérica xerada para cada unidade cartográfica.

Grazas ao vínculo existente entre a información almacenada no mapa vectorial de polígonos e a contida no conxunto de táboas da base de datos, é posible obter os valores totais do número de unidades cartografadas e a súa superficie para o Espazo Natural.

A partir da información de unidades cartográficas, xunto ao Sistema de Unidades Ambientais establecido, así como a relación daquelas cos hábitats do Anexo I do 92/43/CEE, é posible coñecer o conxunto destes. Ademais, grazas ao sistema de almacenamento que se seguiu da información, pódese chegar a estimar a superficie dos diferentes tipos de hábitats presentes no Anexo I.

4.4.1 Unidades Ambientais

Case a metade da superficie ocupada polo Parque Natural dos Ancares está dominada pola UA310 **Grandes superficies de queirogais**, con máis de 11.100 ha, o que supón o 43 % do Espazo. Se a isto se lle engaden as zonas abrangidas polo resto de unidades do grupo UA300 **Matogueiras e medios rochosos**, resulta que máis do 50% do Parque está baixo o dominio das formacións arbustivas (incluíndo todas as súas variantes) e dos rochedos silíceos.

| Unidades Ambientais | | | | | |
|---------------------|---|--------------|-------|---------------------|--------------|
| Código | Denominación | nº | % nº | Superficie | % Superficie |
| UA210 | Augas estancadas | 4 | 0,24 | 0,49 ha | < 0,01 |
| UA220 | Augas correntes | 149 | 9,09 | 79,10 ha | 0,31 |
| UA240 | Turbeiras altas | 31 | 1,89 | 78,60 ha | 0,30 |
| UA260 | Bosques húmidos | 45 | 2,74 | 53,06 ha | 0,20 |
| UA310 | Grandes superficies de queirogais | 192 | 11,71 | 11.133,10 ha | 42,95 |
| UA311 | Grandes superficies de matogueiras de leguminosas inermes | 105 | 6,40 | 1.346,08 ha | 5,19 |
| UA320 | Matogueiras e medios rochosos silíceos | 132 | 8,05 | 666,57 ha | 2,57 |
| UA350 | Matogueiras e medios rochosos orófilos | 12 | 0,73 | 162,88 ha | 0,63 |
| UA410 | Grandes superficies de complexos de bosques antigos | 20 | 1,22 | 1.945,26 ha | 7,50 |
| UA411 | Grandes superficies de bosques antigos | 60 | 3,66 | 1.929,62 ha | 7,44 |
| UA420 | Bosques de carballos caducifolios | 125 | 7,62 | 1.320,46 ha | 5,09 |
| UA422 | Bosques de bidueiros | 18 | 1,10 | 140,74 ha | 0,54 |
| UA423 | Bosques de faia | 2 | 0,12 | 4,70 ha | 0,02 |
| UA425 | Bosques seminaturais de Castanea sativa | 137 | 8,35 | 1.592,47 ha | 6,14 |
| UA427 | Bosques de barranco | 9 | 0,55 | 121,64 ha | 0,47 |
| UA428 | Bosques de acivro | 14 | 0,85 | 151,14 ha | 0,58 |
| UA530 | Mosaico rural con campos sen sebes | 13 | 0,79 | 175,66 ha | 0,68 |
| UA540 | Mosaico rural de áreas de montaña | 426 | 25,98 | 3.224,04 ha | 12,44 |
| UA630 | Piñeirais | 53 | 3,23 | 1.740,60 ha | 6,71 |
| UA810 | Núcleos de poboación | 93 | 5,67 | 57,72 ha | 0,22 |
| | | 1.640 | | 25.923,93 ha | |

Tabla 61. Superficies ocupadas polas Unidades Ambientais cartografadas no Parque Natural dos Ancares.

Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural dos Ancares

O grupo de unidades ambientais mellor representado é o de **Bosques** (UA400), con 8 tipos presentes no Espazo. Porén, as unidades de maior significación espacial son a UA410 **Grandes superficies de complexos de bosques antigos** e a UA411 **Grandes superficies de bosques antigos**, correspondentes ás masas arborizadas en mellor estado de conservación, cunha maior diversidade fitocenótica, e que compoñen as manchas arboladas de maior superficie. Deste xeito, cada unha delas abrangue algo menos de 2.000 ha, é dicir, algo máis do 7 % do Espazo Natural.

Outras unidades arboradas bastante ben representada son a UA425 **Bosques de Castanea sativa**, con case 1.600 ha dentro do Parque, o que supón o 6 % do mesmo; e a UA420 **Bosques de carballos caducifolios**, con algo máis de 1.300 ha, que supoñen o 5 % do total.

As zonas da paisaxe agraria tradicional, incluídas na UA540 **Mosaico rural de áreas de montaña**, abranguen máis de 3.200 ha, vencelladas fundamentalmente aos principais vales montañosos incluídos no Parque Natural dos Ancares, polo que estas áreas representan máis dun 12 % do Espazo.

Tamén cabe suliñar o grao de cobertura da UA630 **Piñeirais**, con máis de 1.700 ha, o que significa que case o 7 % do Parque se atopa dominado polas plantacións forestais de especies do xénero *Pinus* (fundamentalmente *Pinus pinaster*, *P. radiata* e *P. sylvestris*).




Figura 42. Proporcións superficiais dos grupos de Unidades Ambientais presentes no Parque Natural dos Ancares.

4.4.2 Hábitats

O tipo de hábitat mellor representado desde un punto de vista territorial é o Nat-2000 4030 **Queirogais secos europeos**, posto que acada máis de 10.800 ha de superficie en todo o Parque Natural, o cal representa o 42% do devandito Espazo. Os seguintes tipos de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE en orde de importancia superficial son dous exemplos do grupo de **Bosques**: o tipo Nat.-2000 9230 **Carballais galaico-portugueses con Quercus robur e Q. pyrenaica**, que conta con case 5.000 ha dentro do Parque Natural, é dicir, algo máis dun 19 % do mesmo; e o tipo Nat-2000 9260 **Soutos**, o cal posúe, dun xeito similar ao acontecido coas unidades ambientais, unhas 1.500 ha, o que supón case o 6 % do Parque Natural dos Ancares.

| Hábitats | | | |
|----------|---|--------------|--------|
| Nat-2000 | Denominación oficial do Anexo I da DC 92/43/CEE (Abreviado) | Superficie | % |
| 3130 | Augas oligotróficas ou mesotróficas | 0,47 ha | < 0,01 |
| 3160 | Lagos e charcas distróficos naturais | < 0,01 ha | < 0,01 |
| 3260 | Ríos dos pisos basal a montano | 262,99 ha | 1,00 |
| 4020 * | Queirogais húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix | 168,46 ha | 0,64 |
| 4030 | Queirogais secos europeos | 10.830,83 ha | 41,75 |
| 4060 | Queirogais alpinos e boreais | 103,30 ha | 0,38 |
| 5230 * | Matogueiras arborescentes de Laurus nobilis | 0,27 ha | < 0,01 |
| 6160 | Prados ibéricos silíceos de Festuca indigesta | 22,53 ha | 0,08 |
| 6220 * | Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde Thero-Brachypodietea | 143,90 ha | 0,54 |
| 6230 * | Formacións herbáceas con Nardus | 12,58 ha | 0,04 |
| 6410 | Prados con Molinia | 49,84 ha | 0,18 |
| 6430 | Megaforbios eútrofos higrófilos das orlas de chairas | 97,62 ha | 0,37 |
| 6510 | Prados de sega de baixa altitude | 145,23 ha | 0,55 |
| 6520 | Prados de sega de montaña | 809,62 ha | 3,12 |
| 7110 * | Turbeiras altas activas | 78,60 ha | 0,30 |
| 7140 | Turbeiras de transición e inllós | 1,08 ha | < 0,01 |
| 7150 | Depresións sobre sustratos turbosos do Rhynchosporion | 2,01 ha | < 0,01 |
| 8130 | Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos | 145,47 ha | 0,54 |
| 8220 | Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica | 373,56 ha | 1,43 |
| 8230 | Rochedos silíceos con vexetación pioneira | 585,87 ha | 2,24 |
| 8310 | Covas non explotadas polo turismo | 101,91 ha | 0,39 |
| 9120 | Faiais acidófilos atlánticos | 5,64 ha | 0,01 |
| 9180 * | Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do Tilio-Acerion | 116,32 ha | 0,44 |
| 91D0 * | Turbeiras boscosas | 1,30 ha | < 0,01 |
| 91E0 * | Bosques aluviais | 72,44 ha | 0,27 |
| 9230 | Carballais galaico-portugueses con Quercus robur e Q. pyrenaica | 4.798,83 ha | 18,48 |
| 9260 | Soutos | 1.512,84 ha | 5,83 |
| 9330 | Sobreirais | 0,85 ha | < 0,01 |
| 9380 | Bosques de Ilex aquifolium | 175,21 ha | 0,65 |
| 9580 * | Bosques de Taxus baccata | 2,01 ha | < 0,01 |

Táboa 62. Superficies estimadas de ocupación dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE no Parque Natural dos Ancares.

Outros hábitats a salientar son o tipo Nat-2000 6520 **Prados de sega de montaña**, con unha superficie estimada de 810 ha, o cal supón o 3 % do Parque Natural; e os tipos do grupo de **Hábitats rochosos e covas**, Nat-2000 8130 **Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos**, Nat-2000 8220 **Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica** e o Nat-2000 8230 **Rochedos silíceos con vexetación pioneira**, os cales suman entre as súas áreas calculadas arredor de 1.100 ha (máis do 4% do Parque Natural). Sobre a superficie abranguida polos tipos prioritarios presentes no Parque Natural dos Ancares, cabe suliñar que ningún deles supón máis do 1 % da superficie total do Espazo, o cal da unha idea do escaso nivel de cobertura que poden presentar.

4.5 Avaliación do estado de conservación

A avaliación ambiental do Parque Natural dos Ancares enmárcase nos criterios establecidos nas diversas seccións do Anexo III da Directiva Hábitats (DC 92/43/CEE), mediante os cales un lugar pode ser avaliado para cada tipo de hábitat natural do Anexo I da citada Directiva e para cada especie incluída no Anexo I da Directiva Aves (DC 79/409/CEE) e no Anexo II da Directiva Hábitats. Sinalar que a valoración das especies do Parque Natural dos Ancares integra ademais das especies citadas anteriormente, as incluídas no Anexo IV da Directiva Hábitats e as tipificadas como En Perigo de Extinción e Vulnerables de acordo cos Catálogo Nacional e Galego de Especies Ameazadas.

A continuación descríbense os criterios empregados na avaliación ambiental do Parque Natural dos Ancares xunto aos resultados obtidos da aplicación dos mesmos:

| Estado de conservación dos hábitats [H] | |
|---|---------------|
| Tipos de criterios | Código |
| Representatividade | H.a |
| Exemplaridade dun tipo de hábitat en relación co lugar | |
| Superficie relativa | H.b |
| Superficie do lugar abranguida polo tipo de hábitat natural en relación coa superficie total que abrangue o devandito tipo de hábitat natural polo que se refire ao territorio nacional | |
| Grao de conservación | H.c |
| Grao de conservación da estrutura e funcións do hábitat no lugar | |
| Estado de conservación das especies [E] | |
| Tipos de criterios | Código |
| Poboación [Ba] | E.a |
| Tamaño e densidade da poboación da especie que estea presente no lugar en relación coas poboacións presentes no territorio nacional | |
| Grao de Conservación [Bb] | E.b |
| Grao de conservación dos elementos do hábitat relevantes para a especie | |
| Illamento [Bc] | E.c |
| Grao de conservación da estrutura e funcións do hábitat no lugar | |

Táboa 63. Tipos de criterios establecidos pola Directiva Hábitats para a valoración do estado de conservación de hábitats e especies nun lugar

Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural dos Ancares

As maiores diferencias atópanse en base ao criterio H.c, que corresponde ao Grao de conservación da estrutura e funcións do hábitat no lugar, así como no criterio H.a que corresponde á Exemplaridade dun tipo de hábitat en relación co lugar. O criterio H.b é o mesmo para todas porque a superficie relativa de cada un dos tipos dos hábitats, fronte á superficie ocupada no territorio español do mesmo é en todos os casos inferior ao 2%.

| Estado de Conservación dos Hábitats | | | | H.a | H.b | H.c | H |
|--|---|---|--|-----|-----|-----|---|
| Nat-2000 | | Denominación oficial do Anexo I da DC 92/43/CEE (Abreviada) | | | | | |
| 3. Hábitats de auga doce | | | | | | | |
| 3130 | | Augas oligotróficas ou mesotróficas | | A | C | A | A |
| 3160 | | Lagos e charcas distróficos naturais | | A | C | A | A |
| 3260 | | Ríos dos pisos basal a montano | | A | C | A | A |
| 4. Queirogais e matogueiras da zona temperada | | | | | | | |
| 4020 | * | Queirogais húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix | | A | C | A | A |
| 4030 | | Queirogais secos europeos | | A | C | A | A |
| 4060 | | Queirogais alpinos e boreais | | A | C | A | A |
| 5. Matogueiras esclerófilas | | | | | | | |
| 5230 | * | Matogueiras arborescentes de Laurus nobilis | | B | C | B | C |
| 6. Formacións herbosas naturais e seminaturais | | | | | | | |
| 6160 | | Prados ibéricos silíceos de Festuca indigesta | | A | C | A | A |
| 6220 | * | Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde Thero-Brachypodietea | | A | C | A | A |
| 6230 | * | Formacións herbáceas con Nardus | | B | C | A | B |
| 6410 | | Prados con Molinia | | B | C | B | C |
| 6430 | | Megaforbios eútrofos higrófilos das orlas de chairas | | A | C | A | A |
| 6510 | | Prados de sega de baixa altitude | | B | C | B | C |
| 6520 | | Prados de sega de montaña | | B | C | A | B |
| 7. Turbeiras altas, turbeiras baixas e áreas lamacentas | | | | | | | |
| 7110 | * | Turbeiras altas activas | | A | C | A | A |
| 7140 | | Turbeiras de transición e inllós | | A | C | A | A |
| 7150 | | Depresións sobre sustratos turbosos do Rhynchosporion | | A | C | A | A |
| 8. Hábitats rochosos e covas | | | | | | | |
| 8130 | | Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos | | A | C | A | A |
| 8220 | | Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica | | A | C | A | A |
| 8230 | | Rochedos silíceos con vexetación pioneira | | A | C | A | A |
| 8310 | | Covas non explotadas polo turismo | | A | C | B | B |
| 9. Bosques | | | | | | | |
| 9120 | | Faiais acidófilos atlánticos | | A | C | A | A |
| 9180 | * | Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do Tilio-Acerion | | B | C | A | B |
| 91D0 | * | Turbeiras boscosas | | A | C | A | A |
| 91E0 | * | Bosques aluviais | | A | C | A | B |
| 9230 | | Carballais galaico-portugueses con Quercus robur e Q. pyrenaica | | B | C | A | B |
| 9260 | | Soutos | | A | C | A | A |
| 9330 | | Sobreirais | | B | C | B | C |
| 9380 | | Bosques de Ilex aquifolium | | A | C | A | A |
| 9580 | * | Bosques de Taxus baccata | | B | C | A | B |

Representatividade [H.a]: Excelente, a área de distribución do hábitat supera o 50% da súa superficie potencial de ocupación dentro do Espazo Natural [A]. Boa, a área de distribución do hábitat establécese entre o 25 -50% da súa superficie potencial de ocupación dentro do Espazo Natural [B]. Significativa, a área de distribución do hábitat establécese entre o 1 -25% da súa superficie potencial de ocupación dentro do Espazo Natural [C]. Non significativa, o hábitat atópase restrinxido a unha ou a un conxunto reducido de localidades que en total posúen unha área de ocupación inferior ao 1% da superficie do Espazo Natural

Superficie relativa, [H.b]: 15-100 % [A]. 15-2 % [B]. <2 % [C]

Grao de conservación [H.c]: Excelente [A]. Bo [B]. Intermedio [C]

Estado de conservación dos hábitats do lugar (Anexo I da DC 92/43/CEE) [H]: Excelente [A]. Bo [B]. Significativo [C]

Táboa 64. Estado de conservación dos hábitats do Parque Natural dos Ancares.

Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural dos Ancares

| Estado de Conservación das Especies | | | | |
|--|-----|-----|-----|---|
| | E.a | E.b | E.c | E |
| Flora | | | | |
| <i>Arabis juressi</i> | C | B | C | C |
| <i>Cardamine raphanifolia</i> subsp. <i>gallaexica</i> | C | B | C | C |
| <i>Lycopodiella inundata</i> | C | B | C | C |
| <i>Festuca elegans</i> | C | B | B | B |
| <i>Festuca summilusitanica</i> | C | B | B | B |
| <i>Narcissus asturiensis</i> | C | B | C | C |
| <i>Narcissus pseudonarcissus</i> subsp. <i>nobilis</i> | C | B | C | C |
| <i>Ranunculus serpens</i> | C | B | B | B |
| <i>Ulotia coarctata</i> | C | B | B | B |
| <i>Zygodon conoideus</i> | C | B | C | C |
| Invertebrados | | | | |
| <i>Cerambyx cerdo</i> | C | B | C | C |
| <i>Elona quimperiana</i> | C | B | C | C |
| <i>Euphydryas aurinia</i> | C | B | C | C |
| <i>Geomalacus maculosus</i> | C | B | C | C |
| <i>Lucanus cervus</i> | C | B | C | C |
| Anfibios | | | | |
| <i>Chioglossa lusitanica</i> | C | B | C | C |
| <i>Discoglossus galganoi</i> | C | B | C | C |
| <i>Hyla arborea</i> | C | B | C | C |
| <i>Rana iberica</i> | C | B | C | C |
| <i>Rana temporaria</i> | C | B | C | C |
| Réptiles | | | | |
| <i>Iberolacerta monticola</i> | C | B | C | C |
| <i>Lacerta schreiberi</i> | C | B | C | C |
| <i>Lacerta vivipara</i> | C | B | C | C |
| Aves | | | | |
| <i>Alcedo atthis</i> | C | B | C | C |
| <i>Anthus campestris</i> | C | B | C | C |
| <i>Aquila chrysaetos</i> | C | B | C | C |
| <i>Bubo bubo</i> | C | B | C | C |
| <i>Caprimulgus europaeus</i> | C | B | C | C |
| <i>Circaetus gallicus</i> | C | B | C | C |
| <i>Circus cyaneus</i> | C | B | C | C |
| <i>Circus pygargus</i> | C | B | C | C |
| <i>Dendrocopos medius</i> | C | B | B | B |
| <i>Dryocopus martius</i> | C | B | B | B |
| <i>Emberiza hortulana</i> | C | B | C | C |
| <i>Falco peregrinus</i> | C | B | C | C |
| <i>Hieraaetus pennatus</i> | C | B | C | C |
| <i>Lanius collurio</i> | C | B | C | C |
| <i>Lullula arborea</i> | C | B | C | C |
| <i>Milvus migrans</i> | C | B | C | C |
| <i>Perdix perdix</i> subsp. <i>hispaniensis</i> | C | B | B | B |
| <i>Pernis apivorus</i> | C | B | C | C |
| <i>Pyrrhocorax pyrrhocorax</i> | C | B | C | C |
| <i>Scolopax rusticola</i> | C | B | C | C |
| <i>Sylvia undata</i> | C | B | C | C |
| <i>Tetrao urogallus</i> | C | B | B | B |

| |
|---|
| Población [E.a]: 15-100 % [A], 15-2 % [B], <2 % [C]. Non significativa [D] |
| Grao de conservación [E.b]: Excelente [A], Bo [B], Intermedio [C] |
| Illamento [E.c]: Poboación (case) aillada [A], Poboación non illada, na marxe da súa área de distribución [B], Poboación non illada integrada na súa área de distribución [C] |
| Estado de conservación das especies do lugar [E]: Excelente [A], Bo [B], Significativo [C] |

Táboa 65. Estado de conservación das especies do Parque Natural dos Ancares

No tocante ao estado de conservación das especies, a valoración final resulta nun estado de conservación **Significativo [C]** na maioría dos casos. As escasas excepcións corresponden a taxóns cuxo estado se califica como **Bo [B]**, debido a que nestas situacións o criterio de Illamento E.c indica unha poboación non illada mais nunha marxe da área de distribución, mentres que a práctica totalidade das especies de interese para a conservación presentes no Parque Natural dos Ancares presentan poboacións non illadas integradas na súa área de distribución. O criterio E.a, correspondente ao tamaño e densidade da poboación das especies do Espazo Natural en relación coas poboacións presentes no territorio nacional, ao ser sempre inferior ao 2%, resulta igual en todas as especies consideradas. Do mesmo xeito, o criterio E.b, relativo ao grao de conservación dos elementos do hábitat relevantes para a especie, tamén é idéntico en todos os taxóns debido a que o estado de conservación dos hábitats onde se desenvolven as especies do Parque Natural dos Ancares é favorable en todos os casos.

| Estado de Conservación das Especies | | | | |
|---|-----|-----|-----|---|
| | E.a | E.b | E.c | E |
| Mamíferos | | | | |
| <i>Barbastella barbastellus</i> | C | B | C | C |
| <i>Galemys pyrenaicus</i> | C | B | C | C |
| <i>Lutra lutra</i> | C | B | C | C |
| <i>Miniopterus schreibersii</i> | C | B | C | C |
| <i>Myotis emarginata</i> | C | B | C | C |
| <i>Myotis myotis</i> | C | B | C | C |
| <i>Rhinolophus ferrumequinum</i> | C | B | C | C |
| <i>Rhinolophus hipposideros</i> | C | B | C | C |
| <i>Ursus arctos</i> | C | B | B | B |
| Población [E.a]: 15-100 % [A], 15-2 % [B], <2 % [C], Non significativa [D] | | | | |
| Grao de conservación [E.b]: Excelente [A], Bo [B], Intermedio [C] | | | | |
| Illamento [E.c]: Poboación (case) aillada [A], Poboación non illada, na marxe da súa área de distribución [B], Poboación non illada integrada na súa área de distribución [C] | | | | |
| Estado de conservación das especies do lugar [E]: Excelente [A], Bo [B], Significativo [C] | | | | |

Táboa 66. Estado de conservación das especies do Parque Natural dos Ancares





Figura 43. Os prados de sega son unha das señas de identidade da paisaxe agrícola tradicional dos Ancares.

5



5 Zonificación

Enténdese por zonificación a delimitación de diferentes áreas para as que se designan medidas de xestión xerais e específicas derivadas de necesidades de conservación dos espazos e das especies. Na Lei 9/2001 recóllese a obrigatoriedade de realizar a zonificación nos PORN (artigo 32) e nos PRUX (artigo 33), non incluíndose entre os aspectos obrigatorios que debe contar un Plan de Conservación (artigo 38).

No presente Plan, adóptase un sistema xerarquizado de zonas como ferramenta básica para a planificación e xestión dos compoñentes da biodiversidade co fin de asegurar os obxectivos de conservación e uso sostible dos recursos naturais en de cada espazo e no conxunto da Rede Natura 2000. As zonas propostas constitúen unha adaptación das designadas no Plan Director de Parques Nacionais, tendo en conta ás características territoriais, socioeconómicas e aos valores de conservación da Rede Natura 2000 en Galicia, seguindo para tal efecto a nomenclatura e características definidas no borrador do Plan Director de Ordenación dos Recursos Naturais e do Medio Físico da Rede Natura 2000 de Galicia.



Figura 44. A diversidade na paisaxe dos Ancares é un dos seus maiores atractivos culturais e ambientais.

5.1 Unidades de Zonificación

Dentro dos límites do Parque Natural dos Ancares, que abrangue unhas 25.924 ha, constitúense no presente Plan un total de 4 tipos de Unidades de Zonificación: **Zona de Interese Prioritario para a Conservación (ZPDG-A)**, **Zona de Uso Restringido (ZPDG-B)**, **Zona de Uso moderado (ZPDG-C)** e **Zona de Uso Xeral (ZPDG-D)**. O establecemento destas categorías permite compatibilizar os obxectivos de conservación da biodiversidade co uso sostible dos recursos naturais dos territorios do Espazo Natural.

| Unidades de Zonificación | |
|--------------------------|--|
| Código | Nome da zona |
| ZPDG-A | Zona de interese prioritario para a conservación |
| ZPDG-B | Zona de uso restrinxido |
| ZPDG-C | Zona de uso moderado |
| ZPDG-D | Zona de uso xeral |

Táboa 67. Tipos de zonas empregadas no PORN.

A **Zona de Interese Prioritario para a Conservación (ZPDG-A)**, estrutúrase sobre territorios cun valor de conservación moi alto, constituídos por unha porción significativa de hábitats prioritarios ou hábitats de interese comunitario, ou ben de núcleos poboacionais e hábitats de especies de interese para a conservación (especies dos anexos II e IV da DC 92/43/CEE, especies de aves migratorias e aves do Anexo I da DC 79/409/CEE, especies incluídas no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas). A configuración destas zonas, e consecuentemente a súa biodiversidade, está ligada ao mantemento de modelos tradicionais de aproveitamento dos recursos naturais que posúen un elevado grao de compatibilidade co mantemento dos compoñentes, a estrutura e o funcionamento dos ecosistemas.

As **Zonas de Uso Restringido (ZPDG-B)**. Territorios cun valor de conservación alto ou moi alto, cunha porción significativa de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, cunha elevada naturalidade e diversidade, mostrando xeralmente, unha maior representación territorial dos hábitats de interese comunitario fronte aos de carácter prioritario., ou ben, unha porción significativa de núcleos poboacionais de especies silvestres de flora e fauna de interese para a conservación. Diferenciándose, non obstante, por que estas unidades intégranse nun espazo cun nivel importante de humanización, no que existe unha porción tamén significativa de hábitats de interese comunitario, cuxa composición, estrutura e dinámica está intimamente ligada ao mantemento dos sistemas de aproveitamento tradicional.

Nestas áreas, deberase restrinxir ou no seu caso prohibir, calquera uso diferente dos que actualmente se derivan das actividades agropecuarias e forestais de carácter tradicional e que non sexan compatibles cos obxectivos de conservación.

A **Zona de Uso Moderado (ZPDG-C)**. Territorios con valor de conservación medio. Son áreas xeralmente en mosaico, nas que en conxunto predominan medios antrópicos e seminaturais, entre estes últimos atopan un importante número de hábitats de interese comunitario, cuxa composición, estrutura e dinámica está intimamente ligada ao mantemento dos sistemas de aproveitamento

tradicional. As zonas de uso moderado poden albergar ademais pequenas áreas configuradas por hábitats prioritarios ou hábitats de interese comunitario ou ben, poboacións de especies silvestres de flora e fauna tipificadas legalmente como protexidas ou ameazadas a nivel internacional, comunitario, nacional ou autonómico.

As **Zonas de Uso Moderado** están intimamente relacionadas, coa existencia de pequenos asentamentos rurais de carácter tradicionais, incluíndo tanto as vivendas como as construcións vinculadas a este tipo de actividade, cuxa distribución espacial vertebrou ao longo da historia, a configuración da paisaxe destas zonas, e en consecuencia a súa biodiversidade.

Nestas áreas, régulanse as actividades non tradicionais que poidan levar consigo unha merma ou diminución do estado de conservación dos hábitats e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación. Nos grandes espazos naturais a zona de uso moderado actúa a xeito de área de amortecemento entre as zonas de uso xeral e as zonas de maior valor de conservación.

Zona de Uso Xeral (ZPDG-D). Territorio cun valor de conservación medio ou baixo na que predominan os medios seminaturais, cun reducida naturalidade, e medios sinantrópicos, desvinculados na maioría dos casos, dos sistemas de explotación tradicional dos recursos naturais. Inclúense tamén dentro da zona de uso xeral, as áreas cun importante nivel de urbanización, igualmente afastado dos parámetros que caracterizan os asentamentos tradicionais, así como grandes áreas destinadas ao uso público. A xestión destas zonas debe orientarse a evitar a fragmentación e o illamento das zonas de maior valor

Inclúe as zonas de dominio público das infraestruturas de comunicación de titularidade estatal, autonómica, provincial ou local. Asimesmo, inclúe os territorios do Parque Natural que de acordo coa normativa urbanística vixente posúen a cualificación de “solo de núcleo rural” ou de “solo urbano”.

Na planificación do espazo, a **Zona de Uso Xeral** debe ser capaz de absorber a maior parte das actividades de carácter recreativo, co fin de reducir a presión destas sobre as áreas que posúen hábitats ou especies cunha elevada fragilidade.



Figura 45. Detalle da interrelación entre paisaxe agrícola tradicional e o entorno natural, nos Ancares.

5.2 Superficies de Zonificación

As diferentes Unidades de Zonificación posúen unha representatividade superficial vencellada aos valores naturais existentes e aos aproveitamentos tradicionais do territorio. Deste xeito, a categoría cunha maior significación dentro do Parque Natural dos Ancares é a **Zona de Uso Restringido (ZPDG-B)**, con máis de 12.500 ha, o que representa case a metade do devandito Espazo Natural.

| Superficies de Zonificación | | |
|---|------------------|----------------|
| | Superficie | % |
| ZPDG-A (Zona de Interese Prioritario para a Conservación) | 8.154 ha | 32 % |
| ZPDG-B (Zona de Uso Restringido) | 12.564 ha | 48 % |
| ZPDG-C (Zona de Uso Moderado) | 5.040 ha | 19 % |
| ZPDG-D (Zona de Uso Xeral) | 166 ha | 1 % |
| TOTAL | 25.924 ha | 100,0 % |

Táboa 68. Superficie total do Parque Natural dos Ancares en función das distintas zonas de uso e xestión.

A seguinte Unidade de Zonificación en orde de importancia territorial é a **Zona de Interese Prioritario para a Conservación (ZPDG-A)**, con máis de 8.000 ha que supoñen case unha terceira parte da superficie protexida polo Parque Natural, e concéntrase fundamentalmente nos principais vales arbolados e nos cumios de maior altitude da parte oriental do Espazo Natural. Cabe suliñar que esta categoría é na que os obxectivos de conservación dos recursos naturais prevalecen sobre o resto.

O resto do Parque Natural dos Ancares quedaría incluído na **Zona de Uso Moderado (ZPDG-C)** con máis de 5.000 ha (un 19 %), concentradas na parte occidental do Espazo, e na **Zona de Uso Xeral (ZPDG-D)**, que soamente abrangue unha superficie de case 166 ha (algo menos do 1%), situada íntegra na parte Norte dentro do Concello de Navia de Suarna.


| Superficies de Zonificación | | | | | | |
|-----------------------------|------------------|-------------|-----------------|------------|------------------|------------|
| | Parque Natural | | Navia de Suarna | | Cervantes | |
| | Superficie | % | Superficie | % | Superficie | % |
| ZPDG-A | 8.154 ha | 32 % | 2.205 ha | 9 % | 5.948 ha | 23 % |
| ZPDG-B | 12.564 ha | 48 % | 5.038 ha | 19 % | 7.527 ha | 29 % |
| ZPDG-C | 5.040 ha | 19 % | 2.073 ha | 8 % | 2.967 ha | 11 % |
| ZPDG-D | 166 ha | 1 % | 166 ha | 1 % | --- | --- |
| TOTAL | 25.924 ha | 100% | 9.482 ha | 37% | 16.442 ha | 63% |

Táboa 69. Superficie municipal do Parque Natural dos Ancares distribuída nas unidades de zonificación establecidas no presente Plan.



Figura 46. Zonificación do Parque Natural dos Ancares.

6



6 Medidas de xestión

Os decretos 211/2005, do 3 de agosto (DOG 149, 03/08/2005) e 232/2005, do 11 de agosto (DOG 115, 12/08/2005), establecen a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e dos seus distintos departamentos, de acordo coa Lei 1/1983, do 22 de febreiro (DOG 23, 21/03/1983), modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro (DOG 208, 28/10/1988), reguladora da Xunta e do seu Presidente. O Decreto 597/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (DOG 15, 23/01/2006), dispón no seu artigo primeiro, que a devandita consellería é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que corresponde o exercicio das competencias e funcións que, en materia de medio ambiente e conservación da natureza, se establecen nos artigos 27.12, 27.15, 27.30 e 29.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia e no resto da normativa de aplicación, en especial, na normativa sobre protección ambiental de Galicia.

6.1 **Introdución**

De acordo cos obxectivos de conservación da Rede Natura 2000, e unha vez identificados os principais compoñentes e valores do espazo natural, así como as principais afeccións e ameazas, procédense a definir os obxectivos e directrices que se adoptarán na ordenación dos usos e das actividades a desenvolver no espazo natural obxecto do presente plan. A orientación principal da ordenación será o mantemento nun estado de conservación favorable da biodiversidade de cada espazo e, en especial, dos tipos de hábitats e das especies de maior significación existentes neste. As necesidades de conservación e restauración deberán compatibilizarse cos aproveitamentos tradicionais, cuxo mantemento é fundamental para garantir o desenvolvemento das comunidades que viven neste territorio. Para a súa consecución, o presente plan apóiase nos seguintes instrumentos:

- 1) Unha zonificación do territorio comprendido polo espazo natural, de carácter homoxéneo para o conxunto da rede de espazos, a partir da cal se definen as diferentes categorías de protección que condicionen os usos, aproveitamentos e actuacións en cada unha delas.
- 2) Unha regulación de usos e actividades, co fin de garantir os obxectivos de conservación da Rede Natura 2000, propostos pola DC 92/43/CEE e a DC/79/409/CEE, así como na normativa de ámbito estatal (Lei 42/2007) e autonómica (Lei 9/2001). Regulación que se establece de forma xenérica para todo o ámbito do espazo natural (LIC, ZEPA, ZEC) ou ben de forma específica para as diferentes unidades territoriais fixadas na zonificación do espazo (zonas).

O presente Plan articula as directrices e normativas de xestión en dous niveis: Unha normativa derivada da consideración do territorio como espazo protexido da Rede Natura 2000, e designada como "**Medidas de xestión da Rede Natura 2000**", que derivan das normativas de ámbito europeo (DC 79/409/CEE, DC 92/43/CEE, DC 2000/60/CE), estatal (Lei 42/2007) e autonómico (Lei 9/2001), acordos cos criterios que se establecen no borrador do Plan Director de Ordenación dos Recursos Naturais e do Medio Físico da Rede Natura 2000 de Galicia. A normativa derivada da condición do territorio obxecto do presente Plan, como espazo protexido da Rede Natura 2000, complétase cun conxunto de medidas específicas para o parque designadas como "**Medidas de xestión específicas do Parque Natural**".

A formulación das normativas de ordenación e xestión, en relación con plans, proxectos e actividades que, sen ter relación directa coas necesidades de xestión, puidesen provocar unha afección significativa sobre a integridade do espazo ou dos seus compoñentes, realízase en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE (Directiva Hábitats), así como pola propia normativa de impacto ambiental. Isto permite incrementar a seguridade xurídica de certas actividades e, en concreto, daquelas de carácter tradicional, vinculadas ao sector primario (agricultura, gandería, montes, etc.), promovéndose aquelas de carácter sostible.

Os posibles usos e aproveitamentos dos recursos naturais terán a consideración de permitidos, autorizables e non permitidos en función da súa incidencia sobre os valores que motivaron a súa declaración.

Considérase **uso permitido** calquera actividade compatible cos obxectivos da declaración do espazo natural, como integrante da Rede Galega de Espazos Protexidos e da Rede Natura 2000. Pode, polo tanto, desenvolverse sen limitacións especiais, ben na súa totalidade, ou ben nas áreas onde a categoría de zonificación así o permita.

Considérase **uso autorizable**, aquel uso que, baixo determinadas condicións, é compatible con obxectivos de conservación do espazo natural e dos compoñentes clave da biodiversidade, ao non levar consigo unha deterioración significativa, a curto ou medio prazo, dos seus valores. O organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza avaliará o grao de significación da actividade e poderá autorizala tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión, propoñendo, no seu caso, medidas preventivas e compensatorias, co fin de asegurar que a mencionada actividade non alcance os límites establecidos no apartado 6.3 da DC 92/43/CEE e na Lei 42/2007.

Dentro da categoría de uso autorizable inclúense tamén actividades que, sen ter unha relación directa coa xestión dos espazos da Rede Natura 2000 ou sen ser necesarias para esta, poidan afectar de forma significativa aos citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos. Estas actividades, de acordo co artigo 6.3 da DC 92/43/CEE, someteranse a unha axeitada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os seus obxectivos de conservación. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar, e supeditado ao disposto no apartado 6.4 da mencionada directiva, o organismo competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza, só se declarará de acordo co devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública.

Considérase **uso prohibido** aquel contrario aos obxectivos de conservación da Rede Natura 2000 e que, por conseguinte, leva consigo unha afección significativa sobre a integridade do espazo natural ou sobre o estado de conservación dos compoñentes clave para a biodiversidade (hábitats e especies protexidas).

Cando, de acordo coa lexislación sectorial vixente, as actividades descritas como de uso permitido ou autorizable no presente plan se deban someter á autorización de calquera organismo da administración, enténdese que se ben estas entidades son as competentes para a expedición da autorización, esta deberá supeditarse ás condicións establecidas para cada tipo de actividade no ámbito do presente plan. Deberán comunicar ao organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza a solicitude e, se así o especificase a normativa do presente plan, solicitar o informe preceptivo do devandito organismo.

6.2 Marco legal

A partir da declaración do Parque Estatal de Yosemite (1864) e do Parque Nacional de Yellowstone (1872) en Estados Unidos, aparecen en todo o mundo os primeiros Espazos Naturais protexidos cunha lexislación específica, normalmente de ámbito estatal. En Europa, os estados pioneiros en materia de conservación foron Suecia, Suíza e España coa declaración de varios Parques Nacionais antes de 1920.

Non obstante, non será ata mediados do século XX cando xorden as primeiras formulacións acerca da necesidade de colaboración interestatal para unha adecuada conservación dos Espazos Naturais protexidos e do medio natural, considerado como patrimonio común da humanidade e cuxa evolución é independente das fronteiras políticas.

A **Conferencia de Nacións Unidas sobre o Medio Humano**, celebrada en Estocolmo en 1972, marca os comezos da protección ambiental a nivel internacional, promovendo a aparición de lexislacións nacionais e supranacionais destinadas á protección dos recursos naturais. A **Declaración de Río de Janeiro sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento** (1992), reafirmará a Declaración da Conferencia das Nacións Unidas sobre o medio Humano e trata de basearse nela co obxectivo de establecer unha alianza mundial nova e equitativa, promovendo acordos internacionais dirixidos á protección da integridade do sistema ambiental a escala global. Nesta Conferencia consolídase e proclama a nivel internacional a idea de "desenvolvemento sostible", ademais de aprobarse catro documentos entre os que destaca o Convenio sobre a Diversidade Biolóxica, o cal establece entre o seu articulado, como obxectivo fundamental, a conservación da diversidade biolóxica.

6.2.1 **Ámbito internacional**

A preservación da diversidade biolóxica é unha prioridade recoñecida en todos os acordos e normativas ambientais e moi especialmente na **Estratexia Mundial para a Conservación da Natureza** (1980) e no **Convenio sobre a Biodiversidade** (Río de Janeiro, 1992). Acordos internacionais que tiveron unha repercusión directa na normativa ambiental comunitaria, estatal e autonómica que se promulgou nestas tres décadas.

As disposicións autonómicas, estatais e comunitarias, xunto aos diversos convenios internacionais subscritos e ratificados polo Goberno español, en especial o de Washington, Berna e Bonn, conforman o réxime xurídico básico protector dos recursos naturais, sen menoscabo da súa necesaria explotación en aras dun desenvolvemento económico e social ordenado en harmonía co medio natural. Entre os Convenios Internacionais ratificados polo Estado Español e vinculados coa protección e conservación da natureza atópanse:

- * Conferencia Internacional sobre a Conservación e Utilización da Biosfera, UNESCO, ONU (,París, 1968)
- * Convenio relativo a humidais de importancia internacional, especialmente como hábitat de aves acuáticas (Ramsar, 1971).
- * Conferencia de Nacións Unidas sobre o Medio (Estocolmo, 1972)
- * Convención para a protección do patrimonio mundial cultural e natural, Unesco, Nacións Unidas (Parides, 1972)
- * Convención sobre a conservación das especies migratorias de animais silvestres. (Bonn, 1979).
- * Convenio de Berna relativo á conservación da vida silvestre e do medio natural de Europa (Berna, 1979)
- * Convención sobre o comercio internacional de especies de fauna e flora salvaxes en vía de extinción, CITES (Washington, 1979)
- * Conferencia Ministerial sobre a protección dos bosques en Europa (Paris, 1990)
- * Convención das Nacións Unidas sobre diversidade biolóxica (Río de Janeiro, 1992).
- * Convención das Nacións Unidas sobre o cambio climático (Nova York, 1992).
- * Convenio de Aarhus, sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio (Aarhus, Dinamarca, 1998).
- * Protocolo de Kyoto da convención marco das nacións unidas sobre o cambio climático (Adoptado en Montreal, 2000).
- * Convenio Europeo da Paisaxe (Florenca, 2000).
- * Protocolo de Cartagena relativo á seguridade da biotecnoloxía da convención de Nacións Unidas sobre a diversidade biolóxica (Adoptado en Montreal, 2000).

6.2.2 Unión Europea

No cumio de París (1972) a Comunidade Económica Europea establece como unha das súas prioridades a protección do medio ambiente. As primeiras accións comunitarias que comezaron en 1972, no marco de 4 programas de acción sucesivos, as accións legislativas emprendidas baseábanse nun enfoque vertical e sectorial dos problemas ecolóxicos. Durante este período, a Comunidade adoptou preto de 200 actos legislativos, consistentes fundamentalmente en limitar a contaminación mediante a introdución de normas mínimas, en particular en materia de xestión dos residuos e contaminación da auga e do aire. A introdución deste marco regulamentario non logrou impedir a deterioración do medio. Grazas á toma de conciencia da opinión pública acerca dos riscos vinculados aos problemas globais do medio, a necesidade de adoptar un enfoque concertado a escala europea e internacional é agora indiscutible. A acción comunitaria foise desenvolvendo co paso dos anos, ata que o Tratado da Unión Europea lle conferiu o carácter de política. O Tratado de Amsterdam (1997) proseguiu esta evolución, mediante a integración do principio de desenvolvemento sostible entre os obxectivos da Comunidade Europea e facendo da obtención dun elevado nivel de protección do medio unha das súas prioridades absolutas.

En aras da eficacia, o Quinto programa de acción para o medio, titulado "Cara a un desenvolvemento sostible" sentou os principios dunha estratexia europea voluntarista para o período 1992-2000 e marcou o principio dunha acción comunitaria horizontal, tendo en conta todos os factores de contaminación (industria, enerxía, turismo, transportes, agricultura, etc.). A Comisión confirmou este enfoque transversal da política de medio ambiente tras a comunicación de 1998 relativa á integración do medio nas políticas da Unión, así como polo Consello Europeo de Viena (1998). A integración da problemática ambiental nas demais políticas converteuse nunha obriga para as institucións comunitarias. Dende entón, esa integración foi obxecto de varios actos comunitarios, especialmente nos sectores do emprego, a enerxía, a agricultura, a cooperación para o desenvolvemento, o mercado único, a industria, a pesca, a política económica e os transportes. En maio de 2001 aprobouse unha comunicación sobre a estratexia europea en favor do desenvolvemento sostible. A devandita comunicación establece obxectivos de desenvolvemento sostible a longo prazo e céntrase no cambio climático, os transportes, a saúde e os recursos naturais. A necesidade dunha intervención comunitaria en materia de responsabilidade polos danos ocasionados ao medio, así como en materia de reparación, quedou recoñecida dende a adopción do Libro Branco sobre responsabilidade ambiental en febreiro de 2000.

O sexto programa de acción en materia de medio, pendente de aprobación, establece as prioridades da Comunidade Europea ata 2010. Faise fincapé en catro ámbitos: o cambio climático, a natureza e a biodiversidade, o medio e a saúde, e a xestión dos recursos naturais e dos residuos. Co fin de levar á práctica estas prioridades, propónse unha serie de liñas de acción: mellorar a aplicación da normativa ambiental, traballar co mercado e os cidadáns, e aumentar a integración do medio nas demais políticas comunitarias. Un aspecto innovador que merece destacarse é a política de produtos integrada, o obxectivo do cal é desenvolver un mercado máis ecolóxico velando por que os produtos sexan máis respectuosos co medio ao longo da súa vida útil. Este camiño institucional percorrido para a conservación do medio ten a súa concreción en tres instrumentos legislativos coñecidos comunmente como Directiva Aves, Directiva Hábitat e Directiva Marco da Auga.

Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE)

A lei consolida as competencias da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para propoñer as normas de protección de espazos naturais, xunto coas entidades locais e mesmo con cidadáns particulares, sen prexuízo das competencias reservadas aos órganos xestores dos parques naturais para elaborar os proxectos de plans reitores de uso e xestión. Introdúcense tamén significativas novidades na organización administrativa dos espazos naturais baixo protección. Tras unha declaración xenérica de tutela, que en todo caso deberá exercer a Consellería competente en materia de medio natural, perfílase o réxime de xestión correspondente para cada categoría de espazo protexido, manténdose a existencia dun órgano colexiado consultivo para canalizar a participación de intereses sociais e económicos afectados, agás nos casos nos que os servizos da Consellería competente asuman directamente a súa xestión.

No título II, "Da fauna e flora", establécense as medidas necesarias para garantir a conservación dos hábitats naturais e das especies de flora e fauna, con especial atención ás especies autóctonas e ás ameazadas, creándose o **Catálogo Galego de Especies Ameazadas** e o Rexistro de Especies de Interese Galego, **de tal maneira que o proceso de catalogación incorpora medidas positivas por parte da Administración autonómica galega co fin de reducir ou paliar os factores de ameaza sobre as especies de flora e fauna silvestre**. Así mesmo, o interese científico, estético ou monumental e ornamental dalgúns espécimes de calquera especie botánica existentes en Galicia aconsella que as normas protectoras deban facerse extensivas a este tipo de árbores ou espécimes da flora.

✳ **Lei 7/1992 de Pesca Fluvial**

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no número 15 do seu artigo 27, atribúe á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva en materia de pesca fluvial e lacustre, debido a esta habilitación, promulgouse a Lei 7/1992, de 24 de xullo de Pesca Fluvial (DOG 151, 5/08/1992) que supuxo un enfoque innovador do fenómeno da pesca continental no panorama legislativo das comunidades autónomas españolas, debido a que se optou pola comprensión integral da referida actividade en detrimento da mera actualización de parcelas concretas da Lei do 20 de febreiro de 1942, como sucedeu noutros territorios. A Lei 7/1992 mantén un importante caudal de precisións técnicas aínda non superadas e, consecuentemente, recuperouse dela todo aquilo que implicase un beneficio para a pesca.

O título primeiro da Lei 7/1992, versa acerca da conservación e o fomento de todos os seres vivos das augas continentais. O título segundo contempla os diversos aproveitamentos dos que poden ser obxecto as devanditas augas, compatibilizando os usos, sistemas de explotación e posibles concesións dos que poidan ser obxecto. Consciente o lexislador da importancia vital de conservar o noso medio, dando participación aos diferentes colectivos sociais que xiran en torno ao mundo da pesca, o título terceiro de la Ley recolle todo o referente a restricións, fomento e medidas protectoras necesarias para o mantemento e estímulo da riqueza piscícola. Estas previsións complementáanse de forma especial cos medios de control sinalados no título cuarto. O último título destínase ás infraccións.

Lei 4/1997 de Caza

A Lei 4/1997, do 25 de xuño, de Caza de Galicia (DOG 133, 3/09/ 1997), modificada pola Lei 6/2006, do 23 de outubro (DOG 213, 6/11/2006), regula a actividade cinexética no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. O obxecto da Lei é dobre: Por un lado, tratar de conciliar e garantir que o aproveitamento cinexético realizado polos cazadores non afecte á conservación das especies de fauna silvestre patrimonio do conxunto da sociedade, en tanto que, por outro lado, se trata de lograr unha mellora dos recursos cinexéticos para atender á demanda ordenada dos cazadores.

Para iso, aténdese a tres cuestións principais: A dimensión dos terreos cinexéticos para garantir un marco territorial suficiente tanto para o fomento da caza coma para o seu exercicio equilibrado. A ordenación dos aproveitamentos cinexéticos a través dos preceptivos plans, de maneira que se garanta a persistencia do recurso cinexético. E finalmente, a vixilancia dos terreos cinexéticos e o réxime sancionador que cumpra a función de disuasión aos infractores e evite agresións ás especies cinexéticas e os seus hábitats. A Lei considera un elenco de figuras para os terreos cinexéticos, co fin de atender as distintas posibilidades de formas de aproveitamento cinexético segundo o carácter público, societario particular, deportivo ou de mera explotación económica que os titulares dos terreos pretendan utilizar, asignando ao propietario ou titular dun dereito real sobre o solo a facultade de exercer directamente ou ceder a un terceiro o dereito cinexético que lle corresponde.

A Lei estrutúrase nun título preliminar, dez títulos máis (72 artigos), catro disposicións adicionais, sete disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e unha disposición final. O título preliminar recolle os principios xerais que a inspiran, así como as definicións básicas e a atribución de competencias en materia de caza. No título I clasifícase o territorio de Galicia para os efectos cinexéticos e defínense as características de cada terreo así como a titularidade. As distintas figuras de terreos responden ás diferentes formas de organización social, económica, deportiva, etc., dos titulares de dereitos de caza en función dos seus fins e obxectivos principais, garantindo a maior participación pública nun ámbito territorial para asegurar tanto o fomento dos recursos cinexéticos como o exercicio da caza. No título II defínense as especies susceptibles de aproveitamento cinexético e régúlase a apropiación das pezas abatidas. No título III defínense as normas de protección, conservación e aproveitamento das especies de caza, así como a protección dos seus hábitats, os períodos hábiles de caza, as modalidades de caza e a ordenación dos aproveitamentos cinexéticos a través dos plans de ordenación que se establecen con carácter obrigatorio como un instrumento básico da xestión dos recursos cinexéticos. No título IV establécense os requisitos para cazar: Licenzas e seguros, así como a necesidade de superar as probas de aptitude que regulamentariamente se determinen para obter a licenza de caza por primeira vez. No título V régúlase a vixilancia da caza, así como os axentes da autoridade competentes; por iso establécese como obrigatorio un servizo de vixilancia nos terreos cinexéticos ordenados, como colaborador nas funcións de policía e custodia dos recursos naturais e como garantía do cumprimento dos fins considerados na Lei.

No título VI establécense os órganos consultivos con funcións de asesoramento á Administración, así como os requisitos das organizacións colaboradoras da mesma. En o título VII régúlanse as granxas cinexéticas como produtoras de pezas de caza, así como as repoboacións cinexéticas como parte da xestión ordenada dos recursos cinexéticos. No título VIII régúlase o réxime fiscal dos terreos cinexéticos suxeitos a un réxime especial. Como novidade se recolle a posibilidade de que regulamentariamente establézanse bonificacións nos distintos terreos cinexéticos ordenados en función do seu carácter aberto, dende o punto de vista da participación pública dos cazadores e da superficie que se dedique en cada terreo cinexético especial a vedados de caza. No título IX defínense e tipifican as infraccións e establécese un réxime sancionador, actualizando o importe económico das sancións e obrigando ó infractor a repoñer a cousa alterada ao seu estado orixinal, así como a indemnizar polos danos e prexuízos causados. No título X dispónse a creación do Rexistro de

Infrautores de Caza da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de coordinar o seu contido co Rexistro Nacional de Infrautores de Caza e Pesca.

Lei de Montes Veciñais en Man Común

Os **Montes Veciñais en Man Común (MVMC)** son unha das poucas formas de propiedades de terras en común que logrou sobrevivir á organización municipal do século XIX e ao fenómeno desamortizador. Por iso, chama a atención que unha forma de propiedade tan orixinal e tan nosa non fose obxecto de regulamentación específica ata mediados do século XX. A primeira normativa, foi a Lei 52/1968, de 27 de xullo, de Montes Veciñais en Man Común, que tivo sen dúbida o mérito de recoñecer a figura, pero a desnaturalizou coas limitacións e restricións que contén, así como a inxerencia municipal. A Lei 55/1980, do 11 de novembro, quixo ser, e de feito foi, máis liberalizadora, pero aínda son moitos os obstáculos que limitan as súas funcións. A lexislación vixente, corresponde á Lei 13/1989, do 10 de Outubro, de Montes Veciñais en Man Común (DOG 202, 20/10/1989), é promulgada ao amparo do artigo 27,11 do Estatuto de Autonomía de Galicia, que atribúe á Comunidade Autónoma, competencias exclusivas en materia do réxime xurídico dos montes veciñais en man común

A Lei 13/1989 parte do recoñecemento da natureza privada destas terras a favor das comunidades veciñais que habitualmente as viñan gozando, liberándoas de vínculos que a desnaturalizan. Neste recoñecemento non poden esquecer os preceptos constitucionais referentes á función social da propiedade para que tales bens cumpran as necesidades da comunidade propietaria, así como co interese xeral da sociedade e, en consecuencia, levar a cabo un mellor aproveitamento dos recursos.

As causas de que importantes superficies de Galicia estean improdutivas ou con aproveitamentos por debaixo do seu potencial radican en boa medida nos obstáculos legais e institucionais que os veciños viñeron atopando para o aproveitamento dos seus propios montes. A Lei facilita a dedicación das terras aos cultivos e aproveitamentos que máis conveñan ás circunstancias agrolóxicas dos solos e aos intereses dos veciños, permitindo, así mesmo, a división dos montes entre eles, con carácter temporal, para o seu cultivo, aínda que adoptando medidas de protección e cautela que impidan romper a súa unidade. Preténdese, en definitiva, incorporar á actividade económica unha ampla superficie agraria baixo este réxime de propiedade e abrir camiños para a mellora da dimensión económica das explotacións agrarias pertencentes ás comunidades con montes veciñais en man común.

A Lei 13/1989 dá á comunidade de veciños plena autonomía para a xestión e desfrute do monte, reduce as maiorías necesarias para a toma de decisións, establecendo garantías abondas de publicidade e concorrencia, dita as normas básicas de organización das comunidades de veciños e simplifica o articulado deixando para un posterior desenvolvemento regulamentario todas as materias non fundamentais, conseguindo con todo iso unha necesaria sistematización. Para favorecer o seu mellor aproveitamento polos veciños, unha vez superadas as limitacións lexislativas anteriores, considérase necesario incluír tamén o seu carácter preferente nas actuacións e axudas da administración agraria galega. Contéplase a fórmula de xestión preventiva pola administración para aqueles casos nos que a comunidade de veciños se extinga ou desapareza, e tamén para o suposto de que o monte non sexa xestionado de acordo cos seus recursos. A xestión preventiva queda en todo caso supeditada ao aproveitamento directo pola comunidade, establecendo un procedemento que garanta este principio.

 **Catálogo Galego de Especies Ameazadas**

A preservación ambiental da flora e a fauna galega obedece a unha repartición de competencias entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia que vén regulado nos artigos 148 e 149 da Constitución Española. Neste sentido, a competencia do Estado reside na fixación lexislativa básica sobre protección do medio ambiente e neste contexto a Lei 4/1989, do 27 de marzo, de Conservación de espazos naturais e da flora e fauna silvestre establece no seu artigo 29 a obriga das Administracións públicas de catalogar aquelas especies de fauna e flora a conservación da cal esixa medidas específicas de protección. Así mesmo, o artigo 30 crea un Catálogo Nacional de Especies Ameazadas e faculta as comunidades para establecer catálogos nos seus respectivos ámbitos territoriais, desenvolvéndose posteriormente o Catálogo Nacional mediante un Real decreto 439/1990, do 30 de marzo.

A Comunidade Autónoma de Galicia, pola súa banda, ten competencia exclusiva para establecer normas adicionais de protección do medio e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23, conforme prevé o artigo 27. 30 ° do Estatuto de autonomía. Neste contexto, co obxecto de aplicar medidas específicas de protección para as especies ameazadas, a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza creou no seu artigo 48 o Catálogo galego de especies ameazadas. Neste sentido, a Lei 9/2001, de 21 de agosto, dedica o capítulo II á catalogación de especies e o título II aos instrumentos de catalogación (creación do Catálogo galego de especies ameazadas, do Rexistro Galego de Especies Ameazadas e do Catálogo galego de árbores singulares) ás categorías de catalogación das especies, aos Plans de recuperación, conservación e mellora das especies incluídas nestes catálogos e aos efectos da catalogación, cun nivel de prohibición en relación coa categoría de ameaza.

O Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (DOG 89 9/05/2007), inclúe no seu Anexo I os taxóns de flora e fauna declarados dentro da categoría "En Perigo", mentres que no Anexo II se indican os taxóns "Vulnerables" e o Anexo III fai referencia ás especies susceptibles de aproveitamento discreto.

Ordenación territorial e urbanismo

A Carta europea de 1983 conceptúa a ordenación do territorio como a expresión espacial da política económica, social, cultural e ecolóxica de toda sociedade e establece os seguintes obxectivos fundamentais da política territorial:

- * O desenvolvemento socioeconómico equilibrado das rexións, cunha clara tendencia á eliminación das grandes diferenzas no nivel de vida.
- * A mellora da calidade de vida que, entre outras cousas, se concreta nunha maior accesibilidade da poboación aos equipamentos colectivos de todo tipo na mellora das infraestruturas.
- * A xestión responsable dos recursos naturais e a protección do medio natural que faga compatible a satisfacción das necesidades crecentes de recursos e a súa conservación, así como o respecto ás peculiaridades propias de cada bisbarra en canto ás súas formas de vida.
- * A utilización racional e equilibrada do territorio, definindo os usos aceptables ou a potenciar para cada tipo de solo, creando as axeitadas redes infraestruturais e mesmo fomentando, con medidas incentivadoras, aquelas actuacións que mellor persigan o fortalecemento do espírito comunitario.

A Constitución española, no seu artigo 40, establece que os poderes públicos haberán de procurar o progreso social e económico, así como unha distribución da renda rexional e persoal máis equitativa. No artigo 45, consagra o dereito de todos os cidadáns a gozar dun medio natural axeitado para o desenvolvemento da persoa e da calidade de vida, bens ambos os dous dependentes do mandato dirixido aos poderes públicos da utilización racional dos recursos naturais.

Á ordenación do territorio, pola forza mesma dos principios de que trae causa, correspóndenlle o papel integrador das distintas perspectivas e a consecución dunha visión superadora da parcialidade inherente a estas, determinando o seu carácter organizador das funcións sectoriais, presidido pola idea central do principio de coordinación. A globalidade do fin perseguido demanda primariamente a articulación dunha política pública integrada capaz de darlle satisfacción; e iso, no marco dun ordenamento xurídico complexo e dun Estado baseado no pluralismo territorial, esixe a articulación dos procesos de decisión nun dobre sentido: asegurando a necesaria integración das políticas sectoriais no seo de cada instancia territorial e establecendo os eixes de interconexión das distintas instancias territoriais entre si.

De acordo co disposto nos artigos 148.1.3 da Constitución Española e 27.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, corresponde en exclusiva á Comunidade Autónoma galega a competencia en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda. Competencia que se desenvolve basicamente, a través da Lei 10/1995 e da Lei 9/2002.

A Lei 10/1995 do 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia (DOG 233, 5/12/1995), propón diferentes instrumentos de ordenación do territorio, o seu contido e relación de interdependencia así como as canles procedimentales para a súa elaboración e o réxime da súa vixencia, modificación e revisión. Para o devandito fin crea e regula os seguintes instrumentos: Directrices de ordenación do territorio. Plans territoriais integrados. Programas coordinados de actuación. Plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal. E os Plans de ordenación do medio físico. Este catálogo de figuras, elaborado sobre a base da análise comparada da produción legislativa autonómica, permite a configuración dun marco territorial global e flexible, que dea cabida a actuacións tanto de carácter sectorial como integrado, sen excluír a posibilidade de arbitrar solucións puntuais alí onde sexa preciso. Ao mesmo tempo, potencia a confluencia da política territorial coa económica, a través da coordinación das decisións investidoras que permita optimizar a súa operatividade para alcanzar un maior e máis equilibrado desenvolvemento socioeconómico.

A necesidade de adecuar, a mellora dalgunhas das determinacións normativas que recollía a anterior Lei do solo, a conveniencia de e a necesidade de articular e plasmar os criterios e recomendacións do acordo marco facían extraordinariamente oportuno abordar a reforma da lexislación urbanística de Galicia.

Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG 252, 31/12/2002), modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro (DOG 254, 31/12/2004), substitúe á Lei 1/1997, de Medidas Reguladoras do Solo de Galicia do 24 de marzo de 1997 (DOG 59, 26/03/97), ante a necesidade de adecuar os instrumentos urbanísticos á nova lexislación estatal, así como pola necesidade de incorporar as novidades técnicas contrastadas na lexislación comparada. A Lei 9/2002, non só regula o réxime do solo rústico e establécese o marco definitorio do solo do núcleo rural, cos seus dereitos e obrigas afastados tanto do solo urbano ou urbanizable coma do solo rústico, senón que se traza unha verdadeira política territorial sobre o medio rural.

Galicia conta no momento actual cunha arquitectura rural de excepción e cun territorio de incalculable valor paisaxístico, cunhas terras eminentemente fértiles e con vocación agrícola, gandeira e forestal, e cun litoral de extraordinario valor económico, ambiental, histórico e cultural. Non obstante, a anarquía de construcións e usos que está a proliferar nos últimos anos, a deterioración das edificacións, a falta de conclusión de moitas de elas e a degradación da paisaxe, provocada polos moitos movementos de terra inadecuados e o desenvolvemento tecnolóxico aplicado, moitas veces, de forma incontrolada ao medio rural. A Lei 9/2002, trata de harmonizar o desenvolvemento e benestar do mundo rural coa preservación e revitalización dos bens culturais e naturais tan prezados e fonte de recursos e patrimonio a conservar para legalos ás xeracións futuras deste país.

A pesar do anteriormente sinalado, o medio rural estaba regulado na actualidade por unha normativa moi parca, baseada fundamentalmente nuns poucos preceptos da Lei 1/1997, do solo de Galicia. Por iso, a Lei 9/2002, aborda en consecuencia a regulación desta clase de solo rústico, á par que o solo dos núcleos de poboación situados no medio rural, dun xeito máis obxectivo e detallado que, dende a óptica da súa protección global fronte aos procesos de desenvolvemento urbanístico, tivese en conta a súa importancia no esquema territorial de Galicia e limitase, ordenase, protexese e reconducise os procesos de transformación a que se enfrontaba. Todo iso facía necesario que se incluíse a súa regulación e ordenación detallada na lei, que sería referencia obrigada para os plans de modo que permitise uniformar a regulación destas clases de solo en función das súas distintas categorías, proporcionando a desexable homoxeneidade ás actuacións que resultasen susceptibles de autorización.

Segundo a Lei 9/2002, a utilización do solo rústico non poderá efectuarse en contradición coas súas tendencias xenuínas, de forma que haberá de potenciarse a preservación dos seus valores naturais e culturais que aínda subsisten e, en consecuencia, deberán concentrarse os usos económicos e residenciais, na medida do posible, alí onde tradicionalmente viñéronse producindo, é dicir, nos núcleos de poboación existentes e baixo os parámetros de edificación que manteñan, sen prexuízo das novas tecnoloxías, a nosa entidade histórica.

A Lei 9/2002 determina os usos e actividades posibles en solo rústico de protección ordinaria e especialmente protexido, distinguindo entre actividades non construtivas e construtivas. Dentro destas últimas permítense, segundo as determinacións que se especifican para cada categoría de solo, unhas veces con licenza municipal directa e outras logo de autorización de Comunidade Autónoma, as relacionadas coa agricultura, o forestal, as infraestruturas, o turismo, as dotacións ou os equipamentos. Poténciase o uso do turismo rural mediante rehabilitación de edificacións existentes e permítense novas construcións con este fin, inclusive en solo especialmente protexido sempre que se adecúen ao ámbito e cumpran coas condicións especificadas nesta lei, relativas a tipoloxía, altura, materiais a empregar (pedra, tella, etc.) e non atenten contra os valores protexidos. Pola contra, se

prohibe toda construción de naves industriais e terciarias neste tipo de solo, debendo estas situarse nos solos urbanos e urbanizables axeitados para estes usos.

A Lei 9/2002 regula igualmente a apertura de novos camiños e pistas en solo rústico, que quedan sometidos a avaliación de impacto ambiental e deben adaptarse ás condicións topográficas do terreo e estar previsto no plan ou en proxectos aprobados polo organismo competente de agricultura ou medio ambiente, segundo o caso. Concrétase, así mesmo, o procedemento para o outorgamento da autorización autonómica, con exquisito respecto ás facultades municipais. Do mesmo modo, establécense as condicións xerais de edificación para cada uso coa finalidade de garantir a adecuación das edificacións ao ámbito e minimizar a incidencia das actividades edificatorias sobre o territorio.

Entre outras, a Lei 9/2002 regula a parcela mínima edificable dependendo do tipo de uso; a superficie máxima a ocupar pola edificación; a altura máxima das edificacións, de dúas plantas para o rústico de protección ordinaria e unha planta para o especialmente protexido; as características tipolóxicas da edificación, que han de ser congruentes coas do ámbito; os materiais a empregar na terminación da cubrición e muros de peche, que, salvo casos excepcionais debidamente xustificados, será tella ou lousa e pedra para o peche; os peches e valados dos terreos, que principalmente deberán realizarse con materiais tradicionais ou con vexetación e cunha altura máxima de 1,5 metros para os opacos de fábrica; as condicións dos bancais e movementos de terra; a obrigatoriedade de manter, polo menos, o 50% da superficie da parcela co destino orixinario ou con plantación de arboredo, etc.

Tamén se regulan os criterios para a delimitación dos núcleos rurais atendendo especificamente á área xeográfica onde se atopen, a súa morfoloxía específica (casal, rueiro, aldea, lugar, etc.) e tendo en conta o grao de consolidación existente e, sobre todo, establécese o seu peculiar réxime xurídico. Igualmente, regúlase o tipo de actuacións que se permiten dentro dos núcleos rurais, prohibición de derrubamento de construcións tradicionais existentes, usos permitidos e condicións de edificación, tanto de parcela e alturas máximas como a forma da cuberta e materiais a empregar de acordo coa tipoloxía do propio asentamento ou núcleo.

A Lei 9/2002 inclúe tamén determinacións e previsións que condicionan o contido e os criterios de ordenación urbanística que han de seguir os instrumentos de plan, e, en tal sentido, prohibe a modificación do plan urbanístico que implique a conversión directa do solo rústico en urbano, á vez que prohibe toda reclasificación que afecte a solo rústico que fora obxecto de incendios forestais. Por último, regúlase unha nova figura de plan que se denomina plan especial de protección, rehabilitación e mellora do medio rural, que corresponde formular e aprobar á Comunidade Autónoma e que será o encargado de delimitar áreas xeográficas homoxéneas, en razón á morfoloxía dos núcleos de poboación, tipoloxía das edificacións, etc., e que se encargará de ordenar e protexer con máis especificación o solo rústico e os núcleos rurais desa zona concreta, baixo os parámetros xerais establecidos por esta lei.

A Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural artículase, ao fío da tradicional división sistemática, en nove títulos, constituíndo un completo e rematado exemplo da ordenación urbanística, o réxime dos distintos tipos elementais de solo, a execución do plan e un severo sistema de disciplina e protección da legalidade urbanística.

O título I dedícase ao réxime urbanístico do solo. Xa se dixo con anterioridade que non só constitúe un completo e seguro exemplo das distintas clases de solo, senón que vai moito máis alá a determinar con absoluta minuciosidade o réxime do solo de núcleo rural e o do solo rústico. É obvio que isto non se produce por casualidade, senón que é unha das causas principais que lexitiman esta reforma legal, ao pretender que o planificador teña previamente acoutado tanto o réxime do solo rústico e de núcleo rural como as condicións de uso deste recurso natural, homoxeneizando e recuperando as formas

tradicionais de utilización do solo con parámetros estéticos vinculados aos modos de construción e ocupación do solo.

Polo que se refire á clasificación do solo urbano e urbanizable, a lei é sumamente respectuosa coa lexislación básica estatal, distinguindo -como xa se facía na Lei 1/1997- entre solo urbano consolidado e non consolidado, o que supón un dobre réxime xurídico de dereitos e deberes dos seus propietarios. No solo urbanizable distínguense, á súa vez, dúas categorías: delimitado ou inmediato e non delimitado ou diferido, segundo o plan dispuxese a súa posta en marcha e establecece as súas condicións de desenvolvemento. A devandita clasificación implica, así mesmo, certos efectos en canto ao seu réxime de uso e en canto á cobertura do plan preciso en cada caso para o seu desenvolvemento e execución.

O título II destínase a regular o plan urbanístico. É probablemente neste ámbito no que se produciron novidades de maior calado. En primeiro lugar, establécense uns índices ou límites de sostibilidade, que veñen a substituír aos superados estándares, e que resultan de aplicación inmediata e efectiva para o plan que se tramite, de tal forma que constituirá un verdadeiro test de legalidade, de modo que as facultades de control de Xunta de Galicia en aprobación definitiva de plan xeral se estenden á verificación do cumprimento dos devanditos límites de crecemento ou desenvolvemento. Tales índices aplícanse ao solo urbano non consolidado e ao urbanizable delimitado, de uso residencial, hoteleiro e terciario, e en función do número de habitantes de cada municipio. O único instrumento de plan xeral establecido na lei é o plan xeral de ordenación municipal, se ben se contempla a existencia de normas subsidiarias e complementarias de plan que resultarán de aplicación aos municipios que carezan de plan xeral de ordenación municipal, para o cal se amplían notablemente as determinacións e a documentación das devanditas normas

O plan de desenvolvemento reduciuse notablemente, existindo agora só catro tipos de plan derivado, en función do solo sobre que recaian ou a súa finalidade. Así, os plans parciais só serán posibles en solo urbanizable delimitado, en tanto que os plans de sectorización -que non necesitan dun posterior plan parcial de desenvolvemento- recaerán sobre o solo urbanizable non delimitado. A figura dos plans especiais de reforma interior redúcese, de forma que só regularán as operacións de reforma interior previstas en solo urbano non consolidado, e ao seu lado aparecen os plans especiais de protección, que poden actuar sobre calquera clase de solo, e de infraestruturas e dotacións. Mención especial requiren os plans especiais de protección, rehabilitación e mellora do medio rural, que se conciben como un verdadeiro motor da recuperación e revitalización dos núcleos rurais tradicionais, nos cales a política de fomento e intervención pública alcanza o seu máximo expoñente.

O título III recolle as normas de aplicación directa relativas a adaptación das construcións ao ambiente no que se sitúen, altura máxima das edificacións nos municipios sen plan xeral e protección das vías de circulación.

O título IV dedícase á execución do plan e inclúe algunhas novidades. En primeiro lugar, de carácter sistemático ao recollese entre os presupostos da execución a necesidade de aprobar un proxecto de urbanización, que abandona a súa tradicional situación no plan para integrarse entre as previsións da execución, ámbito ao que, sen ningún xénero de dúbidas, corresponde. Óptase por seguir incluíndo entre os mecanismos da xestión e execución urbanística determinados instrumentos de equidistribución, como son as áreas de repartición e o aproveitamento tipo. A experiencia positiva dos últimos anos e a integración no acervo común e cultura urbanística de Galicia fixo que se manteña este instrumento e denominación, reducíndose a súa aplicación ao solo urbano non consolidado e a todo o solo urbanizable, delimitado ou non delimitado. O solo urbano consolidado non forma parte das áreas de repartición, aínda que si estará incluído en distritos, para os efectos da súa ordenación.

O título V dedícase a regular os instrumentos de intervención no mercado do solo. O primeiro deles é o patrimonio público de solo, dado que se establece tanto o patrimonio municipal como o autonómico,

vinculado ao Instituto Galego da Vivenda e Solo. O patrimonio municipal é obrigatorio para os municipios que contén con plan xeral de ordenación, e está formado por todos os bens municipais clasificados como solos urbanos ou urbanizables, terreos, edificacións e construcións obtidas en virtude de cesións ou convenios, as cesións en metálico e os ingresos previstos nesta lei, en especial os provenientes da alienación de solos ou dereitos.

O título VI regula a intervención na edificación e uso do solo e a disciplina urbanística. En primeiro lugar, recóllese a esixencia de edificar os soares nos prazos previstos, de forma que o seu incumprimento produce a situación de edificación forzosa a costa do propietario ou ben a través de un particular ou axente edificador, expropiándose ao antigo propietario a parcela en cuestión. No título VII, relativo á organización, introdúcese como novidade a creación do Xurado de Expropiación de Galicia, como un órgano permanente e especializado para coñecer e resolver os procedementos de fixación do prezo xusto nas expropiacións nas que o órgano expropiante sexa a Comunidade Autónoma de Galicia ou algunha das entidades locais do seu ámbito territorial. Por último, incorpórase no título VIII a regulación xeral dos convenios urbanísticos, concretando o seu concepto, alcance e natureza, establecendo as súas diferentes modalidades e fixando o procedemento para a súa celebración e perfeccionamento baixo os principios de transparencia e publicidade.

✱ **Avaliación Ambiental**

O Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 27, recoñécelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva para aprobar as normas adicionais sobre protección de medio ambiente e da paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución, e atribúelle, noutros preceptos, competencias diversas en relación con diferentes ámbitos relacionados co medio ambiente, como son a ordenación do territorio e a sanidade, ou sectores de medio físico, como o solo e a auga, e actividades como a pesca e as verteduras industriais contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral galego. As especiais características do país galego e a inexistencia dunha lei básica xeral estatal de medio, unidas a unha crecente preocupación social sobre a materia, fan axeitada a promulgación dunha norma adicional de protección autonómica, que á súa vez posibilite a aplicación das esixencias ambientais da Unión Europea ás peculiaridades da Comunidade Autónoma galega, déalle unha mínima coherencia á regulación sectorial existente co fin de facilitar ao seu aplicación e efectividade dentro dun modelo integrador e, no marco da lexislación básica do Estado, permita establecer e realizar unha política ambiental orientada á defensa, protección e restauración dos valores ambientais propios da nosa Comunidade.

- ✱ Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal. (DOG 75, 17/04/00).
- ✱ Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental. (DOG 32, 17/02/97).
- ✱ Lei 1/1995, de 2 de Xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia. (DOG 29, 10/02/95, e corrección de erros DOG 72, 12/04/95).
- ✱ Lei 2/1995, do 31 de marzo, pola que se da nova redacción á disposición derogatoria única da Lei 1/1995, de Protección Ambiental de Galicia (DOG 72, 12/4/95).
- ✱ Decreto 327/1991 de Avaliación de Efectos Ambientais para Galicia. (DOG 199, 15/10/91).
- ✱ Decreto 442/1990, de Avaliación do Impacto Ambiental para Galicia. (DOG 188, 25/09/90).
- ✱ Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal. (DOG 75, 17/04/00).
- ✱ Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental. (DOG 32, 17/02/97).

Esta regulación baséase nos principios de prevención, de avaliación de impacto ambiental, de efectos ambientais e incidente ambiental, de información pública, obxectiva, permanente e completa como base dunha efectiva participación cidadá que posibilite o establecemento dun pacto ambiental na defensa destes valores colectivos, de nivel de acción axeitada complementado coa subsidiariedade e colaboración das instancias autonómica e local e de coordinación e unidade de acción mediante o axeitado deseño da Administración ambiental no ámbito autonómico.

A Lei/1995, de Protección Ambiental de Galicia (DOG 29, 10/02/95), recolle no seu artigo 5 os tres instrumentos de avaliación ambiental. A Avaliación de Impacto Ambiental, coherente coa normativa europea (DC 85/337/CEE e DC 97/11/CEE) e estatal (RDL 13202/86, RD 1131/88, RD-Lei 9/2000, Lei 6/2001) e desenvolvida posteriormente polo Decreto 442/1990, de Avaliación do Impacto Ambiental para Galicia. (DOG 188, 25/09/90). O procedemento de Avaliación de Efectos Ambientais, regulado polo Decreto 327/1991 de Avaliación de Efectos Ambientais para Galicia (DOG 199, 15/10/91). E a Avaliación de Incidencia Ambiental, acorde co Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas RAMINP (Decreto 2414/1961, do 30 de novembro).

O principio de prevención, redución da contaminación na súa orixe e a promoción dun desenvolvemento sostible, esixe que as empresas adopten unha política de xestión ambiental axeitada. Ao obxecto da cal, as administracións públicas fomentarán a participación ambiental das empresas nestes obxectivos mediante a adopción de compromisos destinados ao avance contínuo da súa actuación. O pacto ambiental é a figura utilizada para definir acordos voluntarios aos que poden

chegar a Administración e as entidades para planificar os avances ambientais a realizar nas instalacións da empresa. O pacto ambiental permitirá tamén establecer pautas de adaptación das empresas á normativa ambiental e, mesmo promover estratexias de carácter local ou comarcal como instrumento orientado á harmonización de posibles conflitos entre valores ambientais e industriais, compatibilizando as medidas correctoras que o principio de viabilidade das empresas. Mediante el pacto ambiental as empresas comprométense a realizar unha serie de actuacións nun período de tempo determinado, ao tempo que a Administración promove actuacións dirixidas a apoiar a obtención de axudas e/ou subvencións, así como beneficios fiscais para contribuír ao financiamento dos avances ambientais incluídos no devandito pacto ambiental. A Administración promoverá, igual, actuacións dirixidas a apoiar a obtención de autorizacións de competencia doutras administracións públicas que resulten necesarias para a consecución do pacto ambiental.

6.3 Medidas xerais de xestión

As medidas de xestión para a Rede Natura 2000 e para a Rede Galega de Espazos Protexidos inclúen tres subniveis. O primeiro correspóndese con unha normativa xeral de ordenación e xestión, que marca o desenvolvemento das actuacións nos Espazos Protexidos da Rede Natura 2000, así como das políticas sectoriais que incidan sobre estes e sobre os seus valores. Nun segundo subnivel desenvólense, a normativa para cada un dos compoñentes que conforman os Espazos Protexidos da Rede Natura 2000, definindo en consecuencia obxectivos, directivas e normas de aplicación das principais actividades e proxectos. A normativa por compoñentes inclúe obxectivos, directrices e normas elaboradas a partir da lexislación sectorial vixente. O terceiro subnivel vén marcado pola normativa zonal, de modo que para cada unha das unidades de zonificación, e delimitadas nos Espazos Protexidos da Rede Natura 2000, en función da expresión territorial dos compoñentes da biodiversidade, se propón un réxime de ordenación e xestión específico, que responde en consecuencia ás diferentes necesidades de conservación e xestión, e a diferentes graos de aproveitamento dos recursos naturais.

6.3.1 Medidas e normativa xeral

A **normativa xeral de ordenación e xestión**, marca o desenvolvemento das actuacións nos Espazos Protexidos da Rede Natura 2000, así como das políticas sectoriais que incidan sobre este e sobre os seus valores. As normas xerais se elaboran a partir dos obxectivos e criterios orientadores derivados da normativa comunitaria (DC 79/409/CEE, DC 85/337/CEE, DC 92/43/CEE, DC 97/11/CE, DC 2000/60/CE), estatal (Lei 9/2006, Lei 42/2007, Real Decreto Lexislativo 1/2008) e autonómica (Lei 9/2001), xunto con criterios propios relativos á exclusión, ou no seu caso a regulación, de determinadas actividades.

Medidas e normativa xeral

1. Directrices

- 1.0 Os obxectivos de conservación primarán sobre calquera outra actividade que se planifique ou se desenvolva no Espazo Natural. En toda actuación primará o principio de cautela, de mínima intervención e menor agresividade para os compoñentes da biodiversidade do Espazo Natural.
- 2.0 Fomentarase a utilización dos compoñentes naturais do espazo dun modo e a un ritmo que non ocasiona a diminución a longo prazo da biodiversidade, de modo que se aseguren as posibilidades de satisfacer as necesidades e as aspiracións das xeracións actuais e futuras.
- 3.0 Velarase polo mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos ecosistemas.
- 4.0 Velarase pola preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais e da paisaxe, evitando ou, no seu caso, minimizando a degradación destes por elementos ou construcións que supoñan un elevado impacto visual, derivado da súa localización, materiais empregados ou das relacións de texturas e cores utilizadas.
- 5.0 Daranse preferencia ás medidas de conservación, preservación e restauración dos hábitats naturais e seminaturais, facendo especial fincapé naqueles considerados como prioritarios ou de interese comunitario.
- 6.0 Daranse preferencia ás medidas de conservación, preservación e recuperación das especies silvestres de flora e fauna, facendo especial fincapé naquelas consideradas como protexidas por normativas internacionais,

- comunitarias, nacionais ou galegas.
- 7.0 Concederáse prioridade ás especies de interese para a conservación, ás especies endémicas ou que posúan unha área de distribución limitada, así como ás especies de fauna migratoria.
- 8.0 Darase preferencia á conservación da diversidade xenética das poboacións silvestres de flora e fauna, así como ao mantemento ou, no seu caso, á recuperación de razas, variedades e cultivares tradicionais que formen parte dos sistemas tradicionais de aproveitamento agrícola, gandeiro ou forestal.
- 9.0 Evitarase a introdución e proliferación de especies, subespecies ou razas xeográficas distintas ás autóctonas, na medida en que poidan competir con estas, alterar a súa pureza xenética ou provocar desequilibrios ecolóxicos sobre os hábitats naturais e seminaturais.
- 10.0 As actividades e actuacións que se desenvolvan no Espazo Natural buscarán o mantemento dos reservorios naturais de carbono existentes no Espazo Natural, a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, así como unha maior eficiencia no gasto dos recursos renovables e no control integral dos residuos e produtos contaminantes.
- 11.0 Evitarase a realización de calquera tipo de actividade que poida supoñer un risco de contaminación das augas, tanto superficiais como subterráneas.
- 12.0 Manteranse as actividades e usos que sexan compatibles coa conservación da biodiversidade e o uso sostible dos recursos naturais.
- 13.0 Mellorarase a calidade de vida dos habitantes do Espazo Natural mediante a adopción de medidas de dinamización e desenvolvemento económico, dirixidas especialmente ás actividades relacionadas co uso público, o turismo e o aproveitamento sostible dos recursos naturais.
- 14.0 Elaborarase un programa de seguimento da realidade económica, sociolóxica e natural do Espazo Natural co fin de poder avaliar axeitadamente a repercusión de programas e proxectos sobre as características naturais do espazo.
- 15.0 Farase promoción do coñecemento dos valores naturais e culturais do Espazo Natural a través da coordinación con outras administracións, a comunidade científica e a poboación local.

2.

Normativa xeral

- 1.0 As autorizacións outorgadas polo organismo autónomo competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza formularanse de acordo co artigo 6 da DC 92/43/CEE (trasposto ao ordenamento xurídico español na Lei 42/2007) e en coherencia cos obxectivos e directrices recollidos no presente Plan.
- 2.0 Cando, de acordo coa lexislación sectorial vixente, as actividades descritas como de uso permitido ou autorizable no presente Plan se deban someter a autorización de calquera organismo da administración, enténdese que se ben estas entidades son as competentes para a expedición da autorización, esta deberá supeditarse ás condicións establecidas para cada tipo de actividade no ámbito do presente Plan. Deberán comunicarse ao organismo autónomo competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza a solicitude e, se así o especificase a normativa do presente Plan, solicitar o informe preceptivo do devandito organismo.



Usos permitidos

- 1.0 Con carácter xeral considéranse usos ou actividades permitidas aquelas de carácter tradicional que sexan compatibles coa protección do Espazo Natural e todos aqueles non incluídos nos grupos de actividades prohibidas ou suxeitas a autorización nin contemplados na normativa específica contida neste Plan.



Usos autorizables

- 1.0 Todas aquelas actividades directamente relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública ou con outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde, ou ben que poidan ser obxectivamente consideradas como accións positivas de primordial importancia para o medio ambiente. Sempre que cumpran co disposto no artigo 6 da DC 92/43/CEE.
- 2.0 Considéranse usos autorizables, aqueles usos que, baixo determinadas condicións e tras a obtención das correspondentes autorizacións dos organismos ou administracións competentes, así como a autorización expresa do organismo autónomo competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza, poden ser executados ao ser considerados compatibles cos obxectivos de conservación do espazo e dos compoñentes clave da biodiversidade, ao non levar consigo unha deterioración significativa, a curto ou medio prazo, dos seus valores.
- O organismo autónomo competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza avaliará o grao de significación da actividade e poderá autorizarla tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión, proponendo, no seu caso, medidas preventivas e compensatorias, co fin de asegurar que a mencionada actividade non alcance os límites establecidos no apartado 6.3 da DC 92/43/CEE.
- 3.0 Dentro da categoría de uso autorizable inclúense tamén actividades que, sen ter unha relación directa coa xestión do Espazo Natural ou sen ser necesario para esta, poidan afectar de forma significativa ao citado lugar, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos. Estas actividades, de acordo co artigo 6.3 da DC 92/43/CEE, someteranse a unha axeitada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os seus obxectivos. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no apartado 6.4 da mencionada directiva, o organismo competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza, só se declarará de acordo co devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública.
- Se, a pesar das conclusións negativas da avaliación das repercusións sobre o lugar e a falta de solucións alternativas, deba realizarse un plan ou proxecto por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, incluídas razóns de índole social ou económica, as Administracións públicas competentes en materia de conservación da natureza, de acordo co artigo 6.4 da DC 92/43/CEE (artigo 45 da Lei 42/2007), tomarán tantas medidas compensatorias sexan necesarias para garantir que a coherencia global da Rede Natura 2000 quede protexida.



Usos prohibidos

- 1.0 Considérase uso prohibido aquel contrario aos obxectivos de conservación da Rede Natura 2000 e do Parque Natural e que, por conseguinte, leva consigo unha afección significativa sobre a integridade do Espazo Natural ou sobre o estado de conservación dos compoñentes clave para a biodiversidade (hábitats e especies protexidas).

6.3.2 **Medidas e normativa por compoñentes e actividades**

As medidas e normativa por compoñentes e actividades dos espazos da Rede Natura 2000 e da Rede Galega de Espazos Protexidos establécense a partir dos obxectivos, directrices e normas xerais establecidos: na Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril, de conservación das aves silvestres; na Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres; na Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas; na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e biodiversidade; no Real decreto lexislativo 1/2001 polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas e na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza e na Lei de protección da paisaxe de Galicia.

Medidas de xestión e normativa por compoñentes e actividades

1 **Atmosfera**

1. **Obxectivos**

- 1.0 Procurar manter a calidade do aire, limitando no Espazo Natural a emisión de substancias contaminantes en concentracións tales que modifiquen a calidade do aire por enriba dos niveis autorizados.
- 2.0 Vixiar o cumprimento da normativa de carácter comunitario, estatal e autonómica relativa ás emisións atmosféricas de po, olores e ruído, producidos polas distintas actividades que se desenvolven no ámbito do Espazo Natural.
- 3.0 Controlar os niveis de elementos contaminantes presentes no Espazo Natural.

2. **Directrices**

- 1.0 Promoveranse as medidas correctoras necesarias para minimizar ou, no seu caso, eliminar as fontes de emisión de olores desagradables ou ruídos molestos.
- 2.0 Promoveranse as medidas correctoras necesarias para minimizar os efectos da contaminación lumínica.
- 3.0 Tomaranse as medidas necesarias para limitar a contaminación lumínica. Nas novas instalacións ou infraestruturas evítase a emisión de luz directa cara ao ceo e evítanse excesos nos niveis de iluminación.

3. **Normativa xeral**

- 1.0 Con carácter xeral, e en materia de contaminación atmosférica, seguirase o disposto na lexislación vixente respecto á protección do ambiente atmosférico, así como ás diferentes disposicións sectoriais.
- 2.0 Non se permite a emisión de niveis de ruído inxustificadas, contrarios ás disposicións vixentes e aos obxectivos do presente Plan, que perturben significativamente a tranquilidade das poboacións e das especies animais de interese para a conservación no ámbito do Espazo Natural.

Medidas de xestión e normativa por compoñentes e actividades

2 Xea

1. Obxectivos

- 1.0 Conservar os recursos da xea e promover o seu aproveitamento sostible.
- 2.0 Establecer medidas preventivas para impedir a progresiva perda de solo.
- 3.0 Os usos e aproveitamentos do solo velarán por manter ou aumentar a capacidade de secuestro de carbono, dada a súa importancia na mitigación dos efectos derivados do cambio climático global.

2. Directrices

- 1.0 Velarase por manter as características químicas, estruturais e de textura dos solos, das que depende en boa medida a súa vexetación, e para evitar a aparición de fenómenos erosivos por causas antrópicas.
- 2.0 Tenderanse a conservar aquelas superficies con pendente superior ao 50% sobre as que se desenvolvan hábitats naturais ou, no seu caso, plantacións forestais.
- 3.0 A utilización do solo con fins agrícolas, forestais e gandeiros deberá realizarse de forma sostible, para asegurar o mantemento do seu potencial biolóxico e da súa capacidade produtiva.
- 4.0 Realizaranse xestións para que todas as actividades extractivas existentes dispoñan dos plans de restauración pertinentes e velarase polo seu cumprimento.
- 5.0 Os plans de restauración mineira terán como obxectivos preferentes a recuperación paisaxística, así como a recuperación dos hábitats de interese comunitario e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- 6.0 Inventariaranse e diagnosticaranse os recursos xeolóxicos e xeomorfolóxicos e adoptaranse as medidas que sexan precisas para a súa protección e conservación.
- 7.0 Nas autorizacións e nos procedementos de avaliación ambiental teranse en consideración as singularidades xeolóxicas e xeomorfolóxicas do territorio, tanto debido ao seu valor intrínseco (xeodiversidade), como ao constituír unha parte esencial de diversos tipos de hábitats de interese comunitario e prioritario, así como (biodiversidade), promovendo a súa conservación, ou no seu caso establecendo medidas compensatorias co fin de reducir o impacto sobre estes.

3. Normativa xeral

- 1.0 Con carácter xeral, permítese a modificación da configuración, estrutura e propiedades do solo relacionada con actividades tradicionais de carácter agrícola ou vinculada con actividades construtivas, cando se realicen de acordo coas regulacións contempladas no presente Plan, así como conforme ás normativas sectoriais.
- 2.0 Son usos autorizables os aproveitamentos mineiros con concesión existentes con anterioridade á aprobación do presente Plan, debendo realizar a súa actividade conforme ás normativas sectoriais e de acordo cos criterios establecidos no presente Plan.
- 3.0 Excepcionalmente poderá considerarse uso autorizable a extracción de pedra solta realizada polos propietarios dos predios para a realización de obras domésticas ata 5 m³, sempre e cando as mesmas non supoñan una mingua significativa sobre os valores e compoñentes do parque natural.
- 4.0 A recolección de pequenas cantidades de rochas, minerais ou fósiles para coleccionismo, fins científicos ou educativos deberá contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.
- 5.0 A realización de actuacións que poidan supor a modificación do estado actual do solo ou o inicio de estados erosivos, tales como movementos de terra por medios mecánicos ou manuais, apertura de calcatas, prospeccións, sondaxes, etc., deberán contar coa autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.
- 6.0 Prohíbese o vertido, almacenamento, depósito, enterramento, transformación ou incineración de lixo, entullo ou calquera tipo de residuos, así como de substancias tóxicas e perigosas, excluindo o tratamento dos materiais xerados no desenvolvemento das actividades de xestión e procesado de residuos nas instalacións actualmente en funcionamento e que teñan a correspondente autorización, así como o depósito temporal previo á eliminación ou degradación dos restos dos aproveitamentos forestais, agrícolas o gandeiros sobre o solo, nas condicións de seguridade que determine a normativa sectorial ou as respectivas autorizacións de aproveitamento.
- 7.0 Prohíbese a acumulación, depósito ou almacenamento de residuos radioactivos, tóxicos, perigosos ou calquera outro tipo de substancias altamente contaminantes fóra das áreas que poidan ser autorizadas para ese efecto.

Medidas de xestión e normativa por compoñentes e actividades

3 Ecosistemas subterráneos

1. Obxectivos

- 1.0 Conservar e, no seu caso, restaurar os compoñentes biolóxicos, xeolóxicos, xeomorfolóxicos, hidrolóxicos, paleontolóxicos e arqueolóxicos dos ecosistemas subterráneos.
- 2.0 Ordenar e promover o seu aproveitamento sostible.

2. Directrices

- 1.0 Velarase por identificar as actuacións prioritarias e desenvolver os instrumentos precisos para asegurar o mantemento do estado e funcionalidade dos ecosistemas subterráneos.
- 2.0 Darase prioridade á protección dos hábitats e as poboacións de especies cavernícolas sobre calquera outra actividade que poida desenvolverse nos ecosistemas subterráneos.
- 3.0 Protexerase o patrimonio arqueolóxico e paleontolóxico albergado nos ecosistemas subterráneos.

3. Normativa xeral

- 1.0 A realización de actividades de ocio, deportivas ou científicas deberá exercerse minimizando calquera tipo de impacto sobre os medios subterráneos, os procesos ecolóxicos ou sobre os seus compoñentes. O organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza poderá establecer medidas específicas co fin de racionalizar estas actividades, para garantir o estado de conservación dos hábitats subterráneos, dos procesos e comunidades biolóxicas e dos compoñentes xeolóxicos e culturais.
- 2.0 As actuacións que poidan provocar a destrución ou alteración significativa dos medios subterráneos ou dos seus compoñentes deberán contar coa perceptiva autorización do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.
- 3.0 Prohíbese a introdución ou abandono de refugallos e obxectos de calquera tipo que poidan alterar as condicións de equilibrio ecolóxico existentes nos medios subterráneos ou alterar os seus compoñentes.

Medidas de xestión e normativa por compoñentes e actividades

4 Augas continentais

1. Obxectivos

- 1.0 Establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais e as augas subterráneas que:
- 1.1 Preveña toda deterioración adicional e protexa e mellore o estado dos ecosistemas acuáticos e, con respecto ás súas necesidades de auga, dos ecosistemas terrestres e humídais directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos.
- 1.2 Promova un uso sostible da auga baseado na protección a longo prazo dos recursos hídricos dispoñibles.
- 1.3 Teña por obxecto unha maior protección e mellora do medio acuático, entre outras formas mediante medidas específicas de redución progresiva das verteduras, as emisións e as perdas de substancias prioritarias, e mediante a interrupción ou a supresión gradual das verteduras, as emisións e as perdas de substancias perigosas prioritarias.
- 1.4 Garanta a redución progresiva da contaminación da auga subterránea e evite novas contaminacións; e contribúa a paliar os efectos das inundacións e secas.
- 1.5 Contribúa a reducir de forma significativa a contaminación das augas subterráneas.

2. Directrices

- 1.0 Preservarase a calidade da auga, tanto superficial como subterránea, e aseguraranse os caudais mínimos ecolóxicos.
- 2.0 O organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza velará pola conservación das marxes, cauces e ribeiras dos cursos de auga así definidos pola lexislación de augas. A este respecto minimizaranse os impactos que puidese producir a realización de obras que supoñan a modificación da estrutura ou vexetación característica destes elementos. Prestarase especial atención á protección dos humídais.
- 3.0 Procurarase conseguir, no menor prazo posible, o axeitado tratamento de depuración para as verteduras, xa sexan urbanas, industriais, agrícolas ou gandeiras e velarase en todo momento por manter a calidade das augas.
- 4.0 Estableceranse mecanismos de coordinación cos organismos de cunca para asegurar a eficacia das medidas de protección e actuación.
- 5.0 No tratamento das augas residuais tenderanse a cumprir os obxectivos de calidade máis estritos, desde o punto de vista ambiental, de entre as normativas técnicas existentes.
- 6.0 Para os efectos de conservación e planificación dos corredores fluviais e dos humídais, consideraranse como límites territoriais os establecidos pola normativa vixente en relación coa zona de policía estipulada nas marxes ou, no seu caso, á porción das marxes que alberga representacións de hábitats do anexo I característicos de medios hidrófilos, higrófilos ou turfófilos.
- 7.0 Velarase para que as autorizacións de captacións e aproveitamentos de augas nos humídais ou na súa área de captación non supoñan unha afección significativa sobre os recursos hídricos do humidal e sobre o mantemento dos ecosistemas e comunidades de flora e fauna que estes albergan.

3. Normativa xeral

- 1.0 As novas captacións de augas, así como a realización de sondaxes, deberán contar coa autorización do organismo competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza, sen prexuízo das competencias do organismo de cunca ou outros organismos competentes nos diferentes ámbitos sectoriais.
- 2.0 Toda actuación, construción ou instalación, susceptible de provocar contaminación das augas do Espazo Natural, deberá posuír os sistemas de depuración conforme á normativa sectorial vixente, que deberán ser autorizados polo organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.
- 2.1 As fosas sépticas deberán construírse de xeito que aseguren a súa estanquidade. A súa xestión debe realizarse, en todo momento, de acordo coa normativa sectorial vixente.
- 3.0 Prohíbese a realización de calquera tipo de vertedura, así como a utilización de calquera tipo de substancia química que poida afectar significativamente á calidade das augas nacentes ou circulantes ou ao ciclo hidrolóxico do Espazo Natural, cando se realicen fóra dos lugares habilitados a tal efecto ou sexan contrarias ás condicións establecidas na lexislación vixente ou no presente Plan.
- 4.0 Prohíbese a alteración dos cursos, cauces e ribeiras, así como a modificación significativa do réxime das augas, sen a autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e

conservación da natureza.

5.0 Prohíbese o desecamento ou sangrado de charcas, lagoas, turbeiras ou calquera outro tipo de humidal continental sen a autorización do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.

6.0 Prohíbense as acumulacións de materiais en encostas, barrancos ou cauces que poidan supoñer un obstáculo ao libre paso das augas, ou ben poidan ser orixe de procesos erosivos intensos ou que entrañen unha modificación das condicións hidráulicas e hidrolóxicas naturais.

7.0 Prohíbese o lavado de vehículos e calquera tipo de obxecto en ríos, regatos ou humidais, botar obxectos ás ditas zonas, así como a incorporación directa ás augas de deterxentes, xabóns, lixivias ou outros tipos de substancias que poidan afectar de forma significativa ao estado ecolóxico dos ecosistemas acuáticos.

Medidas de xestión e normativa por compoñentes e actividades

5 Paisaxe

1. Obxectivos

- 1.0 O recoñecemento, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe co fin de preservar todos os elementos que a configuran nun marco do desenvolvemento sostible, entendendo que a paisaxe exerce unha función principal de interese xeral nos campos ambientais, culturais, sociais e económicos.
- 2.0 Manter nun estado de conservación favorable os tipos de paisaxes existentes no Espazo Natural, así como os costumes tradicionais existentes e os compoñentes naturais e elementos construtivos destes.
- 3.0 Mitigar os elementos artificiais que a nivel estrutural e funcional actúan como barreiras, así como fortalecer a conservación daqueles de carácter natural ou seminatural que constitúen corredores ecolóxicos que resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres.
- 4.0 Nas actuacións susceptibles de alterar ou modificar a paisaxe natural do Espazo Natural teranse especialmente en conta as súas repercusións sobre a calidade paisaxística e adoptaranse cantas medidas sexan necesarias con obxecto de minimizar as consecuencias. En tal sentido, os proxectos que teñan por obxecto este tipo de actuacións e especial incidencia sobre a paisaxe supervisaranse co obxecto de garantir o cumprimento do expresado neste artigo.

2. Directrices

- 1.0 Establecerase un programa de recuperación daquelas áreas que conteñan elementos da paisaxe degradados e priorizaranse as áreas de maior accesibilidade visual.
- 2.0 Restaurarase a calidade paisaxística alí onde fose deteriorada por accións humanas, como movementos de terra, actividades extractivas, apertura de pistas e camiños ou de calquera outro tipo.
- 3.0 Procurarase evitar a introdución no medio natural de calquera elemento artificial que limite o campo visual ou rompa a harmonía da paisaxe. Non obstante, poderán establecerse as infraestruturas que sexan imprescindibles, de acordo coas prescricións do presente Plan, procurando minimizar o seu impacto sobre o medio.
- 4.0 Velarase polo mantemento do territorio do Espazo Natural libre de lixos, residuos e verteduras e aplicarase a normativa vixente na materia. Eliminaranse os vertedoiros e entulleiras incontrolados.
- 5.0 Teranse en conta criterios paisaxísticos na planificación dos repoboacións forestais e a ordenación das masas arborizadas preexistentes.
- 6.0 O impacto paisaxístico deberá ser especialmente tido en conta nos proxectos de infraestruturas lineais e nas actuacións realizadas en áreas de alta visibilidade.
- 7.0 O organismo autónomo competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza poderá determinar aquelas singularidades da paisaxe, tanto elementos naturais como culturais, que deban ser preservados e delimitará o seu ámbito de protección, tendo en conta a súa cunca visual.
- 8.0 O organismo autónomo competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza poderá limitar as repoboacións forestais e os tratamentos silvícolas que supoñan unha deterioración paisaxística do Espazo Natural e propoñerá, no seu caso, as medidas correctoras necesarias.

3. Normativa xeral

- 1.0 A introdución de calquera elemento estrutural de carácter artificial, que altere de maneira significativa a paisaxe natural ou desfigure as súas formas e perspectiva e modifique o seu valor estético, deberá contar coa autorización do organismo autónomo competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.
- 2.0 A instalación de carteis, inscricións ou elementos de calquera natureza con fin publicitario, fóra dos núcleos de poboación ou fóra das áreas autorizadas para tal fin, deberá contar coa autorización do organismo autónomo competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.
- 3.0 Prohíbese a realización de inscricións, sinais, signos ou debuxos na pedra, árbores ou en calquera outro elemento do medio natural, así como sobre paneis informativos, elementos de valor histórico-cultural ou en calquera tipo de ben moble ou inmobile, en xeral, e o deterioro ou destrución da infraestrutura propia do Espazo Natural, salvo aqueles debidamente autorizados que sexan necesarios para mellorar e completar as redes de camiños e sendeiros.
- 4.0 Prohíbese tirar lixo fóra dos contedores establecidos para tal fin, así como o abandono de ferrallas ou o abandono ao aire libre de maquinaria, vehículos ou calquera tipo de material alleo ao medio natural.

Medidas de xestión e normativa por compoñentes e actividades

6 Hábitats

1. Obxectivos

- 1.0 Manter nun estado de conservación favorable os hábitats prioritarios e de interese comunitario establecidos no anexo I da DC 92/43/CEE.
- 2.0 Regular e fomentar o uso sostible dos hábitats naturais e seminaturais e, de xeito especial, daqueles que posúen unha área de distribución reducida no Espazo Natural, así como no conxunto da Rede Natura 2000.

2. Directrices

- 1.0 Os criterios de xestión de hábitats e especies rexeranse, en ausencia de especificacións concretas, polo considerado no Artigo 6 da DC/92/43/CEE.
- 2.0 Estableceranse medidas específicas de xestión para os hábitats de maior fragilidade ecolóxica ou para aqueles que posúen unha escasa representación territorial no ámbito do Espazo Natural ou do conxunto da Rede Natura 2000 en Galicia.
- 3.0 Darase prioridade, alí onde se presenten os hábitats incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE, á conservación e rexeneración natural destes fronte a calquera outro tipo de actuación.
- 4.0 Darase prioridade á conservación dos hábitats que alberguen áreas prioritarias de especies de flora ou fauna silvestre de interese para a conservación.
- 5.0 Darase prioridade á protección e conservación dos hábitats de especies de especial interese polo seu carácter endémico, a súa situación de ameaza ou por atoparse no límite da súa área de distribución.
- 6.0 Desenvolveranse un conxunto de indicadores que permitan analizar e avaliar o estado de conservación dos hábitats para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias.
- 7.0 Para os efectos de xestión do Espazo Natural, e cando non exista unha delimitación territorial concreta dos corredores fluviais e dos humidais, considéranse como área mínima os límites do dominio público máis a zona de servidume e policía, definidas na normativa básica sobre augas continentais ou ben a área delimitada pola existencia de hábitats e especies características dos ecosistemas acuáticos e dos humidais.

3. Normativa xeral

- 1.0 As actuacións non vinculadas coas necesidades de conservación e xestión dos compoñentes da biodiversidade ou aquelas non contempladas nos supostos de actividades permitidas ou autorizadas establecidas no presente Plan, que poidan afectar de maneira significativa, individualmente ou en combinación con outras actuacións, ao Espazo Natural ou ao estado de conservación dun tipo de hábitat incluído no anexo I da DC 92/43/CEE, deberán contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza. A mencionada autorización será outorgada tras unha adecuada avaliación das súas repercusións sobre o Espazo Natural de acordo co establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE.
- 2.0 O organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza velará para que o emprego de biocidas, así como de residuos urbanos, industriais ou calquera substancia química se realice no Espazo Natural dun xeito racional e conforme coa normativa vixente. Poderá limitar ou, no seu caso, prohibir aqueles usos que poidan supoñer a destrución ou a alteración significativa dos hábitats de interese comunitario.
- 3.0 O organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza someterá a avaliación de impacto ambiental os proxectos que inclúan:
 - Introducións de espécimes alóctonos de carácter invasor que poidan provocar unha alteración sobre o estado de conservación dos hábitats ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación. Non se aprobará ningunha introdución que poida afectar negativamente ao estado de conservación dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE e ás especies de interese para a conservación.
 - Actuacións (deseccación, dragados, canalizacións, sangrados) que poidan levar consigo unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats lacunares (Nat-2000 3130, 3160), brañas e turbeiras (Nat-2000 4020*, 6230*, 7110*, 91D0*) ou corredores fluviais (Nat-2000 3260, 91E0*), así como cando promovan a canalización dos seus efluentes ou canles de alimentación.
 - Os proxectos que inclúan a construción de viais, sendas ou outros elementos de carácter construtivo que afecten ao estado de conservación dos hábitats do anexo I, ou a hábitats críticos para o mantemento de especies de interese para a conservación serán sometidos a avaliación de impacto ambiental. Esta mesma consideración aplicarase aos proxectos que inclúan unha modificación substancial de viais,

4.0

sendas ou construcións existentes, en canto ás súas dimensións ou tipoloxía construtiva.
Prohíbese o depósito ou vertedura de materiais vexetais, derivados do mantemento de xardíns, parques ou viais, sobre os hábitats naturais ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

Medidas de xestión e normativa por compoñentes e actividades

7 Flora e fauna silvestre

1. Obxectivos

- 1.0 Manter ou, no seu caso, restaurar o estado de conservación das especies de flora e fauna e, en especial, das especies de interese para a conservación.
- 2.0 Regular e fomentar o uso sostible das especies de flora e fauna silvestre e garantir que os aproveitamentos que se realicen sobre especies de interese para a conservación non leven consigo unha afección significativa sobre o seu estado de conservación.
- 3.0 Evitar a introdución e expansión de espécimes exóticos ou alóctonos no Espazo Natural e, explicitamente, daqueles de carácter invasor.

2. Directrices

- 1.0 Velarase pola conservación das especies de fauna e flora silvestre do Espazo Natural.
- 1.1 Evitarase a desaparición de calquera especie autóctona e asegurase a persistencia do seus hábitats.
- 1.2 Aplicaranse, se fose preciso, medidas de conservación e xestión das especies endémicas, ameazadas ou relictas.
- 1.3 Para as especies catalogadas elaboraranse e executaranse os correspondentes plans de recuperación ou xestión de acordo coas categorías establecidas na Lei de conservación da natureza.
- 2.0 Velarase pola pureza das poboacións e evitaranse introducir subespecies ou razas xeográficas distintas ás propias do Espazo Natural.
- 3.0 Tenderase á eliminación gradual das especies alóctonas existentes no Espazo Natural. Evitarase a introdución e propagación de especies alóctonas.
- 4.0 A xestión das especies con aproveitamento cinexético ou piscícola adaptarse aos obxectivos de conservación do Espazo Natural, a través dos correspondentes plans técnicos de xestión.
- 5.0 Desenvolveranse un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación das poboacións de flora e fauna para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias.
- 6.0 A conservación das especies de flora e fauna silvestre presentes no Parque Natural orientarase cara aqueles elementos considerados como "protexidos" ou "catalogados" pola normativa comunitaria, estatal e autonómica, xunto cos elementos endémicos e raros a nivel bioxeográfico presentes no territorio.

3. Normativa xeral

- 1.0 As actuacións, non vinculadas coas necesidades de conservación e xestión dos compoñentes da biodiversidade ou non contempladas nos supostos de actividades permitidas ou autorizadas establecidas no presente Plan, que poidan afectar de forma apreciable, individualmente ou en combinación con outras actuacións, as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación deberán contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza. A mencionada autorización será outorgada tras unha adecuada avaliación das súas repercusións de acordo co establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE.
- 2.0 Con carácter xeral, queda prohibido dar morte, danar, molestar ou inquietar intencionadamente aos animais silvestres, sexa cal sexa o método empregado ou a fase do seu ciclo biolóxico.
 - Esta prohibición inclúe a súa retención e captura en vivo, a destrución, dano, recolección e retención dos seus niños, das súas crías ou dos seus ovos, estes últimos aínda estando baleiros, así como a posesión, transporte, tráfico e comercio de exemplares vivos ou mortos ou dos seus restos, incluíndo o comercio exterior.

Para os animais non comprendidos nalgunha das categorías definidas no Listado de especies silvestres en réxime de protección especial (Lei 42/2007), no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, estas prohibicións non se aplicarán nos supostos con regulación específica, en especial na lexislación de montes, caza, agricultura e pesca continental.
 - Prohibese a cría para reintrodución ou repoboación no medio natural de especies silvestres sen a autorización do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza ou cando se realice fóra dos lugares e das condicións establecidas na dita autorización.
- 3.0 Con carácter xeral, queda prohibida a destrución ou deterioración significativa das formacións vexetais conformadas por especies silvestres que caracterizan os tipos de hábitats de interese comunitario.
- 4.0 Para as especies de flora e fauna silvestres non considerados como especies de interese para a conservación,

- as prohibicións indicadas nos puntos 2 e 3 non se aplicarán nos supostos establecidos pola normativa sectorial e zonal incluída no presente Plan, así como na lexislación e normativa que regula a agricultura, a gandería, os aproveitamentos forestais, a pesca continental e a caza ou cando exista autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza
- 5.0 Para as especies silvestres de flora e fauna consideradas como de interese para a conservación, especies que figuran como protexidas nos anexos das directivas hábitats (DC 92/43/CEE) e aves (DC 79/409/CEE) e nos convenios internacionais ratificados por España, así como as especies consideradas como en perigo de extinción ou vulnerables no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas (CNEA) ou no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA), establécense as seguintes prohibicións xenéricas:
- Tratándose de plantas, fungos ou algas, a de recollelas, cortalas, mutilalas, arrincalas ou destruílas intencionadamente na natureza.
 - Tratándose de animais, incluídas as súas larvas, crías ou ovos, a de calquera actuación feita co propósito de darlles morte, capturalos, perseguilos ou molestalos, así como a destrución ou deterioración dos seus niños, vivares e áreas de reprodución, invernada ou repouso.
 - En ambos os dous casos, a de posuír, naturalizar, transportar, vender, comerciar ou intercambiar, ofertar con fins de venda ou intercambio, importar ou exportar exemplares vivos ou mortos, así como os seus propágulos ou restos, salvo nos casos que regulamentariamente se determinen.
 - Estas prohibicións aplicaranse a todas as fases do ciclo biolóxico destas especies, subespecies ou poboacións.
 - As prohibicións establecidas neste apartado poderán quedar sen efecto, logo da autorización de organismo autonómico competente en materia de medio e conservación da natureza, se non houbese outra solución satisfactoria e sen que iso supoña prexudicar o mantemento nun estado de conservación favorable das poboacións de que se trate, na súa área de distribución natural, cando conorra algunha das circunstancias seguintes:
 - ♦ Se da súa aplicación se derivasen efectos prexudiciais para a saúde e seguridade das persoas.
 - ♦ Para previr prexuízos importantes aos cultivos, ao gando, aos bosques, á pesca e á calidade das augas.
 - ♦ Cando sexa necesario por razóns de investigación, educación, repoboación ou reintrodución ou cando se precise para a cría en catividade orientada aos devanditos fins.
 - ♦ No caso das aves, para previr accidentes en relación coa seguridade aérea.
 - ♦ Para protexer a flora e a fauna silvestres e os hábitats naturais.
 - ♦ Para permitir, en condicións estritamente controladas e mediante métodos selectivos, a captura, retención ou calquera outra explotación prudente de determinadas especies en pequenas cantidades e coas limitacións precisas para garantir a súa conservación, así como o cumprimento da lexislación vixente.
- 6.0 Prohíbese a introdución de especies, subespecies ou razas xeográficas alóctonas de carácter invasor que poidan ser susceptibles de competir coas especies silvestres autóctonas, alterar a súa pureza xenética, afectar de forma apreciable ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou causar desequilibrios sobre os ecosistemas do Espazo Natural, sen contar coa autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza ou cando esta se realice fóra dos lugares e das condicións establecidas para a súa explotación.
- 7.0 Non poderá autorizarse a liberación no medio natural de organismos modificados xeneticamente baixo condicións que poidan alterar a pureza e diversidade xenética das poboacións naturais das especies autóctonas ou poñer en risco calquera outro valor natural do Espazo Natural. En todo caso, establecerase un control específico para os organismos transxénicos.
- 8.0 O organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza poderá establecer medidas específicas para que o emprego de biocidas, así como de residuos urbanos, industriais, emendas ou calquera substancia química, se realice no Espazo Natural sen riscos para as poboacións de flora e fauna silvestre. Poderá limitar ou, no seu caso, prohibir aqueles usos que supoñan unha afección significativa sobre o estado de conservación das especies de flora e fauna silvestres de interese para a conservación.
- 9.0 O organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza poderá desenvolver ou autorizar actuacións de control sobre aquelas poboacións de especies que ameacen o equilibrio dos ecosistemas.
- 10.0 A reintrodución de especies actualmente non presentes no Espazo Natural deberá contar co correspondente plan técnico que constará como mínimo dunha exposición de obxectivos, unha avaliación ambiental da incidencia da reintrodución e un plan de seguimento e control desa especie e deberá ser aprobado polo organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza. Non se aprobará ningunha reintrodución cando se considere que poida afectar negativamente ao estado de conservación dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE e das especies de interese para a conservación.
- 11.0 A caza e a pesca en augas continentais só poderá realizarse sobre as especies que determine o organismo

12.0

autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza e, en ningún caso, poderá afectar ás especies incluídas no Listado de especies en réxime de protección especial, no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas, no Catálogo Galego de Especies Ameazadas ou ás prohibidas pola Unión Europea.

En todo caso, o exercicio da caza e a pesca continental regularase de modo que queden garantidas a conservación e o fomento das especies autorizadas para este exercicio, para estes efectos o organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza determinará os terreos e as augas onde poidan realizarse tales actividades, así como as datas hábiles para cada especie.

13.0

Con carácter xeral, establécense as seguintes prohibicións e limitacións relacionadas coa actividade cinexética e acuícola en augas continentais (Lei 42/2007):

a) Quedan prohibidas a tenza, utilización e comercialización de todos os procedementos masivos ou non selectivos para a captura ou morte de animais, en particular os enumerados no anexo VII da Lei 42/2007, así como aqueles procedementos que poidan causar localmente a desaparición ou turbar gravemente a tranquilidade das poboacións dunha especie.

En particular, quedan incluídas no parágrafo anterior a tenza, utilización e comercialización dos procedementos para a captura ou morte de animais e modos de transporte prohibidos pola Unión Europea, que se enumeran, respectivamente, nas letras a) e b) do anexo VII da Lei 42/2007.

Sempre e cando non exista outra solución satisfactoria alternativa, esta prohibición poderá non ser de aplicación, se se cumpren estes dous requisitos:

1º. Que concorran as circunstancias e condicións enumeradas no artigo 58.1 da Lei 42/2007.

2º. Que se trate de especies de animais de interese comunitario non consideradas de protección estrita na normativa da Unión Europea.

b) Queda prohibido, con carácter xeral, o exercicio da caza de aves durante a época de celo, reprodución e crianza e a caza durante o traxecto de regreso cara aos lugares de cría no caso de especies migratorias.

c) Só poderán ser obxecto de comercialización, vivas ou mortas, as especies que regulamentariamente se determinen, de acordo cos convenios internacionais e a normativa da Unión Europea.

d) Poderanse establecer moratorias temporais ou prohibicións especiais, cando razóns de orde biolóxica ou sanitaria o aconsellen. En relación coas especies obxecto de caza e pesca, cando existan razóns de orde biolóxica ou sanitaria que aconsellen o establecemento de moratorias temporais ou prohibicións especiais, a Comisión Estatal do Patrimonio Natural e a Biodiversidade poderá elaborar informes que poidan ser utilizados polas Comunidades autónomas para a determinación das devanditas moratorias ou prohibicións.

e) En relación coa actividade cinexética e acuícola, queda prohibida a introdución de especies alóctonas. No caso de introducións accidentais ou ilegais, non se poderá autorizar, en ningún caso, o seu aproveitamento cinexético ou piscícola e promoveranse as medidas apropiadas de control de especies para a súa erradicación.

f) Os cercados e valados de terreos, cuxa instalación estará suxeita a autorización administrativa, deberán construírse de tal forma que na totalidade do seu perímetro non impidan a circulación da fauna silvestre non cinexética e eviten os riscos de endogamia nas especies cinexéticas. O organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza establecerá a superficie mínima que deben ter as unidades de xestión para permitir a instalación destes cercados.

Para os cercados e valados non cinexéticos o organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza poderá excluír esta obriga por causas de sanidade animal.

g) Os métodos de captura de predadores que sexan autorizados polas Comunidades autónomas deberán ser homologados baseándose nos criterios de selectividade e benestar animal fixados polos acordos internacionais.

A utilización destes métodos só poderá ser autorizada mediante unha acreditación individual outorgada pola Comunidade autónoma. Non poderán ter consideración de predador, para os efectos deste parágrafo, as especies incluídas no Listado de especies silvestres en réxime de protección especial.

h) Cando se comprobe que a xestión cinexética desenvolvida nun terreo afecte negativamente á renovación ou sostibilidade dos recursos, o organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza poderá suspender total ou parcialmente a vixencia dos dereitos de caza.

j) Prohíbese a tenza e o uso de munición que conteña chumbo durante o exercicio da caza e o tiro deportivo, cando estas actividades se exerzan en zonas húmidas incluídas na lista do Convenio relativo a húmidais de importancia internacional, nas da Rede Natura 2000 e nas incluídas en Espazos Naturais Protexidos.

Medidas de xestión e normativa por compoñentes e actividades

8 Compoñentes culturais

1. Obxectivos

- 1.0 Preservar o patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico existente no Espazo Natural e favorecer a súa investigación e posta en valor.
- 2.0 Difundir e divulgar os valores educativos do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico do Espazo Natural, en aras do enriquecemento cultural da sociedade no seu conxunto.
- 3.0 Promover o estudo, recuperación e emprego dos coñecementos tradicionais que sexan de interese para a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

2. Directrices

- 1.0 De acordo coas normas, resolucións e principios do Convenio sobre a diversidade biolóxica e da Organización Mundial da Propiedade Intelectual:
 - a) Preservarán, manterán e fomentarán os coñecementos e as prácticas de utilización consuetudinaria que sexan de interese para a conservación e o uso sostible do patrimonio natural e da biodiversidade.
 - b) Promoverán que os beneficios derivados da utilización destes coñecementos e prácticas se compartan equitativamente.
 - c) Promoverán a realización de inventarios dos coñecementos tradicionais, relevantes para a conservación e o uso sostible da biodiversidade e xeodiversidade, con especial atención aos etnobotánicos e etnozoolóxicos.
- 2.0 Velarase polo correcto estado de conservación dos bens integrantes do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico.
- 3.0 Regularase e controlarase o acceso dos investigadores aos elementos do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico, co fin de proceder ao seu estudo.
- 4.0 Posibilitarase o acceso do público, na medida en que iso non afecte negativamente á súa conservación, aos elementos do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico e integraranse, cando sexa posible, na rede de áreas recreativas.
- 5.0 Elaborarase a infraestrutura informativa e educativa precisa (sinalizacións, paneis explicativos, folletos, etc.) para a necesaria posta en coñecemento do público dos valores do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico do Espazo Natural.
- 6.0 Realizaranse estudos descritivos das tipoloxías arquitectónicas tradicionais co obxecto de facilitar a súa rehabilitación e coñecemento e promoverase a protección e conservación das edificacións máis valiosas.
- 7.0 Promoverase o fomento das accións de revalorización, conservación e rehabilitación do patrimonio cultural do Espazo Natural, incluídas as festas populares e manifestacións folclóricas, en harmonía coa preservación dos recursos naturais.

3. Normativa xeral

- 1.0 Os labores de prospección e escavación que, no seu caso, poidan autorizarse no Espazo Natural efectuaranse evitando ou minimizando as afeccións sobre os compoñentes da biodiversidade e, de forma especial, sobre os hábitats de interese comunitario e as especies de interese para a conservación.
- 2.0 As actuacións de restauración, consolidación, musealización ou, no seu caso, mantemento das áreas de interese patrimonial ou cultural do Espazo Natural adaptaranse ás características paisaxísticas de cada zona, co fin de evitar calquera tipo de afección significativa sobre os procesos ecolóxicos, os hábitats de interese comunitario e as especies de interese para a conservación. Nas mencionadas actuacións evitarase o emprego de plantas alóctonas de carácter invasor, así como se promoverá un uso racional e selectivo dos biocidas.

Medidas de xestión e normativa por compoñentes e actividades

9 Usos agropecuarios

1. Obxectivos

1.0 A xestión agrícola e gandeira do Espazo Natural deberá primar os aproveitamentos e usos sostibles, de modo que se minimicen, cando non se eviten, as afeccións sobre os compoñentes clave do territorio: tipos de paisaxes, medios ecolóxicos, hábitats protexidos, núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación.

2. Directrices

- 1.0 Promoveranse as políticas agrarias que fomenten o mantemento nun estado de conservación favorable dos núcleos poboacionais e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e priorizaranse aqueles compoñentes cuxa persistencia se atopa ligada ao mantemento dos sistemas de explotación tradicional de carácter agrícola ou gandeiro (aproveitamentos tradicionais e extensivos de brañas e matogueiras, mantemento dos prados de sega e dente, cultivos tradicionais de cereais, etc.).
- 2.0 Promoverase a adquisición e/ou arrendamento de predios ou ben a compra das súas producións, en áreas de especial relevancia ambiental, co fin de asegurar o mantemento, a medio ou longo prazo, dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación ou dos hábitats naturais e seminaturais de interese comunitario. Para estes efectos terase en conta o disposto na Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia.
- 3.0 Fomentarse o mantemento da agricultura tradicional mediante a sinatura de acordos ou convenios contractuais cos titulares de terreos que se comprometan á aplicación de medidas agroambientais compatibles coa conservación dos hábitats de interese comunitario e/ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- 4.0 Os criterios e medidas ambientais contempladas nos contratos globais de explotación e as medidas agroambientais que promova o organismo autónomo competente en materia agraria e do medio rural definiranse en colaboración co organismo autónomo competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.
- 5.0 As explotacións incluídas no ámbito do Espazo Natural consideraranse como prioritarias para a concesión de axudas á práctica de métodos agroambientais compatibles coa conservación das especies de interese para a conservación.
- 6.0 Velarase e promoverase a aplicación de códigos de boas prácticas, así como os criterios establecidos de eco-condicionalidade.
- 7.0 Nos terreos agrícolas e gandeiros procurarase respectar a vexetación autóctona de carácter natural ou seminatural establecida nos lindeiros de bosques e regueiros, así como as sebes arbustivas e arbóreas, as liñas de arboredo, os pequenos bosquetes e cantos elementos naturais poidan ser significativos para a conservación da biodiversidade e, en especial, da flora e fauna silvestre. Velarase, especialmente, polo mantemento de aqueles elementos que:
- Sirvan de hábitat secundario, refuxio, cría ou alimentación de especies protexidas.
 - Constitúan os últimos lugares de refuxio, cría ou alimentación para os elementos silvestres de flora e fauna, por perdurar en paisaxes agrarias ou gandeiras fortemente degradadas.
 - Establezan corredores biolóxicos con ou entre áreas de maior naturalidade que eviten o illamento xenético das poboacións.
 - Os cercados e valados en terreos rurais deberán construírse de tal forma que non impidan a circulación da fauna silvestre axustándose ás normas sectoriais e ás contempladas no presente Plan. Os cerramentos serán preferentemente vexetais, conformados por especies autóctonas, ou ben por muros de pedra mantendo os tipos construtivos tradicionais de cada zona.

3. Normativa xeral

1.0 Con carácter xeral, considéranse usos permitidos aqueles de carácter tradicional vinculados coas explotacións agrícolas e gandeiras existentes en cada Espazo Natural, que non leven consigo afeccións significativas sobre os hábitats de interese comunitario e as especies de interese para a conservación e que cumpran coa normativa sectorial vixente e coas disposicións do presente Plan, incluíndo entre elas:

- O cultivo ou a cría dentro das explotacións agropecuarias de especies, subespecies, variedades ou razas representativas dos sistemas tradicionais de explotación agrícola ou gandeira existentes en Galicia.
- O uso de zurros, fertilizantes e biocidas nos terreos de labor e nos pasteiros de carácter artificial sempre e

2.0

cando a súa aplicación non afecte negativamente aos hábitats de interese comunitario existentes no seu ámbito, así como ás poboacións de especies de interese para a conservación e sempre que se apliquen de maneira racional, de acordo coas vixentes normativas e co código de boas prácticas.

- A corta de exemplares de árbores froiteiras e de ornamento existentes en explotacións agrícolas, en pequenos hortos ou en xardíns e áreas de uso público existentes dentro do Espazo Natural. Exclúense desta autorización os exemplares incluídos no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras (Decreto 67/2007).

Coa finalidade de asegurar un uso sostible dos recursos naturais e o propio mantemento das explotacións agropecuarias tradicionais, considéranse actuacións suxeitas a autorización por parte do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza as seguintes:

- Os cambios de usos que supoñan a desaparición ou diminución significativa do estado de conservación (diminución da superficie, modificación da estrutura, cambios nas funcións ecolóxicas) dos tipos de hábitats de interese comunitario ou dos hábitats das especies de interese para a conservación.
- A eliminación de sebes e bosquetes nas áreas de aproveitamento agrícola ou gandeiro.
- O uso de biocidas. Exclúese desta consideración o uso de biocidas vinculados ao mantemento dos prados de sega (Nat-2000 6510, 6520), cando se realice conforme á normativa xeral vixente.
- A fumigación con equipos aéreos.
- A introdución no Espazo Natural de especies alóctonas non presentes na actualidade, cando o seu aproveitamento ou naturalización poida xerar riscos significativos sobre a pureza xenética das poboacións existentes ou xerar unha alteración significativa sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou para as especies de interese para a conservación.
- O depósito de lodos de depuradoras industriais ou urbanas, así como seu o emprego como fertilizantes ou emendas dos solos agrícolas.

3.0

As concentracións parcelarias ou proxectos similares, que leven consigo unha drástica modificación da paisaxe rural do Espazo Natural ou que afecten significativamente ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario e ás especies de interese para a conservación, deberán someterse obrigatoriamente a avaliación de impacto ambiental, que se formulará conforme aos criterios establecidos no artigo 6 da DC 92/43/CEE, aos obxectivos de conservación establecidos na Rede Natura 2000, no presente Plan e de acordo coa normativa sectorial vixente.

Medidas de xestión e normativa por compoñentes e actividades

10 Usos forestais

1. Obxectivos

- 1.0 A xestión forestal do Espazo Natural deberá primar os aproveitamentos e usos sostibles, de modo que se minimicen, cando non se eviten, as afeccións sobre os compoñentes clave do territorio: tipos de paisaxes, medios ecolóxicos, hábitats protexidos, núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación.

2. Directrices

- 1.0 Promoveranse as políticas forestais que fomenten o mantemento nun estado de conservación favorable dos núcleos poboacionais e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e priorizaranse aqueles compoñentes cuxa persistencia se atopa ligada ao mantemento dos sistemas de explotación tradicional de carácter forestal (carballeiras, soutos, corredores fluviais, turbeiras, brañas, matogueiras, etc.).
- 2.0 Promoverase a adquisición e/ou arrendamento de predios ou ben a compra das súas producións, en áreas de especial relevancia ambiental, co fin de asegurar o mantemento, a medio ou longo prazo, dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación ou dos hábitats naturais e seminaturais de interese comunitario. Para estes efectos terase en conta o disposto na Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia.
- 3.0 Fomentarase o mantemento das explotacións forestais tradicionais mediante a sinatura de acordos ou convenios contractuais coas comunidades de montes e cos titulares de terreos que se comprometan á aplicación de medidas ambientais compatibles coa conservación dos hábitats de interese comunitario e/ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- 4.0 Os criterios e medidas ambientais contempladas nos contratos globais de explotación e as medidas ambientais que promova o organismo autonómico competente en materia forestal e do medio rural definiranse en colaboración co organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.
- 5.0 As explotacións incluídas no ámbito do Espazo Natural consideraranse prioritarias para a concesión de axudas á práctica de métodos agroambientais compatibles coa conservación das especies de interese para a conservación.
- 6.0 A xestión forestal deberá desenvolverse mediante proxectos de ordenación de montes e plans técnicos de xestión redactados conforme á Lei 43/2003, de montes. De acordo co artigo 32 desta lei, para a súa aprobación teranse en conta a diversidade e as necesidades de conservación dos hábitats naturais e seminaturais de interese comunitario, así como dos hábitats das especies de interese para a conservación. Os usos e aproveitamentos que nestes documentos se contemplan non poderán supoñer, en ningún caso, unha redución significativa do estado de conservación destes hábitats, sobre todo daqueles considerados como prioritarios ou que presenten unha reducida cobertura ou elevada fragilidade no Espazo Natural ou no conxunto da Rede Natura 2000 de Galicia.
- 7.0 As autorizacións de aproveitamentos forestais deberán establecer as medidas precisas que aseguren o respecto do arboredo e a vexetación autóctona desenvolvida baixo a masa, así como o mantemento da diversidade de biótotos (afloramentos rochosos, regueiros, humidais).
- 8.0 Evitarase que as autorizacións de cortas leven consigo a desaparición de bosquetes ou a supresión de sebes arbóreas ou arbustivas nas áreas de uso agrícola ou gandeiro. O organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza poderá establecer limitacións co fin de garantir o mantemento deste tipo de hábitats.
- 9.0 Os aproveitamentos deberán realizarse con técnicas tradicionais e respectuosas en todo momento coa integridade do medio ambiente, co fin de garantir o mantemento da masa, os solos e os biótotos e ecotóns que esta albergue, así como o restablecemento das condicións preexistentes ou, no seu caso, o seu reempazo por formacións de carácter natural.
- 10.0 Os aproveitamentos forestais das formacións naturais realizaranse mediante cortas por aclareo sucesivo uniforme ou, no seu caso, por entresacas por bosquetes ou por furoneo.
- 11.0 A construción en vías de saca deberá evitar, no trazado da pista, pendentes superiores ao 10% e poderase excepcionalmente superar o devandito límite co fin de evitar impactos paisaxísticos negativos. Estas vías deberán contar con pasos de auga nos desaugadoiros naturais do terreo, tanto permanentes como estacionais, e os seus entroncamentos con camiños ou vías deberán ser realizados previa consulta ao organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza, co fin de determinar a forma idónea da súa construción. O depósito dos materiais sobrantes na construción e reparación de pistas será controlado con rigorosidade.
- 12.0 Os traballos de control de pragas deberán ter en conta as seguintes consideracións:

13.0

- Non poderán ser empregados fitocidas e insecticidas (salvo casos de urxente necesidade).
- Permitirase o control biolóxico ou natural determinado pola Comunidade Internacional e coñecido como Entomology Management (sempre a través do procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental).
- Con carácter preferente, en labores de prevención e loita potenciarase o emprego de plantas cebos, loita biolóxica con uso de trampas de feromonas e, principalmente, a estabilización de poboacións de insectívoros mediante o uso de caixas andadeiras, así como a protección dos dormideiros de quirópteros.

Na extinción de incendios empregaranse, preferentemente, as accións que xeren menor impacto no medio e a restauración de áreas afectadas terá carácter prioritario.

3.

Normativa xeral

1.0

Como norma xeral, considéranse usos autorizables aqueles de carácter tradicional vinculados coas explotacións forestais existentes no Espazo Natural, sempre e cando non leven consigo afeccións significativas sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario e das especies de interese para a conservación, cumpran coas disposicións do presente Plan e coa normativa sectorial vixente.

2.0

O organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza, independentemente das regulacións que poida establecer o órgano forestal competente, poderá regular dentro do Espazo Natural ou denegar novas explotacións ou aproveitamentos, cando leven consigo unha afección significativa sobre o estado de conservación dos tipos de hábitats de bosques tipificados no anexo I da DC 92/43/CEE, así como sobre os hábitats das poboacións de especies de interese para a conservación, ou ben cando os aproveitamentos afecten á integridade do propio Espazo Natural, ao mantemento dos valores paisaxísticos ou á conectividade entre os diferentes tipos de medios ecolóxicos.

3.0

Con carácter xeral considéranse usos permitidos:

- A recollida de follaxe, castañas, cogomelos, landras e doutros pequenos froitos por parte dos propietarios dos montes para o seu propio aproveitamento.
- A recollida de leñas por parte dos propietarios dos montes para o seu propio aproveitamento.

4.0

En cumprimento do artigo 6 da DC 92/43/CEE e coa finalidade de asegurar o uso sostible dos recursos naturais e o propio mantemento das explotacións forestais, o organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza considerará actividades suxeitas a avaliación e autorización preceptiva, as seguintes:

- A introdución, plantación ou sementeira de especies exóticas non contempladas como especies de aproveitamento forestal nos correspondentes proxectos de ordenación de montes.
- A introdución, plantación ou sementeira de especies exóticas sobre hábitats de interese comunitario.
- A realización de rozas, sangrados, subsolados sobre queirogais húmidos (Nat-2000 4020 *) e turbeiras (Nat-2000 7110 *, 7140, 7150, 91D0*).
- O uso de calquera tipo de biocidas ou herbicidas sobre hábitats incluídos na DC 92/43/CEE ou sobre os hábitats das especies de interese para a conservación.
- A fumigación con equipos aéreos.
- A realización de aterrazamentos nos proxectos de plantacións forestais.
- A recolección de vexetais e fungos con fins comerciais.
- Todas aquelas que poidan afectar significativamente á integridade do Espazo Natural, ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou aos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación.

5.0

Serán sometidos a avaliación de impacto ambiental:

- As primeiras repoboacións forestais de máis de 50 hectáreas, cando entrañen riscos de graves transformacións ecolóxicas de carácter negativo.

6.0

Considéranse usos prohibidos no ámbito do Espazo Natural:

- As cortas a feito e a matarrasa sobre formacións arborizadas naturais e, especialmente, sobre aquelas incluídas dentro do anexo I da DC 92/43/CEE.
- As rozas ou labores mecánicos, así como os subsolados en liña de máxima pendente.
- A vertedura de zurros e residuos agrícolas ou industriais sobre o medio acuático, así como sobre o resto de hábitats de interese comunitario, a excepción dos diversos tipos de prados de sega contemplados na DC 92/43/CEE, realizados de acordo coa normativa sectorial.

Medidas de xestión e normativa por compoñentes e actividades

11 Urbanismo e ordenación territorial

1. Obxectivos

- 1.0 Contribuír á ordenación e protección do medio rural, dos núcleos rurais de poboación que se sitúen no Espazo Natural e do patrimonio rural.
- 2.0 Garantir que os proxectos de actividades e obras, tanto de promoción pública como privada, contemplan desde o inicio a consideración dos posibles impactos ambientais, o desenvolvemento de alternativas e as medidas e partidas orzamentarias necesarias para a corrección, no seu caso, dos efectos negativos producidos, así como a súa adecuación ecolóxica e paisaxística. Todos estes elementos serán valorados de forma prioritaria á hora de estudar a concesión das pertinentes autorizacións.

2. Directrices

- 1.0 O presente Plan prevalece sobre o ordenamento urbanístico e a ordenación do territorio. Cando as súas determinacións sexan incompatibles coa normativa urbanística en vigor, os órganos competentes revisarán estas de oficio.
- 2.0 A clasificación do solo dentro do Espazo Natural adaptárase, a excepción do especificado no presente Plan, á normativa estatal e autonómica vixente, que rexerá a actividade construtiva no solo urbano e nos núcleos rurais e regulará o seu desenvolvemento, co fin de asegurar a protección e conservación da paisaxe e dos compoñentes clave do Espazo Natural.
- 3.0 Os instrumentos do plan urbanístico deberán definir as condicións que garantan a integración paisaxística das edificacións e manteñan o estilo tradicional do Espazo Natural e prestarán especial atención á tipoloxía e volumes, así como aos materiais de cubertas e fachadas. Para lograr este obxectivo promoveranse as liñas de fomento ou subvención necesarias.
- 4.0 Promoverase a elaboración de estudos ou catálogos sobre a arquitectura tradicional do Espazo Natural. Crearanse liñas de axuda para a adecuación das vivendas rurais á devandita tipoloxía e fomentárase que na rehabilitación, mellora e nova construción de vivendas rurais se manteña a fisonomía tradicional dos núcleos rurais.
- 5.0 Fomentárase a rehabilitación de edificios fronte á construción doutros novos.
- 6.0 Nas edificacións promoverase especialmente a substitución dos elementos construtivos distorsionantes por outros máis acordes cos tipos tradicionais do Espazo Natural.
- 7.0 Os instrumentos de desenvolvemento urbanístico procurarán fixar, con carácter de mínimos, as condicións necesarias para evitar a formación de pantallas arquitectónicas e garantir a integración paisaxística das vivendas e a súa harmonía co contorno.
- 8.0 Fomentárase a inventariación de edificios, elementos ou conxuntos arquitectónicos, de enxeñaría, espazos colectivos, etc., que sexan de interese polo seu valor arquitectónico, histórico, social ou cultural co obxecto de facilitar a súa rehabilitación e coñecemento e promoverase a protección e conservación das edificacións máis valiosas.
- 9.0 Toda actuación a realizar en edificacións xa existentes adaptárase ás normas urbanísticas correspondentes.

3. Normativa

- 1.0 Os usos permitidos, autorizables e prohibidos en relación ao medio rural, urbanismo e ordenación territorial veñen establecidos, con carácter xeral, pola normativa estatal (Lei 8/2007) e autonómica vixente (Lei 9/2002 modificada pola Lei 15/2004 e a Lei 6/2007).
- 2.0 Para o desenvolvemento das actuacións urbanísticas dentro da Rede Natura 2000, incluíndo a realización de edificacións, será necesaria a autorización do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza, que se desenvolverá en conformidade ao artigo 6 da DC 92/43/CEE, independentemente do resto das autorizacións por parte doutros organismos competentes.
- 3.0 Como criterio xeral, considéranse autorizables os usos e as actividades urbanísticas que se realicen conforme ás normativas estatais e autonómicas e que, por conseguinte, estean amparados nun instrumento ou plan urbanístico adaptado ao devandito marco normativo, ou non plan especial de dotacións, sempre e cando se desenvolvan de xeito respectuoso cos obxectivos de conservación do espazo natural e non provoquen unha afección significativa sobre a súa integridade, a calidade da paisaxe e o funcionamento dos ecosistemas, e non supoña unha redución do estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- 4.0 Os peches dos predios se axustaran as disposicións establecidas nas normativas sectoriais vixentes e no

4.1

presente Plan

Fora dos solos urbáns e dos núcleos rurais consolidados, os peches deberán realizarse con sebes de especies autoctónas, pedras ou filas de arames sen picos, coa separación e altura axeitadas. Non autorizándose o uso de materiais prefabricados.

Medidas de xestión e normativa por compoñentes e actividades

12 Infraestruturas e obras

1. Obxectivos

- 1.0 Procurar minimizar o impacto sobre o medio natural no desenvolvemento de infraestruturas (viarias, transporte de enerxía e datos, estacións radioeléctricas, etc.) cando estas se realicen fóra dos núcleos urbano ou das áreas industriais.
- 2.0 Protexer o medio natural e cultural do Espazo Natural e realizar as medidas de restauración necesarias para minimizar o impacto paisaxístico das infraestruturas e obras existentes que así o requiran.
- 3.0 Garantir que os proxectos de actividades e obras, tanto de promoción pública como privada, contemplan desde o inicio a consideración dos posibles impactos ambientais, o desenvolvemento de alternativas e as medidas e partidas presupostarias necesarias para a corrección, no seu caso, dos efectos negativos producidos, así como a súa adecuación ecolóxica e paisaxística. Todos estes elementos serán valorados de forma prioritaria á hora de estudar a concesión das pertinentes autorizacións.
- 4.0 Procurar, en coordinación coa administración estatal e autonómica, a conservación e ordenación dos recursos naturais existentes no dominio público.

2. Directrices

- 1.0 Os proxectos definirán e incorporarán de forma precisa as medidas de control da erosión e a restauración e a integración paisaxística da obra. Estas medidas referiranse non só aos elementos principais da obra senón tamén aos accesos provisionais e definitivos, conducións, plataformas de traballo, vertedoiros, empréstitos e a cantas superficies visen alterada a súa cuberta vexetal ou modificadas as súas condicións de equilibrio.
- 2.0 No deseño e execución das obras deberán minimizar os efectos erosivos e a alteración hidrolóxica sobre os hábitats naturais e seminaturais e, especialmente, sobre os regueiros, lagoas, turbeiras, queirogais húmidos e outros tipos de humidais.
- 3.0 Evitarase a localización de instalacións ou infraestruturas nos cumes de maior altitude do Espazo Natural, así como naqueles picos que posúan unha grande singularidade cultural, paisaxística ou ambiental.
- 4.0 Como criterio para a apertura de novos desmontes, gabias ou viais tomarase aquel que supoña, en primeiro lugar, un menor impacto ambiental sobre os elementos da paisaxe, os hábitats e as especies protexidas.
- 5.0 Os materiais sobrantes das obras de mantemento, restauración, modificación ou desmantelamento deberán ser retirados e xestionados segundo a lexislación vixente.
- 6.0 No deseño e mantemento de infraestruturas, teranse en conta as necesidades de paso da fauna silvestre. Habilitaranse as medidas necesarias que permitan e favorezan este fluxo.
- 7.0 En caso de ser necesaria a introdución de material vexetal (plantas, vástezas, sementes) para a restauración de noiros e áreas alteradas empregaranse unicamente especies autóctonas, elixindo aquelas propias dos hábitats circundantes a zona de obra.
- 8.0 Controlaranse e eliminaranse as especies exóticas e invasoras dos viais e das áreas afectadas polas obras.
- 9.0 Co fin de evitar as afeccións sobre hábitats de interese comunitario ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación da fauna e flora silvestre na planificación das novas vías, así como nos labores de mantemento das existentes, establécense as seguintes directrices:
 - Na execución de obras procurarase aplicar técnicas de enxeñaría branda ou bio-enxeñaría.
 - Empregaranse especies vexetais autóctonas na configuración das sebes das medianas, beiravías, rotondas e áreas de descanso.
 - Evitarase a vertedura directa ou con certa intensidade sobre materiais disgregables ou en áreas de importantes pendentes, así como nos medios acuáticos naturais ou seminaturais e, especialmente, sobre regueiros, lagoas, turbeiras e queirogais húmidos.
 - Nos puntos de evacuación da auga instalaranse dispositivos co fin de reducir a súa capacidade erosiva.
 - A saburra empregada na construción debe ser do mesmo material xeolóxico que o existente na traza. Non se empregarán, en ningún caso, como saburra, residuos industriais.
- 10.0 Nas obras de restauración ou de rexeneración ambiental seguiranse ademais os seguintes criterios:
 - Evitaranse os muros de formigón armado, diques formigonados, diques secos ou noiros de pedra. Empregaranse unicamente naqueles tramos onde, debido á existencia de construcións previas ou polas características erosivas, non é factible empregar outro tipo de medidas.
 - Evitarase a colocación de mobiliario urbano sobre hábitats naturais.
 - Evitarase o uso de materiais alleos ao medio (formigón, aceiro inoxidable, materiais plásticos, etc.) no acabado e exteriores.

- Na construción, mantemento ou modificación de paseos evitarase a modificación dos hábitats de interese comunitario e dos hábitats da especies de interese para a conservación e, especialmente, daqueles considerados como prioritarios.
- O mantemento ou modificación das construcións existentes deberá formularse cara á restauración das condicións ecolóxicas. Substituíranse no posible os muros verticais, diques ou noiros de pedra.
- Na vexetación de noiros e áreas alteradas utilizaranse unicamente especies autóctonas propias da zona do Espazo Natural onde se realiza a obra.
- Empregaranse igualmente especies vexetais autóctonas nas plantacións ou sementeiras que se realicen en medianas, beiravías, rotondas e áreas de descanso.

3.

Normativa xeral

- 1.0 Co fin de limitar os efectos prexudiciais para a saúde humana, derivados da exposición a curto e longo prazo de substancias e preparados perigosos, prohibese o emprego de madeira tratada con creosota ou outros derivados de hexacloroetano (Directiva 90/2001/CE, Orde PRE/2666/2002, do 25 de outubro, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, BOE 261, 31/10/2002), na construción de áreas de uso público (pasarelas, instalacións recreativas e de ocio ao aire libre), así como en calquera tipo de construción na que exista risco de contacto frecuente coa pel.
- 2.0 Nos labores de mantemento das infraestruturas lineais existentes no Espazo Natural empregaranse as técnicas e métodos que aseguren una mínima afección sobre os recursos naturais e, de forma especial, sobre as augas, os solos, os tipos de hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE, ou sobre os núcleos poblacionais de especies de interese para a conservación, a través dos que discorre a traza.
- 3.0 No mantemento das áreas de servidume das infraestruturas lineais (ferrocarrís, autovías, autoestradas, estradas), poderá autorizarse o uso selectivo de herbicidas ou biocidas, sempre e cando a súa aplicación non supoña unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou sobre os hábitats que alberguen núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación existentes nas marxes das devanditas infraestruturas.
- 4.0 Na xestión das medianas e áreas de servidume das infraestruturas lineais que discorren polo Espazo Natural, estableceranse medidas de control co fin de evitar o establecemento ou expansión de especies invasoras que poidan afectar ao estado de conservación dos hábitats ou dos núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación existentes no Espazo Natural.
- 5.0 Ás liñas eléctricas aéreas de alta tensión con condutores nus situadas en zonas de protección, que sexan de nova construción, ou que non contén cun proxecto de execución aprobado antes entrada en vigor do Real decreto 263/2008, así como ás ampliacións ou modificacións de liñas eléctricas aéreas de alta tensión xa existentes, seranlles aplicadas as medidas de protección contra a electrocución e as medidas de protección contra a colisión recollidas no referido Real decreto 263/2008.
- 5.1 As liñas eléctricas aéreas de alta tensión con condutores nus existentes con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 263/2008, situadas en zonas de protección, seranlles aplicadas, de forma obrigatoria, as medidas de protección contra a electrocución e, de forma voluntaria, as medidas de protección contra a colisión.
- 5.2 Para os efectos de aplicación das medidas de protección establecidas no Real Decreto 263/2008, considéranse como zonas de protección, os territorios:
- a) Designados como zonas de especial protección para as aves (ZEPA).
 - b) Que constitúan o ámbito de aplicación dos plans de recuperación e conservación de aves incluídas no Catálogo español de especies ameazadas ou no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.
 - c) Conformados polas áreas prioritarias de reprodución, alimentación, dispersión e concentración local daquelas especies de aves incluídas no Catálogo español de especies ameazadas ou no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, cando as devanditas áreas non estean xa comprendidas nos supostos anteriores.

Medidas de xestión e normativa por compoñentes e actividades

13 Uso público e actividades deportivas

1. Obxectivos

- 1.0 Compatibilizar o uso público e as actividades recreativas e deportivas cos obxectivos de conservación do Espazo Natural e co desenvolvemento do medio rural.
- 2.0 Ordenar e facilitar o gozo do visitante baseado nos valores do Espazo Natural, de modo compatible coa súa conservación. Daranse prioridade e fomentaranse as actividades de paseo e contemplación. Ofreceranse para iso áreas onde poder apreciar a soidade e a integridade do ambiente natural. Neste sentido prestarase especial atención aos valores culturais, estéticos, educativos e científicos e daránselles prioridade sobre os de carácter meramente turístico, deportivo ou recreativo.
- 3.0 Achegar a poboación cara a un ámbito natural, co fin de aumentar o seu coñecemento sobre este medio, así como lograr unha maior sensibilización, sobre todo no caso das poboacións urbanas, da necesidade da súa conservación.
- 4.0 Compatibilizar a conservación e o uso sostible dos recursos cinexéticos e piscícolas existentes no Espazo Natural.

2. Directrices

- 1.0 Adecuar a intensidade de uso do espazo á súa capacidade de acollida.
- 2.0 Promover coa Administración estatal, autonómica e provincial, así como cos municipios integrados na zona de influencia socioeconómica, o uso público, turístico e recreativo de carácter sostible no Espazo Natural.
- 3.0 Impulsarase o uso público, como elemento dinamizador do desenvolvemento socioeconómico da poboación residente na área de influencia do Espazo Natural.
- 4.0 Elaboraranse plans técnicos para ordenar a actividade cinexética e piscícola. Propoñeranse as medidas necesarias para minimizar as interferencias que a caza poida producir sobre o resto das actividades que se desenvolven no Espazo Natural, especialmente sobre as de uso recreativo.
- 5.0 O organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza poderá establecer regulacións específicas para o exercicio da actividade cinexética, piscícola ou calquera outra actividade deportiva que se desenvolva no Espazo Natural, cando desta se deriven ou previsiblemente poidan derivarse prexuízos económicos sobre outras actividades, sobre o uso público do espazo e, por conseguinte, sobre a seguridade das persoas ou sobre os compoñentes clave do Espazo Natural.
- 6.0 Estableceranse as medidas necesarias para loitar eficazmente contra a actividade piscícola e cinexética furtiva e facer cumprir a normativa vixente.
- 7.0 Realizarase un axeitado seguimento e avaliación das actividades de uso público e recreativo dentro do Espazo Natural que atenderá, especialmente, aos efectos sobre o medio natural e á calidade da visita, aplicando, cando sexa adecuado, as oportunas medidas correctoras.

3.

Normativa xeral

- 1.0 Considerárase actividade permitida o tránsito a pé polo Espazo Natural, sempre e cando se realice de forma racional, se respecte a propiedade privada e as actividades e aproveitamentos existentes, así como a normativa sectorial e do presente Plan, e as regulacións que poida establecer o organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.
- 2.0 Os vías existentes no Espazo Natural clasifícanse en relación co uso público do seguinte modo:
- **Libre tránsito:** Viais nos que se permite o uso de vehículos, cabalerías ou o tránsito peonil, de acordo coa normativa e disposicións sectoriais en materia de circulación e seguridade vial. Inclúense dentro desta categoría:
 - ♦ As autovías, autoestradas e estradas de titularidade estatal, autonómica ou provincial, así como os seus viais de servizo, xunto coas rúas e camiños existentes nos núcleos habitados incluídos no Espazo Natural.
 - ♦ As pistas agrícolas ou forestais, así como as vinculadas co mantemento de infraestruturas, reemisores ou outro tipo de instalacións que non estean suxeitos a limitacións específicas ou particulares por parte dos seus titulares ou dos organismos competentes.
 - **Tránsito restrinxido:** As vías que o organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza establece por necesidades de conservación dos recursos naturais, ou ben para garantir os aproveitamentos tradicionais existentes ou para racionalizar as propias actividades de uso público, limitacións temporais ou permanentes de uso. Inclúense polo menos dentro desta categoría:
 - ♦ Os viais de uso estritamente peonil (sendeiros e sendas peonís), nos que se prohíbe o uso de vehículos, incluídos quads e motocicletas, e de cabalerías.
 - ♦ Os sendeiros e camiños de ferraduras nos que se prohíbe o uso de vehículos de motor, incluídos quads e motocicletas e os vehículos vinculados directamente co aproveitamento dos recursos naturais.
 - ♦ Aqueles viais destinados ao tránsito dos vehículos vinculados coas actividades agrícolas, gandeiras ou forestais existentes no Espazo Natural, nos cales se prohíbe o tránsito de vehículos relacionados con actividades de uso público.
 - ♦ Aqueles viais ou áreas restrinxidos ao uso público e delimitados para garantir a conservación dos hábitats e das especies silvestres.
 - Das limitacións establecidas neste apartado, quedan exceptuados os vehículos de vixilancia, emerxencias e todos aqueles que contén coa autorización do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.
- 3.0 A circulación e aparcamento de vehículos no desenvolvemento de actividades de uso público (turístico, recreativo, deportivo, ocio, etc.) realizarase exclusivamente nas vías e áreas habilitadas para tal efecto. Prohíbese a circulación e aparcamento sobre hábitats de interese comunitario ou sobre os hábitats das especies de interese para a conservación, salvo naqueles casos nos que exista autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.
- 4.0 A navegación con embarcacións deportivas ou de uso recreativo realizarase de acordo coas disposicións sectoriais e coas regulacións que poida establecer o organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza, co fin de garantir a conservación dos compoñentes clave do Espazo Natural e ordenar racionalmente o uso público.
- 5.0 O exercicio da caza e da pesca deportiva considéranse actividades permitidas. O seu desenvolvemento realizarase de acordo coa normativa sectorial e coas especificacións consideradas no presente Plan.
- 6.0 O uso con fins comerciais da imaxe, marca ou sinais de indentidade gráfica do Espazo Natural deberá contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.

Medidas de xestión e normativa por compoñentes e actividades

14 Actividades científicas e de monitoraxe

1. Obxectivos

- 1.0 Fomentar o coñecemento sobre a dinámica ou evolución dos compoñentes e dos procesos naturais no Espazo Natural.
- 2.0 Regular as actividades científicas e de monitoraxe do patrimonio natural e da biodiversidade no Espazo Natural co fin de evitar a afección aos seus compoñentes.

2. Directrices

- 1.0 Favorecerase a realización de traballos de investigación relacionados coa biodiversidade e o patrimonio natural do Espazo Natural e as súas peculiaridades e fomentarse a investigación naqueles temas de interese para a xestión e conservación destes.
- 2.0 Todos os traballos científicos ou de investigación a realizar no ámbito do Espazo Natural utilizarán as técnicas e métodos menos impactantes posibles para o medio natural.
- 3.0 Limitarase a recolección de espécimes e mostras biolóxicas ou de rochas, minerais e fósiles aos casos estritamente necesarios e estableceranse as condicións de captura ou recollida nas que se indiquen as cantidades, lugares, épocas e modo de realizalas.
- 4.0 Crearase un depósito bibliográfico con copias dos estudos e traballos realizados nos Espazos Naturais.

3. Normativa xeral

- 1.0 As investigacións científicas serán efectuadas por persoal cualificado logo da avaliación dunha proposta técnica que conterà a información necesaria para avaliar a incidencia de actividade sobre o medio ambiente (paisaxe, medios ecolóxicos, hábitats protexidos, especies de interese para a conservación). O organismo autónomo competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza poderá propoñer que a realización das actividades científicas se realicen nunha zona ou nunha área concreta do Espazo Natural ou, no seu caso, denegar a autorización para a súa execución.
- 2.0 Toda actividade científica ou de investigación, con incidencia nos compoñentes naturais e ambientais do Espazo Natural, deberá ser autorizada previamente polo Organismo autónomo competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza e adaptarse ás normas e condicionantes contemplados na devandita autorización.
 - As actividades científicas ou de investigación que afecten a especies de interese para a conservación ou a hábitats de interese comunitario deberán contar coa autorización expresa do organismo autónomo competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza, o cal poderá pedir logo da súa solicitude ou durante o transcurso da actividade, información detallada sobre os labores de investigación e establecer medidas preventivas ou limitacións sobre a recollida, captura, extracción ou sobre os métodos de estudo co fin de asegurar o mantemento do estado de conservación dos hábitats ou das especies obxecto da investigación.
 - Soamente poderán ser outorgados permisos de investigación que afecten ao estado de conservación de hábitats ou especies consideradas como de interese para a conservación, cando sexan estritamente necesarios para a xestión destes elementos e cando non existan alternativas para que os traballos de investigación se poidan realizar con outros métodos menos impactantes, ou en áreas non integradas no Espazo Natural.
 - Para a realización de actividades científicas ou de investigación poderanse outorgar permisos especiais para o transporte de material e persoas polas vías de tránsito restrinxido. Igualmente, poderase autorizar a instalación dos campamentos e infraestruturas necesarias en áreas non habilitadas a tal fin, con carácter temporal e con impacto visual e ecolóxico mínimo.
 - O responsable das investigacións realizadas nun Espazo Natural deberá proceder aos traballos necesarios para a restauración das condicións naturais que houbera con anterioridade.
- 3.0 As actividades de investigación ou monitoraxe non poderán deixar pegadas permanentes que vaian en detrimento dos valores naturais e culturais.
- 4.0 As actividades de investigación non poderán, en ningún caso, introducir especies ou subespecies, así como xenotipos diferentes aos existentes no Espazo Natural.

6.3.3 Normativa zonal

O terceiro nivel vén marcado pola normativa zonal, de modo que para cada unha das unidades de zonificación contempladas no presente Plan, e delimitadas en función da expresión territorial dos compoñentes da biodiversidade, se propón un réxime de ordenación e xestión específico, que responde, en consecuencia, ás diferentes necesidades de conservación e xestión e a diferentes graos de aproveitamento dos recursos naturais.

1 Zona de interese prioritario para a conservación (ZPDG-A)

1. Definición

1.0 A zona de interese prioritario para a conservación (ZPDG-A) estrutúrase sobre territorios cun valor de conservación moi alto, constituídos por unha porción significativa de hábitats prioritarios ou hábitats de interese comunitario ou ben de núcleos poboacionais e hábitats de especies de interese para a conservación (especies dos anexos II e IV da DC 92/43/CEE, especies de aves migratorias e aves do anexo I da DC 79/409/CEE, especies incluídas no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas).

2.0 A configuración destas zonas e, consecuentemente, a súa biodiversidade está ligada ao mantemento de modelos tradicionais de aproveitamento dos recursos naturais que posúen un elevado grao de compatibilidade co mantemento dos compoñentes, a estrutura e o funcionamento dos ecosistemas.

2. Obxectivos

1.0 Manter ou, no seu caso, restaurar as paisaxes, os ecosistemas, os hábitats protexidos e as áreas prioritarias para as especies de interese para a conservación, nun estado de conservación favorable.

2.0 Mantemento dos usos tradicionais por parte da poboación local, evitando aqueles que supoñan un risco grave para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.

3. Directrices

1.0 O organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza poderá regular os aproveitamentos dos recursos naturais, así como denegar novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa á integridade da zona ou sobre o estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.

2.0 Arbitraranse medidas de carácter económico especiais para os enclaves rurais existentes nesta zona, mediante subvencións ou beneficios fiscais para o desenvolvemento dos diferentes sectores produtivos e a mellora na súa calidade de vida.

3.0 Fomentar a conservación e restauración das paisaxes culturais e, de xeito especial, as vinculadas con valores históricos e cos sistemas de explotación tradicional e sostible dos recursos naturais.

4.0 Fomento da conservación e a restauración natural dos hábitats naturais e dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación, garantindo en todo momento o mantemento da súa naturalidade, así como da súa diversidade taxonómica e xenética.

5.0 Velar para que os aproveitamentos e labores de carácter tradicional que se realicen sobre os recursos naturais empreguen técnicas que minimicen os impactos e sexan de carácter sostible.

6.0 Os aproveitamentos dos recursos biolóxicos da zona poderán someterse a melloras que permitan un aproveitamento máis eficaz destes, mantendo os criterios de sostibilidade e de eco-condicionalidade.

- Evitarase a existencia de grandes superficies continuas, cubertas polo mesmo tipo de vexetación de carácter sinántropico.
- Fomentar a conservación e recuperación do bosque natural, substituíndo as formacións existentes de eucaliptais, piñeirais e outras especies alóctonas por formacións nativas.
- Fomento do mantemento das masas arborizadas autóctonas en forma de monte alto irregular.

2 Zona de uso restrinxido (ZPDG-B)

1. Definición

1.0 Territorios cun valor de conservación alto, cunha porción significativa de hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE, cunha elevada naturalidade e diversidade, que mostran, xeralmente, unha maior representación territorial dos hábitats de interese comunitario fronte aos de carácter prioritario, ou ben, unha porción significativa das áreas prioritarias das especies silvestres de flora e fauna de interese para a conservación. Diferencianse, non obstante, porque estas unidades se integran nun territorio cun nivel importante de humanización, no que existe unha porción tamén significativa de hábitats de interese comunitario, cuxa composición, estrutura e dinámica está intimamente ligada ao mantemento dos sistemas de aproveitamento tradicional.

2.0 Nestas áreas deberase restrinxir ou, no seu caso, prohibir calquera uso diferente dos que actualmente se derivan das actividades agropecuarias e forestais de carácter tradicional e que non sexan compatibles cos obxectivos de conservación.

2. Obxectivos

1.0 Manter ou, no seu caso, restaurar as paisaxes, os ecosistemas, os hábitats protexidos e as áreas prioritarias para as especies de interese para a conservación, nun estado de conservación favorable.

2.0 Mantemento dos usos tradicionais por parte da poboación local, evitando aqueles que supoñan un risco grave para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.

3.0 Ordenación e regulación das actividades deportivas e recreativas de baixa incidencia ambiental, especialmente o sendeirismo, excursionismo e actividades afíns, sempre que non produzan deterioración significativa de hábitats e especies.

3. Directrices

1.0 O organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza poderá regular os aproveitamentos dos recursos naturais, así como denegar novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa á integridade da zona ou sobre o estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.

2.0 Arbitraranse medidas de carácter económico especiais para os enclaves rurais existentes nesta zona, mediante subvencións ou beneficios fiscais para o desenvolvemento dos diferentes sectores produtivos e a mellora na súa calidade de vida.

3.0 Fomentar a conservación e restauración das paisaxes culturais e, de xeito especial, as vinculadas con valores históricos e cos sistemas de explotación tradicional e sostible dos recursos naturais.

4.0 Fomento da conservación e a restauración natural dos hábitats naturais e dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación, garantindo en todo momento o mantemento da súa naturalidade, así como da súa diversidade taxonómica e xenética.

5.0 Velar para que os aproveitamentos e labores de carácter tradicional que se realicen sobre os recursos naturais empreguen técnicas que minimicen os impactos e sexan de carácter sostible.

6.0 Os aproveitamentos dos recursos naturais poderán someterse a melloras que permitan un aproveitamento máis eficaz destes, mantendo os criterios de sostibilidade e de eco-condicionalidade:

- Evitarase a existencia de grandes superficies continuas, cubertas polo mesmo tipo de vexetación de carácter sinántropico.
- Os mosaicos e sistemas de prados mesófilos (Nat-2000 6510, 6520), debido ao seu carácter de hábitat de interese comunitario, serán receptores preferentes das actuacións de mellora. Potenciaranse accións que aumenten a diversidade estrutural e paisaxística mediante a aplicación de plans compatibles co medio ambiente.
- Potenciar a instalación nas zonas de pasto de chantóns de frondosas susceptibles de aproveitamento por ramoneo, en marcos amplos ou irregulares.
- Fomentar a conservación e recuperación do bosque natural, substituíndo as formacións existentes de eucaliptais, piñeirais e outras especies alóctonas por formacións nativas en forma de monte alto irregular.

3 Zona de uso moderado (ZPDG-C)

1. Definición

- 1.0 Territorios con valor de conservación medio. Son áreas xeralmente en mosaico, nas que en conxunto predominan medios antrópicos e seminaturais, entre estes últimos atópase un importante número de hábitats de interese comunitario, cuxa composición, estrutura e dinámica está intimamente ligada ao mantemento dos sistemas de aproveitamento tradicional. As zonas de uso moderado poden albergar ademais pequenas áreas configuradas por hábitats prioritarios ou hábitats de interese comunitario ou ben, localidades que integran as áreas prioritarias de conservación de especies catalogadas a nivel nacional ou autonómico como en perigo de extinción ou vulnerables ou son consideradas como protexidas pola normativa comunitaria ou internacional.
- 2.0 As zonas de uso moderado están intimamente relacionadas coa existencia e desenvolvemento de pequenos asentamentos rurais de carácter tradicional, incluíndo tanto as vivendas como as construcións vinculadas a este tipo de actividade, cuxa distribución espacial vertebreou, ao longo da historia, a configuración da paisaxe destas zonas e, en consecuencia, a súa biodiversidade.
- 3.0 Nestas áreas regúlanse as actividades non tradicionais que poidan levar consigo unha merma ou diminución do estado de conservación dos hábitats e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación. A zona de uso moderado actúa a xeito de área de amortecemento entre as zonas de uso xeral e as zonas de maior valor de conservación.

2. Obxectivos

- 1.0 Manter ou, no seu caso, restaurar as paisaxes, os ecosistemas, os hábitats protexidos e as áreas prioritarias para as especies de interese para a conservación nun estado de conservación favorable.
- 2.0 Mantemento dos usos tradicionais por parte da poboación local, evitando aqueles que supoñan un risco grave para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.
- 3.0 Ordenación e regulación das actividades deportivas e recreativas de baixa incidencia ambiental, especialmente o sendeirismo, excursionismo e actividades afíns, sempre que non produzan deterioración significativa de hábitats e especies.

3. Directrices

- 1.0 O organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza poderá regular os aproveitamentos dos recursos naturais, así como denegar novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa á integridade da zona ou ao estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.
- 2.0 Arbitraranse medidas de carácter económico especiais para os enclaves rurais existentes nesta zona, mediante subvencións ou beneficios fiscais para o desenvolvemento dos diferentes sectores produtivos e a mellora na súa calidade de vida.
- 3.0 Fomentar a conservación e restauración das paisaxes culturais, dos hábitats naturais e dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación, garantindo en todo momento o mantemento da súa naturalidade, así como da súa diversidade taxonómica e xenética.
- 4.0 Fomentar a aplicación e implementación de códigos de boas prácticas como criterios orientadores da xestión sostible dos recursos naturais, así como promover e velar pola aplicación dos requisitos establecidos na normativa e programas de eco-condicionalidade.
- 5.0 Os aproveitamentos dos recursos naturais poderán someterse a melloras que permitan un aproveitamento máis eficaz destes, mantendo os criterios de sostibilidade e de eco-condicionalidade.
- Evitarase a existencia de grandes superficies continuas, cubertas polo mesmo tipo de vexetación de carácter sinántropico.
 - Potenciaranse accións que aumenten a diversidade estrutural e paisaxística dos sistemas de prados mesófilos (Nat-2000 6510, 6520), mediante a aplicación de plans compatibles co medio ambiente .
 - Potenciar a instalación nas zonas de pasto de chantóns de frondosas susceptibles de aproveitamento por ramoneo, en marcos amplos ou irregulares.
 - Fomentar a conservación e recuperación do bosque natural, substituindo as formacións existentes de eucaliptais, piñeirais e outras especies alóctonas por formacións nativas en forma de monte alto irregular.

4 Zona de uso Xeral (ZPDG-D)

1. Definición

- 1.0 Territorios cun valor de conservación medio ou baixo nos que predominan os medios seminaturais cunha reducida naturalidade e medios sinantrópicos desvinculados, na maioría dos casos, dos sistemas de explotación tradicional dos recursos naturais. Inclúense tamén dentro da zona de uso xeral as áreas cun importante nivel de urbanización, igualmente afastado dos parámetros que caracterizan os asentamentos tradicionais, así como grandes áreas destinadas ao uso público. A xestión destas zonas debe orientarse a evitar a fragmentación e o illamento das zonas de maior valor.
- 2.0 Inclúe os territorios do Espazo Natural que nos instrumentos ou plans urbanísticos vixentes, adaptados e conformes á normativa estatal e autonómica en materia de ordenación do territorio e urbanismo, teñan a cualificación e delimitación de solo de núcleo rural ou de solo urbano consolidado.
- 3.0 Inclúe as zonas de dominio público das infraestruturas de comunicación de titularidade estatal, autonómica, provincial ou local.
- 4.0 Na planificación do Espazo Natural, a ZPDG-D debe ser capaz de absorber a maior parte das actividades de carácter recreativo, co fin de reducir a presión destas sobre as áreas que posúen hábitats ou especies cunha elevada fragilidade.

2. Obxectivos

- 1.0 Manter a naturalidade da área, evitando as perdas de elementos característicos do Espazo Natural.
- 2.0 Mantemento dos usos tradicionais por parte da poboación local, evitando aqueles que supoñan un risco grave para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.
- 3.0 Ordenación e regulación das actividades deportivas e recreativas de baixa incidencia ambiental, especialmente o sendeirismo, excursionismo e actividades afíns, sempre que non produzan deterioración significativa de hábitats e especies.

3. Directrices

- 1.0 O organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza poderá regular os aproveitamentos dos recursos naturais, así como denegar novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa á integridade da zona ou ao estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.
- 2.0 Arbitraranse medidas de carácter económico especiais para os enclaves rurais existentes nesta zona, mediante subvencións ou beneficios fiscais para o desenvolvemento dos diferentes sectores produtivos e a mellora na súa calidade de vida.
- 3.0 Fomentar a aplicación e implementación de códigos de boas prácticas como criterios orientadores da xestión sostible dos recursos naturais, así como promover e velar pola aplicación dos requisitos establecidos na normativa e programas de eco-condicionalidade.
- 4.0 Os aproveitamentos dos recursos naturais, poderán someterse a melloras que permitan un aproveitamento máis eficaz destes, mantendo os criterios de sostibilidade e de eco-condicionalidade.

1. Normativa zonal: Actividades agrícolas e gandeiras



Normas específicas zonas: ZPDG-A, ZPDG-B, ZPDG-C, ZPDG-D

* Usos e actividades permitidos

- 1.0 As actividades tradicionais de carácter agrícola e gandeiro, existentes antes da entrada en vigor do presente Plan e que non supoñan unha mingua significativa no estado de conservación dos ecosistemas, dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación. Estas actividades realizaranse de acordo coas regulacións establecidas pola lexislación sectorial, a normativa zonal do presente Plan ou as que puidese establecer o organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza e, en todo caso, conforme ao disposto no artigo 6 da DC 92/43/CEE e no artigo 45 da Lei 42/2007.
- 2.0 As explotacións tradicionais de gandería extensiva de vacún, equino ovino e caprino existentes antes da entrada en vigor do presente Plan, sometidas a un control axeitado que evite incrementos da presión incompatibles co mantemento dos hábitats sometidos a aproveitamento directo e, en xeral, as que non supoñan unha mingua no estado de conservación dos ecosistemas, os hábitats protexidos e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación. A devandita autorización realizarase ademais de acordo coas regulacións establecidas ou que puidese establecer o organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza e, en todo caso, conforme ao artigo 6 da DC 92/43/CEE e ás consideracións que sobre o réxime de avaliación ambiental establece o presente Plan.
- 3.0 O uso de zurrus, fertilizantes, emendas orgánicas e biocidas nos terreos de labor, hortas, explotacións froiteiras e nos pasteiros de carácter artificial ou seminatural, sempre e cando a súa aplicación se realice de acordo coa normativa sectorial vixente, o código de boas prácticas e os criterios de eco-condicionalidade e, por conseguinte, non afecten negativamente ao estado de conservación dos hábitats de carácter natural ou seminatural existentes no seu ámbito ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- 4.0 A corta de exemplares de árbores froiteiras e de ornamento existentes en explotacións agrícolas, en pequenos hortos ou en xardíns e áreas de uso público existentes dentro do Espazo Natural. Exclúense desta autorización os exemplares incluídos no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras (Decreto 67/2007).
- 5.0 Os cerramentos e valados de predios menores a 0,5 ha na zona de uso xeral (ZPDG-5) sempre e cando non impidan a circulación da fauna silvestre, ou que non supoñan un incremento da fragmentación ou a impermeabilidade dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, ou un incremento no nivel de aillamento das especies de interese para a conservación. Os cerramentos serán preferentemente vexetais, conformados por especies autóctonas, ou ben por muros de pedra mantendo os tipos construtivos tradicionais de cada zona.

* Usos e actividades autorizables

- 1.0 A creación de novos pasteiros ou terreos de labor, cando se realicen sobre espazos non conformados por hábitats de interese comunitario (campos de cultivos abandonados, formacións forestais de especies alóctonas, xesteiras, etc.) ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- 2.0 Na creación de novos pasteiros deberase destinar unha parte da súa superficie ao fomento de hábitats naturais ou ben á creación de bosquetes de frondosas autóctonas. A situación das frondosas realizarase prioritariamente con fins de protección de zonas fráxiles e, de non existir estas, con criterios de mellora do pasteiro.
- 3.0 En conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e coa finalidade de asegurar o uso sostible dos recursos naturais e o propio mantemento das explotacións agropecuarias, considéranse actividades suxeitas a avaliación e autorización preceptiva por parte do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación de natureza as seguintes:
- Para as zonas ZPDG-A, ZPDG-B, ZPDG-C e ZPDG-D:
 - ♦ Os cambios de uso que supoñan a desaparición ou diminución significativa do estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
 - ♦ A creación de novos pasteiros ou terreos de labor, cando supoñan a destrución ou redución significativa da superficie ocupada por hábitats protexidos ou ben das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
 - ♦ A eliminación de sebes e bosquetes nas áreas de aproveitamento agrícola ou gandeiro.
 - ♦ O uso de biocidas. Exclúese desta consideración o uso selectivo e racional de biocidas vinculados ao mantemento dos prados de sega (Nat-2000 6510, 6520) e dos diversos tipos de labradíos e cultivos de horta e froiteiras, cando se realice conforme á normativa xeral vixente.
 - ♦ A fumigación con equipos aéreos.
 - ♦ A liberación no medio natural de organismos modificados xeneticamente.

- ◆ Introducións de espécimes alóctonos de carácter invasor que poidan provocar unha alteración sobre o estado de conservación dos hábitats ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación. Non se aprobará ningunha introdución que poida afectar negativamente ao estado de conservación dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE e ás especies de interese para a conservación.
 - Nas zonas ZPDG-A e ZPDG-B deberán ser sometidos obrigatoriamente a avaliación de impacto ambiental:
 - ◆ Os cambios de uso que supoñan unha modificación significativa da paisaxe ou afecten significativamente a hábitats prioritarios ou ás áreas prioritarias das especies catalogadas a nivel estatal ou galego como en perigo ou vulnerables.
 - ◆ As concentracións parcelarias.
- 4.0 Os cerramentos e valados en predios agrícolas e forestais serán autorizables dacordo coas seguintes especificacións:
- Os predios cuxa superficie sexa de entre 0,5 ha e 25 ha na zona de uso xeral (ZPDG-5), e os menores de 25 ha nas ZPDG-3 e ZPDG-4.
 - Nos predios de máis de 25 ha situados nas ZPDG-3, ZPDG-4 e ZPDG-5, así como nos predios da Zona de Interese Prioritario para a Conservación (ZPDG-2), os cerramentos e valados serán sometidos a avaliación de efectos ambientais.
 - En todos os casos anteriores os cerramentos e valados que se autoricen non impedirán a circulación da fauna silvestre, ou non suporán un incremento da fragmentación ou a impermeabilidade dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, ou un incremento no nivel de aillamento das especies de interese para a conservación. Os cerramentos serán preferentemente vexetais, conformados por especies autóctonas, ou ben por muros de pedra mantendo os tipos construtivos tradicionais de cada zona.
- * Usos e actividades prohibidos**
- 1.0 O uso extensivo do lume na xestión e aproveitamento das superficies non arborizadas consideradas como hábitats de interese comunitario, salvo naquelas actuacións de xestión ou protección do biótomo que posúan autorización do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.
- 2.0 A vertedura de zurros e residuos agrícolas ou industriais directamente sobre o medio acuático, así como sobre hábitats de interese comunitario. Exclúense os diversos tipos de prados de sega contemplados na DC 92/43/CEE (Nat-2000 6510, 6520), realizados de acordo coa normativa sectorial.
- 3.0 O depósito de lodos de depuradoras industriais ou urbanas, así como o seu emprego como fertilizantes ou emendas dos solos agrícolas.

2. Normativa zonal: Actividades forestais



Normas específicas zonas: ZPDG-A, ZPDG-B, ZPDG-C, ZPDG-D

* Usos e actividades permitidos

- 1.0 As actividades tradicionais de carácter forestal existentes antes da entrada en vigor do presente Plan e que non supoñan unha mingua significativa no estado de conservación dos ecosistemas, os hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación. Estas actividades realizaranse de acordo coas regulacións establecidas pola lexislación sectorial, a normativa zonal do presente Plan ou as que puidese establecer o organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza e, en todo caso, conforme ao disposto no artigo 6 da DC92/43/CEE.
- 2.0 As superficies forestais, que no momento da entrada en vigor deste Plan se atopan conformadas por especies alóctonas (*Pinus*, *Eucalyptus*, etc.), poderán manter a súa dedicación forestal así como desenvolver os seus aproveitamentos sempre e cando non leven consigo unha afección significativa sobre o Espazo Natural ou os compoñentes deste e se suxeiten ao establecido na lexislación sectorial. A Xunta de Galicia arbitrará as medidas necesarias para fomentar a transformación destas explotacións, co fin de recuperar a naturalidade dos hábitats propios destas áreas.
- 3.0 A recollida de castañas, cogomelos, landras e doutros pequenos froitos por parte dos propietarios dos montes para o seu propio aproveitamento, sempre que non afecte á persistencia do/s exemplar/es ou destas se derive unha perda do estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación. Exclúese desta autorización o aproveitamento das especies silvestres de interese para a conservación.
- 4.0 Os aproveitamentos de leñas nas masas arborizadas por parte da poboación local, destinados ao autoconsumo, sempre que non afecten á persistencia do/s exemplar/es ou destes se derive unha perda do estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e de acordo coa normativa sectorial vixente.
- 5.0 Os cerramentos e valados de predios menores a 0,5 ha na zona de uso xeral (ZPDG-D) sempre e cando non impidan a circulación da fauna silvestre, ou que non supoñan un incremento da fragmentación ou a impermeabilidade dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, ou un incremento no nivel de aillamento das especies de interese para a conservación. Os cerramentos serán preferentemente vexetais, conformados por especies autóctonas, ou ben por muros de pedra mantendo os tipos construtivos tradicionais de cada zona.

* Usos e actividades autorizables

- 1.0 As cortas de formacións alóctonas efectuadas conforme ás especificacións incluídas no presente Plan e á normativa sectorial vixente, cando se realicen garantindo a conservación dos solos e dos compoñentes naturais e non leven consigo unha afección significativa sobre tipos de hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE, das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación ou non afecten a árbores e rodais senlleiros, declarados en conformidade co Decreto 67/2007.
- 2.0 As plantacións de elementos autóctonos ou de especies do xénero *Pinus* (*Pinus pinea*, *Pinus pinaster*, *Pinus sylvestris*) que non supoñan unha afección significativa sobre os hábitats do anexo I ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e non provoquen unha afección paisaxística.
- 3.0 Cortas dos tipos de bosques do anexo I da DC 92/43/CEE vinculadas estritamente ás necesidades de xestión, restauración e sanidade vexetal, conformes cos obxectivos do presente Plan e da propia Rede Natura 2000, cando sexan necesarias para garantir a seguridade das persoas, infraestruturas ou propiedades.
- 4.0 Cortas de rexeneración e mantemento, no caso de rodais sen rexeneración natural, cando sexan estritamente necesarias para asegurar a súa preservación.
- 5.0 Tendo en conta as características intrínsecas dos soutos e a súa condición de hábitat de interese comunitario (Nat-2000 9260), considéranse autorizables as actividades e aproveitamentos tradicionais por parte dos seus propietarios. Actividades entre as que atopan o seu esmoucado periódico, rozas manuais do sotobosque, plantación e enxertado de novos individuos de *Castanea sativa*, tratamentos fitosanitarios, todas elas necesarias para asegurar o mantemento temporal do devandito hábitat.
- 6.0 En conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e coa finalidade de asegurar o uso sostible dos recursos naturais e o mantemento das explotacións forestais, considéranse actividades suxeitas a avaliación e autorización preceptiva por parte de organismo autonómico competente en materia de medio e conservación de natureza as seguintes:
- Nas zonas ZPDG-A, ZPDG-B, ZPDG-D e ZPDG-E estarán suxeitas a autorización administrativas, de acordo co artigo 6 da DC 92/43/CEE:
 - ♦ A introdución, plantación ou sementeira de especies exóticas, cando figuren como especies de aproveitamento forestal nos correspondentes proxectos de ordenación de montes e non sexan

contrarias ás regulacións establecidas no presente Plan.

- ♦ O uso de calquera tipo de biocidas o herbicidas sobre hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou sobre os hábitats das especies de interese para a conservación.
- ♦ A fumigación con equipos aéreos.
- ♦ A recolección de vexetais e fungos con fins comerciais por parte dos propietarios dos montes.
- ♦ Excepcionalmente, poderase autorizar a realización de queimas controladas e de restrebas, sempre que non leven consigo unha afección sobre o estado de conservación dos hábitats e as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e se realicen conforme á normativa vixente.
- ♦ Todas aquelas que poidan afectar significativamente á integridade do Espazo Natural, ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou aos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación.
- ♦ O organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza arbitrará medidas para que estes aproveitamentos se realicen de forma sostible e non conleven unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats protexidos e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

7.0

Tras unha axeitada avaliación das repercusións, efectuada en conformidade co artigo 6, poderán ser autorizadas cortas por furoneo, cortas por aclareo uniforme ou entresacas por bosquetes para as formacións forestais de carácter autóctono, cando se realicen garantindo a conservación dos solos e dos compoñentes naturais e non conleven unha afección significativa sobre os hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE e as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, e se realicen de acordo coas seguintes especificacións:

- Nas zonas ZPDG-A, ZPDG-B, ZPDG-C e ZPDG-D:
 - ♦ As cortas por furoneo, en bosques do anexo I da DC 92/43/CEE, sempre e cando non vaian dirixidas aos espécimes de mellor porte ou estrutura e sempre que o aproveitamento non leve consigo unha afección significativa sobre os hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
 - ♦ Nas formacións conformadas por hábitats prioritarios e co fin de garantir a súa conservación, dada a súa fragilidade e a súa escasa superficie no contexto galego, os aproveitamentos que se autoricen non poderán superar as 0,5 ha de superficie (<2% da superficie do hábitat prioritario) e non poderán repetirse na mesma área sen transcorrer unha quenda non inferior a 15 anos.
 - ♦ Dada a fragilidade e escasa superficie no contexto galego dos faiais (Nat-2000 9120) e acivrais (Nat-2000 9380), os aproveitamentos que se autoricen non poderán superar as 0,1 ha de superficie (< 1% da superficie do hábitat) e non poderán repetirse na mesma área sen transcorrer unha quenda non inferior a 15 anos.
 - ♦ Dada a reducida superficie no contexto galego dos sobreirais (Nat-2000 9330), os aproveitamentos que se autoricen non poderán superar as 0,5 ha de superficie (< 2% da superficie do hábitat) e non poderán repetirse na mesma área sen transcorrer unha quenda non inferior a 15 anos.
 - ♦ Nas formacións arbóreas naturais que alberguen áreas prioritarias de especies de interese para a conservación, os aproveitamentos que se autoricen non poderán superar as 0,5 ha de superficie (<5% da superficie do hábitat) e non poderán repetirse na mesma área sen transcorrer unha quenda non inferior a 15 anos.
 - ♦ Nos corredores fluviais e bosques húmidos (Nat-2000 91E0*), soamente se permiten as cortas por furoneo, sempre e cando non supoñan unha descontinuidade do bosque húmido ou un incremento da fragmentación xa existente, non provoquen unha mingua significativa da superficie cuberta polas copas sobre o cauce fluvial e aseguren o mantemento da súa estrutura horizontal e dos hábitats que conforman as cinturas eulitoral e supralitoral (Nat-2000 3260, 4020*, 4030, 6430). Os aproveitamentos que se autoricen nos bosques húmidos non poderán superar as 0,1 ha de superficie (< 2% da superficie do hábitat) e non poderán repetirse na mesma área sen transcorrer unha quenda non inferior a 15 anos.
 - ♦ No resto das formacións arbóreas de carácter autóctono os aproveitamentos que se autoricen non poderán superar as 5 ha de superficie (< 7% da superficie do hábitat) e non poderán repetirse na mesma área sen transcorrer unha quenda non inferior a 10 anos.
 - ♦ A xestión das formacións arbóreas de carácter alóctono (piñeirais, eucaliptais), situadas sobre turbeiras, deberá orientarse cara á rexeneración natural destes ecosistemas. As cortas que poidan ser autorizadas deberán realizarse de forma manual para evitar calquera alteración sobre o solo. Os aproveitamentos forestais das formacións naturais realizaranse mediante cortas por aclareo sucesivo uniforme, por entresacas por bosquetes ou por furoneo e prohibirase a corta a matarrasa.
- E de maneira específica na ZPDG-A:
 - ♦ Para as carballeiras ou fragas (formacións dominadas por *Quercus robur*, *Quercus pyrenaica*, *Quercus petraea* ou os seus híbridos), os aproveitamentos que se autoricen non poderán superar as

- 0,5 ha de superficie (<2% da superficie do hábitat prioritario) e non poderán repetirse na mesma área sen transcorrer unha quenda non inferior a 15 anos.
- Para as formacións de sobreirais (Nat-2000 9330), os aproveitamentos que se autoricen non poderán superar as 0,5 ha de superficie e non poderán repetirse na mesma área sen transcorrer unha quenda non inferior a 15 anos.
- 8.0 Deberán ser sometidas a un procedemento de avaliación de impacto ambiental, que se realizará conforme ao disposto no artigo 6 da DC 92/43/CEE, os seguintes aproveitamentos e actuacións:
- Nas zonas ZPDG-A, ZPDG-B, ZPDG-C e ZPDG-D:
 - ♦ As primeiras repoboacións forestais de máis de 50 hectáreas, cando entrañen riscos de transformacións ecolóxicas.
 - ♦ As novas plantacións que poidan xerar unha afección significativa sobre a integridade do Espazo Natural, os hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
 - ♦ Calquera outro tipo de aproveitamento madeireiro, non contemplado na normativa zonal e xeral, que supoña a destrución ou alteración dos hábitats incluídos no anexo I da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
 - ♦ As cortas a feito ou a matarrasa en grandes superficies (>10 ha) de formacións exóticas.
 - ♦ A destrución, subsolado, sangrado, rozas mecánicas que poidan levar consigo unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats lacunares (Nat-2000 3130, 3160), brañas e turbeiras (Nat-2000 4020*, 6230*, 7110*, 91D0*) ou corredores fluviais (Nat-2000 3260, 91E0*).
 - E de maneira específica para a zona ZPDG-A:
 - ♦ As primeiras repoboacións forestais de máis de 20 hectáreas, cando entrañen riscos de transformacións ecolóxicas.
- 9.0 Os cerramentos e valados en predios agrícolas e forestais serán autorizables dacordo coas seguintes especificacións:
- Os predios cuxa superficie sexa de entre 0,5 ha e 25 ha na zona de uso xeral (ZPDG-D), e os menores de 25 ha nas ZPDG-B e ZPDG-C.
 - Nos predios de máis de 25 ha situados nas ZPDG-B, ZPDG-C e ZPDG-D, así como nos predios da Zona de Interese Prioritario para a Conservación (ZPDG-A), os cerramentos e valados serán sometidos a avaliación de efectos ambientais.
 - En todos os casos anteriores os cerramentos e valados que se autoricen non impedirán a circulación da fauna silvestre, ou non suporán un incremento da fragmentación ou a impermeabilidade dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, ou un incremento no nivel de aillamento das especies de interese para a conservación. Os cerramentos serán preferentemente vexetais, conformados por especies autóctonas, ou ben por muros de pedra mantendo os tipos construtivos tradicionais de cada zona.

* Usos e actividades prohibidos

- 1.0 A introdución, plantación ou sementeira de especies alóctonas sobre hábitats do anexo I, sen autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.
- 2.0 Na zona ZPDG-A as novas repoboacións ou plantacións de *Eucalyptus*.
- 3.0 Nas zonas ZPDG-A e ZPDG-B a repoboación ou plantación de espécimes alóctonos, incluíndo a repoboación ou plantación de exemplares de *Eucalyptus*, *Pinus*, *Pseudotsuga*, *Quercus rubra*, etc., sobre hábitats de interese comunitario ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- 4.0 Nas zonas ZPDG-C e ZPDG-D a repoboación ou plantación de espécimes alóctonos, incluíndo a repoboación ou plantación de exemplares de *Eucalyptus*, *Pinus*, *Pseudotsuga*, *Quercus rubra*, etc., sobre hábitats prioritarios ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- 5.0 As cortas a feito ou a matarrasa sobre formacións arborizadas naturais e, especialmente, sobre aquelas incluídas dentro do anexo I da DC 92/43/CEE ou que alberguen áreas prioritarias de especies de interese para a conservación.
- 6.0 A realización de rozas manuais sobre turbeiras, queirogais húmidos, brañas e lagoas sen autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.
- 7.0 As rozas ou laboreos mecánicos, así como os subsolados en liña de máxima pendente.
- 8.0 A circulación e o uso de maquinaria forestal sobre hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou áreas prioritarias de especies de interese para a conservación, sen a autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.
- 9.0 O depósito de materiais sobrantes de cortas ou outros aproveitamentos forestais sobre hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou áreas prioritarias de especies de interese para a conservación.
- 10.0 A realización de aterrazamentos nos proxectos de plantacións forestais na ZPDG-A e na ZPDG-B.

11.0

O uso extensivo do lume na xestión e aproveitamento das superficies non arborizadas consideradas como hábitats de interese comunitario, salvo naquelas actuacións de xestión ou protección do biótoto que posúan autorización do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.

12.0

A vertedura de zuros e residuos agrícolas ou industriais directamente sobre o medio acuático, así como sobre hábitats de interese comunitario. Exclúense os diversos tipos de prados de sega contemplados na DC 92/43/CEE (Nat-2000 6510, 6520), realizados de acordo coa normativa sectorial.

3. Normativa zonal: ordenación do territorio e urbanismo

*** Usos e actividades autorizables**

- 1.0 O mantemento das construcións existentes vinculadas a infraestruturas, actividades de xestión e conservación do Espazo Natural, así como de vivendas e calquera tipo de instalación ou edificación, cando se realicen conforme á lexislación vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo e non supoñan un incremento da afección sobre os hábitats naturais do anexo I da DC 92/43/CEE ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- 2.0 Calquera actividade que leve consigo un cambio dos usos do solo, en relación coa súa cuberta vexetal ou co seu potencial aproveitamento e, especialmente, cando incidan negativamente sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario así como das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, estará suxeita ao procedemento de avaliación establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE. Exceptúanse os cambios relacionados con proxectos destinados á mellora ou restauración dos hábitats naturais ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- 3.0 Mediante a aprobación dun plan especial de dotacións, regulado polo artigo 71 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e tras unha análise obxectiva de alternativas, acordos cos obxectivos do presente Plan, poderán autorizarse a construción de equipamentos comunitarios de carácter educativo en terreos pertencentes as zonas ZPDG-D, ZPDG-C, e excepcionalmente nas zonas ZPDG-B e ZPDG-A.
- 4.0 Cerramentos ou valado de predios nas condicións establecidas pola Lei 9/2002, sempre e cando non se realicen con especies exóticas de carácter invasor e non intercepten ou modifiquen o fluxo natural de especies silvestres de flora e fauna.

*** Usos e actividades prohibidos**

- 1.0 O axardinamento ou a creación de xardíns, fóra das áreas definidas legalmente como solo de núcleo rural e solo urbano consolidados e, de forma especial, en áreas configuradas por agrosistemas ou por hábitats naturais, debido á potencialidade destes medios de actuar como reservorios para especies alóctonas invasoras ou patóxenas, así como pola capacidade invasora que demostran a maioría das especies sobre os hábitats naturais ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- 2.0 A construción de pozos de barrena, cando poidan afectar ao estado de conservación dos humidais ou dos seus hábitats característicos.
- 3.0 A construción ou instalación de galpóns, casas prefabricadas ou estruturas similares, destinadas a estanzas temporais de persoas ou vehículos ou para usos recreativos, fóra de núcleos urbanos ou núcleos rurais consolidados.

4. Normativa zonal: Infraestruturas



Normas específicas zonas: ZPDG-A, ZPDG-B, ZPDG-C, ZPDG-D

* Usos e actividades autorizables

- 1.0 As actuacións de conservación e mantemento de vías e camiños que non supoñan modificacións no seu trazado, anchura e natureza do seu firme.
- 2.0 As actuacións de conservación e mantemento das infraestruturas existentes no espazo natural cando se realicen en conformidade con la normativa sectorial e non xeneren una afección significativa sobre os compoñentes do espazo natural.
- 3.0 A adecuación ou reforma dos centros de emisión ou reemisión, cando as modificacións ou ampliacións se realicen evitando alteracións sobre o medio ambiente e minimizando o seu impacto paisaxístico.
- 4.0 De maneira preferente nas zonas ZPDG-D, ZPDG-C, ZPDG-B e, de forma excepcional, na zona ZPDG-A, o organismo autonómico competente en materia de medio e conservación de natureza poderá autorizar as seguintes actividades ou proxectos:
- Actividades e proxectos suxeitos a avaliación ambiental.
 - ♦ Pequenas infraestruturas de carácter temporal vencelladas coa xestión do Espazo Natural.
 - ♦ Pequenas construcións e outras infraestruturas relativas á prevención e defensa contra incendios forestais, cando no causen afeccións significativas sobre os obxectivos de conservación do espazo.
 - ♦ Pistas forestais e camiños cando no causen afeccións significativas sobre os obxectivos de conservación do espazo.
 - ♦ Infraestruturas lineais de saneamento ou abastecemento de auga para uso público, cando no causen afeccións significativas sobre os obxectivos de conservación do espazo.
 - ♦ Infraestruturas lineais de transporte de enerxía e datos cando no causen afeccións significativas sobre os obxectivos de conservación do espazo.
 - Actividades e proxectos suxeitos ao procedemento de avaliación de impacto ambiental.
 - ♦ Novas infraestruturas lineais (viarias, transporte de auga, enerxía, datos, etc.), sempre e cando non existan alternativas técnicas viables.
 - ♦ As melloras ou modificacións de camiños e pistas xa existentes que supoñan unha modificación no seu trazado ou nas súas características construtivas.
 - ♦ A instalación de novos centros de emisión ou reemisión de sinais ou datos radioeléctricos, así como a colocación de calquera tipo de antena, cando non existan alternativas viables e estean destinadas a labores de conservación do Espazo Natural, ou ben sexan consideradas de interese público ao responder a necesidades de defensa ou protección da seguridade das persoas.
 - ♦ Infraestruturas de carácter permanente para uso público.
 - As autorización das distintas actividades e proxectos efectuaranse de acordo cos seguintes criterios:
 - ♦ Nas zonas ZPDG-A e ZPDG-B, cando non supoñan:
 - ♦ Unha afección significativa sobre o estado de conservación de hábitats de interese comunitario, ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación catalogadas a nivel estatal ou galego como en perigo.
 - ♦ Nas zonas ZPDG-A, ZPDG-B, ZPDG-C e ZPDG-D, cando non supoñan:
 - ♦ Unha afección significativa sobre a integridade da zona ou do conxunto do Espazo Natural.
 - ♦ Unha afección significativa sobre o estado de conservación de hábitats prioritarios.
 - ♦ Unha afección significativa sobre o estado de conservación das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
 - O carácter excepcional desta medida para as zonas ZPDG-A e ZPDG-B leva consigo que as distintas actuacións proxectadas se articulen de modo que a afección sobre a paisaxe, os hábitats protexidos e as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación se reduza a niveis non significativos. E que non exista posibilidade obxectiva de efectuar as mencionadas actividades ou proxectos noutras áreas.

* Usos e actividades prohibidos

- 1.0 A instalación de novas infraestruturas na ZPDG-A para uso recreativo ou deportivo.
- 2.0 A construción, nas zonas ZPDG-A e ZPDG-B, de aparcamentos destinados ao uso público, con máis de dez prazas.
- 3.0 A execución de novas infraestruturas ou calquera tipo de obras que poida afectar aos compoñentes clave do Espazo Natural (paisaxes, medios ecolóxicos, hábitats e núcleos poboacionais), sen a autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.

5. Normativa zonal: Uso público e actividades deportivas



Normas comúns: ZPDG-A, ZPDG-B, ZPDG-C e ZPDG-D

*** Usos e actividades permitidos**

- 1.0 O tránsito peonil e as actividades de uso público sempre e cando se realicen de forma racional e respectuosa, acordes coa normativa do presente Plan e coas regulacións que poida establecer o organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.
- 2.0 O tránsito de vehículos polas vías de libre tránsito, así como o seu estacionamento nas áreas que poidan establecerse a tal efecto.
- 3.0 Nas actividades de uso público realizadas dentro do Espazo Natural os propietarios de cans e doutros animais de compañía deberán evitar calquera afección que estes poidan provocar sobre os hábitats e as especies de interese para a conservación, así como sobre o resto de actividades de uso público e sobre os aproveitamentos existentes no espazo natural. Os propietarios dos animais de compañía deberán garantir en todo momento o control dos mesmos.
- O Organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza poderá limitar temporal ou permanentemente a presenza de animais de compañía en áreas sensibles para a conservación da biodiversidade. Nos humidais e sistemas dunares o tránsito destes animais de compañía deberá ser controlada con correa e bozo por parte dos seus propietarios.
 - Exclúense os cans que forman parte das explotacións agrícolas e gandeiras existentes na área, así como no desenvolvemento das actividades cinexéticas.

*** Usos e actividades autorizables**

- 1.0 As actividades de pesca deportiva, sempre e cando non leven consigo afeccións significativas sobre os elementos clave da zona (hábitats protexidos e especies de interese para a conservación) e se adecúen á normativa sectorial vixente.
- 2.0 As actividades cinexéticas, sempre e cando non leven consigo afeccións significativas sobre os elementos clave da zona (hábitats protexidos e especies de interese para a conservación) e se adecúen á normativa sectorial vixente.
- 3.0 A realización de actividades de tempo libre fóra das áreas establecidas para o uso público, cando estean estritamente vinculadas a accións de formación ou educación ambiental e, en ningún caso, leven consigo afeccións significativas sobre o estado de conservación dos hábitats ou das especies de flora e fauna silvestre.
- 4.0 Para o desenvolvemento das seguintes actividades de uso público, dentro das zonas ZPDG-A, ZPDG-B, ZPDG-C, ZPDG-D será necesaria autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza, que á vista da solicitude poderá fixar condicións específicas para a súa realización ou, no seu caso, a súa prohibición cando poida afectar de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou aos hábitats das especies de interese para a conservación:
- O voo de aeronaves (avionetas, globos aerostáticos, ás-deltas, parapente e calquera outro artefacto voador), incluíndo as manobras de despegue, aterraxe, cando se realice a menos de 1.000 metros de altitude. Quedan excluídas da anterior prohibición, o voo comercial e as misións eventuais de auxilio, vixilancia, salvamento, extinción de incendios ou outras cuestións de interese xeral que se consideren necesarias.
 - O desenvolvemento de actividades profesionais de filmación o gravación de especies de interese para a conservación o das súas áreas prioritarias de conservación.
 - A instalación de calquera tipo de sinalización, a excepción das establecidas en áreas urbanas e núcleos rurais que se rexerán pola normativa municipal correspondente e as que poidan establecer os organismos competentes no mantemento das súas correspondentes infraestruturas.
 - Calquera outra actividade de uso público que poida xerar unha perda do estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
 - Os rallys, cando discorran por vías de libre tránsito.
 - A espeleoxía.
 - O barranquismo.
 - O rafting.
 - O adestramento de cans para o exercicio da caza.
 - A venda ambulante acorde coas normativas sectoriais e municipais.
 - A escalada e o alpinismo cando se realice sobre afloramentos silíceos e non afecte a elementos singulares

da xea ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

- A escalada e o alpinismo cando se realice sobre afloramentos calcarios e non leve consigo unha afección significativa para o estado de conservación dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, ou sobre os núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación.
- Calquera outra actividade de uso público que poida xerar unha perda do estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

5.0

Nas actividades de uso público realizadas dentro do Espazo Natural os propietarios de cans e doutros animais de compañía deberán evitar calquera afección que estes poidan provocar sobre os hábitats e as especies de interese para a conservación, así como sobre o resto de actividades de uso público e sobre os aproveitamentos existentes no Espazo Natural. Os propietarios dos animais de compañía deberán garantir en todo momento o control dos mesmos.

- O Organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza poderá limitar temporal ou permanentemente a presenza de animais de compañía en áreas sensibles para a conservación da biodiversidade. Nos humidais o tránsito destes animais de compañía deberá ser controlada con correa e bozo por parte dos seus propietarios.
- Exclúense os cans que forman parte das explotacións agrícolas e gandeiras existentes na área, así como no desenvolvemento das actividades cinexéticas.

* Usos e actividades prohibidos

1.0

Aqueles que se realicen vulnerando as disposicións contidas no presente Plan e as regulacións e indicacións que para o desenvolvemento das actividades de uso público poida establecer o organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza

2.0

Co fin de garantir un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, considéranse prohibidas as seguintes actividades:

- A realización de manobras militares.
- As actividades ou prácticas de supervivencia.
- A escalada e o alpinismo cando afecte a elementos singulares da xea.
- O emprego de radios e megáfonos, así como doutros aparatos de son que perturben a tranquilidade e a quietude da fauna e do propio Espazo Natural.
- O abandono ou depósito de lixo en áreas e recipientes non autorizados.
- A acampada, pernocta ou a colocación de tendas sobre hábitats prioritarios ou sobre as áreas prioritarias para a conservación de especies protexidas e catalogadas de flora e fauna silvestre.

3.0

A realización de calquera actividade ou proba de carácter deportivo ou recreativo, contraria ao especificado no presente Plan, sen autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.

6.4 Medidas de xestión específicas do Parque Natural

O territorio da Serra dos Ancares obxecto deste Plan, foi designado inicialmente como espazo natural polas Normas Subsidiarias, e posteriormente no ano 1999 incorporado á Rede Natura 2000, sendo declarado de forma efectiva como LIC e ZEPA no ano 2004. Paralelamente dende o ano 2004 este mesmo territorio adquire a condición de Espazo Natural Protexido, dentro da categoría de ZEPVN, establecida pola Lei 9/2001.

O marco normativo e as medidas de xestión derivadas da inclusión do territorio na Rede Natura 2000 e na Rede Galega de Espazos Protexidos, xunto co carácter sostible e respectuoso cos valores naturais do sistema tradicional de explotación do territorio imperante nesta área montañosa, xustifican que a normativa específica do Parque Natural considerada no presente Plan, quede restrinxida a unha serie de aspectos básicos en relación coa xestión dos propios recursos naturais, e en relación coa participación pública no desenvolvemento do Parque Natural.

As "**Medidas de xestión específicas do Parque Natural**", inclúen criterios relativos ao fomento ou exclusión dentro do espazo natural de determinados tipos de actividades, así como unha regulación básica que complementa á aplicable ao conxunto da Rede Natura 2000 adaptada ás características socioeconómicas e naturais do territorio.

6.4.1 Alcance e ámbito de aplicación

Alcance e ámbito de aplicación

1.0

O presente Plan prevalecerá sobre calquera outro instrumento de ordenación territorial ou física. As disposicións establecidas no presente Plan constituirán un límite para os devanditos instrumentos, non podendo alteralas ou modificalas e aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre os instrumentos de ordenación preexistentes.

Cando os instrumentos de ordenación territorial, urbanística, de recursos naturais e, en xeral, física, existentes resulten contraditorios co presente Plan deberán adaptarse a este. En tanto a devandita adaptación non teña lugar, as determinacións deste Plan aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre os devanditos instrumentos.

Así mesmo, o presente Plan será determinante respecto de calquera outras actuacións, plans ou programas sectoriais, sen prexuízo do que dispoña ao respecto a lexislación autonómica. As actuacións, plans ou programas sectoriais só poderán contradicir ou non acoller o contido deste Plan por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, en cuxo caso a decisión deberá motivarse e facerse pública.

2.0

Os obxectivos, directrices e normativas do presente Plan aplicaranse ao Parque Natural dos Ancares, cuxos límites físicos recóllense na cartografía aportada na cartografía do presente Plan.

6.4.2 Exclusión de actividades

O Parque Natural dos Ancares posúe uns valores naturais que deben ser respectados, de xeito que se manteñan os valores que motivaron a inclusión deste territorio na Rede Natura 2000 e na Rede Galega de Espazos Protexidos. Polo tanto, para que se poida preservar a labor previa, sostible e respectuosa, levada a cabo polo sistema tradicional de explotación do mesmo, considérase que os terreos incluídos no Parque Natural dos Ancares quedan excluídos de albergar as seguintes actividades:

Exclusión de actividades no Parque Natural

- 1.0 O territorio delimitado polo espazo protexido da Rede Natura 2000 considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar novas actividades e aproveitamentos mineiros. Non se permitirán novas actividades extractivas. Estas explotacións producen un impacto paisaxístico crítico, incompatible cos obxectivos de protección do espazo natural, dos seus hábitats de interese comunitario e das especies de interese para a conservación e, por outra parte, contan con mínimas posibilidades de restauración a curto ou medio prazo.
- 2.0 O territorio delimitado polo espazo natural considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar novas instalacións de enerxía eólica.
- 3.0 O territorio delimitado polo espazo natural considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar novas instalacións de enerxía hidroeléctrica.
- 4.0 O territorio delimitado polo espazo natural considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar novos aproveitamentos industriais de enerxía fotovoltaica.
- 5.0 Os proxectos de modificación ou ampliación dos aproveitamentos industriais de enerxía eólica, fotovoltaica ou hidroeléctrica existentes, que poidan supoñer unha afección significativa sobre a integridade do espazo natural ou sobre o estado de conservación dos hábitats e das especies de interese para a conservación, someteranse a avaliación de impacto ambiental.
- 6.0 O territorio delimitado polo espazo natural considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar novas actividades industriais, incluídas nas seguintes categorías establecidas pola Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE):
 - Sección C. Industrias extractivas (todos os niveis).
 - Sección D. Industrias manufactureiras, os apartados seguintes:
 - Grupo 175. Outras industrias téxtiles.
 - Grupo 183. Preparación e tinguido de peles de peletería.
 - División 19. Preparación curtido e rematado do coiro.
 - División 21. Industria do papel.
 - División 23. Coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares.
 - División 24. Industria química.
 - División 25. Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas.
 - División 26. Fabricación doutros produtos minerais non metálicos.
 - División 27. Metalurxia.
 - División 28. Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo.
 - División 29. Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico.
 - División 30. Subsección DL. Industrias de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico.

6.4.3 Fomento de actividades socioeconómicas

Coa finalidade de acadar os mesmos obxectivos plantexados no apartado anterior, no territorio delimitado polo **Parque Natural dos Ancares** tamén cómpre a promoción e dar pulo a determinadas actividades socioeconómicas:

Fomento de actividades socioeconómicas

- 1.0 As actividades e actuacións de xestión e mellora do Parque Natural promoverán a contratación de empresas e persoal residente no territorio, ou no seu caso na área de influencia socioeconómica, co fin de fomentar o desenvolvemento económico e social desta.
- 2.0 O territorio delimitado polo espazo natural e a súa área de influencia socioeconómica considéranse como áreas preferentes para o desenvolvemento daquelas actividades socioeconómicas de carácter tradicional, coherentes e respectuosas cos obxectivos de conservación. A Xunta de Galicia promoverá nestes territorios as seguintes actividades:
 - a) Actividades vinculadas coa explotación racional dos recursos naturais
 - Agricultura
 - Gandería
 - Silvicultura
 - Pequenas industrias, non contaminantes, de transformación dos produtos naturais
 - Pequenas industrias, non contaminantes, directamente vencelladas coas actividades dos núcleos rurais tradicionais
 - b) Actividades de carácter turístico
 - c) Actividades de uso público
 - d) Mellora dos núcleos rurais tradicionais e mellora da calidade de vida dos habitantes do espazo natural

6.4.4 Promoción e difusión do Parque Natural

Promoción e difusión do Parque Natural

- 1.0 Fomentarase a promoción de actividades de información que den a coñecer aos habitantes do parque natural, as implicacións actuais e futuras que aporta a declaración do mesmo.
- 2.0 Promoverase a cooperación entre os distintos axentes relacionados co desenvolvemento e coa conservación do espazo. Así como a colaboración con outros espazos ou territorios de características similares.
- 3.0 Impulsarase a elaboración de elementos de información e divulgación que permitan tamén fomentar a participación social.

6.4.5 Promoción da custodia do territorio

A custodia do territorio é unha filosofía que tenta xerar a responsabilidade dos propietarios e dos usuarios do territorio na conservación dos valores naturais, culturais e paisaxísticos, así como o aproveitamento sostible dos recursos. Tales obxectivos é posible acadalos gracias a unha serie de ferramentas participativas que implican tanto aos propietarios dos terreos como ás entidades de custodia. Deste xeito, no territorio do Parque Natural dos Ancares promocionárase dacordo aos seguintes puntos:

Promoción da custodia do territorio

- 1.0 As Administracións públicas fomentarán a custodia do territorio mediante acordos entre entidades de custodia e propietarios de terreos privados ou públicos que teñan por obxectivo principal a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.
- 2.0 A Xunta de Galicia regulará os mecanismos e as condicións para incentivar as externalidades positivas de terreos que se sitúen en espazos declarados protexidos ou nos cales existan acordos de custodia do territorio debidamente formalizados polos seus propietarios ante entidades de custodia.
- 2.1 Para iso teranse en conta, entre outros, os seguintes servizos prestados polos ecosistemas:
